

MEMORIA DE SERVICIO PÚBLICO 2022

INTRODUCCIÓN.....	5
CAPÍTULO 1. As relacións laborais na CRTVG.....	23
1.1 Negociacións coa parte social.....	23
1.2 Renovación tecnolóxica. Sistema de información de RRHH.....	26
Seguridade e saúde laboral.....	27
1.3 Formación e selección.....	35
CAPÍTULO 2. Audiencias	39
2.1 Audiencias xerais das canles da CRTVG.....	41
2.2 Referencia informativa	44
2.3 Referencia para o entretemento.....	46
2.4 Conclusións	47
CAPÍTULO 3. Os servizos informativos da CRTVG.....	49
3.1 Informativos da Televisión de Galicia	49
3.2 Informativos da Radio Galega	52
3.3 G24, novos formatos	53
3.4 DigochoEu	55
3.5 Cultura365, un proxecto transversal	58
3.6 Deportes na CRTVG	62
CAPÍTULO 4. Os contidos e emisións da CRTVG.....	71
4.1 Programación televisiva.....	76
4.2 Emisións televisivas.....	93
4.3 Produción allea.....	98
4.4 Dobraxa e subtitulación.....	104
4.5 Programación radiofónica.....	106
4.6 Contidos dixitais	125
CAPÍTULO 5. Relación co sector audiovisual.....	137
5.1 Apoio ao sector a través do 6%	137
5.2 Proxectos aprobados no 2022	138
5.3 Relación global co sector audiovisual	140
5.4 Promoción e presenza exterior das producións galegas.....	141

CAPÍTULO 6. O desenvolvemento tecnolóxico.....	143
6.1 Posta en marcha do sistema de realización automática multicámara para un estudio da Radio Galega	143
6.2 Servidores de produción e repetición de TVG.....	143
6.3 Posta en marcha sistema de grafismos para información meteorolóxica.....	143
6.4 Códecs portátiles para o remoteado das cámaras dos estudos das delegacións da CRTVG.....	144
6.5 Nova mochila 5G.....	144
6.6 Seguridade perimetral informática e de redes.....	144
6.7 Implantación solución EDR.....	145
6.8 Adaptación ao ENS – Creación Comité de Seguridade da Información.....	145
6.9 Renovación do decorado e cámaras do estudio 300 de TVG	145
CAPÍTULO 7 Canles dixitais en datos	147
7.1 Datos estatísticos.....	148
7.2 Datos demográficos e xeográficos.....	149
7.3 Acceso a través de dispositivos.....	149
7.4 Canles principais de conversión.....	150
CAPÍTULO 8. Documentación e Arquivo da CRTVG	151
8.1 Seguimento e resultados dos obxectivos 2022	151
8.2 Novas instalacións	152
8.3 Dixitalización do fondo histórico en 2022	154
8.4 Novo sistema de solicitudes de imaxes	157
8.5 Atención externa	157
CAPÍTULO 9. Normalización lingüística.....	161
9.1 Adaptación a novas necesidades da Corporación	162
9.2 Equipo de asesores lingüistas.....	163
9.3 Principais cometidos.....	163
9.4 Colaboracións de normalización lingüística.....	165
CAPÍTULO 10. A Proxección Social da CRTVG.....	167
10.1 Responsabilidade Social Corporativa. #Accións G	167
10.2 Coordinación Creativa	171
10.3 Comunicación e relación co público	173
10.4 Igualdade e inclusión.....	174
10.5 Accións internacionais	184
10.6 Colaboracións institucionais e apoio ao tecido social galego.....	187
10.7 Premios e recoñecementos á CRTVG.....	189
CAPÍTULO 11. O control sobre a CRTVG.....	195
11.1 Consello de Administración da CRTVG.....	195
11.2 Funcionamento do Consello de Administración.....	198
11.3 Parlamento de Galicia.....	238
11.4 Outros organismos de control	241

INTRODUCCIÓN

O 1 de xaneiro de 2016 nacia a Corporación Radio e Televisión de Galicia, participada ao 100% pola Xunta de Galicia, despois de que o 4 de decembro de 2015 o *Diario Oficial de Galicia* publicara o decreto polo que se extinguía a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, unificándose as tres entidades instrumentais existentes ata aquel momento (Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Radiotelevisión Galicia, S.A. e Televisión de Galicia, S.A.).

A creación da Corporación RTVG encádrase no novo marco regulamentario do sector da comunicación audiovisual, que parte da aprobación da Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral de Comunicación Audiovisual, a cal persegue adecuar a prestación do servizo público de comunicación audiovisual ás novas esixencias dun sector e un mercado cada vez máis innovador e con máis competencia despois da chegada das plataformas e múltiples operadores internacionais.

A configuración do ente público aplica o establecido na Lei 9/2011 de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, na que tamén se establecen os mecanismos de control correspondentes, como os procesos de rendición de contas que, con carácter anual, ten que seguir a CRTVG. Entre eles, a edición e presentación desta Memoria de Servizo Público que é primeiramente trasladada ao Consello de Administración da Corporación.

Por outra banda, o Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, publicado no DOG o 29 de decembro de 2015, no seu artigo 7 de “Control polo Parlamento”, explicita que, de conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolverá as funcións de control da Corporación mediante, entre outras medidas, o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non legislativa de Control da CRTVG. Disto dáse conta no último capítulo desta memoria anual.

A lei prevé a existencia dese Mandato Marco no que o Parlamento de Galicia reflicte os termos e criterios que definen, por un período de nove anos, as liñas básicas para a prestación do servizo que lle cómpre á CRTVG. Deste xeito, ese instrumento contén as indicacións suficientes como para informar da estratexia da Corporación.

O preámbulo dese Mandato Marco sinala como fundamental garantir que o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia cubra as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade galega, e contribúa a preservar o pluralismo nos medios de comunicación, así como a normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade de Galicia, á promoción da cultura galega e ao impulso da súa industria audiovisual.

Todo isto coa finalidade de que a entidade prestadora se consolide como un instrumento eficaz de vertebración social, cultural e económica de Galicia, así como de promoción e dinamización da lingua galega.

Con ese obxectivo, a Lei 9/2011 encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sometendo a súa actividade a unha serie de valores que emanan do respecto e da defensa dos principios que informan a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.

O Mandato Marco emanado do Parlamento é, polo tanto, a ferramenta estratéxica para a concreción do modelo de radio-televisión de Galicia e, en fin, para o cumprimento dos obxectivos xerais da función de servizo público da Corporación RTVG. A este respecto, merece especial atención o principio de eficiencia na prestación do servizo público da Corporación RTVG, orientado a cumprir coas exixencias de consolidación fiscal e estabilidade orzamentaria.

Á luz de todo o anterior, este Mandato Marco configúrase como o instrumento de orientación estratéxica para desenvolver o servizo público audiovisual de Galicia, adaptándoo aos cambios tecnolóxicos, económicos e de usos sociais que impoñen a evolución da sociedade da información e do coñecemento, as políticas audiovisuais europeas e nacionais, as directivas comunitarias de servizos audiovisuais e a Axenda Dixital 2020.

De conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolve as funcións de control da Corporación RTVG mediante a elección dos membros do Consello de Administración; a elección e, de ser o caso, a revogación do seu director; o coñecemento do informe anual; e o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG.

Teimando no corpo normativo que rexe a actuación da Corporación, existe un Plan de Actuación xeral da CRTVG 2022-2023, que se atopa publicado no Portal de Transparencia do portal crtvg.gal e que traza as liñas de actuación estratéxicas da Corporación de cara ao futuro, unha vez superada a pandemia da covid-19 que afectou especialmente a actividade corporativa dos anos anteriores. O Portal de Transparencia recolle tamén o Informe de Seguimento Anual no que se detalla o grao de cumprimento das medidas, o que reflicte a proxección da actividade da Corporación.

Coa presente memoria preténdese ao tempo dar conta da execución do Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, do que os principios inspiradores constitúen unha verdadeira guía da misión de servizo público encomendada á CRTVG.

1 Resultado da provisión de servizo público de comunicación audiovisual

1.1 Contorno da xestión

O ano 2022 foi un período de incerteza e desafío para as empresas de Entretenemento e Medios (E&M). As forzas que estaban transformando o contorno -dixitalización, globalización, disrupción, cambio de hábitos de consumo e demografía- víronse amplificadas por unha nova que foi a primeira pandemia verdadeiramente global nun século. Neste contexto a industria de E&M inclúe algúns dos sectores que máis se viron afectados polos peches e confinamentos, pero tamén algúns dos que máis se beneficiaron dos cambios no comportamento dos consumidores. Por iso, 2020/22 foron uns anos de enormes cambios de poder nun ecosistema intensamente interconectado e que cada ano atrae máis atención -e ingresos- en todo o mundo.

A transformación actual da industria está profundamente presente nos cambios no comportamento do consumidor que xerou a pandemia. Algúns deles perdurarán e aceleraranse. En paralelo e superpostos a estes cambios, os continuos avances en tecnoloxía e na produción e distribución de contidos están creando novas tensións e alterando a complexa relación entre consumidores e provedores, entre creadores e produtores, entre produtores e distribuidores, entre anunciantes e editores, entre gobernos e empresas e entre grandes plataformas globais e todos os anteriores.

A pesar da profunda transformación que estamos vivindo, persisten unha serie de tendencias en común. En primeiro lugar, resulta crítico ir ao encontro dos consumidores no lugar no que estean agora e tamén no que van estar no futuro. Isto implica ir ao seu encontro “online”, nos seus dispositivos móbiles, na casa, no momento e lugar que eles elixan. En segundo lugar, nesta época de constantes interrupcións, non se pode dar por feito que as tendencias actuais continuarán indefinidamente no futuro.

Finalmente, en clave de contexto, cómpre destacar que as perspectivas inmediatas para o sector de E&M, aínda que retadoras, seguen sendo positivas. A extraordinaria adopción do dixital proporcionará un forte pulo ao crecemento global destas industrias durante os próximos anos. As empresas están centradas nos consumidores alí onde estean, cunha gama de produtos, servizos e experiencias en permanente expansión, polo que cabe esperar que as industrias do sector se volvan máis presentes, máis inmersivas e máis diversas.

1.2 Algúns trazos característicos do servizo público de comunicación audiovisual: valor público

Enúncianse, a continuación, distintos aspectos de interese en relación á situación actual e as tendencias dos medios públicos de comunicación audiovisual da nosa contorna fronte aos procesos de cambio e transformación:

A radiotelevisión pública en España perdeu un 30% de financiamento na derradeira década a pesar de que o seu custo por habitante é un 36% máis baixo que a media europea.

As radiotelevisións autonómicas perden cerca do 40% dos seus ingresos na década con respecto á evolución no devandito período do PIB das respectivas comunidades.

Os indicadores de impacto económico das autonómicas multiplican cada euro do seu orzamento por 2,8 euros no audiovisual da súa contorna.

Oito países teñen un réxime especial de compensación fiscal total do IVE soportado: Portugal, Italia, Austria, Dinamarca, Holanda, Reino Unido, Noruega e Suíza.

Resaltar o valor público é unha estratexia emerxente das radiotelevisións públicas do Reino Unido, Austria, Alemaña e Flandes para unha nova narrativa de xestión, e tamén é un concepto asimilado pola CRTVG como evolución do concepto de servizo público.

Algunhas radiotelevisións potencian a súa estratexia de dixitalización coa asignación dun 25 por cento do orzamento aos devanditos contidos.

A xestión do valor público trata de proxectar o impacto dos valores diferenciais máis característicos e recoñecidos de cada PSM (Public Service Media) para reforzar as súas audiencias e reputación.

A gobernanza dos PSM necesita mellorar a súa reputación e as estruturas de xestión requiren máis flexibilidade para acelerar a cultura externa e interna da innovación.

A xestión do valor do público é diferente das probas de valor público, que están obsoletas e inoperativas. Así das 91 realizadas en 10 anos só 5 foron efectivas.

Os altos custos de persoal, a idade media dos cadros de persoal, as rutinas remisas ao cambio, as burocracias e os límites á colaboración externa frean a transformación organizativa.

Ante as tecnoloxías e tendencias de consumo mediático cada vez máis híbridas, os perfís profesionais teñen que ser máis adaptables, flexibles, creativos e de xestión.

Un panel de 40 académicos de 14 universidades coincide en que o servizo audiovisual público segue sendo necesario e imprescindible na sociedade de Internet.

Os expertos din que o PSM ten que comunicar máis o seu valor público, transmitir valores e non só mensaxes de produtos cunha transparencia máis proactiva.

1.3 Resultados da provisión de servizo público

A CRTVG dispón de oito canles polas que emite programación exclusivamente no idioma galego. Esas oito canles son: dúas canles de Televisión Dixital Terrestre: TVG e G2; dúas canles de televisión vía satélite para o exterior, América e Europa; e catro canles de radio, a Radio Galega convencional, e tres canles de música, unha delas exclusivamente dedicada á música galega e outra á música infantil, Radio Picariña.

- Televisión

A TVG no conxunto do día ao longo do ano 2022 acadou unha cota de audiencia media do 10,5%. No horario máis importante do día (*prime time*) esta aumenta ata o 11,1%.

En posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA, a TVG acada a segunda posición no conxunto do día e tamén no *prime time*, para o medidor Kantar Media. Segundo os datos da enquisa do Estudo Xeral de Medios, a TVG accedería en 2022 á primeira posición entre as canles de FORTA cunha cota do 20,9%. TVG é a autonómica máis vista de 2022, superando en case 4 puntos a seguinte canle (TV3, 17,1%).

A canle pública galega preséntase como unha das máis dinámicas do grupo autonómico, xa que acada no conxunto do día 2,1 puntos de cota máis que a media da FORTA (8,4%). No *prime time* a TVG acada 2,0 puntos máis que a media da FORTA (9,1%). As canles públicas galegas (TVG e G2) que emiten a través de TDT obtiveron unha cota de pantalla conxunta no 2022 do 11,3%.

- Radio

A audiencia diaria da Radio Galega (RG) de luns a domingo do ano 2022, segundo os datos do Estudo Xeral de Medios, foi de 137.000 oíntes. Ao respecto da Radio Galega Música (RGM), a audiencia diaria no ano 2022 foi de 24.000 oíntes. As canles públicas galegas de radio (RG e RGM) que emiten a través da Frecuencia Modulada acadaron no 2022 un total de 161.000 oíntes diarios, o que supón unha cota de escoita do 16,8%.

- Canles dixitais

Pola súa parte, as canles dixitais da Corporación RTVG amosan un total de 357 millóns de visualizacións, 135 millóns de reproducións e 6,4 millóns de *engagements*, é dicir, un incremento promedio do 151% con respecto ao 2021.

- Web e streaming

Dentro destas canles, cómpre salientar o comportamento dos sitios web da Corporación que rematan o 2022 cun total de 3.958.363 usuarios e 11.031.267 de sesións. Tamén é importante a evolución dos eventos deportivos en streaming (web, YouTube, etc.) con 106.922 usuarios únicos máximos no caso da TVG, o que implica un incremento do 83% respecto a 2021. No que respecta aos streamings deportivos da Radio Galega, os usuarios únicos máximos foron 24.637, que supón un incremento do 151%.

- Twitter

En Twitter, o conxunto de contas da CRTVG rematou o ano con 296.091 seguidores. A conta TVG obtivo 70.700 seguidores, Radio Galega 28.200 seguidores e G24 logrou 20.600 seguidores, ao que se lle deben sumar os 176.591 seguidores das diferentes contas dos programas da TVG e da RG, o que supón un incremento medio do 15,5%.

- Facebook

En Facebook os seguidores das principais contas (CRTVG, TVG, RG e G24) ascenden a 234.500 persoas. Estas contas obtiveron un total de 222.000.000 de impresións no ano 2022, un 267% máis que no ano 2021.

- Instagram

Dentro da estratexia dixital de apostar por contidos nativos para redes sociais destaca o proxecto 'DígochoEu', que en 2022 amosa o maior número de seguidores nas contas de Instagram (95.400 seguidores). Cabe destacar tamén os incrementos de seguidores en Instagram das contas da TVG (65.700 seguidores), G24 (28.100 seguidores) e RG (3.800 seguidores), unha suba promedio do 33,5%. Isto supuxo que no ano 2022 as contas da CRTVG nesta plataforma obtiveron un alcance de 12.700.000 persoas.

- TikTok

O TikTok de TVG rematou 2022 con 24.500 seguidores, aos que se lle deben sumar os 282.800 seguidores do 'DígochoEu'. Estas dúas contas alcanzaron 22.927.898 persoas no ano 2022, o que a converte nunha das redes de referencia da CRTVG a pesar de só levar dous anos activa. Ademais amosa o maior número de *engagement* e de *engagement* por contido de todas as marcas da CRTVG. Deste xeito, consolídase como a plataforma de referencia para os proxectos dixital nativos, como é o caso do 'DígochoEu'.

- YouTube

Por último, a canle de YouTube remata con 87.300 subscritores, un 16% de incremento respecto a 2022, que supuxeron un total de 8.163.343 visitas. A comercialización de YouTube a través da reclamación dos contidos aos usuarios incrementouse nun 113%.

2 Resultado da liquidación orzamentaria

Para financiar os custos do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación xestionou un orzamento definitivo no 2022 por importe de 121,8 millóns de euros (111,2 millóns de euros excluindo a achega finalista destinada a Tributos para financiar o sobrecusto do IVE por importe de 10,6 millóns de euros).

A liquidación orzamentaria da CRTVG correspondente ao exercicio 2022 acada un resultado orzamentario en posición de superávit por importe de 3.070.263 euros.

Euros				
DOTACIÓNS E RECURSOS CONSOLIDADOS 2022	ORZAMENTO INICIAL 2022	ORZAMENTO DEFINITIVO 2022	ORZAMENTO EXECUTADO 2022	RESULTADO ORZAMENT. 2022
<u>DOTACIÓNS</u>				
Compras	35.704.531	38.101.471	37.225.658	875.813
Servizos Exteriores	15.540.000	15.377.000	14.631.672	745.328
Tributos	10.654.000	10.750.000	10.746.087	3.913
Gastos de Persoal	53.888.469	51.228.623	51.207.032	21.591
Outros Gastos de Xestión	20.000	20.000	14.808	5.192
Gastos Financeiros	33.000	60.000	55.541	4.459
Perdas por Deterioros e Outras Dotcións	0	40.000	35.873	4.127
Inmobilizacións Intanxibles	2.833.100	2.934.500	2.934.140	360
Inmobilizacións Materiais	2.886.900	3.305.500	3.305.348	152
TOTAL DOTACIÓNS	121.560.000	121.817.094	120.156.159	1.660.935
<u>RECURSOS</u>				
Ingresos Publicitarios Netos	6.311.000	6.311.000	6.938.819	627.819
Outras Vendas	575.000	832.094	904.567	72.473
Outros Ingresos de Xestión	195.522	195.522	557.824	362.302
Ingresos Financeiros	0	0	12.121	12.121
Benef. Proc. do Activo Non Cte. e Ingr. Excepc	0	0	13.911	13.911
Achega Patrimonial	103.728.478	103.621.771	103.621.771	0
Achega Patrimonial Finalista IVE	10.500.000	10.606.707	10.606.707	0
Subvencións de Capital	250.000	250.000	250.000	0
Remanentes de Capital	0	0	320.702	320.702
TOTAL RECURSOS	121.560.000	121.817.094	123.226.422	1.409.328
RESULTADO ORZAMENTARIO 2022	0	0	3.070.263	3.070.263

A conciliación cos valores de balance do exercicio 2022 a través do estado demostrativo das variacións de remanente de tesourería é a seguinte:

Euros			
CONCEPTOS	2022	2021	VARIACIÓN
DEREITOS PENDENTES DE COBRO	54.599.640	43.584.800	11.014.840
Credito Facenda Pª L/P	49.550.144	38.610.694	10.939.450
Fianzas e depósitos const. l/p	30.648	9.098	21.550
Créditos concedidos c/p	0	49.098	(49.098)
Debedores por operacións tráfico	4.790.497	4.668.150	122.347
Investimentos financeiros c/p	4.800	4.800	0
Axustes periodificación	206.186	192.569	13.617
Anticipos sobre compras	17.365	50.391	(33.026)
OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	(63.383.507)	(51.778.987)	(11.604.520)
Provisións responsabilidades	(1.702.528)	(1.993.480)	290.952
Débedas a L/P	(49.550.144)	(37.703.114)	(11.847.030)
Acredores por operacións tráfico	(12.017.035)	(12.010.134)	(6.901)
Outras débedas a c/p	(113.800)	(72.259)	(41.541)
TESOURARÍA	29.831.926	26.433.601	3.398.325
(=) REMANENTE TESOURARÍA	21.048.059	18.239.414	2.808.645
Variación neta incluídos remanentes por incorporacións orzamentarias			261.618
(=) RESULTADO ORZAMENTARIO 2022			3.070.263

No exercicio 2022 desenvolveuse unha xerencia orzamentaria que complementa as tarefas de administración orzamentaria co fin de reforzar a adaptación da administración financeira aos cambios do contorno.

Ao fío do exposto, seguiuuse a incentivar unha xestión eficiente dos recursos dotando a xestión dun fondo sentido empresarial. Establecer unha administración cunha maior capacidade de xestión estratéxica, en orde a mellorar as capacidades de adaptación ao cambio, esixiu completar os procedementos convencionais de cálculo e proxección ao futuro, mellorar a función de predición de análise especulativa-selectiva e as análises de percepción subxectiva.

A provisión do servizo público de comunicación audiovisual insiste en avanzar, a nivel de xestión, na transformación dixital e a competitividade a cubrir nunha secuencia sucesiva de transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica.

2.1 Histórico de resultados orzamentarios

O conxunto informativo que se recolle a continuación contribúe a unha mellor comprensión e facilita a análise do resultado orzamentario do exercicio 2022. Os datos para o período 1985–2022 son os seguintes:

Millóns de euros

CONCEPTOS	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO	CONCEPTOS	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO
EXERCICIO 1985		(0,7)	(0,7)	EXERCICIO 2006	139,7	4,5	(51,0)
EXERCICIO 1986	20,5	(1,8)	(2,5)	EXERCICIO 2007	133,8	3,7	(47,3)
EXERCICIO 1987	27,4	(1,4)	(3,9)	EXERCICIO 2008	142,1	(3,7)	(51,0)
EXERCICIO 1988	35,3	(7,5)	(11,4)	TOTAL 1985-2008		(51,0)	(51,0)
EXERCICIO 1989	41,0	(14,0)	(25,4)	EXERCICIO 2009	146,9	2,0	(49,0)
EXERCICIO 1990	66,6	(3,8)	(29,2)	EXERCICIO 2010	145,4	21,6	(27,4)
EXERCICIO 1991	72,2	(11,0)	(40,2)	EXERCICIO 2011	121,5	0,4	(27,0)
EXERCICIO 1992	64,1	(9,4)	(49,6)	EXERCICIO 2012	114,4	0,3	(26,7)
EXERCICIO 1993	62,0	(2,3)	(51,9)	EXERCICIO 2013	104,0	0,3	(26,4)
EXERCICIO 1994	68,1	(2,7)	(54,6)	EXERCICIO 2014	107,8	0,3	(26,1)
EXERCICIO 1995	71,6	0,7	(53,9)	EXERCICIO 2015	103,6	0,8	(25,3)
EXERCICIO 1996	76,0	2,4	(51,5)	EXERCICIO 2016	104,1	3,7	(21,6)
EXERCICIO 1997	81,0	(0,1)	(51,6)	EXERCICIO 2017	107,2	1,6	(20,0)
EXERCICIO 1998	87,3	(2,5)	(54,1)	EXERCICIO 2018	106,9	2,2	(17,8)
EXERCICIO 1999	100,9	5,5	(48,6)	EXERCICIO 2019	109,2	1,7	(16,1)
EXERCICIO 2000	101,0	10,6	(38,0)	EXERCICIO 2020	111,2	1,8	(14,3)
EXERCICIO 2001	99,9	1,7	(36,3)	EXERCICIO 2021	110,4	2,8	(11,5)
EXERCICIO 2002	105,5	(21,9)	(58,2)	EXERCICIO 2022	111,2	3,1	(8,4)
EXERCICIO 2003	108,1	(9,6)	(67,8)	TOTAL 2009-2022		42,6	(8,4)
EXERCICIO 2004	118,0	(7,6)	(75,4)	TOTAL 1985-2022		(8,4)	(8,4)
EXERCICIO 2005	125,1	19,9	(55,5)				

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE. Fonte: Contas anuais auditadas.


Ao respecto da liquidación orzamentaria da Corporación RTVG do exercicio 2022, a mesma presenta unha posición cun resultado orzamentario positivo de 3.070.263 euros.

As posicións no período 2009-2022 (a.i) acadaron unha sistemática posición do resultado orzamentario con superávit. Isto permitiu sanear a acumulación histórica de déficits de tesourería negativos non presupostados, os cales evolucionan desde <-51,0> millóns de euros en 2008 ata <-8,4> en 2022. No período 2009-2022 (a.i) executouse unha xestión centrada na redución do déficit histórico. En total no período obxecto de observación sanéanse 42,6 millóns de euros, o cal representa unha porcentaxe do 84%.

As cifras correspondentes á débeda bancaria poñen de manifesto que a mesma evolucionou dende un valor de 32,4 millóns (ano 2009) seguindo unha tendencia descendente nos exercicios sucesivos, de xeito que a 31.12.2013 desaparece a débeda bancaria. Esta situación permanece invariable a 31.12.2022.

Histórico de resultados orzamentarios 1985-2022

Evolución resultado Orzamentario vs Orzamento 1985-2022



CRTVG en cifras 2008 - 2022 | Indicadores financieros

3 Xestión das persoas

Na área de xestión de recursos humanos, a Corporación vén impulsando un proxecto de benestar laboral que se articula de xeito prioritario nos puntos seguintes: estabilidade no emprego, clima laboral, coidado do contorno de traballo, estudo da implantación de instrumentos colaborativos, recoñecemento e participación dos traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e formación continua.

3.1 Un proxecto laboral centrado nas persoas e comprometido coa estabilidade no emprego

As actuacións centráronse en propiciar contornos que contribuíron a favorecer o desenvolvemento profesional, a iniciativa e unha maior satisfacción laboral baixo criterios de manter a estabilidade da Corporación. Mesmo continuar mellorando a xestión operativa dos recursos humanos en relación coa nova organización produtiva, dotándoa dun sistema de xestión integral que impulsou avances en clave de desenvolvemento profesional e rendemento operacional e estratéxico.

Estas actuacións constitúen principios que están presentes na área da xestión das persoas e na organización nun horizonte temporal con vocación estrutural.

Neste contexto, o esquema de xestión desenvolvido permitiu conformar un conxunto de medidas que, xunto coa actualización do cadro de persoal, facilitou unha contribución activa cara a:

- Mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica e sentar unha base axeitada para xestionar de xeito profesional a área laboral.
- Proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa.
- Ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión e soporte para a estabilización no emprego de todo o cadro de persoal, na medida en que o mesmo identifica con claridade o conxunto de postos de traballo da Corporación RTVG.
- Mellorar así a capacidade de gobernanza na proxección estratéxica da xestión referida aos recursos humanos, facilitándolles ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación RTVG a toma de decisións.

En resumo, os retos están centrados nas novas competencias que demande a actividade e tamén en xestionar o cambio de forma acompañada coas necesidades produtivas mellorando as capacidades de adaptación estratéxica. Isto implica un traballo tendente a realizar unha aplicación produtiva da dixitalización. Trátase de facer compatible o contorno laboral existente cun conxunto de melloras e avances asociados á diversidade xeracional e aos niveis formativos e funcionais, de xeito que permitan manter unha coherencia dos custos de explotación.

O compromiso corporativo cun emprego de calidade e axeitadamente retribuído queda formalmente recollido no acordo do Consello da Xunta de 19.05.2022, polo que se aproba a oferta de emprego público da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondente ao ano 2022, a oferta adicional para estabilizar prazas vacantes estruturais provistas de forma temporal e a modificación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2021.

Este acordo aumenta o alcance desta actuación de estabilización laboral **ata 270 prazas**.


As devanditas Ofertas dos anos 2021 e 2022 materializáronse coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* o 30.12.2022 do **anuncio da convocatoria de 255 prazas** -das 270 ofertadas- mediante o **sistema de concurso**.

A execución do **proxecto laboral** está asociada aos criterios executivos que establecen as directrices básicas, aprobadas polo Consello de Administración, en materia de xestión das persoas: igualdade, capacidade, mérito e publicidade na captación e xestión do talento; estabilidade e calidade no emprego; intencionalidade e autonomía na xestión dos efectivos e do cadro de persoal; racionalidade e sustentabilidade da organización produtiva, procurando unha coherencia entre os custos da actividade produtiva e os retornos económicos e sociais desta actividade; eficiencia e optimización da organización produtiva e finalmente a actualización e provisión do cadro de persoal.

3.2 Estado de situación da cuestión laboral

Unha visión baseada nunha análise dinámica pon de manifesto que **no ano 2009** a CRTVG tiña un número medio de traballadores/as de **996 e un cadro de persoal de 769 prazas**. Isto evidencia que **o cadro de persoal non representaba** axeitadamente o número de efectivos e a diferenza existente entre ambas proxectaba unha característica problemática laboral asociada á contratación indefinida.

A xestión levada a cabo no eido dos recursos humanos supuxo cuantitativamente pasar dun cadro de **769 prazas e 996 traballadores/as** e un perímetro de risco laboral que completaba o seu número en **aprox. 1.156 efectivos, cara a evolucionar, no 2022**, a un cadro composto por **833 prazas e 896 traballadores/as de media** coa conseguinte estabilización dos custos de persoal e a drástica redución da temporalidade na contratación.



Fonte: Contas Anuais auditadas.

Millóns de euros



Fonte: Contas Anuais auditadas.

A CRTVG pecha o exercicio 2022 cun número medio de traballadores/as de 896.

Cómpre salientar tamén a **progresiva redución da contratación temporal** implantada na xestión desde o ano 2010 (a temporalidade no 2009 superaba o 40%). A **distribución do promedio dos traballadores no exercicio 2022**, por tipo de vinculación contractual, é a seguinte: **fixos e indefinidos 78,6%; relevos 4,3%; interinidade 7,5%; obra 1,4%; prácticas 4,0%; e directivos 4,2%.**

En síntese, unha análise inmediata do número de traballadores/as medios no período obxecto de observación 2009-2022 pon de manifesto que as medidas de mellora da xestión laboral executadas **proxectaron** o seu efecto **en clave de estabilidade e calidade no emprego, diminución** da temporalidade, **sustentabilidade** e mesmo **coherencia** dos custos de explotación. Os resultados propiciaron así contornos axeitados en clave de eficiencia, sen perder de vista presupostos de benestar laboral baseado no diálogo e negociación cos axentes sociais.

Os datos do exercicio 2022 poñen de manifesto que o número medio de traballadores/ano se estabilizou nun valor de 896 traballadores. A desagregación por natureza do vínculo é a seguinte:

- **Cadro directivo:** 37.
- **Persoal de cadro:** i) fixos: 482; ii) relevistas: 38, iii) indefinidos –firmes e non firmes- en praza vacante: 218; iv) interinos en praza vacante: 19; v) obras ou servizos determinados: 13; e vi) 12 interinos que ocupan prazas reservadas.
- **Persoal de longa duración:** ii) indefinidos sentenza non firme: 4; e vi) contratos en prácticas: 36.
- **Substitucións** (motivadas principalmente por Incapacidades Temporais): 37.

As resolucións xudiciais que declaran a existencia de relacións laborais indefinidas determinan, na práctica totalidade dos casos, que a data da primeira vinculación contractual dos traballadores/as é **anterior ao ano 2009**.

4 Tributación indirecta

A provisión do servizo público de comunicación audiovisual recolle, na última década, o efecto asociado á xestión da problemática do IVE, a cal proxecta inestabilidade sobre a xestión financeira e orzamentaria da Corporación e en consecuencia sobre o conxunto da actividade de provisión do servizo público.

A AEAT foi adoptando diversos criterios cambiantes en función das modificacións legislativas que se foron aprobando, promovidas coa pretensión de clarificar a tributación do IVE e establecer un contorno estable. A pesar diso a AEAT interpretou sempre a normativa en sentido contrario ao que se pretendía, en contra dos intereses dos contribuíntes e tratando de maximizar a súa recadación.

A situación financeira e a evolución da tesourería da Corporación viuse afectada polas continuas e cuantiosas inspeccións de IVE. Por este motivo a CRTVG formalizou un convenio de colaboración co Accionista Único (Xunta de Galicia) en 2019, modificado por tres addendas ata un montante total de 38,9 millóns de euros, que dá cobertura ao risco e compensa o debilitamento financeiro.

Dende o exercicio 2022 a CRTVG financia a problemática de IVE mediante unha achega orzamentaria na aplicación de Tributos, que para este ano tivo unha consignación orzamentaria de 10,6 millóns de euros.

Á data de emisión deste informe as controversias abertas coa AEAT son as seguintes:

- Problemática IVE repercutido (Xan.2017-Mai.2017).

Nesta inspección de IVE, a AEAT aplicou o criterio de “Contraprestación de servizos sobre o IVE repercutido”, considerando que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. O 14.11.2017 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que actualmente se atopa recorrido dende o 07.03.2023 ante a Audiencia Nacional.

- Problemática IVE repercutido (Ano 2016 e Xuñ.2017-Out.2017).

No 2020 a AEAT inicia unha inspección para todos os períodos non prescritos. No caso destes períodos, volve de novo ao criterio de contraprestación de servizos, aplicando o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. O 23.02.2021 a AEAT emitiu dous Acordos de Liquidación, que actualmente se atopan recorridos dende o 06.07.2022 ante o Tribunal Económico Administrativo Central.

- Problemática IVE soportado (Nov.2017-Dec.2018).

Nesta inspección de IVE, a AEAT aplicou o criterio “Actividade dual sobre o IVE soportado”, considerando que a CRTVG exerce 2 actividades: “comercial” (publicidade e programas con alta audiencia, con dereito a dedución do IVE) e “non comercial” (programas con baixa audiencia, sen dereito a dedución do IVE). O 04.03.2019 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que actualmente se atopa recorrido dende o 21.06.2021 ante o Tribunal Económico Administrativo Central.

- Problemática IVE soportado (Xan.2019-Dec.2020).

A inspección do 2020, comentada anteriormente, tamén actúa sobre este outro período, volve de novo ao criterio da “actividade dual”. Neste caso a pretensión foi a de restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. O 23.06.2021 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que actualmente se atopa recorrido dende o 06.07.2022 ante o Tribunal Económico Administrativo Central.

- Problemática IVE soportado (Xan.2021-Dec.2021).

No 2022 a AEAT inicia unha nova inspección, ao igual que no caso anterior, polo criterio da “actividade dual”. Do mesmo xeito pretende restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. O 25.05.2022 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, que actualmente se atopa recorrido dende o 10.01.2023 ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia.

- Problemática IVE soportado (Xan.2022-Dec.2022).

A CRTVG, dende o Acordo de Liquidación da AEAT do 23.06.2021, resultante da inspección dos exercicios 2019 e 2020, nos que a Axencia Tributaria aplicou o criterio da “actividade dual”, para evitar posibles sancións, presenta as declaracións mensuais conforme ao criterio imposto, reflectindo no epígrafe VI de Debedores do Activo non corrente, do mesmo xeito que nos anos anteriores, o IVE soportado pendente de recuperar en consideración de que é ao 100% deducible.

5 Prospectiva

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. dispón dun orzamento para 2023 de 126,6 millóns de euros. O financiamento ten a súa orixe na percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público (94%) e nos ingresos comerciais derivados da participación no mercado da publicidade e outros (6%).

Ao respecto da achega patrimonial, cómpre sinalar que esta ten por obxecto equilibrar os custos nos que se incorre como consecuencia da especial carga de servizo público da programación de televisión, radio e medios dixitais.

A Corporación vén realizando a provisión do servizo público de comunicación audiovisual nun contorno cargado de retos, onde as novas tecnoloxías se multiplican con rapidez, o cal supón constantes desafíos de anticipación e adaptación aos cambios.

Ao fío do exposto, apoiar actuacións que propicien unha posición de progreso preséntase como un elemento decisivo para manter o pulo da competitividade dunha Corporación que debe avanzar coas achegas de todos os axentes implicados cara a unha CRTVG máis innovadora, flexible, próxima, curiosa e social.

1. AS RELACIÓNS LABORAIS NA CRTVG

Ao respecto da política sociolaboral da CRTVG durante o ano 2022, podemos salientar os seguintes aspectos.

1.1 Negociacións coa parte social

Unha das principais características nas relacións laborais da CRTVG é a interlocución entre a parte social e a empresa, existindo na actualidade diferentes foros de negociación abertos, relativos a aspectos diversos relacionados coa actividade habitual da empresa e outras cuestións organizativas e técnicas.

O obxectivo da apertura destas comisións de negociación parte da vontade de chegar a acordos beneficiosos para a empresa e os traballadores, así como obter a perspectiva e análise dos representantes dos traballadores.

Neste caso, debemos mencionar as xuntanzas dos diferentes comités e os principais temas abordados nos mesmos ao longo do 2022.

Comité Intercentros

Este comité ten competencia naqueles asuntos que afecten máis dun centro de traballo (artigo 114 do convenio colectivo). Está formado polos 21 representantes dos traballadores electos. No ano 2022 realizáronse 15 xuntanzas. Delas, podemos destacar as seguintes cuestións, entre outras derivadas da actividade diaria:

- Negociación da Oferta de Emprego Público e das bases do proceso extraordinario de estabilización.
- Xestión do cadro de persoal e materia de contratacións.

Comisión Paritaria

Segundo o disposto no artigo 11 do convenio colectivo da CRTVG, a comisión paritaria ten como principal función a interpretación do disposto no convenio. Neste senso, no 2022 producíronse dúas xuntanzas en que se analizaron diferentes cuestións que, ben por cambios normativos ou de aplicacións, suscitaron dúbidas. En todas as xuntanzas procúrase conseguir unha interpretación acorde ao espírito da norma do convenio, ao beneficio dos traballadores e á lexislación vixente.

Comisión de Listaxes de Contratación

Ao longo de 2022 mantivéronse 7 reunións da Comisión de Listaxes de Contratación, en que se trataron temas tales como a contratación en prácticas, os contratos de revezamento froito das xubilacións parciais, así como outros asuntos sobre a ampliación de listaxes de contratación.

Comité de Seguridade e Saúde

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral asume as competencias que a Lei de prevención de riscos laborais establece no seu artigo 39. Trátase dun órgano colexiado e paritario composto por todos os delegados de prevención e en igual número por representantes da empresa. Os delegados de prevención son nomeados polos sindicatos atendendo á súa representación.

Durante o ano 2022, por mor da crise sanitaria, converteuse nun órgano con intensa actividade de carácter preventivo. Producíronse un total de 11 xuntanzas, nas que se levaron a cabo diferentes análises, protocolos e avaliacións das diferentes actividades nestas materias que afectan os traballadores da CRTVG. En calquera caso, o exercicio 2022 estivo marcado en materia de seguridade e saúde laboral pola volta á normalidade en clave de prevención despois da crise xerada pola covid-19.

Comisión de Igualdade

No ano 2022 a Comisión de Igualdade reuniuse en 21 ocasións. Estas xuntanzas versaron sobre as diferentes propostas de cara á elaboración dun Plan de Igualdade empresarial para a Corporación. Como consecuencia dos traballos levados a cabo aprobouse unha diagnose de situación e estase a traballar para a aprobación das medidas, e con elas a aprobación do primeiro plan de igualdade da CRTVG.

Comisión de Formación

A Comisión Paritaria de Programación e Seguimento da Formación está integrada por un membro de cada sindicato e o mesmo número de representantes da empresa. Esta comisión reúnese polo menos unha vez cada trimestre. No 2022 houbo 12 xuntanzas da Comisión de Formación, que abordaron:

- Desenvolvemento de accións de formación de carácter xeral para todos os traballadores da CRTVG.

- Desenvolvemento de accións de formación específica de carácter voluntario ou obrigatorio, dirixida a determinadas categorías laborais. A formación obrigatoria resulta necesaria para a adaptación ás modificacións operadas no posto de traballo.
- Así mesmo, no seo da Comisión de Formación informouse das prácticas non laborais realizadas na CRTVG, as de carácter formativo (FCT, FP dual e prácticas académicas externas dos estudos universitarios) e as complementarias á formación prácticas para estudantes ou titulados sen experiencia).

Outras xuntanzas coa representación sindical

En 2022 houbo 1 convocatoria de folga xeral que foi desconvocada ao acordar a CRTVG ir a máximos no número de prazas que figurarían na OPE 2022, publicada ao abeiro da Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Comisión de Plan de Pensións tivo dúas xuntanzas no ano 2022, na que se abordou o proceso de internalización de funcións por parte da Entidade Xestora do Plan e do Fondo de Pensións. Aprobáronse as contas anuais e o informe de xestión do fondo. Tamén existiron outras xuntanzas coa representación sindical para tratar cuestións externas ás comisións e comités constituídos.

Ao longo do ano realizáronse 71 xuntanzas formais dos comités ou comisións para informar e negociar coas seccións sindicais diferentes puntos de interese para os traballadores da CRTVG. Esta vontade negociadora de ambas partes móstrase a prol da paz social e para fomentar o diálogo entre os diferentes axentes sociais corporativos.

Os procedementos de información cos representantes dos traballadores son as propias comisións e comités, ademais das vías habituais de comunicación interna como as notas, intranet, onde se comparten documentos, e os correos electrónicos. Estas xuntanzas son preavisadas con polo menos 48 horas de antelación, a non ser que sexan de urxencia. Como continuación ao acontecido en 2020, por motivo da crise sanitaria, as xuntanzas seguiron en formato *online*.

A representación sindical é informada de xeito puntual de materias como contratación, conciliacións, chamamentos de listaxes, xubilacións, materias de seguridade e saúde e eventos especiais, entre outras cuestións. Os traballadores poden acceder por diferentes vías a comunicados e novas a través da intranet da empresa, onde se publicitan algunhas medidas e acordos en diferentes materias que atinxen aos traballadores.

O convenio colectivo propio da CRTVG, vixente desde o ano 2015, marca os prazos de preaviso aos representantes dos traballadores de diferentes situacións administrativas, así como os casos nos que unha modificación substancial das condicións de traballo debe ser negociada coa representación sindical e preavisada cun prazo mínimo aos traballadores.

Toda a normativa nesta materia recóllese no convenio colectivo e, de non facer referencia no mesmo, remítese á lexislación xeral vixente sobre a materia.

1.2 Renovación tecnolóxica – Sistema de información de Recursos Humanos:

Entre os anos 2018 e 2022 avanzouse na implantación do proceso de renovación das ferramentas informáticas en materia de xestión de RR. HH. co obxectivo da unificación e consolidación de aplicacións e datos nunha aplicación integral de recursos humanos coas seguintes funcionalidades:

- Organigrama e xestión do cadro de persoal
- Xestión do persoal
- Xestión das listas de contratación temporais
- Xestión da formación
- Xestión do tempo
- Portal do empregado e do responsable
- Definición de procedementos
- Xestión da nómina
- Cadro de mando e xeración de informes
- Xestión da prevención
- Convocatorias de OPE e promoción interna

Estas funcionalidades asumirían as tarefas que estaban a realizar outras aplicacións, de xeito que a solución substituiría determinadas aplicacións e se integraría con outras. Finalmente, alcanzárase unha unificación e consolidación de datos residentes en varias aplicacións.

O proxecto estivo dividido en 4 fases:

- Fase I: organigrama, cadro de mando económico, simulacións e orzamentos
- Fase II: xestión do tempo, procedementos e situacións administrativas
- Fase III: formación e PRL
- Fase IV: nómina, cadro de persoal e listaxes de contratación

Pódese afirmar que se logrou o principal obxectivo do mencionado expediente: conseguir traballar coa filosofía do dato único nun sistema integral coas evidentes vantaxes na explotación do dato que isto supón. Desde a implantación da nova ferramenta atópanse en funcionamento as seguintes utilidades e/ou módulos: I) organigrama; II) expedientes administrativos e histórico de situacións administrativas; III) cadro de persoal; IV) xestión do tempo; V) formación; VI) prevención de riscos laborais; VII) portal do empregado e responsable; e VIII) cadros de mando.

Como sucede con calquera ferramenta informática, requírese normalmente de personalizacións que, como é habitual, xorden despois da súa posta en funcionamento, pois é cando se observan e detectan novas posibilidades de automatizar e mellorar procesos. Así, o obxecto do retos a futuro consiste na mellora, homoxeneización, evolución e personalización do Sistema de Información Integral de Recursos Humanos.

Destaca no ano 2022 o desenvolvemento en posta en marcha dunha nova aplicación informática para a solicitude e aprobación dos complementos salariais recollidos en convenio colectivo. Esta aplicación dixitaliza un dos procedementos fundamentais de Recursos Humanos, e supón tamén unha ferramenta de control de xestión presupostario para as diferentes áreas da Corporación.

En definitiva, con todas estas acción pretendeuse dar cumprimento á liña estratéxica contida no Plan Xeral de Actuación da Corporación incrementando o rendemento operacional dos recursos, ferramentas, instrumentos e procedementos dispoñibles dedicados á xestión do capital humano e da propia organización. Así mesmo, incorporaranse funcionalidades que permitirán realizar análises e estudos prospectivos da evolución do cadro de persoal.

1.3 Seguridade e Saúde Laboral

A Corporación estivo dende a súa orixe moi implicada na protección das súas traballadoras e traballadores e na prevención dos riscos que lles poderían afectar. Simplemente cabe indicar que o Comité de Seguridade e Saúde Laboral, antigamente Comité de Seguridade e Hixiene, foi constituído hai máis de vinte e cinco anos. Como servizo público de comunicación audiovisual, a Corporación é unha organización complexa que dispón dunha multiplicidade de lugares de traballo, cunha localización xeográfica dispersa e cun elevado número de traballadores, pertencentes a colectivos diferenciados, tanto na actividade desenvolvida coma no réxime legal aplicable á súa relación contractual.

A complexidade da CRTVG e o seu carácter de servizo público, desde o punto de vista da seguridade e a saúde laboral, evidéncianse tamén na multiplicidade de factores de risco presentes nos seus centros de traballo.

Obxectivos

A Corporación RTVG deseñou, ao longo do tempo, diversas e variadas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación de todos os niveis da empresa no ámbito da seguridade e a saúde empezando pola Dirección Xeral, que promulga unha política particular para unha cuestión fundamental no transcurso do día a día da empresa.

Entre as actividades que se realizan para protexer o persoal cabe destacar o deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva, a avaliación dos factores de risco que poidan afectar a seguridade e saúde do persoal da Corporación RTVG; a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia; o seguimento das accións preventivas; a información e formación dos traballadores e traballadoras da Corporación RTVG; a prestación dos primeiros auxilios; os manuais de autoprotección; a vixilancia da saúde do persoal da Corporación RTVG en relación cos riscos derivados do traballo; o rexistro e as estatísticas de accidentes de traballo; a xestión da documentación que se xere relacionada coa prevención de riscos laborais; o fomento dunha cultura preventiva e a promoción da prevención; así como calquera outra función que poida ser encomendada e asumida en función da lexislación en materia de prevención de riscos laborais vixente e da política de seguridade e saúde da Corporación RTVG.

Seguridade e a saúde laboral

Tendo en conta todo o anterior, dentro das posibilidades de organización preventiva que recolle a lexislación de aplicación, a Corporación conta cun servizo de prevención propio. A seguridade e a saúde laboral dos traballadores, no exercicio da súa actividade profesional, son prioritarias sobre calquera outras nas actividades que como servizo público desenvolve a CRTVG.

Querendo chegar máis alá das esixencias legais vixentes, deseñáronse diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación da Corporación RTVG como servizo público no ámbito da seguridade e da saúde laboral. Os traballadores teñen á súa disposición todos os medios necesarios de protección para desenvolver o seu traballo, sendo a empresa a responsable de proporcionar tal protección.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades. O “traballo” pode definirse como toda actividade de transformación da natureza, para satisfacer as necesidades humanas. O “perigo” é aquela fonte ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles.

O “risco laboral” consiste na posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo, que é unha combinación da frecuencia e a probabilidade e das consecuencias que poderían derivarse da materialización dun perigo (LPRL, art.4º), entendendo por perigo aquel factor ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles.

Polo tanto, a política da Corporación neste ámbito proxéctase en dous niveis:

- Un xenérico, constituído por determinadas accións de promoción da saúde, así como o control e redución do impacto da actividade no medio ambiente, en canto atenden a reducir e evitar danos nel.
- Un específico, obxecto agora desta epígrafe en particular.

Neste nivel específico, o vector determinante é a prevención. Prevención é, segundo o Art. 4 Lei 31/1995-LPRL, o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa con fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.

Do devandito séguese que a política de prevención se proxecta en varias dimensións conectadas entre si:

- A adopción dun marco de referencias normativas e de orde teórica que, en especial no primeiro caso, veñen dadas polo marco xurídico, aínda que poden ampliarse como efecto da iniciativa da empresa ou do diálogo entre esta e o seu persoal.
- A identificación en consecuencia dos riscos para a saúde e a seguridade e a súa avaliación.
- A adopción de medidas correctoras e de mellora por ampliación da prevención.
- O desenvolvemento destas.
- O seu seguimento, control e eventual axuste.

A CRTVG é unha empresa comprometida na prevención dos riscos que poden afectar a seguridade e a saúde do seu persoal. No actual convenio colectivo, na medida que concreta e amplía as obrigas de orde normativa que ao respecto a atinxen, reflíctese ese compromiso expresado como produto do diálogo social. É así que dar conta dese compromiso esixe glosar o disposto neste documento, en particular no seu Capítulo XV, que contén desde o Art. 96 ao Art.106, no que se expresa a regulación referente á seguridade e saúde laboral. Nel especificase:

-A protección da saúde e a seguridade como obxectivo prioritario para as dúas partes asinantes.

-Un compromiso de asunción dos dereitos e obrigas ao respecto que, con carácter recíproco, se derivan do marco normativo vixente xeral de aplicación, de xeito especial en materia de prevención, particularmente: a LPRL, o Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, a Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais e o Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, así como doutras normas que se poidan ditar durante a vixencia do convenio colectivo, do disposto nel e da toma en consideración das normas e recomendacións da OIT e da UE.

-A planificación anual das actuacións en materia de seguridade e saúde laboral, así como a inclusión nelas dos correspondentes estudos e proxectos, a execución de medidas de prevención, control e inspección e os programas precisos de formación do persoal.

-O compromiso por parte da empresa de incluír nos pregos das licitacións unha cláusula determinando que as empresas adxudicatarias se comprometan ao estrito cumprimento da normativa laboral xeral e do convenio colectivo que lles sexa de aplicación, en particular, en materia de prevención, saúde e seguridade laborais; mesmo, sendo a Corporación competente, aplicando a normativa propia para satisfacer ese criterio, e fixando que o incumprimento poderá dar lugar á rescisión da relación contractual. Ese compromiso fai explícita a necesaria observancia do Art. 42 do Estatuto dos Traballadores en caso de subcontratacións.

-O establecemento de criterios sobre organización dos servizos e órganos encargados da prevención e, en xeral, de velar pola saúde e seguridade laborais.

-Un servizo de prevención propio, de seguridade e saúde laboral, coas especialidades de seguridade, ergonomía e psicosocioloxía, sen prexuízo de que as disciplinas de hixiene e vixilancia da saúde son atendidas por un servizo alleo.

-Un Comité de Seguridade e Saúde, coas competencias e facultades que a LPRL establece no seu Art. 39, como órgano colexiado e paritario composto por todos os delegados de prevención, nomeados polos sindicatos atendendo á súa representación, e, en igual número, por representantes da empresa. O articulado relativo a este órgano fixa a periodicidade das reunións e o dereito de convocatoria, as proporcións e maiorías para os acordos.

Finalmente, o convenio colectivo desprega no capítulo e artigos referidos unha serie de determinacións sobre cuestións varias relacionadas coa prevención de riscos en eventualidades ou para colectivos singulares:

-En canto aos equipos de protección individual -EPI- e a roupa de traballo, a preferencia por medidas de seguridade colectivas sobre as individuais; o fornecemento destas, por conta e con cargo á empresa, en función das características dos postos atinxidos e dos resultados das avaliacións de riscos que se realicen, a todos os traballadores que o precisen.

-Relativamente ao traballo nocturno sublíñase que a empresa prestará especial atención en materia de prevención de riscos laborais ás persoas que o desenvolvan.

O servizo de prevención, como instancia axente da empresa neste ámbito, desenvolve no nivel técnico de deseño e execución a política, programas e medidas correspondentes. A súa función concrétase así en:

- ✓ A avaliación dos riscos que poidan afectar a seguridade e saúde do persoal.
- ✓ A determinación das prioridades na adopción de medidas preventivas.
- ✓ O deseño, coordinación, vixilancia e seguimento dos plans, programas e medidas.
- ✓ A supervisión e control técnicos da homologación e funcionamento dos equipos e dispositivos de seguridade.
- ✓ A disposición dos medios de prevención e o fornecemento nos termos en que cumpra dos EPI ao persoal.
- ✓ A elaboración dos manuais de autoprotección.
- ✓ En xeral, o fomento dunha cultura preventiva e a promoción desta; en particular a información e formación do persoal, incluíndo expresamente o adestramento específico que poida ser preciso no uso de equipos e dispositivos de seguridade.
- ✓ A vixilancia da saúde do persoal en relación cos riscos laborais.
- ✓ A prestación de primeiros auxilios dentro das instalacións da empresa.

- ✓ A xestión técnica dos servizos externos contratados en materia de seguridade e saúde a efectos de estudos, avaliacións, deseño e implantación de medidas, fornecemento de equipos e dispositivos, etc.
- ✓ O exercicio no nivel técnico da representación e participación da empresa no Comité de Seguridade e Saúde.
- ✓ A xestión da documentación xerada en relación coa prevención de riscos laborais.
- ✓ O rexistro dos accidentes de traballo e a xeración das estatísticas correspondentes.

Desde o punto de vista do seu emprazamento orgánico na empresa e dos recursos de que dispón, debe dicirse do servizo de prevención que constitúe unha unidade operativa dentro da estrutura organizativa da CRTVG. Fai parte da dirección de RRHH. Polo tanto, o persoal que o integra ten unha dedicación íntegra e exclusiva ao desempeño das funcións do servizo de prevención. Articúlase en dous ámbitos dados polas disciplinas de seguridade e mais ergonomía e psicosocioloxía. O servizo conta coas instalacións e medios materiais precisos para desenvolver de xeito eficaz esas funcións. Conta como instancia coordinada co servizo médico, xestionado por acordo cun servizo de prevención alleo. O servizo médico está acreditado pola Consellería de Sanidade e incluído así no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. Como apoio complementario dispón dun servizo de prevención alleo.

A conxunción de medios, singularmente a especialización técnico-profesional do persoal do servizo de prevención propio e alleo, garante a debida interdisciplinabilidade no desenvolvemento de tales funcións, particularmente en relación coas relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación de riscos, o plan de prevención e os plans de formación derivados.

Un balance xeral en materia de seguridade e saúde laboral leva a concluír, tomando como referencia 2022, que a política de prevención presenta un alto grao de relevancia na dinámica da empresa e que esa relevancia está ademais formalmente recoñecida no vixente convenio colectivo. Así, en virtude del, e excedendo os termos do marco normativo legal de aplicación común, a participación do persoal no marco do diálogo social no seu impulso, deseño e control está garantida cun igualmente alto nivel de responsabilidade e capacidade. O seu nivel de desenvolvemento efectivo en canto establecemento de medidas e disposición de recursos técnicos e humanos é altamente satisfactorio, permitindo cualificar a Corporación RTVG como un medio laboral san e seguro.

Como foi aludido, a política específica descrita da Corporación no ámbito da seguridade e a saúde proxéctase no sentido da promoción da saúde integral, mediante algunhas actuacións singulares de índole sanitaria, converxendo tamén nese sentido as medidas humanizadoras da dedicación laboral de carácter xeral e de conciliación en particular.

O marco global desas políticas e medidas é a responsabilidade social corporativa, e nel as de orde preventiva conectan así nalgunhas dimensións concretas coas de protección do medio ambiente.

En calquera caso, o exercicio 2022 estivo marcado en materia de seguridade e saúde laboral pola volta á normalidade en clave de prevención despois da crise xerada pola covid-19.

Desde esa data dispuxéronse un conxunto de medidas preventivas, algunhas delas de carácter temporal, con repercusións evidentes de índole organizativa e produtiva, que cabe recapitular:

- Constituíse unha Comisión de Seguimento, dedicándose 3 dos seus membros a un control e seguimento intensivo e continuo deste asunto.

- A partir do mes de abril de 2020 fíxose obrigatorio o uso de máscara para todas as persoas que accedesen ás instalacións da Corporación, e para determinados colectivos profesionais tamén se fixo obrigatorio o uso de máscaras FFP2.

Durante 2022 nos protocolos e medidas inicialmente adoptados fóronse integrando as adaptacións necesarias en virtude da evolución da normativa e das medidas indicadas polas autoridades sanitarias. Esas adaptacións contemplan desde o estudo da situación dos postos de traballo á proposta de solución en cada caso relativamente á súa distribución espacial e ás medidas de protección necesarias.

Vixilancia da saúde

Dentro da preocupación pola saúde dos seus traballadores, xa no 2011 a CRTVG acreditou o seu servizo médico fronte á Consellería de Sanidade, que o inclúe no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da comunidade autónoma de Galicia. No ano 2015, dito servizo médico, despois das adaptacións e cos medios solicitados postos á súa disposición, foi adscrito ao programa galego de vacinacións, converténdose así en punto de vacinación da comunidade autónoma.

No ano 2022 leváronse a cabo 404 recoñecementos médicos correspondentes á vixilancia da saúde, dos que 196 foron realizados a mulleres e os outros 209 a homes. Administráronse un total de 103 vacinas da gripe.

Analizados os datos, pode indicarse que tanto a saúde xeral como laboral da empresa non presenta alteracións relevantes que requiran intervencións colectivas específicas.

As alteracións individuais detectadas foron postas en coñecemento dos traballadores afectados pola médica do traballo, entregándolles nos seus informes individuais as recomendacións personalizadas requiridas en función da patoloxía detectada.

Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Durante o transcurso do ano tiveron lugar 11 reunións do Comité de Seguridade e Saúde Laboral, co fin de mellorar a protección e a saúde dos traballadores, tendo en conta que é un obxectivo básico e prioritario das partes asinantes do vixente convenio colectivo.

Accidentabilidade laboral

Na CRTVG, o SSSL encárgase da seguridade, a hixiene, a ergonomía e a psicosocioloxía no traballo e do recoñecemento, avaliación e control dos factores de risco provocados no lugar de traballo que poidan ocasionar accidentes ou enfermidades, alterar a saúde, o benestar ou crear algún malestar significativo entre as traballadoras e traballadores.

Durante o ano 2022, no servizo público de comunicación audiovisual galego, debe indicarse que se computaron 17 accidentes de traballo, dos que 7 deron lugar a baixas, sendo 1 destes 'in itinere'. Todos os procesos derivados foron cualificados como leves, non se producindo, pois, ao longo do exercicio ningún grave nin moi grave; como tampouco se produciu outra continxencia ningunha de calquera outro tipo neste ámbito. Os accidentes sen baixa foron 10, afectando 7 homes e 3 mulleres, e os accidentes con baixa foron 7, afectando a 4 homes e 3 mulleres.

1.3 Formación e selección

Formación

A actividade da CRTVG en materia de formación continua en 2022 articulouse, como vén sendo práctica habitual, nun plan de carácter ordinario onde se recollen os contidos demandados polas diferentes áreas, departamentos ou servizos e canalizados tamén pola súa representación legal, definindo así o carácter participado deste.

A formación impartida no ano 2022 foi destinada aos diversos colectivos profesionais da Corporación, no marco da formación continua establecido polo capítulo XIII do convenio colectivo, o emanado do Estatuto dos Traballadores (art. 23), o deber de planificación do departamento de Recursos Humanos de formar ao persoal (art. 69.1.d) e mais polo deber dos traballadores de manter actualizada a formación e cualificación (art. 54.8).

No primeiro semestre do ano 2022 continúaase baixo a situación de crise sanitaria provocada pola covid-19, considerándose xa a teleformación como unha modalidade alternativa válida.

Os principais datos da formación de 2022 foron os seguintes:

- Número de cursos: 25
- Número de acción formativas: 45
- Número de categorías formadas: 54
- Número de alumnos: 675
- Número de asistentes: 1047
- Número de horas impartidas: 523,30
- Número de horas lectivas: 7716

Selección

En 2022 convocáronse cinco probas de selección para a realización de contratos en prácticas nas seguintes categorías:

- Técnico/a electrónico/a (febreiro)
- Relacións públicas (febreiro)
- Documentalista (marzo)
- Oficial administrativo (xuño)
- Auxiliar de programas de radio (setembro)

Bolseiros

A CRTVG, como referente do sector audiovisual en Galicia, é un destino preferido para a realización das prácticas educativas en todas as súas modalidades. Asumindo a súa responsabilidade de servizo público, a CRTVG proporciónalles aos bolseiros un marco de primeira clase para a realización das prácticas en empresas, obrigatorias no caso da Formación Profesional e optativas no caso da Universidade, podendo ser, neste caso, curriculares ou extracurriculares, dependendo de se forman ou non parte do Plan de Estudos. Todas as prácticas están reguladas por convenios subscritos cos centros de procedencia e cumprindo coa lexislación vixente.

Cando inicia as prácticas, o bolseiro recibe un Manual de Acollida en que se expoñen, de forma detallada, os aspectos básicos para o seguimento da bolsa, así como os dereitos e deberes tanto do alumno como da CRTVG. Así mesmo, será informado tamén en normas básicas en materia de seguridade e saúde laboral.

As procedencias das modalidades das prácticas non laborais son:

1.- Módulo Profesional de formación en centros de traballo dos ciclos de FP

O obxectivo desta modalidade de prácticas é o de completar as competencias profesionais propias de cada titulación, adquiridas no centro educativo, e facilitar a inserción laboral. As actividades formativas, sempre supervisadas, desenvólvense nas instalacións da empresa, sen que isto implique ningunha relación laboral.

A duración do período de prácticas nos ciclos formativos de grao medio e grao superior é, como regra xeral, de 400 horas. O alumnado debe cursar ciclos relacionados coas actividades e requisitos das categorías laborais existentes nos medios públicos e proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Ciclos de procedencia:

- Producción de audiovisuais e espectáculos
- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Sistemas de telecomunicación e informática

Centros de procedencia de FCT:

- CIPF Aa Farixa (Ourense)
- CIFP Imaxe e Son (A Coruña)
- CPR O Raio Verde (Santiago)
- EISV Marcote (Vigo)
- IES Ricardo Mella (Vigo)

2.- Módulo Profesional de formación FP Dual

A FP Dual é unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo. A CRTVG, como referente do sector audiovisual en Galicia, é un destino preferido para a realización das prácticas educativas en todas as súas modalidades. Asumindo a súa responsabilidade de servizo público, a CRTVG proporciónalles aos bolseiros un marco de primeira clase para a realización das prácticas en empresas, obrigatorias no caso da Formación Profesional e optativas no caso da Universidade, podendo ser, neste caso, curriculares ou extracurriculares, dependendo de se forman ou non parte do Plan de Estudos. Todas as prácticas están reguladas por convenios subscritos cos centros de procedencia e cumprindo coa lexislación vixente.

Cando inicia as prácticas, o bolseiro recibe un Manual de Acolida no que se expoñen, de forma detallada, os aspectos básicos para o seguimento da bolsa, así como os dereitos e deberes tanto do alumno como da CRTVG. Así mesmo, será informado tamén en normas básicas en materia de seguridade e saúde laboral.

A duración do período de prácticas é, de media, de 800 horas. O alumnado debe proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Ciclos de procedencia:

- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
- Son para audiovisuais e espectáculos
- Iluminación, captación e tratamento de imaxe

Centros de procedencia de FP Dual:

- CIFP Imaxe e Son (A Coruña)
- IES Audiovisual Vigo

3.- Universidade e máster

Os obxectivos das prácticas externas son o de permitir que os estudantes apliquen e complementen os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecer a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, facilitar coa obtención dunha experiencia práctica a súa inserción no mercado laboral e fomentar a súa capacidade de emprendemento.

Estas prácticas poden ser curriculares, prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de máster ou extracurriculares. A duración das práctica para os estudos de grao é de 300 horas e para estudos de máster de 150 horas.

Graos de procedencia dos bolseiros en 2022:

- Comunicación Audiovisual
- Xornalismo
- Xornalismo e Comunicación Audiovisual
- Xornalismo e Comunicación Multimedia (Máster)

Facultades de procedencia dos alumnos:

- CC. da Comunicación (USC)
- CC. Sociais e da Comunicación (UVIGO)
- C.C. de la Información (UCM)

4.- Prácticas para titulados sen experiencia

As prácticas desta modalidade fixéronse a través dos Programas da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), que están dirixidos a:

Titulados das tres universidades públicas galegas

Titulados procedentes de centros de formación profesional a través dun programa de bolsas coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Estes programas favorecen a incorporación do alumnado recentemente titulado ao mercado laboral e complementan a súa formación teórica previa cunha estadía práctica na empresa.

As titulacións de procedencia desta modalidade son as seguintes:

- Comunicación Audiovisual
- Relacións Laborais
- Xornalismo
- Xornalismo e Comunicación Multimedia

2. AUDIENCIAS 2022

A medición audimétrica fundaméntase nun coñecemento fondo da socioloxía do consumidor, atendendo a pautas de comportamento condicionadas pola natureza do usuario. Porén, a xestión da data permite avanzar no coñecemento dos usuarios, logrando combinar toda a experiencia da análise sociolóxica coa información achegada polos usuarios na súa actividade diaria.

Para unha correcta adaptación dos medios á sociedade cómpre incorporar á xestión diaria a información proporcionada por elementos como: a xeolocalización, os graos de impulsividade no consumo de contidos informativos ou de entretemento, os graos de satisfacción na busca de contidos específicos, a medición das escollas cualitativas nos procesos de recepción (elección de idioma, contorno de consumo; uso dos dispositivos de referencia para a recepción, consumo colectivo ou individual...), o grao de interactividade do usuario (actividade de espallamento das mensaxes, definición de líderes de opinión sobre cada tema, tempos de resposta ante estímulos informativos...).

Esa información, que debe ser recollida e xestionada a través das posibilidades técnicas que xa existen no mercado, xerará, ademais, un amplo coñecemento da sociedade en que centra a súa actividade unha empresa de comunicación. Máis alá das pautas de comportamento mediático, é imprescindible comprender os comportamentos sociais co obxectivo de lograr unha maior anticipación na oferta e, por suposto, mellorar as *ratios* de satisfacción que cada usuario pretende acadar cando inicia un proceso de consumo de mensaxes informativas ou de contidos de entretemento. Por iso, a CRTVG debe converterse nunha das principais ferramentas de análise sociolóxica de Galicia, especialmente en todo o que se refire á capacidade de absorción de información, ao ocio e ao entretemento.

Neste panorama, a TVG consolídase como un medio de comunicación audiovisual e dixital de referencia para a cidadanía galega. Nese sentido, a Televisión de Galicia chega ao 98 % dos fogares galegos e, no 2022, 636.000 persoas contactaron diariamente co medio ao longo dun día. Iso supón que un 24,4 % dos espectadores consumiron nalgún momento do día os contidos emitidos pola TVG a través do televisor por calquera das súas canles. No ano 2022 a TVG fixo un importante esforzo para aumentar a cobertura das súas canles, mellorando o número de operadores que distribúen o sinal da CRTVG en América e en Europa.

No espazo radiofónico, os datos tamén avalan a importancia que lle outorga a poboación galega. Cada día, a Radio Galega e Radio Galega Música achegan contidos informativos e de entretemento a 161.000 persoas, segundo o Estudo Xeral de Medios, converténdose habitualmente na canle de referencia nos momentos de maior tensión informativa en Galicia (de luns a venres a audiencia medra a 168.000, dos que 1.000 pertencen a Son Galicia Radio).

En 2022, a CRTVG mantivo a súa aposta polos contidos nativos dixitais, liderados polo proxecto 'DígochoEu' -do que se informa en detalle máis adiante nesta memoria- a busca de públicos máis novos a través das redes sociais.

En plataformas dixitais, a Corporación segue a contar con RadioGalegaPodcast.gal e G24.gal, como parte da súa estratexia de diversificación dos contidos, en función das temáticas e do propio consumo dos seus espectadores. RadioGalegaPodcast.gal pretende converterse na plataforma de audio de entretemento da Radio Galega e G24.gal na canle de información tanto da RG como da TVG. Polo tanto, a aposta dixital está concibida con catro plataformas: a de audio de entretemento, a de información de audio e vídeo, a de entretemento de vídeo (futura OTT) e a de contidos interactivos, infantís e xuvenís (PETISGO).

O proceso de transición non resulta sinxelo en canto aos datos de audiencia por varios motivos. En primeiro lugar, as formas de medición están a mudar e Google foi o primeiro en facer cambios coa introdución de Google Tag Manager. Google Tag Manager está orientado á medición publicitaria e, desaparecen, entre outras métricas, as páxinas vistas, como se comprobará neste informe nas novas webs creadas este ano.

Ademais, a perda do medidor único (ComScore) durante 2020 fai que non exista unha métrica comparativa co resto das canles autonómicas no eido dixital, incluído YouTube. E, por último, o novo ecosistema audiovisual está en continuo cambio, tamén nas métricas, e require de novas formas de traballo para dar resposta ás estratexias marcadas pola Corporación RTVG.


Por todos os cambios que están xurdindo, a Corporación desenvolveu un Data Lake, en marzo de 2021, co obxectivo de medir "audiencias 360º". Porén, a falta da despregadura do SDK necesario na web principal imposibilita a mesma. O resto de servizos onde está despregado son RadioGalegaPodcast e 'DígochoEu'.

Por todo o exposto, esta memoria propón unha nova estética, tipo *dashboard*, coas métricas máis importantes para analizar a evolución da estratexia dixital da Corporación e posibilitar as futuras decisións da mesma; así como a achega de novas formas de medición incorporadas no Data Lake da CRTVG e que xorden como adaptación dos cambios do actual ecosistema audiovisual.

2.1 Audiencias xerais das canles de CRTVG


Neste capítulo analízanse as audiencias de televisión e radio, agrupadas polos tres grandes grupos de análise: as audiencias xerais, os informativos e o entretemento. Os datos utilizan como fonte Kantar Media, o Estudo Xeral de Medios (EXM) e os datos internos da CRTVG. A TVG é a primeira canle pública en Galicia, cunha cota de *share* do 10,5 % no conxunto do ano.

Gráfico 1. Audiencia en Galicia da TVG e a competencia. Ano 2022 (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media - Share




Se se analiza a evolución dos últimos nove anos, obsérvase como TVG está consolidando a súa presenza no mercado audiovisual galego, e cómpre salientar que máis alá da estabilización, no 2022 acádase o valor máis elevado do período.

Gráfico 2. Evolución audiencia TVG e competencia (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media



Existe tamén unha tendencia á estabilidade e mesmo ao crecemento en boa parte do resto das televisións autonómicas.

Gráfico 3. Evolución da audiencia das televisións autonómicas (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media




Un 24,4 % dos galegos maiores de 4 anos contactan diariamente con TVG, o que a converte na segunda das televisións autonómicas con maior impacto en España. No caso da TVG, está catro puntos por riba da media de contactos das canles autonómicas, que se sitúa nun 20,4 %.

Gráfico 4. Evolución da audiencia das televisións autonómicas por media de contactos diarios sobre o total de poboación (datos en porcentaxes). Fonte: Kantar Media

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
TVG	42,9	36,8	35,2	34,4	32,2	31,8	30,0	30,9	29,3	26,5	25,1	27,6	26,3	24,4
C.SUR	47,2	42,2	37,5	38,1	36,8	33,3	29,2	26,8	26,2	24,2	22,7	24,6	22,9	21,0
TV3	43,0	40,8	38,9	40,5	38,3	34,9	31,5	29,1	28,2	27,7	27,0	26,9	24,6	22,2
ETB2	48,6	40,5	36,4	37,5	36,3	34,5	31,1	29,0	28,7	27,3	25,9	29,1	28,0	23,7
TVM	38,5	32,0	28,5	26,2	22,0	22,2	21,5	22,3	20,9	19,4	18,2	19,8	18,5	15,0
C9	40,6	33,7	30,6	28,6	23,5									
A PUNT										1,9	9,7	12,9	13,4	12,0
TPA	35,6	33,1	33,2	33,0	29,7	30,1	26,5	23,1	22,2	21,4	20,8	23,6	22,4	20,7
TVCA	42,2	36,9	34,8	32,9	29,9	29,0	24,5	22,1	22,5	20,5	18,5	22,2	24,1	19,0
CMM	39,5	33,6	30,0	28,9	26,3	25,0	24,6	24,3	23,7	20,6	19,8	21,8	20,2	18,7
ATV	40,3	40,7	40,2	38,7	38,7	36,5	34,3	32,3	31,3	30,1	30,1	32,7	31,0	27,8
IB3	26,5	25,4	22,7	25,6	25,9	24,8	22,8	17,1	15,7	13,7	13,5	15,8	15,0	13,6
FOR-TA	44,3	39,3	37,1	36,0	32,2	27,5	25,4	24,6	24,1	22,8	22,6	24,5	22,9	20,4


Na radio, a audiencia xeral das emisoras da CRTVG acada valores medios para o tramo de luns a venres. No 2022 tanto Radio Galega como Radio Galega Música acadan unha cota acumulada de 168.000 persoas, o 7º valor anual máis elevado nos últimos 15 anos. A tendencia que existe no ano 2022 é á estabilización logo de dous anos coas audiencias en máximos históricos.

Gráfico 5. Evolución da audiencia acumulada de luns a venres 2008-2022 en miles de persoas. Fonte: EXM



No período de luns a domingo os valores son superiores ás medias tanto da Radio Galega como de Radio Galega Música. No 2022 acadouse a cota acumulada de 161.000 oíntes, o 9º valor máis elevado dos últimos 15 anos.

Gráfico 6. Evolución da audiencia acumulada de luns a domingo 2008-2022 en miles de persoas. Fonte: EXM



2.2 Referencia informativa

A TVG é referencia informativa televisiva para a poboación galega, sendo líder historicamente na franxa do mediodía. O liderado na cota de pantalla dos programas informativos en Galicia por parte da TVG demostra unha preferencia clara por parte dos galegos. O conxunto dos programas informativos da TVG lideran cunha audiencia media de 43.000 telespectadores, segundo o medidor oficial de TV en ámbito España Kantar Media.

Gráfico 7. Evolución da audiencia da TVG e competencia. Cota de pantalla da información diaria. Fonte: Kantar Media






Gráfico 8.

Audiencia media dos informativos en Galicia no ano 2022



Na Radio Galega tamén se aprecia unha estabilización logo do crecemento na audiencia dos programas informativos iniciada no 2017.


*Gráfico 9. Audiencia acumulada de luns a venres da Radio Galega (Miles de oíntes).
Fonte: EXM*



2.3 Referencia para o entretemento


A maior aposta polo entretemento da canle concéntrase no horario de *prime time*, desde as 20:30 h ata as 24:00 h. Nesa franxa a TVG acada unha media de 11,1 puntos de *share*, 5 décimas máis que o mesmo período de hai un ano.

Gráfico 10. Evolución da audiencia do *prime time* (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media



Na radio, tamén se consolida o crecemento producido nos programas de entretemento, especialmente nos tramos de tarde como de noite. Unha vez máis, tamén de madrugada se acadan datos relevantes, con picos de 23.000 oíntes.

Gráfico 11. Audiencia acumulada dos programas de entretemento de luns a venres da Radio Galega (En miles de oíntes). Fonte: EXM



2.4 Conclusións

A TVG marca a referencia informativa galega: os seus programas informativos contan coa audiencia media máis elevada en Galicia de toda a oferta televisiva. Cómpre salientar que ningún outro soporte de comunicación logra acadar audiencias superiores no ámbito galego.

No caso da Radio Galega, dáse un proceso de consolidación de audiencias e no referido ao dixital, a información tamén segue sendo un dos eixes principais na comunicación a través de redes e da nova canle temática G24.gal.

O entretemento que propón a TVG segue a ser referencia nos medios públicos de Galicia, se ben estase a producir un desprazamento da audiencia que consume entretemento no *prime time* cara ao último tramo das tardes. A TVG consolida o grupo de cabeza que lidera o entretemento televisivo en aberto, xunto a Telecinco e Antena3. Neste ano a TVG segue sendo unha das referencias tanto en ámbito Galicia como autonómico.

De media, máis de 636.000 galegos consumen diariamente TVG, o que supón que o 24,4 % dos galegos ven TVG cada día (26,7 % se falamos das canles de TV da CRTVG).

A estes datos cómpre sumarlle que máis de 161.000 galegos e galegas escollen cada día a radio pública como medio de comunicación radiofónico de referencia e que os sitios web da CRTVG lograron no ano 2022 un total de 11.031.267 visitas e 3.958.363 usuarios únicos.

3. OS SERVIZOS INFORMATIVOS DA CRTVG

3.1 Televisión de Galicia

3.1.1. Grella informativa

A programación informativa de Televisión de Galicia confeccionouse no exercicio 2022 en base ás seguintes premisas:

- O programa '**Bos días**' consolidouse como referencia informativa das mañás cun horario similar ao da anterior temporada: de 8:00 a 10:30. No relato informativo integráronse as entrevistas de actualidade, fundamentalmente políticas e económicas, así como as conexións en directo cos puntos de maior interese informativo. Os contidos de proximidade, que seguen sendo estruturais nas escaletas, teñen neste programa un espazo diferenciado en forma de conexións coas delegacións da CRTVG.
- O magazine '**A revista**' mudou o seu horario para achegarse aínda máis á actualidade social de Galicia e completar, con esta concreción temática, o bloque informativo matinal. Emítese a continuación do programa 'Bos días', entre as 10:30 e as 12:00 da mañá. Conta tamén con puntos de directo, entrevistas e colaboracións que favorecerán a pretensión informativa, formativa e de entretemento que se busca nun espazo destas características.
- Outra das novidades da temporada televisiva 22-23 foi o lanzamento dun **programa específico sobre información meteorolóxica**, 'Atmosféricos', centrado en asuntos que van moito máis alá da previsión do tempo: fenómenos meteorolóxicos, clima, natureza, etc. Ten un destacado carácter didáctico e emítese ás 13:30, con 20 minutos de duración.
- Tanto o '**Galicia noticias**' como as dúas edicións do '**Telexornal**' mantiveron as duracións actuais, consolidando así dúas franxas informativas de amplo seguimento por parte da audiencia que sitúan a TVG no liderado do servizo público. Así, o 'Galicia noticias' comeza ás 13:50; o 'Telexornal 1', ás 14:25, e o Telexornal 2, ás 20:30. Nas dúas edicións do 'Telexornal' mantense un espazo reservado para a información meteorolóxica.
- Na fin de semana consolídase a aposta pola actualidade comarcal en directo, con senllas edicións do '**Bos días**' e do '**Galicia noticias**' sábados e domingos na antesala do '**Telexornal**'. Tamén se reiterou o compromiso coa información especializada, reforzando o bloque informativo central do día cos programas '**Labranza**' e '**Vivir o mar**'.

- Cómpre destacar tamén a aposta polos espazos de análise informativa, con varios formatos multiplataforma destinados á interpretación plural da actualidade. Cada día en Televisión de Galicia poden seguirse dous grandes espazos de debate: '**Galicia por diante**' e '**A crónica**', realizados ambos no estudio multimedia e emitidos simultaneamente por radio, televisión e *streaming*. A eles debemos sumar outros espazos de análise informativa como son '**Conexión Galicia**' (que seguirá contando cos referentes do xornalismo galego en Madrid) ou '**Café sen gotas**' (un faladoiro realizado desde o Parlamento de Galicia).
- A estratexia informativa da CRTVG sobre os contidos culturais mantense coa oferta diaria do programa '**ZigZag**' de luns a domingo.
- Cabe mencionar o servizo público informativo que ofrece a canle dixital G24.gal, cos contidos elaborados pola totalidade dos xornalistas dos Servizos Informativos da TVG.

3.1.2 Os retos do novo estudio

A aposta da CRTVG para a nova escenografía dos seus espazos informativos no estudio 300 (estudio 2) por unha pantalla de gran formato supón unha revolución en diferentes niveis: relato audiovisual, novas linguaxes informativas, cambios nos equipos de traballo, maior integración dos departamentos de Deseño Gráfico e Realización, etc.

Na posta en marcha deste novo estudio están a traballar de xeito coordinado profesionais de varios departamentos, con reunións semanais, visitas ás instalacións de Unitecnic e outras canles que teñen sistemas semellantes (TVE e Antena 3) e contactos frecuentes con profesionais externos coñecedores das ferramentas e escenografías polas que CRTVG aposta para esta nova etapa.

Os esforzos previos concentráronse na elaboración de propostas creativas que permitan conseguir unha coherencia escénica global e optimizar o rendemento visual. Aínda que cada formato ou programa ten a súa propia identidade e goza de certa liberdade creativa, cómpre fixar uns criterios comúns da percepción escénica. As novas posibilidades que ofrece este novo estudio teñen que transformarse nun valor engadido que reforce a conexión coa audiencia, aproveitando nunha primeira fase o factor sorpresa e incorporando progresivamente novidades que manteñan a expectativa visual.

Trátase dunha pantalla de máis de 34 metros de longo e case tres metros de altura. O seu gran tamaño convértea nunha ferramenta cun enorme potencial creativo, pero a CRTVG conta cunha limitación operativa: case todos os espazos informativos teñen como mesmo escenario ese estudio 300. Iso obrigou a elaborar un plan que, tendo en conta esta nova contorna, lles poida dar aos diferentes formatos unha personalidade propia. Deste xeito, definiuse un espazo escénico, outorgándolle prioridade aos informativos centrais ('Telexornal mediodía', 'Telexornal serán' e 'Telexornais fin de semana'); o aproveitamento dos recursos e as necesidades operativas marcaron a toma de decisións estratéxicas e limitaron o grao de complexidade á hora de crear espazos escénicos ou, por exemplo, definir os tipos de planos que marcan a narrativa dos diferentes formatos. A concentración de recursos nas franxas prioritarias non implica unha mingua na atención das necesidades doutros formatos ('Bos días', 'Galicia noticias', 'ZigZag' ou 'En xogo'), cunha operativa menos esixente. O mesmo acontece cos programas especiais (espazos electorais, por exemplo), que contan cun espazo escénico definido atendendo aos intereses e planificación marcados polo equipo directivo de CRTVG.

Os deseños artísticos, consensuados co equipo de Deseño Gráfico e Realización, veñen pautados polas características de cada formato; os diferentes departamentos implicados neste proceso amosaron un alto grao de implicación operativa e coordinación cos profesionais externos consultados para a posta en marcha do novo espazo escénico.

Nos últimos meses de 2022 foron resolvéndose dúbidas e problemas asociados ao tamaño e resolución das pantallas que compoñen o novo estudio, así como os desaxustes detectados entre a memoria técnica, os planos do arquitecto técnico e a documentación entregada ao construtor.

O grupo motor (conformado por membros de Redacción, Producción, Realización, Deseño Gráfico e Iluminación) traballou nos últimos meses do ano na elaboración dunha guía de estilo visual, que inclúe un *storyboard* con indicacións a nivel compositivo e operativos: posicións do/s presentador/es, tipos de planos, posición das cámaras, etc.

Atendendo ás diferentes propostas de posta en escena para cada formato, este documento ponse á disposición e coñecemento dos distintos departamentos implicados para que poidan realizar as súas achegas, antes de trasladárllelos a todos os profesionais. Ten que ser un documento de obrigado cumprimento porque é o que marca as pautas de traballo que se debe seguir para sacarlle o maior rendemento posible ao Watchout, de acordo co discurso visual pactado na elaboración da escaleta (sometida a algúns cambios de nomenclatura).

Ademais de traballar na creación de escenografía e posta en escena, o grupo motor estableceu os fluxos de traballo operativos, propuxo as necesidades de apoio para a composición operativa e definiu o calendario de formación dos diferentes departamentos. As novas ferramentas requiren unha organización moi precisa, ordenada e ben estrutura para que permita unha xestión eficaz e áxil dos recursos gráficos que se van empregar. O grupo motor, atendendo ás recomendacións dos consultores externos e os formadores desprazados a San Marcos, elaborou un protocolo de organización en que se recollen pautas para os diferentes procesos: traballo coa pantalla, manexo do software Watchout, definición de áreas de pantalla para a organización dos espazos de traballo segundo os programas, confección de escaletas, repartimento de tarefas, traballo de composición, xeración de fondos, propostas gráficas, ensaio de posta en escena no estudio, etc.

No que respecta ao traballo diario na redacción, incorpóranse fisicamente a unha mesa próxima á de Edición e Realización os profesionais encargados de alimentar e xestionar a nova pantalla (editor de pantalla, operadores de Watchout, axudantes de realización e deseñadores gráficos) para mellorar a coordinación e axilizar os procesos de traballo.

3.2 Radio Galega

3.1.1 Grella informativa

Radio Galega consolidou en 2022 unha profunda transformación iniciada no ano 2018, coa pretensión de incrementar a información de proximidade, os contidos especializados e o entretemento de máxima calidade. Segue liderando as mañás radiofónicas o programa 'Galicia por diante', e o relato informativo, de luns a venres, está dirixido por senllas edicións de 'A crónica', ás 14:00 e ás 20:00 horas. O entretemento e a información volveron confluír en dous dos grandes espazos máis apoiados pola audiencia no último curso: 'A tarde' e 'Pensando en ti', que segue superando o seu propio liderado de forma imparable nas madrugadas galegas. Tamén na fin de semana a vocación de servizo público volveu definir unha programación capitalizada polos espazos de información.

A información deportiva foi protagonista de luns a domingo tras o apoio da audiencia aos consolidados 'Galicia en goles', 'Zona mixta' e 'Ao contraataque'. Da mesma forma, o 'Diario cultural' seguiu ofrecendo en tres edicións diarias un profundo repaso polas diferentes expresións artísticas galegas.

- O programa informativo 'Galicia por diante', de luns a venres, mantivo o formato de oito horas.
- A primeira edición do informativo 'A crónica', de luns a venres, recuperou os seus 45 minutos habituais.
- A segunda edición do informativo 'A crónica', de luns a venres, mantivo o formato de tres horas.
- Os informativos da fin de semana mantiveron os seus horarios (de 8:00 a 9:00 e de 14:00 a 15:00, sábados e domingos), tras cubrir durante meses unha programación especial de oito horas diarias de forma ininterrompida (de 8:00 a 16:00, sábados e domingos).

3.1.2 Os avances no estudio multimedia da RG

A Radio Galega estreou o seu novo Estudio Multimedia o martes 29 de marzo de 2022, coincidido co aniversario do inicio de emisións da radio pública galega. Os primeiros programas que se emitiron a través do formato da radio visual foron os seguintes:

- 'A bóla extra', de 12:00 a 13:00
- 'A crónica' (faladoiro), de 22:00 a 23:00
- 'Pensando en ti', de 00:00 a 6:00

Semanas despois, incorporáronse outros formatos ao novo modelo de radio visual:

- 'Galicia por diante' (informativo), de 8:00 a 9:30.
- 'Galicia por diante' (magazine), de 9:30 a 14:00.
- Programas especializados: 'Diario Zeta', 'Lambóns de viaxe', etc.

3.3 G24.gal e novos formatos

Ao longo de 2022, implementáronse melloras significativas no funcionamento da páxina web G24.gal, a marca dixital de Informativos na rede. A principal delas foi a creación dunha figura de coordinación específica para a web.

O responsable da web G24.gal conta agora cun espazo propio na Mesa Central da redacción de informativos. O coordinador da web, que traballa man a man coa Dirección de Informativos, asiste como mínimo a tres xuntanzas diarias en que participan os responsables do resto de formatos. Este novo protocolo de traballo permítelle transmitir máis axilmente as decisións editoriais aos redactores de Tempo Real e aumentar con iso a produtividade do servizo, dado que tamén asume a elaboración da portada principal de G24.gal.

Nos últimos meses, logrouse aumentar a participación dos xornalistas da TVG e da Radio Galega na elaboración da web. Todos os redactores envían correctamente a súa noticia a G24.gal e o servizo estase reforzando ademais coa integración de xornalistas con ampla traxectoria na empresa. A web garante a continuidade informativa as 24 horas (de madrugada, a través dos xornalistas en quenda da Radio Galega) e ofrece unha ampla cobertura de acontecementos en directo, tanto de información xeral como deportiva. En 2022 destacaron as coberturas sobre a evolución da covid-19, os incendios ou a toma de posesión de Alfonso Rueda como presidente da Xunta de Galicia, as eleccións en Andalucía e Castela e León, a guerra entre Rusia e Ucraína ou a morte da raíña Isabel II de Inglaterra, entre outros exemplos.

Novos formatos informativos nas redes

Co obxectivo de seguir conectando os informativos coa xente nova e os novos públicos, en 2022 continuaron facéndose vídeos específicos para as redes sociais. A conta de Instagram @g24noticias conta na actualidade con case 30.000 seguidores e a de @menosdunminuto en TikTok, case 10.000. Algún dos vídeos realizados para estas contas fixéronse virais. Por exemplo, un vídeo sobre Leo Messi chegou a rexistrar 907.000 reproducións en Instagram e 200.000 en TikTok.

En setembro de 2022 tamén se abriron as contas en Instagram e en TikTok de #Sinxelo, un novo formato informativo pensado para persoas con discapacidade intelectual. Son noticias contadas en linguaxe sinxela que se elaboran empregando voces sintéticas mediante intelixencia artificial.

Con respecto á información xeral, continuou a expansión da conta de Twitter de @g24noticias, que supera na actualidade os 21.600 seguidores, e a de Facebook, que ten arredor de 53.000 seguidores.

Outros formatos innovadores

- En setembro lánzase en TikTok e Instagram a conta @dixomedixome, con vídeos sobre noticias do ámbito social e dos famosos.
- No verán de 2022, faise un formato semanal para Twitch chamado 'Aquí non se salva ninguén', en colaboración cun dos influentes galegos de máis sona.
- A finais de ano, preséntase o formato 'Chámalle sexo', que naceu como complemento ao espazo de TVG 'Non lle chames amor', e nel resólvense dúbidas sobre sexo sobre unha temática concreta. Emitiuse por YouTube e tamén por TVG.

- En Nadal estreouse en Twitch o programa 'Felices festas', que logo se reemitía tamén en diferido en TVG. É o xermolo do programa 'Apaga o candil', que se emite na actualidade en Twitch e na TVG, despois de 'Luar'. O espazo conta coa colaboración de influentes galegos de sona.

3.4 'DígochoEu'

'DígochoEu' seguiu a medrar en seguidores e en contidos neste 2022. Colaboracións, máis proxectos no eido escolar, novas canles e novos personaxes para este espazo de divulgación da lingua galega que naceu no 2020 baixo o paraugas dos servizos informativos, pero se converteu nun fenómeno transversal a toda a CRTVG.

- Xaneiro: 'DígochoEu' fai un seguimento especial da candidatura de Tanxugueiras no **Festival de Benidorm**, dado que existía a posibilidade de que unha canción en galego puidese soar en Eurovisión por primeira vez na historia. Fanse unha serie de programas especiais en Twitch e o equipo desprázase ata Benidorm para facer a retransmisión da final do festival, con notable eco nas redes sociais. Cando termina o festival en TVE, emítese simultaneamente por primeira vez en Twitch, TVG e a Radio Galega o espazo 'Tanxufesta', coas primeiras reaccións de Tanxugueiras. O espazo foi un éxito de audiencia en TVG, pois unha vez rematado o festival, a Tanxufesta foi o único programa que canalizou o descontento do público polo desenlace do certame.
- Marzo: Dado o éxito da Tanxufesta, e dentro do espazo 'Apuntamento lusófono', retransmitiuse por Twitch o **Festival da Canção de Portugal**, en colaboración coa RTP. En Twitch emitíuse mostrando unha pantalla co sinal en directo da televisión portuguesa. E na G2 ofreceuse o festival íntegro con comentarios en galego. O Twitch emitíuse tamén na G2 en momentos puntuais, como nas pausas publicitarias.

Este mesmo mes, e como se detalla máis adiante nesta memoria, 'DígochoEu' logrou dous **premios Mestre Mateo** na gala da Academia do Audiovisual Galego. Alzouse cos galardóns a Mellor Programa e a Mellor Comunicadora, para a súa presentadora.

- Abril: O equipo do espazo participa no **Carballo Interplay**, o festival de formatos dixitais máis importante de Galicia.

- Maio: Retransmisión para Twitch dun programa de reacción en directo do Festival de Eurovisión (**as dúas semifinais e a final**), **con comentaristas especializados**. A véspera da final, tamén se fai por Twitch e por TVG o **Festival Liet Internacional de linguas minorizadas**, no que a segunda posición foi para a cantante galega. En maio tamén, o equipo do programa recolle o Premio da Cultura Galega, outorgado pola Xunta de Galicia
- Xuño: Celébrase a **gala dos I Premios #DigochoEu**. A Cidade da Cultura en Santiago de Compostela acolleu este evento, retransmitido por TVG e na canle de YouTube. Nela, proxectáronse os vídeos realizados polo 'DigochoEu' en distintos centros escolares de Galicia e entregáronse os premios aos mellores. O acto contou co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

En xuño tamén, a presentadora de 'DigochoEu' participa na emisión do programa '**Aquí Portugal**', coprodución da RTP e TVG.

Igualmente neste mes, o equipo do programa desprázase ata a cidade de Quimper, na Bretaña francesa, para participar no **Festival Celtic Media**, ao que acode en calidade de finalista en dúas categorías. Aproveitase o desprazamento para emitir un capítulo do programa en Twitch, para entrevistar unha participante bretoa de Eurovisión que fala galego e para elaborar unha reportaxe sobre o bretón que se emitiu tamén por TVG.

- Xullo: emisión dun capítulo Twitch coa reacción en directo ao espazo '**Miss Vaca 2022**', **dentro de 'Luar'**, con grande eco nas redes sociais.
- Setembro. Retómase a emisión semanal do espazo en Twitch e na G2 do '**Apuntamento lusófono**'. O copresentador luso deste espazo no que DigochoEu amosa as diferenzas entre portugués e galego despediuse a finais de ano da audiencia. Incorpórase, xa de cara a 2023, unha xornalista portuguesa á conversa coa presentadora galega. O 'Apuntamento lusófono' empezou a emitirse semanalmente en Twitch en maio de 2021.

En setembro tamén, lánzase a **convocatoria do II Concurso de Vídeos #DigochoEu** e o equipo do programa lánzase á estrada a partir de decembro para visitar 14 centros escolares de toda Galicia (sete de educación primaria e sete de educación secundaria). En cada centro, grávase un capítulo do 'DigochoEu' e faise unha charla co alumnado para promover o uso da lingua galega entre a rapazada.

Paralelamente, lánzase o **concurso ‘Unha canción para Esther’**, en que se pide a colaboración dos artistas galegos para crear cancións en galego. Elíxense cinco finalistas e grávanse cinco videoclips entre finais de 2022 e inicios de 2023.

- Outubro: Comezan as gravacións de **‘DígochoWhat’**, un formato para YouTube, Instagram e TikTok en que unha rapaza estadounidense aprende galego da man da presentadora do programa. Os capítulos empezan a emitirse en xaneiro de 2023, tamén a través da G2.

Este mesmo mes, o equipo do programa participa nunha charla sobre novos formatos atendendo ao convite da Universidade da Coruña.

- Novembro. O equipo empeza a traballar na **creación de Digochiño**, a mascota infantil do programa, que será un boneco dun raposo azul e branco, e diseña a construción dun **estudio propio para o programa**. As emisións de Digochiño comezaron en xaneiro de 2023 pola G2, polo YouTube e polas redes sociais do ‘DígochoEu’, pero a finais de decembro o raposíño xa apareceu en pantalla, con grande acollida por parte da audiencia dixital.

Para rematar o ano, o equipo do programa contacta cunha influente galega que conta cunha conta de humor e un personaxe viral: a Repunante. O contacto materializárase a principios de 2023 coa creación da conta [@virtudesTVG](#) en Instagram e TikTok, con material que logo se emprega para crear un espazo na G2. O personaxe de Virtudes aparecerá tamén esporadicamente nos capítulos de Digochiño. A finais de ano créase tamén **#CiberEsther**, un formato sobre ciberseguridade que se desenvolve en colaboración con Amtega.

‘DígochoEu’ levou a cabo en 2022 algunhas accións comerciais que supuxeron ingresos publicitarios para a CRTVG.

Algunhas cifras de ‘DígochoEu’

- Seguidores en TikTok: 320.000 (abril de 2023)
- Seguidores en Instagram: 121.000 (abril de 2023)
- Reproducións de vídeos nas redes sociais: 120 millóns (desde xaneiro de 2020 a marzo de 2023)

3.5 #Cultura365, un proxecto transversal

#Cultura365, a aposta pola información especializada en cultura da Corporación, tradúcese en programación cultural os 365 días do ano nos distintos soportes e canles da CRTVG. A estratexia de posicionamento no núcleo da cultura galega, liña na que se leva anos traballando, engloba a programación especializada en TVG, Radio Galega e canles dixitais, así como novas iniciativas e proxectos ao longo do ano, co obxectivo de cumprir coa obriga de difundir a diversidade e pluralismo cultural de Galicia.

Na TVG, esta estratexia plásmase transversalmente en todos os seus contidos e nomeadamente na programación especializada tanto no eido dos informativos como no do entretemento, do que se da conta en detalle no capítulo 4 desta memoria. Así, pódense citar programas consolidados como 'ZigZag diario' e 'ZigZag fin de semana', os sete días da semana e que os sábados e domingos pasan da G2 á primeira canle. O programa 'Clac', aborda especificamente o cine galego cunha periodicidade semanal. 'Clac' emítase na G2 e componse da emisión dunha película galega, complementada cun coloquio previo duns 30 minutos con membros do equipo da cinta seleccionada.

A estratexia #Cultura365 segue na Radio Galega, con 100 minutos ao día dedicados integramente a manifestacións culturais en galego dentro dos espazos de máxima audiencia da canle e en redes a través da plataforma específica de cultura: diariocultural.gal, ademais da creación no ano 2021 da propia conta de Instagram do programa 'ZigZag' e do 'Diario cultural'. Para desenvolver todo este proxecto, a CRTVG conta cunha Coordinación Cultural que abrangue toda a Corporación.

No 2022 afianzouse tamén un proxecto co que se pretendía captar a atención e satisfacer os intereses culturais dos públicos máis novos con espazos creados e feitos, especificamente, por menores de 35 anos como o 'Diario cultural Zeta' e tamén coa atención das redes cunha linguaxe próxima a eles. Cultura de novos creadores e novos públicos que tamén deben ter un sitio nas canles públicas fortalecendo e divulgando a carreira dos artistas emerxentes.

Na cultura o ano 2022 aínda sentiu, sobre todo no primeiro semestre do ano, as consecuencias da pandemia da covid-19. Os espectáculos de masas, a capacidade e a normalidade foise recuperando paulatinamente ao longo do ano. A CRTVG tentou neste tempo tender a man ao mundo da cultura para divulgar a nova normalidade. Un dos esperados momentos foi o regreso dos festivais de música multitudinarios como O Son do Camiño ou o Resurrection Fest.

Cando a situación sanitaria o permitiu recuperouse tamén a presenza de programas e reporteiros en exteriores, como foi a celebración do 'Diario cultural' nos citados festivais de música, co desprazamento dos seus equipos de profesionais.

O 2022 foi tamén o Ano das Letras de Florencio Delgado Gurriarán, o Ano das Artes de Laxeiro ou o centenario de María Casares, entre outras efemérides que contaron con especial atención nas múltiples programacións que se artellaron sobre eles.

'Diario cultural' da Radio Galega

'Diario cultural' e a súa canle dixital -diariocultural.gal- son o eixe da estratexia #Cultura365 na Radio Galega e supoñen cen minutos diarios de programación especializada en cultura de luns a venres, consolidando a emisión en directo a fin de semana con outros cen minutos. O actual proxecto de 'Diario cultural' foi creado na temporada 2018-2019 para ampliar a programación cultural a través desta marca, que continuou en 2022 despois de acadar os mellores datos de audiencia desde o seu nacemento. Despois dun inxente traballo realizado durante a pandemia para manter a información cultural a pesar de todas as restricións, 'Diario cultural' consolidouse nun dos poucos altofalantes diarios e de masas da cultura en Galicia. No 2022 recuperouse totalmente a normalidade e os eventos masivos no mundo da cultura. Así o programa puido recuperar as reportaxes en exteriores, o desprazamento a eventos e a celebración de programas en directo fóra do estudio.

'Diario cultural', de luns a venres

- L-V 10:30 – 11:00 h
- L-V 17:30 – 18:00 h
- L-X 20:45 – 21:00 h

'Diario cultural', fin de semana

- S 14:30 – 15:00 h
- D 14:30 – 15:00 h

O formato de 'Diario cultural' na Radio Galega complementábase no eido dixital coa apertura dunha canle propia. Cun deseño concibido en orixe para dispositivos móbiles, diariocultural.gal ofrece os *podcasts* de todas as edicións do 'Diario cultural', que tamén poden descargarse en iTunes e Ivoox. Tamén, contén espazos especializados en música galega a través da categoría 'Voces expertas', con ventás semanais de rock, pop, indie, música tradicional e folk, e música clásica.

O programa conta con dúas edicións tamén na fin de semana, dirixidos aos máis novos, 'Diario cultural Zeta'.

Cunha duración de media hora, emítense os sábados e domingos, con presenza de convidados, colaboradores, prescritores e *influencers* en distintas especialidades. É un programa elaborado e pensado por e para menores de 35 anos que conta con colaboradores expertos que forman parte da cultura galega e con destacados currículos pese á súa xuventude nas súas especialidades: artes plásticas, literatura, música, audiovisual e artes escénicas. O ‘Diario cultural Zeta’ conta co seu espazo propio na web diariocultural.gal, con todos os destacados de cada programa e as colaboracións de todos os expertos.

Ademais, desde 2022, ‘Diario cultural’ ten conta de Instagram, [@diarioculturalrg](https://www.instagram.com/diarioculturalrg), en que se colgan os temas máis destacados do programa así como contidos creados polos seus colaboradores, un total de 16 especialistas en distintas materias, como poesía, arte, banda deseñada, narrativa, audiovisual, música, cine, arqueoloxía, historia, teatro, ciencia ou literatura infantil e xuvenil.

Ao longo do ano, ‘Diario cultural’ recuperou as saídas do estudio para vivir *in situ* eventos e feiras culturais como o Festival de Cine Internacional de Ourense (OUFF), O Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), o Festival Son do Camiño ou o Resurrección Fest. O programa conta tamén cun repoteiro para realizar conexións ou desprazarse a locais de ensaio, eventos, festivais, obradoiros de artistas, etc, o que o conecta con eventos como o Festival de Cans no Porriño, o concerto despedida de Siniestro Total en Madrid, o festival Maré, etc.

En maio, ‘Diario cultural’ céntrase na celebración das Letras Galegas. Ademais de toda a programación prevista na CRTVG, no ‘Diario cultural’ celebrou toda a semana previa entrevistas diarias, mañá e tarde, a persoeiros relevantes que divulgaron diferentes aspectos da vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán, moitas delas gravadas en exteriores en diferentes zonas de Galicia.

O 17 maio, ‘Diario cultural’ emitiu un especial dunha hora de duración e outro resumo de 15 minutos. Ademais, o equipo implicouse e integrouse ese día no ‘Galicia por diante’, que se realizou, coma cada ano, integramente desde a localidade de orixe do homenaxeado, retransmitindo os actos institucionais do día.

‘Diario cultural’ conta cun nutrido grupo de colaboradores expertos en diferentes sectores da arte e as letras. Todos son persoeiros ben coñecidos que, semana tras semana, analizan para os oíntes a actualidade e os temas de interese cultural. As súas seccións poden consultarse na páxina web do programa unha vez emitidas. Este equipo de colaboradores sufriu un cambio na temporada de outono do 2022 que se mantén na actualidade, para intentar dar espazo a novas voces e opinións.

Así, na primeira metade do ano o equipo estaba conformado por expertos en música, poesía, narrativa, artes escénicas, audiovisual, literatura, artes plásticas, música tradicional, patrimonio, banda deseñada, música e audiovisual. E despois do verán, realizouse a remuda de boa parte deles, entrando a formar parte do equipo novas voces expertas destas especialidades, así como de videoxogos, cultura científica ou patrimonio. No verán contouse tamén con colaboradores especializados en toponimia.

'ZigZag' diario e de fin de semana

O 'ZigZag' é uns dos programas culturais decanos da TVG e que non atopa réplica noutra canle autonómica en canto a duración nin periodicidade. A longo de 2022 o 'ZigZag' seguiu sendo o espazo de presentación e divulgación sobre a actualidade cultural. Literatura, música, teatro, cine, banda deseñada, danza, pintura..., todas as artes tiveron cabida neste formato que dá voz tanto a artistas consagrados como aos emerxentes. Na recuperación da pandemia, a necesidade de información cultural era aínda máis necesaria nesas circunstancias de regreso á normalidade e ás grandes ocupacións.

Polo estudio do 'ZigZag' pasaron ao longo de 2022 máis de 250 artistas de todas as disciplinas. Emitíronse máis de 700 reportaxes sobre a cultura galega xunto a toda a actualidade do mundo da cultura nun ano de celebracións destacadas como foron o Ano das Artes de Laxeiro, o centenario de María Casares, o 50 aniversario de Fuxan os ventos, ou a celebración dos 20 anos da Academia Galega do Audiovisual, etc.

A estratexia cultural da CRTVG ten un punto tamén neurálxico cada ano arredor do personaxe homenaxeado no Día das Letras Galegas, que abrangue TVG, Radio Galega e todas as redes. No 2022 a proposta incluíu a emisión de documentais, programas monográficos, o Concerto das Letras, pílulas con fragmentos da obra do escritor e cinema destacado con selo galego. 2022 foi o ano de Florencio Delgado Gurriarán, con ese motivo fíxose un 'Zigzag' monográfico de 30 minutos recollendo entrevistas de diversos persoeiros e familiares e abundante documentación do arquivo da CRTVG para divulgar a biografía e obra do homenaxeado. O '**Especial Zigzag das Letras**' emitiuse pola primeira canle da TVG tras o informativo do mediodía en horario de máxima audiencia.

En novembro realizouse un '**Zigzag especial infancia**' dentro da Semana coa Infancia da CRTVG e Unicef en que o equipo do programa traballou con nenos e nenas: houbo un presentador e unha presentadora infantil por un día e o equipo técnico contou con nenos e nenas como axudantes de realización, rexedor, mesturador de imaxes e operadores de cámara.

O programa puxo énfase no interese da cultura e a importancia que relevancia do acceso á cultura para os menores. É moi destacable o labor e a implicación extraordinaria do equipo do 'ZigZag' que se entregou para ensinar, acompañar e supervisar os menores, facendo posible que a súa participación no programa fose real.

Ao longo do ano, 'ZigZag' estivo presente en todos os festivais galegos, no de Cans, S(8), Play-Doc, o Festival de Cine Internacional de Ourense (OUFF) ou Carballo Interplay, entre outros e seguiu a actualidade das producións galegas noutros festivais españois, estreas, galas de entrega de premios do sector e nas numerosas rodaxes realizadas en Galicia.

'ZigZag' conta tamén con nomes destacados entre os seus colaboradores semanais, todos eles expertos en distintas artes que se van mudando para ofrecer diversidade de voces e opinións. Ao longo do ano polo estudio de 'ZigZag' pasaron especialistas en artes escénicas, artes plásticas, literatura, videoxogos ou historia.

3.6 Deportes na CRTVG

3.6.1 Deportes en Televisión de Galicia

A CRTVG destina gran parte da programación da fin de semana da G2 e do portal web a dar difusión ao maior número posible de disciplinas deportivas con presenza galega. Cun marcado perfil deportivo, a canle pública realiza unha cobertura de equipos e medios sen comparación en ningún outro ente autonómico, nunha aposta da CRTVG polo deporte masculino, feminino e de canteira en Galicia; pola proximidade coa audiencia, polo fomento do deporte base e, sobre todo, por dar visibilidade a prácticas minoritarias que promovan en Galicia unha verdadeira cultura do deporte.

No 2022 a prioridade foi a posta en marcha desta nova estratexia ao tempo que se deu cobertura de todos os eventos posibles con protagonismo galego dos que se puido acceder aos seus dereitos, a través de retransmisións en directo, emisións en diferido, reportaxes ou imaxes do día a día tanto nas canles televisivas TVG e G2 como na web crtvg.gal e a Radio Galega.

Foi o 2022 un ano no que a CRTVG estivo moi presente en eventos internacionais, como o Campionato do Mundo de Motocrós MXGP, con dous representantes da nosa comunidade. Tamén nas primeiras ligas de fútbol de Francia e Portugal, así como do All Ireland, o campionato de fútbol gaélico en Irlanda.

Ao longo do ano, TVG desenvolveu un grande esforzo que fixo posible a retransmisión de 386 eventos deportivos, das cales 199 foron con medios de produción propios. Pódese afirmar que a G2 se converte nunha canle temática de deporte nas fins de semana, sempre coa finalidade de dar difusión ao maior número posible de disciplinas deportivas con presenza galega. A canle pública realiza unha despregadura de equipos e medios sen comparación en ningún outro ente autonómico, nunha aposta histórica da CRTVG co deporte pola proximidade coa audiencia, polo fomento do deporte base e por dar visibilidade a prácticas minoritarias e a igualdade, que promovan unha verdadeira cultura do deporte.

Este é o esquema da programación deportiva:

De luns a venres, TVG:

- 'Bos días': titulares de deportes e un bloque de información deportiva a partir das 9:45 h de entre sete e oito minutos, ampliada a entre oito e dez nos días seguintes á competición de Liga.
- 'Telexornal mediodía': dous titulares ás 14:25 h e un bloque de entre dez e doce minutos ás 15:15 h.
- 'Telexornal serán': un bloque de entre sete e dez minutos ás 21:35 h, na franxa de máxima audiencia dentro do 'Telexornal'.

Fin de semana, TVG:

- 'Bos días': bloque de información deportiva de entre cinco e sete minutos no último treito do informativo matinal dos sábados e dos domingos.
- 'Telexornal mediodía': tres titulares ás 14:25 h e un pase de información deportiva ás 14:55 h, de entre 10 ou 12 minutos, que se prolonga ata os 15 ou 20 minutos os domingos.
- 'Telexornal serán': tres titulares e un bloque longo de 21:30 h a 21:45 h, aproximadamente.

Fin de semana, G2:

Sábados: franxa dedicada a retransmisións deportivas dunhas cinco horas e media de duración, entre as 16:30 e as 22:00 h, logo da redifusión do 'Telexornal mediodía' e de 'O tempo' e ata a redifusión do 'Telexornal serán'. A segunda canle ofrece en directo partidos de fútbol da primeira división francesa e portuguesa, de Primeira RFEF, de Segunda RFEF e Terceira División, encontros da Liga LEB de baloncesto, de Asobal, das ligas nacionais de fútbol sala, hóckey, balonmán e outras disciplinas tanto masculinas como femininas. Ofrécense tamén reportaxes de temática deportiva en espazos como 'Deporte extra' ou programas específicos dedicados ao motor, o ciclismo, etc.

Ademais, na franxa nocturna, logo do programa 'A xornada en xogo' cos resumos do día de Primeira e Segunda división, entre as 00:30 e as 07:00 h repíntense partidos do día ou emítense en diferido outros encontros gravados. Tamén se inclúen na programación partidos históricos emitidos nos 37 anos de vida da TVG. En total, durante a xornada do sábado ofrécese doce horas de programación deportiva, das cales seis poden ser en directo.

Domingos: durante a temporada, a franxa de 11:00 a 15:30 h dedícase ás retransmisións de encontros e outras citas de diferentes disciplinas deportivas, como acontece na xornada do sábado. Tras a redifusión do 'Telexornal mediodía' e de 'O tempo', a partir das 16:30 h temos novos directos, coa retransmisión de fútbol galego de Primeira e Segunda RFEF e Terceira, de produción propia ou allea. Ao rematar as retransmisións e conexións en directo e ata as 22:00 h, emítense resumos da xornada, programas como 'Montañas de aventura' ou 'Deporte extra'.

Durante a temporada de Liga, entre as 22:30 h e as 00:20 h, ofrécese o programa 'En xogo' de resumo da xornada, con especial atención aos partidos de Primeira e Segunda División, e mais os equipos galegos de Primeira RFEF, Segunda División B e Terceira. En total, durante a xornada do domingo, ofrécese 17 horas de programación deportiva, das cales ata 9 horas e media poden ser en directo. De xeito extraordinario, de luns a venres, a G2 pode emitir tamén competicións en directo de calquera deporte.

Durante 2022 a TVG realizou un total de 386 retransmisións de todo tipo de deportes. Máis da metade, 199, foron de produción propia e tamén se fixeron conexións con outras disciplinas coa modalidade 4G. Hai que destacar, como citamos previamente, a retransmisión íntegra do Campionato do Mundo de Motocrós MXGP nun total de 19 probas.

No eido internacional, cómpre salientar e as primeiras ligas de fútbol de Francia e Portugal. A fase previa da Copa de Europa das Rexións, coa presenza dos representantes de Galicia a presenza da TVG na Vendeé Globe, a Volta ao Mundo en Vela en solitario, ademais do seguimento de toda a regata en distintos programas resumo.

Fútbol na TVG

Primeira División e Segunda División

A TVG non ten os dereitos para a emisión dos partidos destas categorías. En todo caso, fíxose cos dereitos dos resumos tanto de Primeira coma de Segunda División e dos resumos da Copa do Rei, para utilizar nos distintos espazos informativos como 'En xogo'.

Neste espazo, emítense reportaxes de xogadores históricos galegos lembrando cos propios protagonistas os eventos destacados nestes 37 anos de historia da TVG. Saliéntase tamén a emisión no 2022 do partido da Copa do Rei entre o C. D. Guijuelo-R.C.Deportivo e Pontevedra C. F.-C. D. Tenerife.

Primeira RFEF - Grupo Primeiro

A Televisión de Galicia chegou a un acordo coa Federación Española de Fútbol para emitir encontros desta recién creada categoría, na que compiten o R. C. Deportivo, Pontevedra C. F., R. C. Celta B e Rácing Club de Ferrol. En total neste 2022 emitíronse un total de 48 partidos desta categoría.

Segunda RFEF - Grupo Primeiro

A Televisión de Galicia emite partidos dos 6 equipos galegos na temporada 21/22 na categoría: S. D. Compostela, Coruxo F. C., Arenteiro, Ourense C. F., Polvorín Lugo e Bergantiños. Ao longo do ano ofrecéronse en directo 79 encontros, dos que 77 foron emitidos con medios propios de produción.

Terceira División - Grupo Primeiro (integralmente galego)

Ao longo de 2022 realizáronse 22 retransmisións e numerosas conexións cos campos en que a infraestrutura técnica o permite. Durante este ano fíxose en moitas xornadas un Carrusel de Terceira, en que a través da web da CRTVG e de conexións co espazo 'A liga das cidades' se informaba do que acontecía en tres, catro ou cinco campos de Terceira simultaneamente. O espazo 'A liga das cidades' inclúe unha retransmisión, con unidade móbil, que adoita ser de Primeira RFEF , e varias conexións en directo cos campos en que se xogan partidos de Segunda División B e de Terceira División. Ademais, os encontros producidos pola CRTVG emítense tamén a través da web, que conta con catro canles.

A TVG está empregando a tecnoloxía 4G para facer conexións e retransmisións de diferentes modalidades deportivas. Ata final de 2022, a CRTVG operou con esta tecnoloxía en máis de 100 campos nos que competían equipos ou representantes galegos. Sempre que sexa posible, a TVG continuará realizando os espazos informativos que se emiten os domingos pola noite coa maioría das imaxes desta categoría, con reportaxes, resultados e clasificacións, coma no caso de 'En xogo', de case dúas horas de duración, que se emite os domingos en directo (22:30 h a 00:20 h), e no que se analiza a xornada futbolística e doutros deportes.

Outras coberturas deportivas na TVG

Baloncesto

Durante 2022, a Televisión de Galicia emitiu os resumos dos partidos en que competiu o Monbus Obradoiro e o Río Breogán, ao non ter os dereitos de retransmisión dos partidos de dita competición.

En canto á Liga LEB Ouro, en 2022 a canle autonómica emitiu 49 encontros disputados por algúns dos equipos galegos da categoría: Club Ourense Baloncesto e Leyma Basquet Coruña. Así mesmo, a TVG emitiu a Copa Galicia de baloncesto.

Fútbol sala e balonmán

No ano 2022 a Televisión de Galicia retransmitiu 31 partidos de fútbol sala e balonmán, masculinos e feminino. A CRTVG tamén retransmitiu a Supercopa de Galicia de Balonmán e a competición europea do Mecalia At. Guardés.

Traíñeiras

A CRTVG presta especial atención ás retransmisións das competicións de traíñeiras. Neste 2022 atendeu as probas da Liga ACT, a Euskotren feminina, o Campionato de España ou a Bandeira da Concha. Así, ao longo da temporada, ofreceu 46 probas, 6 de produción propia. Así mesmo, hai que destacar que volvemos retransmitir o Campionato Galego de Traíñeiras na temporada estival.

Outros deportes

En 2022, Televisión de Galicia ofreceu probas de diferentes especialidades deportivas con presenza de deportistas ou clubs galegos, compartindo custos con outras canles autonómicas. Nesta liña, retransmitíronse probas do Campionato de España de crós, voleibol, masculino e feminino, pádel e hípica. Tamén foi emitida a Volta Ciclista a Galicia O gran camiño, con catro etapas que discorreron todas elas por estradas galegas. Mención especial merece a retransmisión dos últimos treitos do rally Terra da Auga e do rally de Ourense, en directo e con medios propios da CRTVG, e un seguimento ao Campionato de España de Rallys, ademais dun programa en directo, mensual, dedicado especificamente ao mundo do motor.

Houbo espazo tamén neste 2022 para o hóckey, tanto a patíns como herba. Galicia acolleu a Golden Cup de Europa de hóckey a patíns e o Campionato de Europa de hóckey *indoor*, cun total de 17 retransmisións deste deporte.

Deporte feminino

A CRTVG traballa para visibilizar a igualdade en todos os eidos, e nomeadamente no deporte, con especial atención ás disciplinas femininas. Os medios públicos galegos destacaron como a canle autonómica que máis deporte feminino emitiu no período 1992 a 2019, segundo un estudo da consultora Barlovento para eses anos, tendencia que se mantén na actualidade.

TVG e Radio Galega abordan na súa programación o traballo das referentes femininas no deporte, así como a participación de equipos femininos nas distintas competicións. Ampliamos neste apartado os datos xa debullados anteriormente neste capítulo.

Durante o ano 2022 houbo 45 retransmisiones de deporte feminino en TVG: fútbol, fútbol sala, balonmán, squash, atletismo, fútbol gaélico, cross, pádel e traíñeiras, tanto da Liga Euskotren como da Liga Galega de Traíñeiras. Tamén no espazo 'Deporte extra' elaboráronse amplas reportaxes coas mulleres como protagonistas nas súas disciplinas.

Desde os servizos informativos apreciouse o aumento de noticias vencelladas ao deporte feminino, nos espazos diarios de maior audiencia: 'Telexornal mediodía' e ' Telexornal serán'. Algunhas das informacións que foron situadas como apertura nos titulares dos informativos foron, entre outras, as relativas a: Jessica Bouzas, tenista gañadora con España na United Cup; o equipo Burela FS, que gañou a Supercopa de Fútbol Sala Feminino e a Copa da Raíña; Alexia Putellas, futbolista que se alzou co premio The Best; a participación do Team Farto na Volta a España de ciclismo; a participación de catro xogadoras galegas na selección española de fútbol sala que resultou campioa de Europa, e a futbolista Tere Abelleira, que marcou para España na vitoria ante A China.

A todo isto, hai que sumar o programa 'Paralímpicos' que se emite nas fins de semana na G2, en colaboración co Comité Olímpico Español, con reportaxes sobre distintas disciplinas que practican deportistas con discapacidade.

O deporte nos informativos e outros espazos

Entre os obxectivos prioritarios marcados para 2022 salientaba o mantemento da capacidade negociadora de adquisición de dereitos, así como dos recursos humanos e técnicos que permitiran a continuidade da cobertura dos espazos deportivos nos distintos telexornais, para promover o deporte practicado por galegos ou en Galicia.

Este ano 2022 retransmitíronse varios campionatos de chave e billarda, 6 en total, así como varias carreiras populares e torneos de fútbol gaélico. O 26 de marzo tivo lugar a primeira retransmisión da Supercopa de Chave e Billarda en directo, desde A Coruña.

Con esta retransmisión, a primeira que realiza a Galega destes xogos tradicionais, a canle pública iniciou a cobertura dunha serie de competicións anuais de modalidades deportivas tradicionais tras asinar un convenio coa Federación Galega de Deportes Autóctonos. A TVG deu, deste xeito, un novo chanzo no seu apoio aos deportes minoritarios, coa intención de dar visibilidade e contribuír á recuperación destas prácticas galegas históricas.

A Galega tamén atendeu a actualidade das competicións náuticas celebradas en augas galegas, con conexións en directo e reportaxes amplas. Ademais destes espazos, a grella da G2 inclúe espazos de actualidade deportiva dirixida aos amantes dos deportes de aventura como o programa 'Montañas de aventura', que en inverno se chama 'A neve', ou de piragüismo, producido pola Federación Galega de Piragüismo. Tamén, realizáronse varios programas monográficos coa presenza de deportistas no estudio, como foi o caso do resumo anual do motor, e outro programa sobre o rally Dakar.

Os espazos 'Deporte extra', con reportaxes que van dos tres aos dez minutos de media, dan eco a todo tipo de deportes: esgrima, ximnasia rítmica, vela ou atletismo son algunhas das modalidades deportivas que se abordaron nestas emisións.

3.6.2 Deportes en Radio Galega

A programación deportiva da Radio Galega no 2022 contou co gran contedor de retransmisións da fin de semana, 'Galicia en goles', xunto as emisións diarias de 'Zona mixta' e 'Ao contraataque'. A información do deporte galego tamén estivo presente no informativo 'Galicia por diante' e nas edicións de 'A crónica', das 14 e das 20 horas.

'Zona mixta' permaneceu en antena os primeiros oito meses do ano, emitíndose de luns a venres entre as 15:00 e as 16:00 horas. Ademais de contar a actualidade dos equipos punteiros de Galicia, adicou amplo espazo a outros asuntos de interese no noso deporte. Así, no Día Internacional contra o Cancro entrevistou a un futbolista do Sigüeiro que volveu xogar despois de ser diagnosticado con esta doenza. Tamén foi protagonista unha xogadora do Universitario de Ferrol, pola súa participación no programa da Federación Española de Baloncesto para evitar que as rapazas deixen de practicar este deporte ao chegaren a idade adulta.

Outra convidada foi a presidenta do Club Voleibol Emevé de Lugo, despois de que o club acollese catro xogadoras exiliadas de Ucraína pola guerra. E visitou 'Zona mixta' a primeira muller de España en xogar nun equipo de fútbol mixto con homes en categoría sénior.

'Ao contraataque' mantivo nos primeiros oito meses do 2022 a hora de emisión nas noites do luns a xoves de 23:00 a 00:00 horas, pasando a ter dúas a partir de setembro de 23:00 a 01:00 h, coincidindo coa nova programación de outono-inverno.

Contou coa presenza de destacados protagonistas do noso deporte, como adestradores e futbolistas de diversos equipos. Cada día, 'Ao contraataque' conta con seccións fixas adicadas ao baloncesto, aos deportistas olímpicos e ao fútbol afeccionado.

'Galicia en goles' segue a ser o gran contedor das retransmisións deportivas na Radio Galega, con tres emisións habituais: venres de 20:30 a 00:00 horas, sábados de 15:00 a 00:00 horas e domingos de 12:00 a 14:00 e de 15:00 a 1:00 horas, ademais das edicións especiais entre semana das competicións de Liga e Copa. O programa deu cobertura aos principais equipos de fútbol da comunidade xunto ao seguimento ao resto de categorías dependentes da Federación.

Os partidos do Monbus Obradoiro e do Río Breogán, na liga ACB de baloncesto, foron outros protagonistas imprescindibles na axenda deportiva da Radio Galega. Ademais, o programa viaxou co Río Breogán ata Belgrado no mes de setembro para contar en directo a primeira eliminatoria da previa da Champions League, nun partido que significou o regreso do equipo de Lugo ás competicións europeas 36 anos despois.

A Radio Galega presta tamén atención ao deporte integrado. En agosto 'Galicia en goles' ofreceu ampla información do partido da Liga Genuine entre R. C. Celta e R. C. Deportivo, desde Vigo, con cinco conexións en directo e un resumo posterior do partido no portal web. E o coordinador de deportes da emisora e director do programa participou na carreira contra a esclerose múltiple en Betanzos (A Coruña), da que fixo unha peza audiovisual de apoio. 'Galicia en goles' chega a través de múltiples plataformas á audiencia. Ademais da FM e radiogalega.gal, o programa pode verse por *streaming*, na canle de YouTube e na canle de director Mira RG. Ademais, as retransmisións dos partidos do Celta, Lugo, Obradoiro e Breogán son seguidas nas canles de audio das televisións posuidoras dos dereitos.

No 2022, o programa saíu á rúa durante a final de ascenso á Segunda División entre o R. C. Deportivo e o Albacete Balompié S. A. D., disputada en Riazor, coa emisión de oito horas en directo desde os exteriores do estadio. Cómpre salientar tamén a visita a Santa Comba co gallo da final da Copa da Costa, a competición máis valorada do fútbol modesto en Galicia, con cinco horas de directo desde o campo da Fontenla.

Tamén se emitiu desde o palacio de Riazor na Coruña unha edición especial de cinco horas adicada ao Deportivo Liceo polo seu 50 aniversario coa organización do torneo Golden Cup. Meses despois, o equipo de Deportes da TVG acompañouno na final da Liga en Reus, onde o equipo herculino conquistou o título de campión.

Non foi o único éxito do noso deporte retransmitido pola Radio Galega. Tamén se narrou a conquista do Pescados Rubén Burela da Copa da Raíña de fútbol sala tras vencer na final ao Futsi Navalcarnero.

Os sábados pola noite, cando remata a xornada, o 'Galicia en goles' abre unha ventá ao proxecto 'Galicia en xogo', co seguimento aos deportistas que aspiran a competir nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024. Foron protagonistas con entrevistas en profundidade o dobre campión do mundo de piragüismo; a campioa do mundo sub-23 desta disciplina; a galega medallista no Campionato do Mundo e o subcampión de Europa de taekwondo. Dentro do 'Galicia en xogo' hai tamén un espazo adicado ao mundo do motor, que seguiu todas as probas puntuables para o Campionatos de España e de Galicia de Rallys. Unha das entrevistas máis seguidas foi ao subcampión de Europa, allaricense. Outro dos convidados foi o piloto vigués que compite no Mundial de motocrós.

Emisións exclusivas nas webs radiogalega.gal e g24.gal/deportes

O 2022 foi o ano da consolidación de emisións íntegras a través das plataformas dixitais radiogalega.gal e g24.gal/deportes de eventos deportivos. Deste xeito, os oíntes puideron escoller entre ter dentro do 'Galicia en goles' conexións puntuais cos partidos do Monbus Obradoiro e do Río Breogán ou escoitar integramente os seus partidos a través das webs da CRTVG. Estas canles dixitais ofreceron tamén os finais íntegros das catro etapas que deron forma a primeira edición da volta ciclista O Gran Camiño.

Deporte base

Un ano máis, a emisora apoiou a difusión de competicións de deporte base. Así, os micrófonos do 'Galicia en goles' estiveron presentes en partidos da división de honra xuvenil R. C. Celta-R. C. Deportivo e R. Celta-C. D. Lugo; no campionato de España sub-16, coa participación da selección galega de fútbol; na Arousa F7 Cup, desenvolvida en Vilagarcía; na Vigo Cup, organizada na cidade olívica durante o verán; e no torneo de baloncesto organizado pola Federación Galega na Estrada.

Xogos Electrónicos eSports

A Radio Galega achégase cada semana ao mundo dos xogos electrónicos cun espazo semanal os sábados pola tarde, na primeira hora de 'Galicia en goles'. Antes de que rode o balón nos campos de fútbol e nas canchas de baloncesto, os usuarios dos xogos electrónicos poden poñerse ao día e coñecer os representantes dos principais clubs nos estadios virtuais.

4. OS CONTIDOS E EMISIÓNS DA CRTVG

A Área de Contidos da CRTVG ten a función transversal de captar, adquirir, producir, xestionar e difundir contidos distintos dos informativos a través de todas as canles de emisión que compoñen os medios públicos galegos e outras que se poden considerar complementarias. O ano 2022 trouxo a fin ofensiva da pandemia de Covid-19 e con ela un novo escenario nas capacidades produtivas deste departamento e tamén no estado de ánimo do público. Desde a Área de Contidos tentouse acompañar ese estado de ánimo cunha oferta que o compaxinara. As grandes liñas de actuación foron as seguintes:

A vocación de servizo público para ofrecer á cidadanía contidos de alto interese cultural, identitario e de valores propios da CRTVG combinando a calidade coa capacidade para chegar á audiencia. A defensa inquebrantable dos contidos galegos e en galego maniféstase en toda a programación, con aspectos de especial sensibilidade como a permanente aposta pola ficción seriada no difícil escenario dun contorno de hábitos da audiencia moi enfocado ao consumo baixo demanda das plataformas multinacionais. Un verdadeiro investimento cultural é agora a ficción seriada e tamén cinematográfica para seguir promocionando o talento galego, mentres cada vez son máis as produtoras galegas que son quen de camiñar polos seus propios medios no mercado nacional e mesmo internacional. A sensibilidade cultural da CRTVG ten moitas máis expresións, como a produción de documentais ou as chamadas 'Noites temáticas' con contidos de especial calidade na grella da G2.

É imprescindible facer compatible este concepto de servizo público co de traballar en réxime de **competencia con grandes canles e plataformas** como única vía para que os medios públicos galegos teñan a máxima visibilidade e por tanto cumpran a súa misión. O contexto é de alta competitividade coa xeneralización de oferta de contidos de alto orzamento, sexan plataformas para consumo baixo demanda ou sexan programas con vocación de popularidade noutras canles de televisión, incluíndo a moda xa consolidada das telenovelas turcas.

A proximidade é un factor fundamental diante desta presión competitiva cun enfoque horizontal da oferta televisiva, radiofónica e dixital. A CRTVG propónse ofrecer aquilo que a audiencia non pode atopar en ningún outro medio. Dáse así a circunstancia de que **o 95% dos contidos emitidos por TVG en 2022 foron producidos en Galicia**. Isto é debido á combinación dun nivel de produción propia interna na contorna do 50% e unha alta participación do sector audiovisual galego a través da produción propia externa.

E non só na TVG, pois a G2 tamén leva anos incrementando estes indicadores ata chegar o ano pasado a un 76% de contido galego en toda a súa oferta, cando en 2018 se atopaba no nivel do 50%.

Pola súa parte a Radio Galega, Son Galicia Radio e a canle de música infantil Radio Picariña chegan ao 100% das horas de emisión producidas en Galicia, mentres que en Radio Galega Música, que emite co obxectivo de combinar produción galega coas músicas de sona estatal e mundial, a oferta de contidos galegos é do 30% aproximadamente.

Unha maneira singular de exercer a proximidade e de diferenciarse da competencia, especialmente as plataformas, é a consolidada política de ofrecer contidos en directo para trasladar ao público o valor do que acontece aquí e agora. Nos últimos anos a oferta de **contidos en directo** foise incrementando ao longo do día, chegando a ocupar na primeira canle **practicamente todo o horario diúrno de luns a venres e mesmo o *prime time* nalgúns días da semana**, así como as madrugadas da G2.

Tamén é un factor distintivo o **carácter participativo** de boa parte dos contidos audiovisuais e radiofónicos. Tanto coa interacción co público presente ou a distancia nos programas en directo como a través das redes sociais. Hoxe en día, xunto ao recurso clásico das chamadas telefónicas, existen facilidades de participación mediante mensaxería en directo, videochamadas e máis recentemente as votacións en directo da audiencia desde o móbil coa ferramenta dos códigos QR en pantalla, que se ten empregado no programa 'Land Rober Tunai Show'. Ademais os creadores musicais son convidados a participar en convocatorias como os concursos da canción do verán e do Nadal e os proxectos de contidos dixitais nun proceso aberto a mediados de ano. Mesmo un programa da Radio Galega, 'Pensando en ti', recuperou no verán de 2022 o seu multitudinario Encontro Anual de Oíntes, que fora suspendido durante a pandemia.

O concepto 360º ou transmedia na programación xa é unha realidade consolidada, con sinerxías entre televisión e radio autonómicas e entre ambos medios dixitais, sendo múltiples as experiencias de éxito. Neste eido o máis salientable foi a **posta en marcha o 29 de marzo, coincidindo co 37 aniversario da Radio Galega, do novo estudio multimedia** da emisora, con cámaras robotizadas e un sistema de realización automática. Esta nova infraestrutura permitiu o desenvolvemento de moitas posibilidades en programación regular e tamén en eventos especiais como o seguimento de noites electorais e de noticias de última hora para a Área de Informativos.

É salientable tamén e novidoso, dentro deste mesmo concepto transmedia, o traslado habitual de sesións en directo a través da aplicación Twitch para a emisión en televisión, co obxectivo de achegarse a xeracións mozas. Un verdadeiro fito nesta liña de traballo transmedia foi na noite do 29 ao 30 de xaneiro, cando **a cobertura da final do concurso da canción Benidorm Fest na CRTVG foi o primeiro programa de España en emitirse de forma simultánea en TDT, radio, Twitch e YouTube.**

Precisamente o avance cara a unha oferta dixital plena converteuse nun grande obxectivo estratéxico da Área de Contidos. A licitación pública dunha plataforma básica de contidos ou servizo “Over-The-Top” (OTT), como cerne da estratexia para favorecer un consumo sinxelo e amigable da produción e arquivo audiovisual da CRTVG, apunta a súa posta en marcha en 2023. Mentres tanto trabállase na organización dos contidos e avánzase en accións concretas como a posta en marcha de tres novas canles infantís en directo.

E non é menos salientable que durante este exercicio a CRTVG lanzou unha **novidosa convocatoria pública para adquirir contidos nativos dixitais**. No ámbito radiofónico o servizo Radio Galega Podcast mantén un fluxo variado de programas nativos dixitais de calidade para consumo baixo demanda, chegando mesmo a ofrecer produtos de ficción.

A **programación infantil** é un elemento sensible do servizo público audiovisual e a CRTVG levou a cabo novos avances no eido dixital. As **tres novas canles de contidos dixitais en directo** lanzadas en decembro de 2022 clasifican os contidos en función de tres grupos de idade. Son Cativ@s ata 6 anos, Mociñ@s de 6 a 9 anos e Rapaciñ@s a partir de 9 anos de idade.

E para consumo baixo demanda quedaron a disposición da infancia e a rapazada máis de 2.000 episodios e pezas diferentes de contido audiovisual en galego. Isto únese ás tres canles xa existentes: a sección Xabarín da web corporativa da CRTVG, a aplicación móbil (app) Xabarín TV e a canle Xabarín TV da app da CRTVG. A iso súmanse as 1.100 cancións infantís en galego dispoñibles na canle de audio Radio Picariña.

E xa nos primeiros días de 2023 produciuse o moi salientable lanzamento en televisión e dixital da figura de Digochiño, o monicreque con forma de raposo que na compañía da presentadora Esther Estévez está chamado a trasladar ao eido infantil o éxito contundente do espazo de divulgación do galego ‘DígochoEu’. Nesta mesma liña a CRTVG adquiriu por segundo ano contido audiovisual de entretemento dixital puro, como foi a serie de programas 'Merendas cos Bolechas' emitido en directo e de xeito interactivo por YouTube para o público máis novo no Nadal.

A CRTVG mantén un lugar relevante para a innovación mediante novas experiencias cos contidos, con casos como o referido transvase das sesións xuvenís en Twitch á emisión convencional de televisión, aspecto no que os medios públicos galegos foron pioneiros co fito antes mencionado da noite do Benidorm Fest. A mesma liña de vangarda coa consolidación de **espazos híbridos de emisión simultánea entre televisión e radio, con catro programas diarios de luns a venres** ('A bóla extra' na TVG e faladoiro de 'Galicia por diante', 'A crónica' e 'Pensando en ti' na G2). Tamén a principios de 2023 está previsto que o programa 'Land Rober Tunai Show' sexa o primeiro de España en lanzar o seu propio club no **metaverso**.

Para exercer a súa función, por outro lado, a CRTVG debe desenvolver unha política evidente de contención de custos na súa programación, isto sen perder de vista o importante que é ter produto para poder competir. As series e os programas da TVG custan moito menos que a oferta dos competidores, pero aínda así para poder manter a grella a TVG diseña un conxunto de programas baseados na posta en valor do seu material de arquivo con custos externos escasos ou nulos, aproveitando determinados días sinalados no calendario ou oportunidades que ofrece a programación da competencia, para conseguir chegar a amplos niveis de audiencia.

No contexto mediático tan complexo que vivimos faise cada vez máis necesaria a alianza e **colaboración con outros medios** para chegar máis lonxe das capacidades propias da CRTVG. No ámbito estatal, principalmente cos entes agrupados na Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicas (FORTA) e mesmo outros entes autonómicas non adscritos a esta federación, así como tamén con RTVE. E dentro das autonómicas existe unha especial implicación de vecindade coa TPA do Principado de Asturias, que cada ano está a dar lugar a alguna coprodución televisiva con emisión simultánea en ambos os dous territorios.

No ámbito ibérico destaca a RTP portuguesa, que se converteu no principal socio exterior da CRTVG da mesma maneira que a CRTVG se converteu no principal socio exterior da RTP despois de dez anos da sinatura do convenio de colaboración e dunha chea de coproducións levadas a cabo nos ámbitos de ficción e programas, fundamentalmente sendo 'Motel Valkirias' o último exemplo desta simbiose.

No espazo europeo, outro grupo no que a CRTVG mantén unha fonda implicación é CIRCUM Regional, a rede de 250 medios públicos e centros de produción rexionais de 29 países de Europa.

É especialmente significativo que desde 2015 a Dirección de Contidos da **CRTVG** **exerce a Secretaría Xeral e por tanto a dirección executiva de CIRCUM**. Os premios CIRCUM son ademais unha fonte de contidos para a grella das 'Noites temáticas' da G2.

O outro grande polo de excelente relación da Corporación en Europa é o Celtic Media, colectivo ao que pertencen a BBC británica en Escocia, Gales e Irlanda do Norte, as irlandesas RTE e TG4 e France 3 Bretagne. Cunha e outra organización, partindo de afinidades territoriais e culturais, desenvolvéronse diversos proxectos acadados e existe un amplo potencial para as alianzas transnacionais. E fóra do continente a relación con América Latina tanto nos proxectos audiovisuais como na distribución do sinal de Galicia TV Europa nese continente son outro ámbito de especial interese.

Dentro desta política de alianzas gañou peso en 2022 a relación coas plataformas globais de vídeos baixo demanda (Netflix, Amazon, HBO...), toda vez que a interlocución é máis doada agora que teñen presenza física estable en España. Os acordos con estas entidades teñen interese cando as condicións de colaboración favorezan os intereses da CRTVG. Precisamente o ano pasado a Corporación deu un paso novidoso ao se converter na primeira TV que mercou unha serie orixinal de Netflix para emitir nas súas canles, como foi o caso de 'A desorde que deixas', dada a súa temática e produción amplamente vinculadas a Galicia.

Todos estes esforzos tiveron o recoñecemento da audiencia a través da cota de pantalla, pero tamén foron moi notables os recoñecementos profesionais. De feito, **2022 foi o mellor ano da historia da CRTVG en certames internacionais de medios audiovisuais, xa que gañou tres primeiros premios**. Entre eles cómpre sinalar que **por primeira vez en toda a súa historia un programa da Televisión de Galicia obtivo o máximo recoñecemento internacional**, o que concedeu o Celtic Media Festival a 'Malicia noticias' como mellor programa de humor, superando rivais como dous candidatos da BBC. O Torque do Festival foi entregado á representación galega na vila bretoa de Quimper, onde o Celtic concedeu igualmente nesta edición o Torque á **mellor longametraxe á galega 'Ons'**.

E **por segunda vez en tres anos a CRTVG obtivo o premio europeo ao mellor talento novo en pantalla**, acadado por Noelia Rey, presentadora do mesmo 'Malicia noticias' e doutros formatos da Televisión de Galicia. Isto aconteceu no Prix CIRCUM e o trofeo foi entregado na cidade irlandesa de Galway en presenza de delegacións de toda Europa.

Desde o primeiro galardón en 2012 para a serie 'Matalobos', a CRTVG acumula con estes tres novos premios **un total de once galardóns internacionais acadados nos seus 37 anos de vida.**

No ámbito español destacou o **Premio Goya** conseguido pola longame-traxe de animación '**Valentina**', participada pola CRTVG, xunto a múltiples recoñecementos a producións ou profesionais vinculados á CRTVG nos Premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual.

4.1 Programación televisiva

O ano 2022 pasara á historia como “o ano das cero restricións”, da verdadeira volta á normalidade. E a TVG propúxose, desde o primeiro momento, dar conta desta realidade a través da súa programación. Foron moitas apostas, retos e proxectos que se planificaron e que se fixeron realidade na procura de dar un mellor servizo aos nosos espectadores no seu día a día.

Fíxose especial esforzo nos seguintes aspectos:

. Elaborar unha programación de tarde verdadeiramente competitiva, e que cumprira o seu obxectivo de divulgar, informar, entreter e facer compañía aos espectadores que pasan a tarde na casa. Por iso reconverteuse a tarde en dous espazos únicos, que se complementan entre si. Co paso das semanas, a audiencia respondeu, e as tardes da TVG coáronse entre as opcións preferidas dos espectadores.

. Celebrar o aniversario dun dos programas máis emblemáticos, 'Luar'. No 2022 fixo 30 anos, ocupando un posto importante nas preferencias dos galegos e cumprindo o seu obxectivo de servizo público de alzar a voz e dar visibilidade á música galega máis xenuína.

. Organizar un concerto aberto a toda Galicia para celebrar o Día das Letras Galegas, co fenómeno musical do ano, as Tanxugueiras, o grupo de moda que fixo cantar en galego a toda España. Xunto a elas, Esther Estévez, que está conseguindo que os mozos galegos canten, falen e se entreteñan en galego.

. Co obxectivo de aproveitar eficientemente os medios, persoal e estrutura da Televisión de Galicia, apostouse tamén por unha liña de formatos de produción propia baseados na divulgación e coa meta de entreter e emocionar. Os 'Eventos G' fixéronse fortes e iniciouse o formato dos 'Sucesores' de grandes figuras da música galega, cun bo e competitivo resultado en audiencias. Tamén a tele-

visión saíu á rua coa organización da 'Treixa-romaría' na Illa de Arousa, e a 'Fogofesta' na Praza do Obradoiro, e a produción do programa histórico e sobre o patrimonio galego 'Os Castelos'.

. Continuou o reto de buscar formatos orixinais como 'A Sariña busca pretendentes', un concurso onde o premio era unha casa, ou 'Non lle chames amor', o primeiro programa para falar claro sobre as preocupacións e experiencias sexuais dos galegos, e o 'Tupper club', un concurso de cociña con convidados famosos.

. Puxéronse en marcha novas estratexias para apostar pola ficción en galego, coa emisión dunha serie diaria baseada nas últimas tendencias no mercado, e a adquisición de series de plataformas moi vencelladas a Galicia, e dobradas ao galego, como 'Operación Marea Negra' e 'A desorde que deixas'. O que se deu en chamar as series-evento, baseadas en temas de inmediata actualidade como o narcotráfico ou o acoso escolar.

. Avanzouse nas probas de levar á pantalla convencional formatos importados de novas canles como Twitch. Na noite do 29 de xaneiro, cando se decidía en Benidorm se as Tanxugueiras ían representar a España en Eurovisión, emitiuse un especial Twitch na primeira canle coas reaccións, que tivo unha excepcional acollida de audiencia.

4.1.1 Contidos culturais e de servizo público

A promoción da cultura e a identidade galega é un dos elementos principais do labor de servizo público que desenvolve a CRTVG a través dos seus contidos. Tamén hai outros con alta compoñente de servizo público como todo o que ten que ver co patrimonio histórico artístico, a protección das minorías e da infancia ou a igualdade de xénero. Esta é unha relación de programas producidos ou emitidos en 2022 que se inscriben dentro destas características.

. CLAC

O programa de cinema da canle pública, co audiovisual galego como protagonista absoluto. Cunha periodicidade semanal, 'Clac' emítese na G2 ás 23:00 horas e na TVG no *late night* dos sábados. Realizado no estudio 5 de San Marcos, en cada edición desenvólvese un coloquio con membros do equipo da película seleccionada, duns 30 minutos, e despois da conversa emítese a película. Despois de dous anos en emisión, por 'Clac' pasaron os creadores e intérpretes de filmes como 'Dhogs', 'Cela 211', 'María Solinha', ou 'Migas de

pan'. Na súa curta de vida, o programa xa tivo dúas nominacións a Mellor Programa nos Premios Mestre Mateo.

. PROGRAMAS ESPECIAIS CO GALLO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

No 2022, a TVG quixo demostrar como a nosa lingua, o galego, está na rúa e no día a día dos que habitan en Galicia. Por iso, para o 17 de maio, preparou un grande evento, a Tanxuverbena... Artistas galegos que cantan en galego acompañaron as Tanxugueiras, o fenómeno do ano, nunha verbena de verdade, nunha carballeira, coa presentación de Esther Estévez. Entre os convidados: Andrés Suárez, Rozalén, Boyanka Kostova, Grande Amore, Xoana, Familia Caamagno e La Quinillada.

Co gallo das Letras Galegas, a TVG emitiu a película galega máis taquilleira do ano: 'Cuñados', unha historia moi galega e gravada integramente en Galicia e con elenco exclusivamente galego. Un film que transpasou os nosos lindes e chegou aos cines de toda España. A CRTVG desenvolveu ademais unha cobertura global sobre a figura e a obra de Florencio Delgado Gurriarán, o autor homenaxeado no 2022, e ofreceu contidos especiais en todas as canles, así como a emisión na mañá do 17 de maio do pleno da Real Academia Galega desde Córghomo, en Vilamartín de Valdeorras (Ourense), na web g24.gal.

A Televisión de Galicia inaugurou o 1 de maio o mes das Letras coa emisión diaria das micropezas 'Polos vieiros de Florencio', contido cedido pola RAG en que diferentes persoeiros da cultura reflexionan sobre a traxectoria e a obra de Delgado Gurriarán. E durante os seguintes días, a Galega ofreceu programas especiais, documentais e cinema galego como principais propostas de programación. O domingo 15 o programa 'Vivir aquí' preparou o especial 'O galego está de moda', en que se abordou esta festa das Letras Galegas atendendo á actualidade da nosa lingua e ao viva que está na sociedade, mesmo máis alá das nosas fronteiras.

O propio 17 de maio, ademais da cobertura informativa do Día das Letras, ofreceuse ao mediodía 'Hashtag Gurriarán', un documental que reivindica esta figura discreta da cultura galega a través da investigación, a escritura e o xornalismo e que amosa como un grupo de rapazas e rapaces galegos poñen en valor a Gurriarán na contorna dixital. Na sobremesa emitíuse, pola primeira canle, un Especial Letras de 'Zigzag' que afondou na vida e obra de Delgado Gurriarán.

Na G2 tamén houbo unha ampla proposta de contidos relacionados con Florencio Delgado Gurriarán. O luns 16 emitíuse o documental 'A Casa da Palabra', que fai un percorrido histórico polos avatares da RAG. O martes 17 ofre-

ceuse o 'Concerto das Letras', organizado polo Consello da Cultura Galega, que se celebra no Barco de Valdeorras e que se formula como un punto de encontro entre a música e a poesía, entre México e Galicia e entre Florencio e un dos poetas da súa xeración que máis o inspiraron: o hillozoísta Amado Carballo.

Ao día seguinte, en 'A noite de Florencio', os espectadores puideron ver os cinco capítulos da web serie documental 'Florencio Delgado Gurriarán. O soño da Galicia infinda', realizada pola RAG, que pretende achegarlle ao público a traxectoria literaria e de activismo cultural no exilio do autor. A proposta para o 19 de maio foi 'Aquel sol do verán', unha longametraxe documental sobre o lado máis humano do escritor, político, ensaísta, director cultural e xornalista Carlos Casares. Para rematar a semana das Letras Galegas, o venres, no programa 'Clac', proxectouse 'O lapis do carpinteiro', unha película de Antón Reixa realizada sobre a obra homónima de Manuel Rivas.

. O ASOMBROSO CASO DAS TANXUGUEIRAS

Televisión de Galicia dedicou o especial 'O asombroso caso das Tanxugueiras' a coñecer, polo miúdo, que hai tras o fenómeno musical do ano: Tanxugueiras. Descubriu como xa desde nenas este trío tivo unha forte relación coa música. A través de entrevistas e actuacións musicais, coñécense curiosidades da súa biografía e da súa carreira artística.

. FESTIGALIANDO

Programa que deu cobertura aos festivais musicais e grandes concertos que se produciron en Galicia na primavera e no verán do 2022. Emitido nas dúas canles, en TVG e G2, estivo con Muse en Vigo, Imagin Dragons en Santiago, Sting ou C. Tangana, ademais dos eventos musicais máis representativos: o Son Rías Baixas, Ortigueira, o Resurrection Fest, o Morriña fest ou o Festival Música Urbana. O programa incluía, ademais da súa emisión por televisión, uns vídeos adaptados ás redes sociais e gravados nos concertos, e postos en circulación nas horas seguintes á celebración dos eventos. Algúns deles chegaron mesmo a viralizarse.

. OS CASTELOS

A Televisión de Galicia estreou en 2022 'Os Castelos', unha serie documental que percorre, a través do patrimonio histórico dos castelos galegos, cinco séculos cruciais da historia de Galicia: os que van do ano 1000 ao 1500. Con imaxes coidadas e datos reveladores, o programa conta como se configurou a sociedade feudal arredor destas construcións, como se fixeron os señores co poder e como finalmente o acabarían perdendo.

. A PORTA ABERTA:

Cada programa está dedicado a unha asociación ou entidade e trata de abarcar todos os sectores da sociedade en todo o territorio galego. Fala con asociados, traballadores e persoas que se benefician do traballo destas entidades e amosa os diferentes proxectos que levan a cabo. Trátase de que o espectador coñeza as súas actividades, a súa filosofía e o seu patrimonio humano.

. GALICIA 20 A 20

‘Galicia de 20 a 20’ foi un programa que seguiu os pasos de Ruth Matilda Anderson, a fotógrafa americana que nos anos 20 do século pasado percorreu toda Galicia e capturou preto de 7.000 imaxes fundamentais para entender quen somos. Cen anos despois o programa viaxou pola Galicia dos anos 20 para mirarse no espello da cámara de Ruth Matilda. Un itinerario de dez etapas, ampliado con tres programas máis sobre o contexto social, cultural e económico do momento, por toda a xeografía galega na que se foron actualizando as imaxes da fotógrafa americana. Descendentes de persoas retratadas por Ruth; artesáns que continúan con oficios tradicionais, pero tamén xente moza que lles dá unha nova vida a estes traballos centenarios; historias de fotógrafas e fotógrafos de aquí... E algunha que outra pequena exposición con fotos de Ruth nalgunhas das nosas vilas. En definitiva, unha viaxe na que conectar o noso pasado co noso presente.

. AS NOSAS RÚAS

Programa de 15 minutos no que un reporteiro conta a historia das rúas máis significativas das capitais de provincia de Galicia e unha voz en off explica, a través da técnica de animación, a historia dos personaxes que dan nome a esas rúas. Ademais, pregunta aos cidadáns se coñecen os personaxes históricos dos que fala o programa.

. TAL COMO SOMOS

Segunda temporada do documental que pretende levar aos galegos unha realidade brillante, en branco e negro, na que todos achegaron o seu graniño de area. O obxectivo é amosar como cambiou Galicia nas últimas décadas, e tal como somos en todas as esferas da vida, cun peso moi importante das imaxes de arquivo, de alto valor histórico. Cada entrega xira arredor dunha temática: o mar, as comunicacións, o Camiño de Santiago, as festas, o fútbol, os mercados, a agricultura e a gandería, entre outros.

. AQUELANDO CON CHISPA

Segunda temporada dun programa divulgativo-educativo dende o entretemento para a mocidade. O espazo xoga a demostrar hipóteses (priman as científicas, pero haberá de todas as disciplinas educativas recollidas no sistema educativo). A resolución de hipóteses pode resultar moi entretida, e resulta unha forma moi atractiva de aprender. Os nenos e nenas xa non queren ser espectadores e observadores do sistema educativo e do mundo, queren experimentar e aprender a partir das súas preguntas e inquiredanzas. O programa conta co apoio da FECYT, a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía do Ministerio de Industria e Tecnoloxía.

. ESPECIAL TANXUGUEIRAS EN TWITCH E 'APUNTAMENTO LUSÓFONO'

Grazas a este espazo e as súas posibilidades, a primeira canle da TVG puido dar en directo a final musical na que o grupo galego Tanxugueiras case consegue ir a Eurovisión. O 29 de xaneiro de 2022, a TVG emitiu o especial en directo dende Twitch a "Tanxufesta", unha experiencia televisiva pioneira que emitiu simultaneamente por Twitch, a canle de Youtube, televisión en TDT e Radio Galega. Seguindo esa experiencia, tamén se emitiu en directo, co mesmo modelo, o Festival da Canção de Portugal, a través do Twitch da TVG e de crtvg.gal.

'ApuntamentoLusófono' é unha conversa semanal en directo na plataforma dixital Twitch e en diferido pola canle da TVG na que os participantes galegos tratan de aprender portugués e os participantes portugueses tratan de aprender galego. Con esta colaboración, a TVG estreita lazos con Portugal e achega de xeito lúdico as semellanzas e diferenzas das dúas linguas ao público máis novo.

. ZIGZAG

'ZigZag' recolle a cultura de Galicia nun espazo que se emite de luns a venres pola G2 e sábados e domingos pola TVG. Música, cine, libros, tendencias, teatro, unha sección para cada día da semana e un bloque inicial onde se recolle toda a actualidade conforman o programa. Completa estes 25 minutos diarios de información cultural unha entrevista cunha personalidade para tratar en profundidade algúns dos temas da actualidade. Un equipo de especialistas do programa percorre Galicia co obxectivo de dar cobertura ás actividades culturais que se desenvolven en calquera vila ou cidade galega.

. AS NOITES TEMÁTICAS NA G2

Nunha aposta pola calidade e unha oferta diferenciada, a segunda canle da TVG continuou durante o 2022 con 'As noites temáticas', que dotaron dunha nova personalidade a G2 durante esta temporada mediante a exhibición fundamentalmente de documentais. Os espectadores identificarán claramente cada día da semana cunha temática diferente. O luns, a noite da lembranza; o martes, a noite da descuberta; o mércores, a noite da música; o xoves, a noite da cultura; e o venres, a noite do cine.

.XABARÍN CLUB

Programa contedor de series para público novo, de produción galega e de produción allea dobrada ao galego. Con espazos para a afiliación no club e participación en concursos, así como a celebración dos aniversarios dos membros e programas tan sonados como 'Pipi Mediaslongas', 'Aquelando con chispa' e series recoñecidas en todo o mundo.

. MENIÑOS CANTORES

'Meniños cantores' é un traballo pioneiro realizado con colexios de Galicia e do norte de Portugal. A iniciativa xurdiu da colaboración entre a organización educativa Ponte nas Ondas e a produtora Casa de Tolos. A presentación por parte das escolas integrantes do colectivo da candidatura ao Patrimonio Oral e Inmateriais Galego-Portugués ante a Unesco foi a chispa que prendeu esta iniciativa. O traballo consiste nunha exploración do patrimonio musical común a Galicia e Portugal, así como unha pequena ollada a un futuro posible. Para poder realizalo, o proxecto contou con profesores de música e alumnos de dezasete centros, así como músicos profesionais de gran sona.

. O TREN MÁIS RÁPIDO DO MUNDO

A TVG achégase á chegada da liña de alta velocidade a Galicia co especial 'O tren máis rápido do mundo'. A principios do 2022 facíase realidade un fito das comunicacións ao quedar conectada Galicia co centro da Península Ibérica con alta velocidade. 'O tren máis rápido do mundo' propuña unha viaxe pola paisaxe viaria de Galicia e polas obras do AVE, amais de interesarse polas impresións dos seus primeiros usuarios e da xente da rúa. Quería coñecer, de primeira man, as sensacións dos viaxeiros e pulsar as ganas dos galegos de dispoñer deste fito das comunicacións en Galicia.

. EN FEMININO SINGULAR

Este programa de servizo público emitiu a súa segunda temporada contribuíndo á sensibilización da sociedade en xeral e das mulleres, en particular, sobre a necesidade de aponderarse para romper os vestixios da desigualdade existente entre xéneros e fomentar este aponderamento como escudo fronte á violencia de xénero. En cada entrega dedicada a un sector profesional, catro mulleres visibilizan as súas experiencias e traxectorias vitais que as levaron a erixirse como referentes nos seus ámbitos. Son historias que mostran que é posible o desenvolvemento integral da muller, servindo de estímulo para outras mulleres.

. UN PAÍS EN 360

TVG emitiu a segunda temporada deste espazo gravado con cámaras 360 que utiliza a tecnoloxía para achegarlles aos espectadores o patrimonio natural e monumental galego e descobre Galicia de forma inmersiva, porque o público está no centro da acción. Como apoio, este programa inclúe unha serie de vídeos en diferentes formatos de realidade inmersiva que se emiten en YouTube e que se poden consumir de maneira interactiva con axuda dunhas lentes. Na nova temporada de 2021, coincidindo co Ano Santo Xacobeo, o programa percorreu todos os camiños de Santiago.

. DESMONTANDO GALICIA

Segunda temporada deste innovador programa, un espazo de alta calidade que descobre os segredos das grandes infraestruturas e do patrimonio natural, urbanístico e cultural desde o punto de vista do entretemento. Fuxindo da acumulación de datos, e cunha atractiva narrativa de imaxe integrada dixitalmente, o programa emprega as tecnoloxías visuais máis actuais e mantén o espectador pendente das historias que se desenvolven en cada capítulo. En cada entrega formúlanse interrogantes que son despexadas da man de técnicos, especialistas e profesionais vinculados estreitamente a cada tema a tratar. Ademais, o programa axuda a entender os xeitos de vida e a evolución sen límites espaciais e temporais grazas ás integracións 3D.

.PROGRAMAS RELIXIOSOS

- Santa Misa en directo, cada domingo na primeira canle.
- ‘Polo camiño da fe’, programa semanal con reportaxes de temática relixiosa relacionada coa Igrexa Católica.
- ‘Nacer de novo’, a cita semanal dos seguidores da Igrexa Evanxélica, que cumpriu 35 anos en antena no mes de novembro.

4.1.2 Programas de entretemento con contido divulgativo

. ATRÁPAME SE PODES

Continuou en 2022 o concurso de preguntas e respostas que se emite de sábado a mércores ás 22.00 h e convida o espectador a xogar desde a casa, dando aos concursantes a posibilidade de gañar importantes premios, xa que cada día se pon en xogo o bote acumulado ao longo dos programas anteriores. ‘Atrápame se podes’ ten a estrutura dun *quiz-show* clásico: un presentador e cinco concursantes que compiten durante cada programa, en catro fases. En Nadal emitíuse unha segunda edición especial con presentadores e caras famosas da TVG como concursantes. Despois de case dous anos en emisión, este espazo converteuse en todo un referente para os galegos, que o seguen cada día, e unha boa fonte de coñecemento e divulgación da nosa cultura.

. INCOMBUSTIBLES

Desenvolvido desde un estudio cheo de elementos inservibles, onde tres presentadores de idade madura xunto a un grupo musical e apoiados por reporteiros novos no exterior levan a cabo o show ‘Incombustibles’. Trátase dunha intensa actividade informativa, divulgativa e participativa que, a través dunha actitude rigorosa, aínda que desenfadada, e por medio de diferentes seccións, atenderá os intereses das persoas maiores, pero sempre desde unha óptica interxeracional e inclusiva, máis alá de calquera asomo de idadeismo, apoderando a vellez e como un factor positivo e unha riqueza e alento, ademais a cada persoa a desenvolver o seu proxecto vital máis alá da xubilación. Este programa de televisión é unha das iniciativas realizadas pola CRTVG no seu apoio ao lanzamento da Cátedra de Idadismo da Universidade de Vigo, dentro da súa estratexia de #AcciónsG de Responsabilidade Social Corporativa.

. GALICIA BONITA

Novos capítulos do programa de reformas que percorre a xeografía galega na procura dos *feísmos* máis comúns, para poñerlles remedio xunto cos veciños e o seu “equipo de arranxos”. A idea xeral é sinxela, un presentador/a viaxa en busca daquelas situacións das que falamos e conta a historia do personaxe e do problema dando unha volta polo lugar. Despois, ponse en contacto o protagonista co “equipo de arranxos”, volvendo ao lugar dos feitos para valorar as posibles solucións e ver as necesidades. Finalmente o equipo, xunto co protagonista, pónense mans á obra.

. DESERTORES DO ASFALTO

‘Desertores do asfalto’ percorreu Galicia na súa segunda temporada e puxo en valor o mellor de nós mesmos: a cultura popular, a innovación no rural, as tradicións que se mesturan co novo e o día a día na parroquia ou concello dos que decidiron que non ían marchar á cidade. Aquelas persoas que desertaron de marchar e quedaron para traballar na súa terra, e aquelas outras que chegaron para quedar e sumar van ser as protagonistas desta aventura e van axudar a contar a historia de Galicia como nunca se fixo en televisión. Ademais o programa fíxolles unha proxección aos protagonistas de cada programa para que viran o resultado. Así, en cada emisión puidéronse coñecer as impresións das persoas que participaron en cada lugar.

. CORREMUNDOS

‘Corremundos’ é unha fotografía do mundo globalizado, amosando as diferenzas entre distintos profesionais en Galicia fronte aos doutras partes do mundo. O programa viaxa por países de toda Europa e de Centroamérica nun percorrido que amosa, en 13 capítulos, os contrastes entre profesións e actividades en sitios moi afastados, dende labregos ata persoal de mantemento de hoteis, gandeiros ou guías turísticos.

. FACENDO AS AMÉRICAS

Segunda temporada deste espazo de seguimento da emigración galega. Durante moitas décadas, esta protagonizou moitas rupturas de familias, desaparición de vilas completas e separación das raíces daquelas persoas que, buscando mellor fortuna, se embarcaban rumbo ás “Américas”. Ás veces os emigrantes acadaron o éxito que moitos dos seus compatriotas non lograrían alcanzar xamais no seu país de orixe. Eses son os protagonistas do programa, os emigrantes que conseguiron “facen as Américas”, que son visitados e entrevistados nos seus lugares de residencia ou traballo e amosan as súas vidas ao público galego.

. COS PÉS NA TERRA

Os novos capítulos de ‘Cos pés na terra’ falan de homes e mulleres que optan por vivir da terra e da vida que nela agroma. Todos eles decidíronse por un xeito de vivir, a un ritmo e cun estilo distintos dos da cidade. Son bos profesionais, persoas que non tomaron a súa decisión á lixeira ou por puro romantismo. Son agricultores, gandeiros, artesáns, madeiristas, hostaleiros... con bos argumentos para crer que hai futuro no campo.

. CARBALLEIRA E SABADEANDO

Nos primeiros meses do ano, continuou a produción do magazine 'Sabadeando' en directo nas tardes dos sábados, un programa que achegaba aos espectadores as mellores festas, sorpresas e historias do máis curiosas. A metade do espazo realizábase en plató e a outra en exteriores con tres reporteiras. No verán rematou a súa emisión e púxose en marcha outro formato, 'Carballeira', que consiste nun percorrido por Galicia nun programa de telerrealidade que descobre lugares descoñecidos a través das vidas dos seus veciños enchendo a tarde de emocións con historias de encontros e rivalidades, de alegrías e tristezas, de música e humor.

.QUEN ANDA AÍ?

A resposta da audiencia do programa foi positiva dende un comezo e dende outubro de 2022 consagrouse o éxito con cotas mensuais superiores ao 10%. 'Quen anda aí?' conta con cifras extraordinarias neste ano, chegando ao 18,3% e case 200.000 espectadores. Dende o verán, e como estratexia de programación, para converter a tarde en dous grandes bloques de programas, semellantes e que sirvan de río, a cociña coouse no plató. Tras ampliar o horario de emisión, 'Quen anda aí?' termina con 'A voltas co prato', en directo tamén, e feito no mesmo plató con outro presentador e distintos colaboradores.

.FUN POLO AIRE E HORA GALEGA

'Fun polo aire' emitiuse nas tardes de luns a venres nun formato magacín de rúa composto de directos e reportaxes. Despois da interrupción do verán, a tarde da TVG péchase desde setembro de 2022 con 'Hora galega', un programa previo á franxa de informativos no que predominan os directos e o tratamento de sucesos e actualidade. En audiencias, nos últimos meses logrou manter o 10% de cota.

. ESTACHE BO!

Novos capítulos deste espazo gastronómico que se emite cada mañá de luns a venres e que cambiou esta temporada de cociñeiro.

. SEN CÓDIGO POSTAL

Máis entregas deste espazo no que Víctor Fábregas, o carteiro da TVG, percorre Galicia e leva unha carta a un veciño para que lle ensine os recunchos da súa vila e gañe con iso o recoñecemento de embaixador. Un xeito diferente e entretido de coñecer todos os lugares e as xentes do noso territorio.

4.1.3 Programas de *prime time* orientados a entreter

.A SARIÑA BUSCA PRETENDENTES

‘A Sariña busca pretendentes’ tiña un premio increíble, unha casa, e un formato propio, único e novidoso. O concurso xuntou nove parellas de toda Galicia que competían por un gran premio: unha casa situada na parroquia de Erbecedo, no municipio de Coristanco. Para poder gañar esta casa tiñan que enfrontarse a dous tipos de probas. Por un lado, debían acometer todo tipo de reformas na casa. A iso sumábenselles actividades cos veciños, que estaban implicados co programa.

. COMANDO G

Cinco participantes famosos forman parte desta aventura televisiva. Os retos sácanos da súa zona de confort. No plató, cada un dos famosos terá que cantar en directo unha canción versionada sobre a experiencia vivida. Un programa moi divertido no que nada é o que parece, e no que os famosos competirán por gañar e doar o premio á ONG que eles elixan.

. TUPPER CLUB

Celebrities, gastronomía e humor. Esa é a receita de ‘Tupper Club’ cun chef presentador que invita tres famosos para competir entre eles cociñando nas súas casas. Cada participante preparará unha receita e non saberá contra quen está a competir ata o final, cando os tres invitados se reúnan na sede do ‘Tupper Club’ para vérense as caras e decidir quen gaña o ouro.

. COMISIÓN DE FESTAS

En Galicia non hai vila sen festa nin celebración sen comisión. Grazas ao esforzo destes grupos de persoas, que traballan de forma voluntaria e desinteresada, os veráns están cheos de verbenas, foguetes e xuntanzas. Ata aí a parte coñecida, pero hai moito que o ollo non ve. E iso é precisamente o que o programa ‘Comisión de festas’ vai amosarlle ao público: o que de verdade implica organizar unha festa. Cada unha das entregas rematará co día grande da celebración de cada unha das localidades.

.É HORA DE FESTA E VAIA TROULA

‘É hora de festa’ é un programa fresco e divertido que percorrerá unha vintena de festas, na súa meirande parte as citas gastronómicas de máis sona do noso país. E cada domingo no verán emítense ‘Vaia troula’, que percorre en ton lixeiro as festas e verbenas galegas acontecidas nos últimos sete días.

. QUEN CANTA AQUÍ?

Un espazo que percorre Galicia e convida o público afeccionado a competir cantando en formato karaoke. No seu percorrido polas vilas galegas, o programa pon o seu escenario do programa a disposición de amantes da música de todos os estilos.

. NON LLE CHAMES AMOR

Presentado por unha psicóloga e sexóloga, 'Non lle chames amor' foi o primeiro programa da TVG dedicado ao sexo. O espazo busca empatía, a tenrura e a risa cómplice a través dun formato interxeracional que serve para escoitar a realidade dos galegos e galegas diante da vida sexual. Cada programa ten un tema principal e tres convidados que soben a unha limusina para nos contar as súas vivencias amorosas e sexuais.

. BAMBOLEO

Programa do *prime time* dos sábados, con diferentes actuacións con artistas das máis variadas procedencias. Son algo máis de dúas horas de programa, con enxeñosas seccións: 'Agora ou nunca' ofrece unha última oportunidade para que sobresaian artistas descoñecidos en televisión; 'Dirty dancing' propón un baile interxeracional, con exhibición de bailes de salón; 'Ghaliñeiro' son vídeos divertidos extraídos da rede; 'A ITV do Amor' é un test para parellas de namorados que pensan casar ou ir vivir xuntos; 'Falabarato' achega bromas con cámaras ocultas; e 'Faino ti' convértese nunha divertida proposta de intercambio de tarefas para parellas consolidadas.

. MALICIA NOTICIAS

Espazo en clave de humor no *prime time* da TVG que analiza as noticias, a actualidade nas redes, os eventos e o panorama televisivo dende unha perspectiva humorística, dándolle unha volta ao acontecido no día, ao que se fala na rúa, o que lles interesa aos galegos, o deporte, as festas, a gastronomía, o rural... centrándose no eido máis social e divertido.

. CASAMOS

'Casamos, A Historia de Amor de...' é un programa de 60 minutos de duración aproximada destinado ao horario de máxima audiencia de TVG. Nesta edición, superados os 200 capítulos e máis de 10 temporadas, o programa segue a descubrir historias de amor que acabarán en voda.

. 48 HORAS PARA O SI

‘48 horas para o si’ foi unha divertida proposta de entretemento. A diferenza doutros programas de amor e enlaces, neste formato un dos membros da parella xoga o todo polo todo, xa que debe preparar en 48 horas unha petición de man e unha voda sorpresa. Pero para chegar a isto, un deles debe conseguir o ansiado ‘si, quero’. Emoción, amor, nervios, sorpresas e divertimento son os ingredientes principais deste formato. O declarante vivirá estes dous días nunha autocaravana onde, co apoio dun ‘cómplice’, leva a cabo todos os preparativos dunha voda perfecta.

.LAND ROBER TUNAI SHOW

O espazo de humor, líder na noite dos xoves, non parou no confinamento e continúa a entreter o público galego nas súas dúas horas continuas de humor, convidados, música, comedia, colaboradores e coa participación directa do público no estudio. Procurando sempre a orixinalidade na súa proposta semanal, este ano incorporou como novidade tecnolóxica o código QR en pantalla para que o público desde as súas casas puidese emitir votos sobre temas que están a acontecer no programa en directo.

.LUAR CUMPRE 30 ANOS

Televisión de Galicia celebrou no 2022 o 30 aniversario de ‘Luar’, espazo que emite ininterrompidamente desde setembro de 1992 e que é o programa de entretemento máis veterano da televisión española. Nese especial festexou estas tres décadas de vida lembrando as actuacións de grandes figuras da música e contando coa presenza de profesionais, músicos e colaboradores que acompañaron a Gayoso durante estes anos.

.#LUARTANXUGUEIRAS

En febrero, un especial #LuarTanxugueiras fixo historia e foi tendencia nas redes sociais en España. O programa liderou a audiencia de Galicia cun 19,1% de cota, superando en máis de dous puntos a A3, e duplicando case en audiencia a oferta de Tele 5. Este especial de ‘Luar’ traspasou fronteiras da man das Tanxugueiras facendo unha conexión simultánea en directo entre dous programas de TVG e TVE. ‘Luar’ e ‘Las claves del siglo XXI’ facilitaron unha conversa entre Tanxugueiras e Chanel, a artista seleccionada para representar a España en Eurovisión, na que deixaron mensaxes claras a prol da música, a sororidade e contra os discursos do odio. #LuarTanxugueiras foi líder de audiencias en Galicia e tendencia nº1 en España nas redes sociais. A emisión tivo un extraordinario seguimento tamén a través de G24 en YouTube.

. CATRO GATOS

‘Catro gatos’ foi unha aposta polo humor da TVG coa comicidade e a espontaneidade de catro profesionais galegos do enxeño, a improvisación e a chispa, que se reúnen nun bar para falar nun ton bromista sobre distintos aspectos das súas vidas, de anécdotas persoais e das súas inquiredanzas. Cada un deles lembra un acontecemento que dará paso aos sketches cómicos, onde cada un dos actores interpreta diferentes personaxes.

4.1.4 Producción propia de entretemento

. EVENTOS G

Nova temporada deste gran formato de produción propia concibido para o *prime time* e producido no estudio 5 de San Marcos, cunha gran despregadura artística e musical xunto con outros elementos que contribúen ao espectáculo. 2022 foi un ano especialmente productivo e exitoso con programas como ‘Ana Kiro, a sucesora’, ‘Pucho Boedo, o sucesor’, ‘Eu quero ser Andrés Dobarro’, ‘Juan Pardo, o sucesor’, ‘O día da patroa’, ‘Quen ten unha coral ten un segredo’ e a ‘Treixarromaría’, unha gran festa para celebrar os 30 anos da primeira actuación en directo de Treixadura, unha das formacións máis senlleiras da música tradicional galega.

4.1.5 Contidos de ficción, Series G

. SAUDADE DE TI

‘Saudade de ti’ foi a fórmula de ficción coa que a TVG recuperou esta modalidade de entrega diaria inspirada nas últimas tendencias do mercado. Romance, intrigas familiares e moitos segredos que sairán á luz tras un accidente ocorrido na vila mariñeira de Abrente nas festas do Carme. Abrente garda moitos segredos e ninguén pode escapar deles, e só é cuestión de tempo que comecen a saír á luz. Un aspecto fundamental para dar maior veracidade a calquera ficción son as localizacións exteriores. O equipo de ‘Saudade de ti’ desprazouse varias xornadas ata puntos tan singulares como Caión, na Larcha; Ares, que acolleu a gravación no porto e na praia do Raso; ou Miño, no que a planta baixa da súa casa consistorial se converteu nun hospital.

. A LEI DE SANTOS. NOVA TEMPORADA

Serie concibida como secuela de 'Serramoura' despois do prolongado éxito desta. Composta por sete episodios de 70 minutos, nesta *spin-off* os espectadores ven como, despois da súa marcha da vila madeireira de 'Serramoura', Mario Piñeiro, alias Santos, volve á súa vila natal, Viladesantos, o lugar onde medrou e onde ten amigos, inimigos e familia. O regreso do fillo pródigo esperta as suspicias de moita xente da vila. A súa chegada a Viladesantos coincide coa misteriosa morte dun dos seus veciños.

. OPERACIÓN MAREA NEGRA

En novembro de 2019, a ría de Aldán era o escenario da interceptación do primeiro narcosubmarino apresado en Europa. Baseada nesta historia real, chegou á Televisión de Galicia a serie 'Operación Marea Negra', baixo a dirección de Daniel Calparsoro (responsable de películas como 'Invasor' e 'Cien años de perdón') e Oskar Santos. Esta ficción de acción e misterio, participada pola TVG, constou de catro capítulos de 50 minutos de duración e foi financiada tamén por Amazon Prime Vídeo, xunto coa FORTA, liderada pola CRTVG, e a canle pública portuguesa RTP, coa axuda da Agadic e PIC Portugal. Despois de cada capítulo, e como complemento, estreouse a miniserie documental 'Operación Marea Negra', produción que se achega aos feitos reais acontecidos arredor da incautación do narcosubmarino.

. A DESORDE QUE DEIXAS

TVG estreou en 2022 esta, miniserie de oito capítulos de produción galega pero orixinal de Netflix, a quen lle adquiriu os dereitos de emisión.. Entre o *thriller* psicolóxico e o drama, céntrase nunha profesora de instituto que acepta un traballo na vila onde medrou o seu marido, coa intención de darlle unha oportunidade ao seu matrimonio. 'A desorde que deixas' gravouse en distintas localizacións da provincia de Ourense, entre elas, Celanova, as termas romanas de Bande, A Ribeira Sacra ou a comarca da Baixa Limia.

. CHEGAR Á CASA

Un marido perfecto, un pai exemplar, un amor imposible de romper. E, de súpeto, todo salta polos aires e toca volver empezar. Este é o punto de partida da serie 'Chegar á casa. O infiel galego', de 8 episodios, aposta da Televisión de Galicia ao redor da historia dunha muller que regresa á súa terra natal, en Portugal, tras o fracaso do seu matrimonio e despois de vivir durante 15 anos en Santiago de Compostela. A serie foi realizada pola produtora galega CTV e a portuguesa SPi e participada pola RTP.

. CINE GALEGO

Neste 2022 estreáronse no *prime time* da TVG diversas películas galegas, como 'Cuñados' ou 'Ons', mentres o programa 'Clac' presentou cada semana unha cinta galega para a súa posterior emisión na G2 e repetición na primeira canle.

. TES QUE VIR AO OESTE

Para poñer en valor a dobraxe en galego, a TVG abriu os domingos pola tarde unha xanela ás historias que transcurren no Oeste americano, con títulos como: 'Ladrón de trens', 'Os prisioneiros' ou 'O val do fuxitivo'.

4.1.6 Grandes eventos

. AQUI PORTUGAL

A TVG e a RTP colaboraron coa produción e emisión simultánea e conxunta en dobre sesión -unha hora pola mañá e outras catro pola tarde- de dúas entregas deste espazo, 'Aquí Portugal', cunha gran despregadura de medios técnicos e de profesionais nunha emisión dobre que achega en directo contidos de entretemento, música, gastronomía e cultura. No 2022, emitiuse o 1 de xullo desde Sanxenxo, e o 18 de xuño, desde O Porto. Música, cultura, gastronomía e actualidade mestúranse neste espazo deseñado para estreitar lazos entre os dous lados da raia e presentado por equipos mixtos de presentadores procedentes de ambas as canles. 'Aquí Portugal' realízase para unha audiencia potencial de máis de 13 millóns de espectadores, ao ofrecerse a través das primeiras canles de ambas rexións, pola RTP Internacional, que leva o sinal polas comunidades lusófonas de todo o mundo, e por TVG Europa e TVG América. 'Aquí Portugal' é unha mostra máis da asentada colaboración entre as canles, materializada en múltiples proxectos, institucionais ou no eido da produción de contidos, dos que se dá conta noutro capítulo desta memoria.

Outros grandes eventos emitidos en directo por TVG no 2022:

- Fogos do Apóstolo
- Ofrenda ao Apóstolo, do 25 de xullo
- Gala 25 de xullo
- Gala Fin de Ano
- Badaladas Fin de Ano
- Premios Castelao
- Medallas de Galicia

4.2 Emisións televisivas

Durante 2022 avanzouse no obxectivo de calidade e cumprimento da lexislación en varios aspectos das emisións nas canles da CRTVG. Adiantouse ao prazo esixido pola lei a total sinalización en pantalla do control parental. Dende os primeiros meses do ano, e xunto á mosca de cada canle, inclúese en pantalla a cualificación de idade en todos os contidos da TVG. Tamén se exploraron novas formas de interacción co estudio multimedia da Radio Galega para a emisión de contidos creados na radio que permiten ademais un novo protocolo de *breaking news* mais áxil.

Igualmente as emisións da CRTVG abríronse a novos formatos de concepción dixital que supuxeron a chegada dun novo estilo de emisións tanto na TVG como na G2.

4.2.1 Televisión de Galicia

A canle principal oferta unha grella con variedade de contidos co obxectivo de atender unha poboación diversa que sintoniza a TVG para atopar información, entretemento e programas de servizo público. TVG mantén como insignia a proximidade e as emisións en directo. Durante 2022 traballouse na busca de contidos que interesan a unha audiencia que é consciente de que só pode atopalos en TVG. Incorporáronse máis minutos de programación en directo que proporcionan inmediatez e frescura a uns programas avalados polos datos de audiencia dos que se dá conta tamén nesta memoria.


Entre as novidades de 2022 figura a emisión de formatos concibidos para o eido dixital que atoparon o seu oco na televisión xeneralista. Así, iniciouse a experiencia xa detallada coincidindo co Benidorm Fest, coa emisión polo Twitch da 'Tanxufesta'. En meses sucesivos púxose en antena o programa de Twitch 'Aquí non se salva ninguén' e posteriormente o formato de conversa de mocidade 'Apaga o candil'. Tamén se levou a emisión en TVG o contido nativo de YouTube 'Chámalle sexo', un *post* ao programa de televisión 'Non lle chames amor'.

E nos meses de maio e xullo, TVG retomou a colaboración coa RTP para a emisión de dous programas conxuntos 'Aquí Portugal/Aquí Galicia' en directo dende O Porto e Sanxenxo, como xa se explicou no punto 4.1.7.


Atendendo aos datos, **durante 2022 TVG emitiu 3.888 horas de contidos de Producción Propia Interna feita con medios propios da CRTVG**, que colleitaron importantes datos de audiencia. Outras 3.789 horas corresponden a produción externa e tan só 444 horas foron produtos de Producción Allea. **Entre Producción Propia Interna e Externa, o 95% dos contidos emitidos pola TVG son contidos producidos en Galicia.**

Por tipo de programa o maior número de horas corresponde a programas informativos, seguidos de contidos de entretemento, series e *talk shows*.

TVG - horas/tipo produción



TVG - horas/mes



4.2.2 A segunda canle, G2


A segunda canle está orientada a ofertar unha grella alternativa á de TVG, aínda que nos últimos meses de 2022 diversificou a súa programación que anteriormente se nutría en boa parte de programación infantil e deportes.

En 2022 incluíuse na grella das mañás o faladoiro ‘Galicia por diante’, unha hora diaria de luns a venres entre 08:30 e 09:30 horas. Tamén se incrementou a duración do faladoiro ‘A crónica’, que pasou de 30 a 60 minutos no *prime time* de luns a xoves. E na tarde de luns mantense outro faladoiro ‘Conexión Galicia’. Queda constatado que se incrementaron tamén na G2 as horas de produción en directo, que se suman ás retransmisións deportivas, un dos sinais de identidade desta canle.


Á vista das emisións en G2, obsérvase que tamén o maior número de horas son de Producción Propia Interna, un total de 3.993, mantendo un ano máis a liña ascendente desta compoñente. Moi por debaixo atópanse as horas de Producción Propia Externa, 2.486 horas, e en terceiro lugar as de Producción Allea, 2.056 horas. Malia a súa condición de canle especializada, o volumen de contido galego na G2 representou en 2022 un 76% do total.

Por tipo de programa, na segunda canle destacan as series e animación seguidas das retransmisións deportivas e os contidos informativos.

G2 - horas/tipo produción



G2 - horas/mes



4.2.3 Canles internacionais

A vocación de servizo público da CRTVG evidénciase tamén no mantemento das canles internacionais, TVG Europa e TVG América. Conscientes da importante comunidade galega fóra das nosas fronteiras, a Corporación destina anualmente un cuantioso presuposto para garantir as emisións mais alá de Galicia. Adaptando horarios e oferta aos intereses dos destinatarios, TVG América e TVG Europa poñen a disposición unha programación con información e entretemento para unha audiencia que reclama estar ao día do que acontece en Galicia. A maioría dos programas en directo emítense simultaneamente nas canles internacionais e os contidos de *prime time* adáptanse ao horario transatlántico.

Empresas de cable e plataformas en América e Europa amosan o seu interese polo sinal das canles da CRTVG. A contraprestación económica reverte directamente nos custos do transporte de sinais entre San Marcos e os destinatarios en diferentes países. Un ano máis destaca o interese de usuarios da Arxentina e O Uruguai, seguidos de México, Suíza e Portugal.

Actualmente en **Europa** a canle Galicia TV Europa distribúese a través do satélite Astra, que, ademais do posible acceso aberto, serve de alimentador a diferentes distribuidoras en varios países:

- En Portugal: Meo e Nos Comunicações (nacida da fusión de Zoom T e Ca-bovisão).
- En Suíza: Thema Tv, Telegeneve (Naxoo) en Xenebra, e Cablecom-Digicom en Zurich.
- En Francia: Thema TV e NC Numericable.

A oferta para Europa é basicamente a mesma que para a canle TVG, agás os produtos que non teñen dereitos de emisión fóra do territorio galego.

En **América**, a canle Galicia TVG América distribúese a través do satélite Hispasat en aberto. O satélite tamén presta servizo a diferentes plataformas:

- Na Arxentina e O Uruguai: Cablevisión, Equital, Teledifusora San Miguel Arcángel, Ver TV, Red Intercable, Telemás, Motecablevideo, Tractoral, Riselco, Cable Plus, Teledifusora e Paralelo 52 TV.
- En México: a través das plataformas do grupo IZZI (Televisa): Telecable, TVI, Cablecom, Cablevisión, CableMás.
- En Panamá: a través de Cable Onda, Cable Onda Wireless.

O sinal de TVG, nas súas dúas versión para Europa e América, pode recibirse en liña en todo o mundo a través do dominio www.crtvg.gal en Internet.

4.2.4 Plataformas de TV de pago en España

As principais plataformas de televisión de pago en España distribúen o sinal de TVG na súa oferta. Actualmente está presente en Movistar, Vodafone-Ono, Orange e R-Euskaltel. Estas plataformas ofertan a canle principal TVG e tamén a G2 dentro do territorio galego. Fóra de Galicia pode verse TVG Europa. A información actualizada de onde e como se poden sintonizar as canles de CRTVG é a seguinte:

Movistar

- TVG no dial 9 só no territorio galego.
- G2 no dial 10 só no territorio galego.
- TVG Europa no dial 152. Sintonízase en Galicia e fóra de Galicia.

Vodafone-Ono

- TVG no 7 só no territorio galego.
- G2 no 8 só no territorio galego.
- TVG Europa no 901. Pode sintonizarse dentro e fóra de Galicia.

R-Euskaltel

R Cable:

- TVG no dial 110
- G2 no dial 118

Euskaltel:

- Galicia TV Europa no dial 987

Telecable:

- Galicia TV Europa no dial 151

Racctel + (Cataluña)

- Galicia TV Europa no dial 122.

Virgin Telco (España):

- Galicia TV Europa no dial 122

Orange

- TVG no 7 só no territorio galego.
- G2 no 170 só no territorio galego.
- TVG Europa no 83. Pode sintonizarse dentro e fóra de Galicia.

4.3 Producción Allea


As horas de emisión de Producción Allea no cómputo global das grellas mantiveron unha liña de continuidade, presentes na canle principal cunha porcentaxe do 5% representada polos *slots* habituais de cinema na grella, que se viron acrecentados a partir do mes de setembro coa chegada dos *westerns* nas tardes dos domingos. No caso da G2 a porcentaxe de achega de contidos de Producción Allea segue a ter un peso bastante relevante grazas á franxa da tarde, na que se consolidou a oferta das series clásicas do Oeste como 'Bonanza' ou 'O Virxiniano', situándose no 24% das horas emitidas.

En horas/ano, a Producción Allea representa 444 horas na TVG e 2.056 horas na G2, o que mantén no global unha liña de continuidade na adquisición de contidos complementarios no mercado internacional que permiten ofrecer unha maior diversidade de produto, temáticas e xéneros, e sempre buscando a sintonía cos gustos e demanda do público e a oportunidade de mercado.

Estes contidos prodúcense orixinalmente fóra do noso territorio e están elaborados noutras linguas, polo que precisan a súa personalización ao galego. É precisamente este o labor das empresas de dobraxe, que adaptan e fan accesibles ao noso público as películas, as series, os episodios de animación ou os documentais, cun laborioso e coidado traballo de adaptación.


Canto ao tipo de contidos, podemos dicir que na TVG os produtos de Producción Allea que teñen máis presenza continúan a ser as longametraxes cinematográficas, salvo algunha excepción, como poden ser as adquisicións puntuais de documentais de actualidade (como foron o ano pasado o documental 'O señor das redes', que foi adquirido cando foi da traxedia en Terra Nova, ou o documental 'A life time of service' coincidindo co pasamento da raíña Elizabeth).

As longametraxes encádranse nos espazos dedicados ao cine: principalmente son estreos de filmes en televisión aberta, *re-runs* e títulos de librería que corresponden a compras conxuntas que se xestionan xunto a outras televisións autonómicas mediante FORTA. Normalmente trátase de acordos coas *majors*, como Warner, Sony, Paramount ou Metro, ou con distribuidores como Miramax, Key2media, Alfa Pictures, Sherlock, A Contracorriente, Motion, Flins, etc.



No caso da G2, o 64% dos dereitos de Producción Allea adquiridos corresponden a series de animación infantil e xuvenil que alimentan as distintas franxas de programación do Xabarín Club. O segundo contido con máis presenza serían as series destinadas ao oco das tardes da G2 de luns a venres dedicado ao *western* e representadas por ‘Bonanza’ e ‘O Virxiniano’. Ademais, cómpre citar as redifusións gratuítas nos 30 días seguintes das longametraxes cinematográficas nos *slots* dedicados ao cine nas noites da G2, excepcionalmente algunha serie xuvenil como ‘Miracle tunes’ e por último algúns documentais que forman parte das noites temáticas desta canle, das que xa se informou en páxinas anteriores.

Como se reflicte na gráfica inferior, a distribución do contido de Producción Allea na G2 é a seguinte: 1.307 horas de animación, 275 longametraxes e 459 horas de series.



Desde a Área de Contidos analízanse e obsérvanse os movementos que acontecen no panorama audiovisual tratando de ter unha visión o máis global posible facendo un seguimento da evolución do mercado. A aceleración histórica da era dixital provocou o ano pasado unha revolución na distribución das obras audiovisuais nas novas ventás de consumo que provocou grandes cambios na forma en que se reciben e consomen as series e películas, e tamén na forma de xestión dos dereitos audiovisuais.

Esta revolución tradúcese nunha transformación total dos modelos de negocio de todos os actores da industria televisiva e audiovisual, que cada vez é máis complexa e dinámica.

Neste escenario de converxencia dixital onde conviven operadores tradicionais, plataformas, telecos e empresas tecnolóxicas, as fronteiras dilúense e todo é posible. Por iso, é a obriga da Área de Contidos da CRTVG estar atenta ás oportunidades que poidan xurdir e adecuarse ao novo panorama dixital tratando de ampliar o espectro de dereitos que compra para garantir que na futura plataforma básica de contidos ou servizo “Over-The-Top” (OTT) se poida contar tamén cos produtos adquiridos como Producción Allea.

Todo isto sen esquecer manter o espírito da TVG como canle pública, velando por atender os gustos e demandas dos espectadores dentro das disponibilidades que ofrece o mercado e sen perder de vista as tendencias do momento e o achegamento aos novos públicos e aos novos hábitos de consumo.

Neste sentido, o ano pasado adquiríronse materiais por primeira vez concibidos exclusivamente para internet e as redes sociais, dentro dunha innovadora Convocatoria para Contidos Dixitais. O resultado foi a adquisición de máis de 30 contidos nativos dixitais de diversa índole e pensados fundamentalmente para a mocidade e o público máis novo.

En paralelo, incorporáronse contidos novos de animación e relicenciáronse outros co obxectivo de alimentar non só a televisión lineal, senón tamén as canles dixitais -polo momento nucleados ao redor da web e da app Xabarín-, pero tendo en conta tamén a chegada da OTT, polo que a maioría dos acordos prevén, ademais dos dereitos tradicionais de comunicación pública, os dereitos de posta a disposición e *video on demand* ou *advertisiment video on demand*. (Acordos coma os de Planeta, Luk, Mediatoon e Motion, que incorporaron un amplo catálogo de series de animación á oferta dixital, composto por máis de 50 títulos e por riba de 2.000 episodios.)

O obxectivo é conectar co publico infantil e xuvenil dunha forma máis eficaz no novo contexto dixital. Con este motivo, o ano pasado foron deseñadas **tres novas canles infantís de directo** para estruturar o menú da oferta infantil en cadanseu bloque claramente diferenciado por grupos de idades (pequerrech@s, cativ@s e mociñ@s, dispoñibles na app da CRTVG).

Esta é unha oportunidade de poñer en valor o amplo catálogo de contidos que foron dobrados ao galego ao longo da historia da CRTVG, e recuperar series de prestixio e calidade para poñelas a disposición do público máis mozo, que proximamente estarán tamén dispoñibles na futura OTT da CRTVG. Isto sen abandonar a tradicional oferta lineal, onde a TVG xa foi incorporando novos contidos dixitais, como o 'DígochoEu' ou o 'Apuntamento lusófono', canda outros que se irán incorporando máis adiante.

Iniciouse desta maneira unha nova era onde cobran especial importancia as condicións de posta a disposición dos contidos no mundo dixital, de maneira que a política de compras debe incorporar tamén os dereitos necesarios para atender as novas formas de consumo.

Por outra parte, a CRTVG continúa a participar activamente en foros como CIRCUM ou o Celtic Media, nos que atopa excelentes sinerxías con televisións internacionais europeas que posibilitan, entre outras cousas, acordos de cesión de contidos que alimentan algúns *slots* das noites temáticas da G2.

4.3.1 Cine

Durante o ano 2022, a Corporación CRTVG emitiu un total de 515 sesións cinematográficas. Desta contía 306 pases difundíronse na TVG e 209 pases emitíronse na G2. En total emitíronse 259 filmes diferentes.

Cine na TVG

A programación de cine da primeira canle elaborouse cos contratos de 18 distribuidoras, produto dunha escolla moi variada. Desde 1993, TVG non tiña no seu catálogo unha variedade similar. As distribuidoras foron: Twelve oaks, Vercine, Caramel, Video Mercury, Sony/Columbia, A contracorrente, Lionsgate, E-one/Aurum, Mirror, Marvista, Nbc/Universal, Wanda, Flins, Paramount, Deaplaneta, Motion, MGM, Warner e Watson & Holmes. A programación completouse ademais con algún título cedido por CIRCUM, a asociación de televisións rexionais europeas, e tamén cos fondos de cinema galego da TVG.

O contrato de Video Mercury (de 2021) serviu para manter a programación da sesión en versión sonora orixinal subtitulada ao galego (VOSG) na noite dos sábados (52 pases), un servizo que no 2022 fixo 32 anos de emisión ininterrompida.

No *prime time* da TVG emitíronse 6 filmes galegos de estrea ('Ons', 'María Solinha', 'A illa das mentiras', 'Sofía Casanova', 'Cuñados' e o documental 'María Casares, a muller que viviu mil vidas'), que obtiveron un *share* medio de 7,4. O número total de emisións de películas galegas na primeira canle neste 2022 foi de 60.

O *share* medio do cinema da primeira canle da TVG durante o ano 2022 foi dun 4,9. O *share* medio do cinema emitido no *prime time* foi dun 7,4. O *share* medio do cinema emitido na sesión de VOSG, nas madrugadas do sábado ao domingo, foi de 6,1. O *share* medio do cinema difundido na TVG despois das 02.30 horas foi de 6,2. No domingo pola tarde comezou en abril un ciclo de *westerns*, cun total de 29 películas e un *share* medio de 7,7.

Houbo un total de 51 estreas, das que 6 foron filmes galegos. Entre as estreas internacionais destacamos '1917', 'O libro verde', 'O neno co pixama a raias', '12 anos de escravitude', 'As normas da casa da sidra', 'Il divo', 'Trumbo', 'Mia e o león branco', 'Mátaos suavemente' e os filmes clásicos (estreas para TVG) 'O derradeiro dos mohicanos', 'Xogo de patriotas', 'Verán do 42' e o 'Tiburón' (1975), ademais de 'Skyfall' e 'Spectre', filmes do ciclo de James Bond.

Entre as estreas de cinema galego na TVG e na G2 podemos citar, xunto ás anteriormente mencionadas, os seguintes títulos: 'Arima', a *tv-movie* 'A actriz Margarita Xirgú', 'Maimiño', de animación, e 'A Galiña Turuleca', tamén de animación, todas estreadas na G2.

Cine na G2

Coma todos os anos, a programación cinematográfica da G2 fíxose coa redifusión dos filmes emitidos na primeira canle, nunha grella completada con producións galegas de estrea e reestrea. Así, na G2 difundíronse 209 sesións cinematográficas, todas na franxa do segundo *prime time* (23.00 horas) ou na franxa do *late* (despois das 00.00 horas). Do total das 209 emisións, 51 corresponderon a producións galegas.

As grellas da segunda canle completáronse coas distintas longas e *tv movies* galegas participadas pola CRTVG, precedidas por unha entrevista cos autores dentro do programa especializado 'Clac', que empezou a emitirse na G2 no 2021 e que no 2022 tamén se redifundiou nas noites dos sábados da TVG. O *share* medio da programación cinematográfica da G2 estivo neste 2022 en preto de 1,2%, cun incremento do 1,8% respecto de 2021.

4.3.2 Series

No pasado ano mantívose a emisión da serie 'Bonanza', o clásico do Oeste nas tardes de luns a venres da G2 xunto con outro título emblemático de *western*: a serie 'O Virxiniano'.

E para garantir a continuidade deste *slot* que tan boa acollida está tendo por parte do público, na G2 renovouse a licenza das temporadas 4, 5 e 6 de 'Bonanza' con 67 episodios máis. Á parte, mercáronse tamén os dereitos de emisión da serie 'Argonautas', unha obra seriada de ficción xuvenil producida por Portocabo rodada en Galicia (22 episodios de media hora de duración).

Cómpre destacar tamén a adquisición dos dereitos de emisión da serie 'El desorden que dejas' (8 eps x 50), un orixinal de Netflix rodado e producido integramente en Galicia cun elenco de actores galegos aínda que en versión orixinal en castelán. A negociación para esta adquisición foi unha aposta por potenciar a ficción xa feita, promover a nosa lingua e a dobraxe.

4.3.3 Programación infantil

A programación infantil ao longo do pasado exercicio continúa a transitar cara ao mundo dixital, potenciando a presenza dos contidos de animación máis alá da emisión lineal na G2, tratando de garantir unha ampla e variada oferta de xéneros e de *target* tanto na app do Xabarán coma na web infantil, con máis de 2.000 episodios dispoñibles.

Co obxectivo de manter e incrementar na medida do posible o catálogo de animación na oferta dixital, CRTVG sumouse aos acordos conxuntos de FORTA para a adquisición de novos títulos de animación. Deste xeito, pecháronse acordos con Method Animation e Mediawan para a compra dos dereitos das series de animación 'Super 4', 'Idefix', 'Robin Hood' ou 'Pinocchio', que serán totalmente novos na nosa oferta e que contemplan dereitos non só para a TV lineal, senón ademais para a app, a web e a futura oferta da OTT de vídeo baixo demanda.

A isto hai que engadir as máis de mil cancións dispoñibles na canle dixital de audio, Radio Picariña, con música en galego para a cativada.

A franxa infantil na oferta tradicional de televisión experimentou algúns lixeiros reaxustes de luns a venres mantendo unha presenza bastante significativa na programación da segunda canle, especialmente durante os períodos das vacacións escolares.

Mantívose a estrutura en tres *slots* principais, compatibles cos horarios escolares (mañá, mediodía e media tarde), incluíndo unha gran variedade de títulos de animación. A G2 ofrece preto de 5 horas de animación diarias de luns a venres repartidas nestes tres bloques diferenciados, e durante as fins de semana concentra a oferta destinada aos máis novos no horario matinal. Esta programación continúa representando un importante volume de arredor de 1.300 horas anuais.

Durante o ano 2022, seguiron formando parte da oferta infantil e xuvenil dos sábados pola mañá contidos de produción propia, como os producidos orixinalmente para o mundo dixital como 'DígochoEu' ou 'Apuntamento lusófono'.

Como xa se mencionou anteriormente, redeseñouse a presentación do catálogo de contidos infantís e xuvenís da web e a app da CRTVG en 3 bloques (Pequerrech@s, Cativ@s e Mociñ@s) para facer accesible ás novas xeracións unha ampla e variada oferta de títulos en galego a golpe dun único clic. Máis de 50 títulos e 1.000 horas de contido, acompañados tamén de títulos de produción propia como 'Os Bolechas', 'Tutú', 'Aquelando', 'A pita cega', 'Braulio Tuber' ou 'As aventuras de Minchi'.

4.4 Dobrax e subtitulación

Entre as accións do servizo público da CRTVG figuran a dobraxe e a subtitulación, que contribúen a facer accesibles os contidos e as producións elaboradas noutras linguas á nosa audiencia nunha versión netamente galega e adaptada á nosa lingua. Ademais, a dobraxe destes contidos ao galego vén acompañada dos correspondentes ficheiros .stl de subtitulado axeitados para o público con discapacidades auditivas e de acordo coa Referencia Técnica 3264-E da UER.

4.4.1 Dobrax e

En abril de 2022 resolveuse a contratación correspondente ao concurso 'CRT-2021-0027: Servizo de dobraxe ao galego de obras audiovisuais, mediante acordo marco'. Neste concurso resultaron adxudicatarios do servizo seis estudos de dobraxe. O balance das horas dobradas no pasado exercicio foi de preto de 160 horas de contidos audiovisuais, que incluían tamén os insertos de dobraxe para remasterizar algunhas longametraxes.

4.4.2 Subtitulación

Durante 2022 emitíronse un total de 3.482 horas de programación subtitulada. 1.394 delas corresponden a programas subtitulados na primeira canle, TVG. Outras 2.088 horas de emisión subtitulada corresponden á segunda canle, a G2.

Neste exercicio obsérvase na primeira canle un menor número de horas de subtitulación, o que se debe principalmente ao incremento dos programas en directo na primeira canle, xa que a grella de TVG está deseñada con programación en directo, especialmente desde as 08:00 da mañá ata as 22:30 h de luns a venres.

En base á información do programado no ano 2022 en TVG, obsérvase que o maior número de horas con subtítulos se corresponde aos diferentes programas de entretemento, seguido das series, longametraxes e *docu-realities*, concursos e documentais. Na segunda canle, a G2, o maior número de horas de subtitulado concéntrase nas series de animación, as series de ficción na emisión da mañá, e en terceiro lugar as longametraxes que se programan nas noites e madrugadas.

4.5 Programación radiofónica

A Radio Galega acometeu en 2022 cambios de programación para a temporada 22-23 coa finalidade de culminar o proxecto de transformación iniciado en 2018 e baseado en grandes bloques programáticos, especialización temática e intensa cobertura territorial das catro provincias galegas. A estratexia xira ao redor dunha programación vinte e catro horas en directo, con información, entretemento e deportes e as mellores voces do panorama mediático de Galicia.

A proposta programática actual acadou cinco rexistros históricos de audiencia entre 2019 e 2022, con datos nunca antes obtidos durante os máis de trinta e cinco anos de vida do ente público. Como mostra do éxito dos cambios acometidos, a aposta centrouse en outorgar o protagonismo ás historias galegas e á participación da audiencia como valores fundamentais da radio pública. Ambos obxectivos combinados con novas fórmulas para a captación de públicos novos, a creación de programas nativos dixitais e a distribución de audio multicanle.

Pese a demostrar capacidade de adaptación no pasado, os desafíos da radio pública son fluídos e cambiantes de cara ás dúas próximas décadas. Os hábitos de acceso á información e entretemento estanse consolidando á marxe das ofertas lineais dos medios convencionais ao orientarse á satisfacción inmediata dos intereses individuais. Isto é posible grazas a catálogos dixitais, como o que está traballando a Radio Galega na plataforma Radio Galega Podcast e as emisións de videopodcast en YouTube e outras canles.

O teléfono móbil intelixente posiciónase como o aparello máis empregado por parte dos usuarios, por diante mesmo do ordenador persoal. Así mesmo, outros dispositivos están gañando protagonismo, como o altofalante intelixente e os sistemas de audio dos automóviles. Neste contexto, a Radio Galega está combinando a emisión lineal de calidade coa produción de formatos de audio adecuados para o seu seguimento por medio das novas oportunidades que o mercado outorga.

Neste contexto, a principal novidade da Radio Galega en 2022 foi a posta en funcionamento do Estudio Multimedia, unha infraestrutura de primeiro nivel deseñada para a emisión de programas en directo a través de radio, televisión e internet e a gravación de espazos nativos dixitais con elementos de narrativa visual. Un estudio que opera por un sistema de realización automática ou manual a través da imaxe captada por catro cámaras robotizadas.

A inauguración foi o 29 de marzo, coincidindo co aniversario da Radio Galega, coa emisión en directo do programa 'Galicia por diante', de 09:30 a 14:00 horas.

Por canto á presenza da Radio Galega en eventos musicais de relevancia en Galicia, foise recuperando de xeito paseniño, ao ritmo en que a fin da pandemia permitiu a organización deste tipo de festivais ou concertos. Dese xeito, o ente público retomou os traballos de emisión e gravación de espectáculos musicais en setembro de 2022.

Todas as canles da Radio Galega -Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña- continuaron a emisión no agregador de radios dixitais 'Radioplayer España', logo da incorporación a ela en decembro de 2019. Pola súa parte, os podcast nativos dixitais están dispoñibles para a audiencia en Spotify, Ivoox, iTunes, Apple Podcast e YouTube.

Novo estudio multimedia

No que atinxe ao apartado técnico, culminou o proxecto de deseño do Estudio Multimedia coas obras de construción e o lanzamento en marzo de 2022. Dende ese momento, emítense nese estudio en directo os programas 'Galicia por diante', 'A crónica', 'Ao contraataque' e 'Pensando en ti', con audio para FM e imaxe para YouTube.

Así mesmo, a nova infraestrutura facilitou un salto de calidade nas emisións simultáneas de programas radiofónicos en Televisión de Galicia: os faladoiros políticos de 'Galicia por diante' e 'A crónica' e o programa de participación da audiencia 'Pensando en ti'. Ademais disto, este estudio converteuse no lugar de gravación dos videopodcast 'Zeta', 'O impostor', 'Lambóns dixitais' e 'Lambóns de viaxe'.

A produción e emisión de programas en directo afondou nas posibilidades outorgadas pola aplicación HQ, que permite chamadas en directo con son de alta calidade. Esta é a fórmula prioritaria para a participación de entrevistados e colaboradores en informativos, programas e deportes. Ademais, o estudio multimedia permite videochamadas de calidade a través do software Airbridge, cuxos planos se empregan na realización automática dos programas en emisión.

Por canto á programación, as novidades da temporada 22-23, en antena dende o mes de setembro, consistiron no cambio de horario do programa 'A tarde' para adiantalo unha hora, pasando a emitirse de 15:00 a 19:00, o traslado do programa 'Convivir' ao horario de 19:00 a 20:00 e a ampliación do programa deportivo 'Ao contraataque' a dúas horas co horario de 23:00 a 01:00.

O 'Galicia por diante' emitiuse entre as 06:00 e as 14:00 combinando a información e o entretemento. O tramo de 06:00 a 09:30 é estritamente informativo, mentres que a parte que abrangue de 09:30 a 14:00 convértese nun programa informativo que combina actualidade e entretemento. O humor ten a súa propia sección por medio de 'A bóla extra', que se emite de 12:04 a 13:00 h en Radio Galega e de 12:04 a 12:30 h en simultáneo por Televisión de Galicia de luns a venres. O traslado ao estudio multimedia incrementou a calidade de emisión televisiva a índices de *broadcast*. Este programa contou coa incorporación dun dos humoristas máis importantes e recoñecidos de Galicia dende setembro de 2022.

O 'Galicia por diante fin de semana' é a edición dos sábados e domingos, e conta cunha franxa informativa de 08:00 a 09:00 e un bloque magazine de 09:00 a 12:00, no que se inclúen entrevistas de sociedade e cultura, ademais de seccións temáticas sobre ciencia, lingua, audiovisual e música.

O apartado informativo deu continuidade ao formato 'A crónica' en dúas edicións. A primeira emitiuse ás 14:00, con corenta e cinco minutos de información, e a segunda ás 20:00, cun formato híbrido que combina a información pura e o magazine. Nesta edición, emitiuse información de 20:00 a 20:30, cultura de 20:30 a 20:45 e deportes de 20:45 a 21:00. A partir desa hora, emitiuse unha hora de programación especializada en cine -'Sala 5'-, viaxes -'Lambóns de viaxe'-, ciencia -'Efervescencia'- e tecnoloxía -'Lambóns dixitais'- . Finalmente, a última hora de programa consiste nun faladoiro político dunha hora.

Os faladoiros políticos do informativo 'Galicia por diante' -de luns a venres de 08:30 a 09:30- e de 'A crónica' -de luns a xoves de 22:00 a 23:00- realízanse dende o estudio multimedia e emítense en simultáneo en Radio Galega e na segunda canle da Televisión de Galicia.

O programa 'A tarde' -co horario 16:00-20:00 ata agosto e 15:00-19:00 a partir de setembro-, consolidou a proposta de cobertura total do territorio galego con puntos de directo por toda a xeografía.

Ademais de información, o programa ofreceu espazos de participación da audiencia con persoas especialistas en áreas como o consumo, a medicina, o dereito, a maternidade e a seguridade viaria. Dende setembro de 2022, incorporouse unha sección de humor e anécdotas a través do formato xornalístico da mesa redonda, coa participación de varios membros do equipo e un humorista.

Información cultural

A información cultural é un dos piares da programación da Radio Galega, coa emisión do programa 'Diario cultural' en tres edicións diarias: de 10:30 a 11:00, de 17:30 a 18:00 e de 20:45 a 21:00. Coa vontade de ofrecer programación específica ás audiencias máis novas, os sábados e domingos emítese a edición 'Zeta' de 14:30 a 15:00, que se publica tamén en YouTube e Radio Galega Podcast, Ivoox, Spotify, iTunes e Apple Podcast.

A Radio Galega mantivo o seu liderado na madrugada co programa 'Pensando en ti', cunha duración de cinco horas, entre as 01:00 e as 06:00, de luns a domingo. Co obxecto de proxectar este programa baseado na participación da audiencia, o programa emítese en simultáneo na Radio Galega, na segunda canle da Televisión de Galicia cada madrugada e en YouTube. Este programa recuperou en xullo de 2022 o Encontro Anual de Oíntes, unha festa de encontro da audiencia que segue o programa, que fora suspendida durante dous anos da pandemia da Covid.

A programación especializada da Radio Galega estivo liderada polos programas 'Ferrado e medio' e 'Mar de ardora', sábados e domingos ás 07:00, respectivamente. Continuaron os programas 'Lambóns dixitais', 'Lambóns de viaxe', 'Sala 5' e 'Efervescencia'. No apartado do humor, emitiuse na medianoite das fins de semana o programa 'Como que non?'.

No que atinxe á programación deportiva, acometeuse unha modificación na estratexia para potenciar a información e análise dentro dun mesmo formato na franxa nocturna. Deste xeito, dende setembro de 2022 o programa 'Ao contraataque' incrementou unha hora a súa duración, incorporou novas seccións e abriu unha ampla mesa de análise. O programa 'Zona mixta' rematou emisión no mes de agosto ao tempo que se crearon dúas ventás de información deportiva na mañá, unha no programa 'Galicia por diante' e outra no informativo 'A crónica'. O 'Galicia en goles', buque insignia dos deportes da Radio Galega, mantivo a programación os venres de 20:30 a 00:00 e sábados e domingos de 15:00 á medianoite.

A Radio Galega consolidou a súa aposta polo deporte da canastra e transmitiu en directo todos os partidos xogados polos clubs galegos na liga ACB na temporada 21-22 e 22-23. Así mesmo, a emisora pública continuou co proxecto 'Convivir deportivo', programa que fai foco na realidade social do deporte a partir da visita a clubs, persoas destacadas do panorama deportivo galego e escolas deportivas, con cincuenta novos episodios.

A interacción coa audiencia é unha ferramenta esencial para a creación de comunidades dixitais activas, interesadas e fieis aos contidos da Radio Galega. Pola vía convencional, esta interacción desenvolveuse por medio do teléfono, con chamadas ou mensaxes de WhatsApp. Neste senso, a Radio Galega ampliou en 2020 liñas abertas para solicitar participación a través desta aplicación móbil para os programas ‘Galicia por diante’, ‘A tarde’ e ‘Pensando en ti’. Así mesmo, a Radio Galega dialogou cos seus públicos a través das redes sociais Facebook e Twitter, e dende 2019 coa creación do perfil corporativo en Instagram.

No que atinxe ás audiencias, o conxunto de emisoras da Radio Galega acadou unha audiencia histórica ao sumar 212.000 oíntes de luns a venres e 200.000 oíntes de luns a domingo, segundo a onda do Estudo Xeral de Medios publicada en xullo de 2022. Ao remate da temporada setembro 2021-xuño 2022, a Radio Galega foi a emisora xeralista que máis medrou en Galicia e alcanzou os 194.000 oíntes de luns a venres e 175.000 oíntes de luns a domingo. O incremento de audiencia da Radio Galega tamén se produciu no acumulado de toda a temporada, cunha suba dun 15 por cento de luns a domingo, ao engadir 23.000 oíntes, e dun 18 por cento de luns a venres, con 30.000 oíntes máis.

4.5.1 Programación xeral

Galicia por diante

O programa ‘Galicia por diante’ emitíuse de luns a venres de 06:00 h a 14:00 h, cun tramo informativo dende primeira hora ata as 09:30, e outro tramo definido como programa informativo ata as 14:00. Este magazine informativo deu continuidade á estrutura deseñada na temporada 18-19. O programa arranca cunha presentación de contidos coral para logo facer conexións con seis puntos do territorio galego para coñecer os temas de actualidade social. Antes do mediodía, o programa fai parada en seccións temáticas semanais nos ámbitos da arte, a ciencia, a música, o sexo e a medicina.

A partir das 12:00 desenvólvese a hora de humor baixo o formato ‘A bóla extra’, cuxa primeira media hora se emite en simultáneo na primeira canle de Televisión de Galicia. Este espazo conta dende setembro de 2022 coa participación dun dos humoristas galegos máis recoñecidos. A última hora do programa volve a adquirir ton informativo cunha entrevista de actualidade en profundidade, avance deportivo e o ‘miolo’ do día co desenvolvemento dun tema de interese público e o debate das súas voces protagonistas.

‘Galicia por diante’ conta con perfís en Facebook, Twitter e Instagram, que se empregan a diario para divulgar os contidos presentados no directo e dialogar coas audiencias ou mesmo celebrar concursos. O servizo de mensaxería Whatsapp é empregado, xunto ás chamadas telefónicas, para facilitar a participación da audiencia na sección de humor ‘A bóla extra’.

Así mesmo, dende o 29 de marzo de 2022 o programa realízase no Estudio Multimedia da Radio Galega e emítase con imaxe, por medio dun sistema de realización automática de catro cámaras robotizadas, en YouTube. Tamén o faladoiro político do tramo informativo, de 08:30 a 09:30, se emite na segunda canle de Televisión de Galicia e en YouTube.

A tarde

‘A tarde’ experimentou un cambio de horario e formato entre a temporada 21-22 e a 22-23. Deste xeito, o programa abrangía de 16:00 a 20:00 ata o mes de xuño e de 15:00 a 19:00 a partir de setembro de 2022. Co inicio da nova temporada, apostouse por un cambio de estrutura baseada no deseño dunha primeira hora de mesa redonda do equipo do programa a partir de temas de sociedade anecdóticos e de humor. Co fin de fomentar a comicidade e a distensión no arranque do programa, contouse dende o mes de setembro coa colaboración dun humorista.

Así mesmo, este programa conecta con cinco puntos de directo en todo o territorio galego para tratar temas de interese para a sociedade galega dende o punto de vista social e de ocio. Por canto ás colaboracións, cada día da semana ofrécese un espazo de consulta a expertos especializados en consumo, seguridade vial, conciliación familiar, medicina e dereito.

‘A tarde’ é un programa con especial relevancia social en internet e as redes sociais, especialmente Facebook. Así mesmo, empregou Whatsapp para fomentar a participación da audiencia e para poñer en marcha concursos.

Galicia por diante fin de semana

‘Galicia por diante fin de semana’ situouse en 2022 como un dos programas máis escoitados do ente público. A estrutura deste formato mantívose a respecto das temporadas anteriores, cun tramo informativo de 08:00 a 09:00 -exposto noutro apartado deste informe- e un tramo magazine puro de 09:00 a 12:00, no que abundan as entrevistas sociais e culturais en profundidade, as reportaxes e as colaboracións de especialistas nas materias de ciencia, dereito, música e audiovisual.

Este programa comparte redes sociais co programa que leva o mesmo nome e que se emite de luns a venres, cunha repercusión dos seus contidos por enriba dos dez mil usuarios.

Diario cultural

A estratexia de información cultural da Radio Galega está enmarcada no proxecto #Cultura365. Artéllase arredor do programa 'Diario cultural', que continuou en 2022 cun formato baseado en tres edicións diarias de luns a venres. Os datos de audiencia advertiron do éxito desta fórmula, con cifras nunca antes acadadas polos programas especializados en cultura da radio pública. Deste xeito, mantívose na grella de programación a emisión de tres edicións diarias: dúas de media hora de 10:30 a 11:00 -integrada no programa 'Galicia por diante'- e de 17:30 a 18:00 -integrada no programa 'A tarde'- e unha edición de quince minutos no informativo 'A crónica', de 20:45 a 21:00.

Así mesmo, na fin de semana emitíuse a edición 'Zeta', os sábados e domingos de 14:30 a 15:00, con contidos culturais específicos para o público da xeración Zeta, dando especial relevancia a aquelas producións e manifestacións culturais promovidas por persoas menores de trinta anos.

O 'Diario cultural' conta cunha canle dixital específica que é o espazo de información cultural xeralista máis amplo do panorama mediático galego. diariocultural.gal inclúe entrevistas e reportaxes sobre temas de actualidade, análise sobre cuestións relativas á cultura galega e colaboracións de voces expertas nos ámbitos especializados da música, cine, artes escénicas, literatura e arqueoloxía. A canle tamén ofrece os *podcasts* de todas as edicións do programa, accesibles tamén en iTunes e Ivoox.

Con motivo das 'Letras Galegas 2023', dedicadas ao intelectual e escritor Florencio Delgado Gurriarán, o equipo do 'Diario Cultural' desenvolveu un programa especial que se emitiu o 17 de maio e que pode escoitarse en Radio Galega Podcast. Así mesmo, emitíronse e publicáronse entrevistas en profundidade arredor do escritor con especialistas, editores e persoas que o trataron, así como fragmentos de voz do propio autor homenaxeado, recuperados do Arquivo Sonoro da Radio Galega.

A web diariocultural.gal conta cunha páxina específica denominada 'Letras Galegas 2022. Florencio Delgado Gurriarán', na que se pode acceder a todo o contido específico creado con motivo da súa homenaxe.

Convivir

O programa especializado en temática social 'Convivir' emitíuse na temporada 21-22 na franxa horaria da madrugada, como previa ao programa de participación da audiencia 'Pensando en ti'. Co inicio da temporada 22-23, este espazo cambiou o horario de emisión para situarse tras o programa 'A tarde' e dar acceso ao informativo do serán, é dicir, de 19:00 a 20:00 horas. Os servizos sociais, a medicina, a investigación, as enfermidades, o medio ambiente e as historias de superación humana son as temáticas centrais deste apartado de información social.

Os sábados ás 13:00 emítense unha edición singular denominada 'Convivir deportivo', na que se tratan monográficos sobre o deporte dende a súa vertente social. Neste ámbito dedicáronse programas a figuras relevantes no mundo do deporte galego, clubs históricos ou escolas deportivas de concellos.

Pensando en ti

'Pensando en ti' de luns a venres e 'Pensando en ti fin de semana' nos sábados e domingos foron líderes da noite radiofónica en Galicia en 2022. O programa ten unha duración de cinco horas, de 01:00 a 06:00. O núcleo do programa é a interacción coa audiencia, que participa por vía telefónica ou notas de voz para relatar as súas vivencias a partir das temáticas propostas polos condutores dos programas. O espazo válese das canles de comunicación social para propiciar a interacción coa audiencia.

Este programa aproveita tamén as novidades ofrecidas polo Estudio Multimedia, en tanto que se emite de xeito simultáneo por Radio Galega e a segunda canle da Televisión de Galicia. A emisión visual, por medio de realización automática, permitiu dar continuidade informativa de madrugada na primeira canle da televisión pública a feitos noticiosos de extrema relevancia pública, como os incendios forestais do Courel e Valdeorras do mes de xullo de 2022.

Por outra banda, a comunidade de oíntes do 'Pensando en ti' recuperou o 'Encontro de Oíntes' que se celebraba cada ano como espazo de encontro da audiencia. O evento puxo fin a dous anos sen esta celebración -debido á pandemia da Covid-19- e congregou milleiros de persoas o 9 de xullo de 2022 no Carballiño.

4.5.2 Programas temáticos

A grella de programas temáticos da radio pública de Galicia está conformada polos seguintes espazos:

- **‘Efervesciencia’** ocúpase de achegar a ciencia ao público xeral, desde o humor e con voces autorizadas e reportaxes sobre descubrimentos científicos de toda índole. O programa conta coa colaboración da USC e o financiamento da FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía).
- **‘Lambóns dixitais’** é un programa de novas tecnoloxías que vive a súa terceira temporada en antena e conta cun espazo dedicado ás novas tecnoloxías aplicadas á accesibilidade.
- **‘Lambóns de viaxe’** é un programa de experiencias de viaxes por todo o mundo.
- **‘Sala 5’** é un espazo dedicado ao mundo do cine e o audiovisual.
- **‘Mar de ardora’** é un programa especializado na actualidade do mar que vive a súa segunda temporada en antena.
- **‘Ferrado e medio’** é un programa especializado na actualidade do agro que vive a súa segunda temporada en antena.
- **‘Como que non?’** é un espazo de humor.

A Radio Galega experimentou en 2022 coa emisión de programas nativos dixitais *-podcast-* en FM, que previamente foran publicados na plataforma Radio Galega Podcast, Spotify, Ivoox, Apple Podcast e iTunes. Trátase dos seguintes espazos:

- **‘Superando a ficción’** é un *podcast* sobre grandes anécdotas mundiais do mundo do cine.
- **‘Un ollo de vidro’** é unha serie de ficcións sonoras que adaptan contos de terror de escritores recoñecidos mundialmente.
- **‘Próxima estación’** é un *podcast* sobre historias de Galicia.
- **‘Pasarse da raia’** é un *podcast* sobre Portugal.

4.5.3 Estudio multimedia

No marco da conversión dixital da CRTVG, a sede central da Radio Galega en San Marcos (Santiago) estreou o 29 de marzo de 2022 un novo estudio multimedia co que os medios públicos fortaleceron a converxencia definitiva entre radio, televisión e Internet e desde o que a RG emitiu diariamente trece horas en directo. Deste xeito, a Radio Galega converteuse de xeito definitivo en multiplataforma, con emisión en imaxe para radiogalega.gal, YouTube da CRTVG e Facebook Live nun estudio especialmente deseñado para esta tarefa.

Os programas de Radio Galega poden, grazas ao equipamento tecnolóxico do Estudio Multimedia, emitir en directo ou diferido por Televisión de Galicia ou en calquera das canles dixitais da CRTVG en calidade *broadcast* desde un espazo creado *ad hoc*.

Ademais, este estudio está acondicionado para a emisión ou gravación de concertos, para acoller público e para atender proxectos en novos formatos, que combinen audio e imaxe, así como a tendencia actual de distribución de contidos de entretemento en plataformas dixitais, Twitch, por exemplo, cun deseño dinámico e fluído. A estrea produciuse o martes 29 de marzo coa emisión do programa 'Galicia por diante', entre as dez da mañá e as dúas da tarde, a través dos medios dixitais e cunha programación especial durante toda a xornada, na que, ademais, a RG celebraba o seu 37º aniversario.

Os primeiros espazos en emitir dende as novas instalacións foron, ademais do programa 'Galicia por diante', o faladoiro político do informativo do serán 'A Crónica', cuxo contido se emitiu de 22:00 a 23:00 en YouTube e de 22:30 a 23:00 na segunda canle de Televisión de Galicia. Co inicio da temporada 22-23, este faladoiro pasou a emitirse completo na súa totalidade na G2 e en YouTube, ao igual que o faladoiro do 'Galicia por Diante', entre as 08:30 e as 09:30 da mañá.

O programa 'Pensando en ti' tamén empregou o Estudio Multimedia dende o primeiro día, para emitir por FM e lanzar a imaxe á segunda canle de Televisión de Galicia. A particularidade da emisión en directo as vinte e catro horas do día en Radio Galega permite que a programación de madrugada sexa útil tamén para as canles televisivas en caso de necesidades informativas excepcionais. Así mesmo, o espazo de humor 'A bóla extra' -integrado en 'Galicia por Diante' de 12:00 a 13:00- emítese durante a súa primeira media hora de duración en TVG.

Co inicio da temporada 22-23, incorporouse á emisión con imaxe o informativo Galicia por Diante na franxa horaria de 07:00 a 09:30 -con emisión en YouTube e G2- e o programa deportivo 'Ao contraataque', con distribución por YouTube.

No que atinxe á produción estritamente dixital, o Estudio Multimedia propiciou o nacemento de *videopodcast*, como o espazo 'Zeta', e facilitou a difusión de destacados informativos en redes sociais con formato vídeo, como os que derivaron da emisión do programa deportivo 'Ao contraataque'.

Os departamentos técnicos da Corporación Radio Televisión de Galicia desenvolveron numerosas integracións e implementaron avances tecnolóxicos para avanzar na automatización de procesos que reverteron de xeito positivo no resultado final dos produtos elaborados no Estudio Multimedia.

4.5.4 Emisión simultánea Radio Galega – Televisión de Galicia

Os procesos de sinerxía da Corporación Radio Televisión de Galicia consolidáronse coas estratexias de emisión simultánea de programas e espazos de Radio Galega nas canles de Televisión de Galicia. Ademais dos programas 'Pensando en ti', 'A bóla extra' e o faladoiro do informativo 'A Crónica' da edición serán, incorporáronse novas emisións en simultáneo en 2022:

- **'Galicia por diante'** | Faladoiro de luns a venres de 08:30 a 09:30 en RG e G2.
- **'A bóla extra'** | Emisión de luns a venres de 12:05 a 12:30 RG e TVG.
- **'A Crónica'** | Faladoiro de luns a xoves de 22:00 a 23:00 en RG e G2.
- **'Pensando en ti'** | Emisión de luns a venres de 01:05 a 06:00 en RG e G2.

Esta estratexia viuse impulsada pola posta en marcha do Estudio Multimedia que, cunha estética televisiva e un sistema de realización automático, permitiu levar á televisión contidos radiofónicos cunha calidade de imaxe de estándar *broadcast*. Esta fórmula de radio visual permitiu superar as emisións feitas con anterioridade dende o Estudio 2 da Radio Galega.

No que atinxe á emisión de programas de Televisión de Galicia en Radio Galega, emitíronse os seguintes espazos que contaban na súa elaboración cunha linguaxe claramente radiofónica:

- **‘ADN galego’**. Programa sobre persoas galegas residentes en distintas cidades de España.
- **‘Náufragos’**. Programa de entrevistas sobre naufraxios nas costas galegas.
- **‘Galicia emerxe’**. Programa de concertos de grupos de música galegos.

4.5.5 Radio Galega Música

Radio Galega Música deu continuidade á estratexia de radio fórmula melódica posta en marcha en 2018, coa incorporación de modificacións relacionadas coas novas demandas dos públicos e con especial atención á combinación de temas musicais nas linguas galega, castelá e inglesa.

O sistema de reprodución baséase nunha rotación de cincocentas cancións, novas e antigas, coa renovación continua de novidades musicais. Nun ecosistema de radio musical atomizado coa repetición de fórmulas clónicas, Radio Galega Música mantívose na vontade dunha radio musical feita dende Galicia para a cidadanía galega, na que a música galega se amalgame con naturalidade con temas doutras linguas.

A programación articulouse en grandes bloques musicais que acompañaron a audiencia nas distintas actividades e ocupacións da súa xornada. As horas laborais do día, é dicir, dende as 07:00 ata as 23:00, apostouse pola radiofórmula sen locutor. Isto, xunto coa ausencia de publicidade, propiciou que Radio Galega Música fose unha opción a ter en conta polos establecementos comerciais como fío musical.

Dende as 07:00 ata as 09:00 h preséntase a fórmula espertador con ritmos e estilos axeitados para o arranque do día. Dende as 09:00 ata as 14:00 h prográmase música para o traballo coa vontade de convertérmonos en banda sonora das actividades laborais. A hora de xantar e as primeiras horas da tarde continúan a mesma tónica cunha selección melódica uniforme, con temas de corte máis relaxado e cadencioso

No tramo de 18:00 a 22:00 h préstase atención á audiencia que escoita Radio Galega Música no coche coa fórmula ‘RGM na túa volta á casa’, unha selección musical tranquila, sen estridencias e con calidez.

A radiofórmula conxúgase coa emisión de programas de autor creativos, orixinais e especializados en distintos xéneros musicais. Estes programas son

espazos de prescrición musical, en tanto que os profesionais que os realizan son expertos en distintos xéneros musicais. Estes espazos acollen o tratamento de temas en profundidade, entrevistas, presentacións, voces de protagonistas, recomendacións e tendencias.

- **‘Estudio 3’**. Actualidade de bandas galegas de rock no exterior e de grupos de fóra con actuacións previstas en Galicia.
- **‘O Lobo urbano’**. Rock.
- **‘Notas de Jazz’**. Jazz.
- **‘Ondas Indies’**. Indie.
- **‘Cara B’**. Grandes anécdotas da música.
- **‘Raizame’**. Músicas do mundo e listaxe World Music Charts Europe.
- **‘Tres peixes voando’**. Música galega combinada con músicas do mundo.
- **‘Fondos reservados’**. Éxitos musicais do século XX.
- **‘Lume na Palleira’**. Música tradicional e folk galego.
- **‘Concerto popular’**. Concertos de bandas de música de Galicia.
- **‘Allegro moderatto’**. Música clásica.
- **‘Consellería do ritmo’**. Música pop e rock galega.

A esta listaxe engadiuse en setembro de 2022 o programa **‘A lista negra’**, especializado no xénero musical do blues e centrado nas grandes producións musicais pero tamén coa ollada posta na creación galega.

Radio Galega Música programa preto dun 30% de música galega, entendida esta como aquela que está composta en lingua galega pero tamén a realizada por grupos musicais galegos noutros idiomas. As horas de maior atención (horas puntas e medias horas) alcánzanse sempre con música en lingua galega dentro do formato radiofórmula.

A CRTVG, con todas as súas canles analóxicas e dixitais -Radio Galega Música, Son Galicia Radio, Radio Picariña e as canles xeralistas-, é o único medio no ámbito xeográfico de Galicia que atende a totalidade da produción de música de grupos galegos, en lingua galega e outras. A música dos creadores galegos é a preferente na totalidade da emisión da primeira canle da Radio Galega en FM. As músicas empregadas nas sintonías, fondos e cortinas foron maioritariamente galegas, cunha porcentaxe que se achega ao cen por cento.

4.5.6 Radio Picariña

A primeira canle dixital de música infantil e xuvenil da historia da Radio Galega, lanzada no 2018, forma parte da estratexia de programación infantil e xuvenil da Corporación Radio Televisión de Galicia. En 2022 ampliouse o catálogo de cancións ofrecidas por esta canle coa incorporación dos discos publicados en galego ao longo do ano. Así mesmo, coa vontade de ampliar o seu recorrido, varios dos temas musicais de Radio Picariña foron empregados para os vídeos musicais de 'DígochoEu'.

Para acceder aos contidos de 'Radio Picariña', os usuarios deben empregar a ligazón www.crtvg.es/infantil ou por medio da app da Corporación Radio Televisión de Galicia. As cancións están ordenadas de forma alfabética por título, pero dende 2021 a reprodución iníciase en puntos diferentes da listaxe. Na información que se mostra ao usuario inclúese o título da canción, o álbum ao que pertence e os autores da mesma. Radio Picariña convértese, deste xeito, nunha radio musical ideal para gozar dela nos centros educativos, garderías e espazos propiamente infantís. Tamén é posible a escoita a través da aplicación Radioplayer España.

4.5.7 Estratexia dixital

A Radio Galega cumpriu un lustro de traballo na conversión dixital, baseada na amálgama equilibrada entre as estratexias da radio analóxica, o desenvolvemento de programacións xeralistas de altos estándares de calidade e as sinerxías dixitais dirixidas á procura dun espazo propio forte no sistema mediático do futuro cun servizo público á carta, personalizado e móbil.

A temporada 2021-2022 foi a máis frutuosa en canto a número, relevancia e impacto das accións desenvolvidas no marco da estratexia dixital na que o conxunto da Corporación Radio e Televisión de Galicia está inmersa co obxecto de acadar novos públicos e adaptar a súa oferta de servizo público ás novas fórmulas de comunicación. Así mesmo, a flexibilidade das actuacións é un elemento clave para garantir a adaptación do medio a un contorno fluído e dinámico.

O balance dos proxectos desenvolvidos é in mellorable en tanto que a Radio Galega se está situando no marco da converxencia dixital coas mellores instalacións e servizos para o desenvolvemento de proxectos de servizo público que permitan fidelizar as audiencias actuais e acadar novos públicos nicho.

Con estes postulados, o proxecto principal no marco da conversión dixital da Radio Galega na temporada 21-22 foi a posta en marcha do Estudio Multimedia no Estudio 5 das instalacións centrais da CRTVG. Esta infraestrutura fortaleceu a converxencia entre radio, televisión e internet e permitiu afondar na creatividade e investigación de novos formatos que combinen o audio e a imaxe. A primeira experiencia neste sentido foi a emisión do programa especial sobre as eleccións de Andalucía, o domingo 20 de xuño, con formato de radio visual para a súa difusión en Radio Galega, a segunda canle de Televisión de Galicia, g24.gal, YouTube e redes sociais. A fórmula de programa radiofónico completouse coa incorporación de imaxe, sinais en directo e grafismos propios da linguaxe televisiva.

Este estudio multimedia tamén é garantía de resposta rápida nun escenario *breaking news* -noticias de última hora de alto nivel de relevancia informativa- para radio, televisión e contorno dixital. A radio é o soporte que de xeito máis áxil pode reaccionar ante este tipo de eventos grazas ás súas características de produción e emisión.

A posta en marcha dun programa especial pode artellarse en tan só uns minutos, polo que un dos aproveitamentos do estudio multimedia será o lanzamento de programas deste tipo á emisión de Televisión de Galicia e contorno dixital, mentres que a televisión se dispón a preparar a súa propia engrenaxe para a posta en marcha dun programa estritamente televisivo.

Outra das finalidades deste estudio a curto prazo foi a creación de *podcasts* nativos dixitais con imaxe, é dicir, a produción propia de videopodcast, proba da cal é o traballo de produción do produto 'O impostor', cuxo lanzamento A canle de distribución dos proxectos de *podcast* é Radio Galega Podcast, plataforma lanzada en outubro 2021 e que durante este ano asentou a estratexia nativa dixital da Radio Galicia nun proceso de captación de audiencias novas e especializadas.

Radio Galega Podcast

Radio Galega Podcast consolidouse como plataforma de *podcasts* nativos dixitais coa que a radio pública se adaptou aos novos modelos de consumo da audiencia. A partir dun deseño *first mobile*, permite gozar dos audios especializados a calquera hora e contar coa experiencia de compartilos e valoralos na comunidade virtual de cada usuario. Os contidos principais do arranque de Radiogalegapodcast.gal categorízanse baixo os títulos de:

- **Música:** con 'Cara B', 'Galicia Emerxe', 'Consellería do Ritmo', 'Tres Peixes Voando', 'Lume na Palleira', 'Ondas indies', 'Estudio 3. Desclasificados', 'Notas de jazz' e 'Hey ho'.
- **Sociedade:** con *podcasts* como 'O Poigrama' e 'Pasarse da raia'.
- **Ciencia:** con 'Enfermeira Saturada', sobre saúde, 'Corazón Contento', do doutor Juan Antonio Juanatey, sobre saúde, e 'Deborah Ciencia', de Débora García Bello, sobre ciencia.
- **Historia:** con espazos como 'Efeméridas', de Manuel Gago, 'Arredor de Nós' e 'Próxima estación'.
- **Cultura,** con *podcast* como 'O Barroquista', de Miguel Ángel Cagiao, 'Galicia para neofalantes', de Pilar Ponte, 'Zeta' e 'Lambóns de viaxe'.
- **Igualdade:** con programas como 'Consellos con sexo' e os nativos dixitais 'Moito ollo!' e 'Morra o conto'.
- **Humor:** co programa 'Como que non?'.
- **Documental:** co *podcast* 'Un país en guerra', sobre a guerra de Ucraína.
- **Ficción:** cos *podcasts* 'Un ollo de vidro', baseado na adaptación de contos de terror, 'Os pobre tamén choran', o conto de Nadal 'Morte na abadía' ou o espazo de cine 'Superando a ficción'.

As últimas estreas de programas nativos dixitais, de produción propia, datan da primavera de 2022:

- A categoría 'Documental' co *podcast* 'Historias dun país en guerra', sobre a perspectiva humana da guerra de Ucraína.
- 'Pasarse da raia', sobre Portugal, na categoría 'Sociedade'.
- A categoría 'Ficción', coa radionovela 'Os pobres tamén choran' e 'Un ollo de vidro'.

Radio Galega Podcast tamén incluíu no seu catálogo os *podcasts* das dúas ficcións gañadoras da primeira edición do certame 'Escoitamos teatro', promovido pola SGAE coa colaboración da Radio Galega. Trátase das dramatizacións radiofónicas íntegras de textos de Esther Carrodegua -'Malcriada'- e Raúl Dans -'Historia dunha descoñecida'-. Para a realización dos *podcasts*, ambas obras contaron coa participación de importantes directores e intérpretes, así como dunha luxosa produción sonora.

Por canto ao resto de plataformas, está integrada de xeito automático con Spotify, Ivoox Apple Podcast e iTunes. Isto está vencellado a un sistema de medición de audiencia 360°. As cifras de audiencia de Radio Galega Podcast, sumado ás visitas aos *podcasts* nativos dixitais de Radio Galega nas plataformas das grandes tecnolóxicas como Spotify, Ivoos, e iTunes amosa que a fase de lanzamento está sendo exitosa no número de impactos e *engagement* coas

audiencias dos medios públicos. Así mesmo, conséntase unha aproximación - imprescindible- aos públicos máis novos, altamente desconectados dos medios convencionais.

Radiogalega.gal

A páxina web da Radio Galega modificou a súa estrutura en 2021 debido ao lanzamento da canle de noticias G24.gal, que acubillou toda a información producida por todos os medios e redaccións da CRTVG. En 2022 mantívose esta estratexia diferenciadora de contidos.

O portal inclúe o directo a todas as canles de Radio Galega -Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña- e os directos de *streaming*, con audio ou audio e imaxe, dos programas que se emiten baixo esta fórmula, como 'A bóla extra', 'A crónica' e 'Pensando en ti'. Por outra banda, a páxina web ofrece o servizo á carta de todos os programas informativos, programas deportivos, programas de entretemento e informativos puros que emite a Radio Galega. Este espazo pasou a recibir o nome 'Á carta', co obxectivo de diferenciarse de forma clara do proxecto Radio Galega Podcast.

Diariocultural.gal

A canle dixital diariocultural.gal consolidouse como web de referencia da información cultural en Galicia. O portal ofrece os *podcasts* de todas as edicións diarias do programa radiofónico e contidos destacados baseados en entrevistas e reportaxes sobre as novidades do panorama cultural galego.

Así mesmo, este portal habilitou a lapela 'Letras Galegas 2022', con material especializado sobre Florencio Delgado Gurriarán, o escritor e intelectual ao que se lle dedicaron as Letras Galegas. diariocultural.gal conta tamén con perfís propios en Twitter, Facebook e Instagram. Así mesmo, os contidos derivados do videopodcast da edición Zeta son distribuídos por medio da canle de YouTube de Televisión de Galicia.

4.5.8 Programas exteriores de Radio Galega

Na programación da radio pública de Galicia cómpre destacar a presenza en directo en exteriores dos distintos programas que conforman a grella. Esta fortaleza da programación da Radio Galega puido retomarse de xeito paulatino, en consonancia coa eliminación das restricións pola pandemia da Covid-19 durante a primeira metade de 2022.

Neste contexto, realizáronse as seguintes saídas:

- 27/01 | Mar de ardora | Vilagarcía de Arousa
- 03/02 | A tarde | Silleda
- 14/04 | Pensando en ti | Arcade
- 17/07 | Galicia por diante | Vilamartín de Valdeorras
- 12/06 | Galicia en goles | Riazor, A Coruña
- 14/06 | Mar de ardora | Cambados
- 16/06 | Diario cultural | Santiago de Compostela
- 01/07 | Diario cultural | Viveiro
- 12/07 | A tarde | Ortigueira
- 25/07 | Galicia por diante | Santiago de Compostela
- 13/09 | Ao contraataque | Padrón
- 15/09 | Galicia por diante | A Estrada
- 22/09 | Mar de ardora | Porto do Son
- 27/09 | Diario cultural | Ourense
- 29/09 | Mar de ardora | Vilaboa
- 05/10 | Diario cultural | Santiago de Compostela
- 05/10 | Mar de ardora | Vigo
- 07/10 | Diario cultural | Carballo
- 17/10 | Mar de ardora | Ribeira
- 28/10 | Ferrado e medio | Ordes
- 10/11 | A tarde | Ourense
- 11/11 | Mar de ardora | Muxía
- 24/11 | Mar de ardora | Celeiro
- 25/11 | Diario cultural | Pontevedra
- 14/12 | A radio conta | A Coruña

O programa 'Convivir deportivo' gravouse integramente en exteriores en 2022, cunha planificación moi coidada e atenta ás restricións pola situación sanitaria derivada da pandemia da covid-19. Como en anos anteriores, dedicou edicións a clubs, deportes minoritarios e figuras relevantes do deporte galego.

Radiogalega.gal e a aplicación móbil CRTVG ofreceron o directo dos programas de 'Convivir deportivo', con carácter previo á súa emisión en FM:

- 20/01 | A Coruña | Educa ludo
- 26/01 | O Valadouro | Homenaxe a Lalo Galán e Asociación de Tiro con arco
- 02/02 | Lourenzán | Actividades deportivas xerais
- 18/02 | Trives | Club de Montañismo e Club Deportivo Trives
- 22/02 | A Cañiza | Club Balonmán Cañiza
- 03/03 | Chandrexa de Queixa | Chandrexa trail
- 11/03 | Sobrado dos Monxes | Club fútbol Sobrado dos Monxes
- 25/03 | Navia de Suarna | Escolas deportivas
- 30/03 | Allariz | 50 aniversario escolas deportivas
- 07/04 | Barreiros | Homenaxe a Manolo Cadramón e clubs de fútbol do concello

- 21/04 | A Baña | Actividades deportivas xerais
- 29/04 | Mazaricos | Mazaricos Club de Fútbol
- 06/05 | Vilar de Barrio | Motor e Club deportivo Vilar de Barro
- 12/05 | Castrelo do Val | Pádel
- 20/05 | Castro de Rei | Clubs de fútbol, baloncesto e fútbol sala feminino
- 25/05 | O Páramo | Sociedade Deportiva O Páramo
- 03/06 | A Coruña | Enki Coruña
- 08/06 | O Pereiro de Aguiar | Escolas deportivas
- 10/06 | A Gudiña | Ciclismo e fútbol sala
- 15/06 | Noia | Ascenso Noia Fútbol Sala
- 23/06 | Coles | Fútbol e hípica
- 29/06 | Pontevedra | Ascenso waterpolo feminino
- 30/06 | San Cristovo de Cea | Homenaxe ao futbolista Fran Noguero
- 26/10 | Ribadavia | Clubs Karata Mizumaki e Kaizen
- 27/10 | Maside | Escolas deportivas
- 03/11 | Sober | Club Deportivo Sober e Club Deportivo Río Sil
- 08/11 | Ferreira de Pantón | Ferreira FC, Club de tiro con arco e campo de golf
- 09/11 | A Capela | Brinquedia
- 17/11 | Moraña | Moraña CF e clubs de atletismo
- 21/11 | Fene | Club Nautilus, Maniños SD e ximnasia artística
- 28/11 | O Saviñao | Patinaxe e Atlético Escairón
- 12/12 | Arcade | Centenario do Arcade CF
- 13/12 | Toén | Benito Villamarín
- 19/12 | Arbo | Cincuenta aniversario Arbo CF

4.5.9 Festivais retransmitidos en directo por Radio Galega Música

En 2022 a Radio Galega non retransmitiu festivais debido ás restricións pola pandemia da covid-19 durante os meses nos que debían planificarse esas producións. Co fin de dar a maior cobertura aos grandes festivais, a radio pública desprazouse cos seus programas xeralistas aos lugares nos que se celebraban, como Santiago e Compostela, Viveiro e Lugo -O Son do Camiño, Resurrection Fest e Caudal Fest.

4.5.10 Gravacións de eventos de música clásica, bandas e corais

A RG deu continuidade en 2022 á gravación de eventos de música clásica, bandas e corais, para incorporar ao arquivo histórico que a emisora pública promove desde a súa fundación. A planificación das gravacións destes eventos estivo afectada polas restricións derivadas da pandemia da covid-19.

Como novidade, en outubro de 2021, radiogalega.gal e a aplicación móbil CRTVG ofreceron o acceso ao audio en directo de eventos de música clásica, bandas e corais en directo, acción que tivo continuidade en 2022.

- 18/01 | Sociedade Filharmónica | A Coruña
- 25/01 | Orquestra de Cámara Galega | A Coruña
- 26/02 | Orquestra Clásica de Vigo | Vigo
- 15/03 | Sociedade Filharmónica | A Coruña
- 18/03 | Orquestra Clásica de Vigo | Vigo
- 09/04 | Orquestra Clásica de Vigo | Vigo
- 24/04 | Festival de bandas de Meaño | Meaño
- 26/04 | Sociedade Filharmónica | A Coruña
- 07/05 | Concurso Internacional de Piano | Ferrol
- 15/05 | Mostra musical Eixo Atlántico | Ferrol
- 28/05 | Concerto Xabier Díaz | Pontevedra
- 04/06 | Camerat O.S.G. Resis Festival | A Coruña
- 05/06 | Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra | Pontevedra
- 25/06 | XXVIII Festival de corais de Verín | Verín
- 07/07 | Banda Sinfónica Galega e Banda Municipal de Santiago | Santiago
- 17/09 | Orquestra de Cámara Galega | Lugo
- 07/10 | Ateneo Barroco | Santiago de Compostela
- 09/10 | Festival de Bandas de Barro | Barro
- 11/10 | Ateneo Barroco | Santiago de Compostela
- 16/10 | Certame Internacional de Piano | Vigo
- 18/10 | Sociedade Filharmónica | A Coruña
- 22/10 | Orquestra Clásica de Vigo | Vigo
- 06/11 | Festival de Bandas de Castrelo | Cambados
- 22/11 | Orquestra de Cámara Galega | A Coruña
- 03/12-04/12 | Certame Galego de Bandas | Celanova
- 29/12 | Orquestra Clásica de Vigo | Vigo

4.6 Contidos dixitais

O servizo de Extensión Audiovisual é o encargado desde 2019 da creación dixital, promoción e difusión dos contidos de entretemento da CRTVG. A través das diversas canles dixitais da Corporación, este servizo xera produtos audiovisuais propios e achega ao público os contidos desta área adaptados ás novas linguaxes. Por outra banda, desde este servizo lévase un control global da presenza da Corporación no ámbito dixital.

O labor complétase ao traballar nun contacto constante co resto de departamentos que desenvolven actividades no ámbito dixital. As estratexias conxuntas nas canles de comunicación, xurdidas nos últimos anos, son fundamentais para facer unha correcta e coherente difusión dos contidos e para iso é fundamental a coordinación coa Área de Informativos e, sobre todo, coas áreas de Innovación e Negocio e Proxección Social.

4.6.1 Liñas estratéxicas

As liñas estratéxicas do departamento teñen cinco eixos:

- Atraer a mocidade que centra o seu consumo nas novas canles de comunicación. As novas xeracións consomen cada vez menos produto audiovisual a través dos medios tradicionais, polo que é preciso achegarles o contido da Televisión de Galicia no ámbito dixital. Para iso, adaptáanse ás súas linguaxes e achéganselles os produtos que poden ter maior interese para eles.
- Intentar que a cultura e a lingua galegas teñan maior visibilidade na rede. Colaborar na diferenciación da cultura e da lingua propias no mundo globalizado de internet axuda a posicionar os medios públicos galegos na rede e a xerar comunidade.
- Prestar servizos á comunidade educativa.
- Aumentar con custos moderados o valor engadido do patrimonio audiovisual preexistente na Corporación dándolle outra vida a nivel dixital.
- Situar a CRTVG como pioneira en proxectos de contidos dixitais, creando novos produtos dirixidos de xeito específico para estes grupos que centran o seu consumo nestas contornas.

A Corporación comezou a aumentar e mellorar a súa presenza nas redes sociais no 2015 coa creación do departamento de Contidos Dixitais. Máis tarde, no 2018, o proceso de cambio no dixital intensificouse coa intención de trasladar e adaptar ás novas canles os contidos que antes ían dirixidos só á televisión. Tras unha reorganización estrutural, primeiro cunha transición na que se creou un equipo na Área de Contidos especializado en contidos dixitais e logo coa creación do servizo de Extensión Audiovisual, consolidouse este cambio no posicionamento das creacións non-informativas na rede.

Actualmente, o departamento de Extensión Audiovisual dálle continuidade a todo aquilo que antes só quedaba no soporte tradicional, crea contido diferenciador adaptando as linguaxes ás diferentes redes sociais, aumenta a súa presenza nas canles que vaian xurdindo e ten un total control dos contidos ao manter unha comunicación directa e continua con todos os subministradores de produtos audiovisuais da CRTVG. Ademais, tamén alimenta a páxina web e xestiona directamente as redes sociais.

A mellora na comunicación entre o departamento de Extensión Audiovisual e os subministradores de produtos audiovisuais da CRTVG conseguiu unha optimización dos recursos ao crearen estratexias conxuntas de difusión e unha mellor adaptación das linguaxes. Grazas a estas claves, estes creadores e difusores de contido comezaron neste 2022 a crear de forma nativa novos elementos para as redes sociais.

Informar á comunidade na rede de aquilo que está na grella da televisión lineal e darlles unha segunda vida aos contidos da televisión no dixital é o principal obxectivo do departamento, xa consolidado desde hai anos. A audiencia na nosa páxina web e a conversa social xerada nas redes sociais conseguiu -e consegue- que a vida dos programas, dos documentais, da ficción se estenda no tempo e non quede só nas horas de emisión en televisión. Por outra banda, no ano 2022 este obxectivo ampliouse e progresou coa apertura e consecución de dúas novas fronteas: mellorando a escolla do contido adaptado a cada ámbito dixital e a mellor adaptación das novas narrativas en cada un deles.

Seguindo nesta liña, os fluxos de traballo no 2022 encamiñáronse cara á mellora das estratexias nos novos espazos de difusión, aumentando e optimizando a presenza no amplo abano de redes sociais no que se move a mocidade hoxe en día. Esta liña camiña da man das estratexias dixitais conxuntas co resto de departamentos creadores cos que se traballa de xeito sinérxico, xa que a difusión de contidos non pasa só pola transmisión dos contidos non informativos da TVG.

A programación tanto da Radio Galega coma da Televisión de Galicia está presente nas canles dixitais e a estratexia vai da man á hora da súa difusión. A consolidación do espazo lingüístico 'DígochoEu' e todos os contidos paralelos que derivaron del; a aparición doutros formatos nativos dixitais e a constancia de contidos da Corporación en todas as redes sociais; a oferta completa, de arquivo e actual, do portal de ficción galega EnSerie.gal; o crecemento de proxectos como #Cultura365; a presenza da Radio Galega noutras plataformas... todo isto son exemplos, entre outras cousas, do emprego das novas canles como altofalante dos contidos da CRTVG, que teñen cada vez máis visibilidade nos mundos nos que se moven as novas xeracións.

4.6.2. Criterios de dinamización da web e das redes sociais

O servizo de Extensión Audiovisual conta cun grupo de profesionais que se dedica de forma exclusiva á xestión web. Este equipo de persoas especializado ten dúas tarefas principais: a xestión da páxina web crtvg.gal e a xestión das contas de redes sociais, a través das cales se difunden os contidos da televisión e os xerados desde cero no departamento. As principais liñas de traballo son:

- Converter as redes sociais da CRTVG en canles propias a través das que consumir todo tipo de contido, aumentando a presenza de produtos audiovisuais nelas durante practicamente as 24 horas ao día. As redes sociais convértense nun escaparate máis con contido propio ao que a xente pode acudir para entreterse, sen que iso teña como fin principal acudir á emisión tradicional. Isto tamén fai posible que os seguidores dos perfís da TVG sexan coñecedores da grella de televisión, aínda sen seren consumidores directos do medio.
- Captar novas audiencias a través das redes sociais que consuman os contidos a través da páxina web e da canle en directo no YouTube, sumándose así á audiencia lineal.
- Mellorar a difusión e a adaptación ao mundo dixital do contido que sae en televisión, modificándoos de tal xeito que poden ter unha vida propia na rede aínda sen referenciar o contedor do que sae.
- Crear estratexias dixitais que teñan en conta as audiencias que destacan en cada unha das redes para o máximo aproveitamento do material co que se traballa.
- Diversificar, e polo tanto mellorar, a promoción dos contidos televisivos dunha maneira menos tradicional, a través da creación de produtos típicos da rede: creación de *gifs*, de memes, de *stickers*, de vídeos cunha edición que faciliten o consumo e que sigan as tendencias do momento en cada rede, creación de contidos extra mesturando contido audiovisual procedente de varias fontes, sacar os momentos interesantes do programa para a súa posible viralización, etc.
- Darlle máis presenza ao apartado Á Carta de crtvg.gal. Subir máis contidos e máis rápido, mellorar o catálogo de arquivo e facilitar o acceso aos produtos reclamados pola audiencia.

- Establecer sinerxías entre os diferentes departamentos da CRTVG. Coordinación da estratexia das redes sociais.
- Mediante a edición e a redacción, adaptar os contidos feitos cunha linguaxe audiovisual tradicional á linguaxe dixital.
- Escrutar e analizar cada un dos contidos para saber adaptalos a cada unha das redes sociais, tendo en conta o público obxectivo de cada unha delas.
- Aproveitar o material de radio e televisión para crear contidos propios a través da edición. Afiánzase e súmase audiencia e aumenta a interacción cos usuarios.
- Crear contidos nativos dixitais tendo a liberdade de elixir cales son os temas e as linguaxes que atraen maior número de audiencia.
- Xerar conversa social arredor dos contidos que compartimos.

4.6.3. Conversa en redes a partir de programas de televisión

Centrándonos na emisión de televisión, os programas que xeran maior conversa nas redes sociais continúan sendo 'Land Rober Tunai show' e 'Luar', aumentando neste último ano o apoio de ambos a través do Facebook e do Twitter. 'Land Rober' continúa sendo referencia en Instagram e tamén na canle de TikTok aberta no 2021.

Por outra banda, neste 2022 os contidos que maior repercusión tiveron foron aqueles nos que persoas de a pé tiveron intervencións en programas da grella de televisión con menos percorrido que os dous anteriores.

Sen ser unha novidade que estes contidos funcionasen por seren aqueles que xeran maior empatía, os esforzos desde o departamento por atopalos, melloralos para os novos medios e difundilos de xeito óptimo foi fundamental para que as audiencias destes contidos destaquen por riba das de anos anteriores. Programas como 'Veciñ@s', 'Comisión de festas', 'É hora de festa', 'Incombustibles' ou 'Malicia Noticias', todos eles con moita reportaxe feita a pé de rúa, foron as principais fontes de contido emocional que conseguiron ter maior alcance tanto no Instagram coma no YouTube Shorts e no TikTok.

Tamén 'Quen anda aí', 'Hora galega', os programas de eventos especiais, 'O clan das mariñeiras', 'A Revista' e 'Cos pés na terra' conseguiron este

efecto. 'Galicia Bonita' segue a ser un dos programas que maior conversa social xera, sobre todo no Twitter.

Como accións destacadas do 2022 para completar un contido televisivo con contido dixital temos:

- 'Un país en 360'. Continuando na senda do ano anterior, os contidos extra para redes sociais deste programa de televisión tiveron percorrido como promoción do patrimonio nun formato adaptado ás novas linguaxes.
- 'Os Castelos'. Seguindo algunhas das tendencias en Instagram e TikTok que buscan amosar o patrimonio, empregando o material do programa de televisión fixéronse vídeos que serviron como promoción e como contido independente por seren reclamo turístico, patrimonial e moi visuais.
- 'Luar'. Ademais dos vídeos da emisión lineal, fixéronse entrevistas desde cero nos 'bastidores' para amosar a outra cara dos artistas convidados. Como engadido, creouse unha estratexia que xeraba retroalimentación entre a conta propia de 'Luar' e a de TVGalicia.
- 'Chámalle sexo'. O programa especial de conversa para aprender sobre sexo emitido por YouTube e que complementou durante todas as semanas de emisión o programa 'Non lle chames amor' da televisión lineal.
- 'Club Incombustibles'. Vídeos complementarios que xurdiron a partir do programa Incombustibles no que se gravaba unha conversa entre unha persoa nova e unha maior para falar de cuestións en contra do idadismo.
- 'Festigaliando'. Por primeira vez, a produtora creadora deste programa xerou, desde cero e con material exclusivo, vídeos sobre os festivais en formato vertical para Instagram e TikTok.

4.6.4 Producción propia para redes sociais

No que respecta aos contidos dixitais de produción propia, ao longo do 2022 xeráronse varias seccións temporais que acadaron unha visibilidade destacable:

- 'Desvestímonos'. Nacida no 2021. Vídeos dirixidos exclusivamente a redes sociais, adaptando as súas formas e linguaxes ás diferentes canles. Mentres comezou por ser unha análise de cada unha das pezas do traxe folclórico galego, o formato foi evolucionando ata converterse nun espazo que fala da moda aplicada a contextos socioculturais galegos.

- ‘Botando man do arquivo’. Todo o ano, sen periodicidade definida. Posta en valor dos contidos audiovisuais históricos da CRTVG ao difundilos en redes sociais en días destacados ou efemérides.
- ‘O anecdotario’. Durante a primeira metade do 2022, este espazo deportivo compartiu vídeos con curiosidades e anécdotas sobre o mundo do deporte e os deportistas galegos, tanto actuais coma do pasado. Con este programa creáronse sinerxías necesarias entre as contas de deportes de ‘En xogo’ e as da TVG.
- ‘Chámalle sexo’. Espazo retransmitido por YouTube como complemento do programa de televisión ‘Non lle chames amor’, xa comentado. Para este programa creouse unha estratexia de difusión que partía do extracto de pezas do programa adaptadas por temáticas, formato e linguaxe ás diferentes redes sociais e que acadou boas audiencias naqueles espazos destinados aos máis novos. Ademais, o espazo completo tamén se emitiu en lineal pola TVG.
- ‘Club Incombustibles’. Espazo de redes sociais como complemento do programa de televisión ‘Incombustibles’, xa comentado.
- ‘A usurpación’. Programa de Twitch emitido de xeito temporal no mes de abril do 2022 con entrevistas a persoas novas do panorama cultural galego. Para este programa creouse unha estratexia de difusión que partía do extracto de pezas do programa adaptadas por temáticas, formato e linguaxe ás diferentes redes sociais e que acadou boas audiencias naqueles espazos destinados aos máis novos. Ademais, o espazo completo tamén se emitiu en lineal.
- ‘Aquí non se salva ninguén’. Programa de Twitch emitido de xeito temporal durante o verán de 2022 con persoas mozas como protagonistas para falar de temáticas que lles afectan relacionadas coa época estival. Para este programa creouse unha estratexia de difusión que partía do extracto de pezas do programa adaptadas por temáticas, formato e linguaxe ás diferentes redes sociais e que acadou boas audiencias naqueles espazos destinados aos máis novos. Ademais, o espazo completo tamén se emitiu en lineal.
- ‘Apaga o candil’. Programa de Twitch nacido en decembro de 2022 con continuidade no ano seguinte que ten a xente nova como protagonista e que vai tratando diferentes temas con convidados da mesma xeración. Para este programa creouse unha estratexia de difusión que partía do extracto de pezas do programa adaptadas por temáticas, formato e linguaxe ás diferentes redes sociais e que acadou boas audiencias naqueles

les espazos destinados aos máis novos. Ademais, o espazo completo tamén se emitiu en lineal.

- ‘DígochoEu’, ‘Apuntamento lusófono’ e ‘Digochoiño’. Os formatos que rodean o proxecto do ‘DígochoEu’, xa consolidados en todas as redes sociais e en todos os formatos.

Aínda sen seren contidos cunha periodicidade establecida, servíndose da actualidade, desde o departamento producíronse contidos arredor de días e eventos sinalados.

O **fenómeno Tanxugueiras** fixo que durante os primeiros meses de 2022 a actualidade informativa en Galicia tivese sempre presente este grupo de música que medrou na TVG. A repercusión non só foi na televisión lineal, tamén nas redes sociais se fixeron programas de Twitch especiais (‘Tanxufesta’) para cubrir o seu percorrido e achegarlles aos galegos e aos de fóra quen son as súas integrantes. A cobertura da final do Benidorm Fest na CRTVG foi o primeiro programa de España en emitirse de forma simultánea en TDT, radio, Twitch e YouTube. Ademais disto, fixéronse contidos nativos coas cantantes e con todo o arquivo que había delas na CRTVG que acadaron gran viralidade. Tamén, seguindo este camiño, fíxose unha cobertura do Festival da Canção de Portugal e do Festival de Eurovisión, todas elas desde unha perspectiva galega.

Nunha data tan sinalada coma o **Entroido** en Galicia, desde Extensión Audiovisual fixéronse vídeos para achegar dun xeito ameno as cuestións máis características desta festa.

Para o **Día Internacional da Muller**, compartíronse durante unha semana vídeos curtos nos que se daba a coñecer unha muller relevante no seu eido cada día dun xeito ameno e directo. Nesta ocasión, decidiuse falar de persoas que son referencia na actualidade, e non de figuras do pasado como se adoita facer.

Pola celebración dos 20 anos dos **Premios Mestre Mateo** fíxose unha cobertura especial, sobre todo na conta de Instagram. Alí amosáronse as vestimentas, falouse dos produtos e dos artistas gañadores e fíxose un especial da alfombra vermella que conseguiu xerar certo interese a través das redes sociais.

Para as **Letras Galegas**, e con afán por innovar, compartiuse a información do homenaxeado con vídeos conversacionais entre tres dos membros do departamento. Con movementos bruscos de cámara e recreando situacións

costumistas, achegóuselle á xente nova a través das súas principais redes de consumo toda a información de Florencio Delgado Gurriarán.

Os **100 anos de María Casares** tamén foron obxecto de interese nas redes sociais da Corporación, nas que, ademais de promocionar e darlle visibilidade a aquilo que foi a emisión lineal, se fixeron edicións de vídeo adaptadas ao consumo da mocidade para poder achegar a figura da actriz a este grupo máis afastado dela.

O **Samaín**, o **Día da Música**, o **Blue Monday**, o **Día do Community Manager**, o **Día da Alimentación**... Así como aqueles eventos especiais da Corporación, como pode ser a celebración do concurso da **Canción do Verán** e da **Canción do Nadal** resultaron en pezas nativas propias. Tamén atendendo as tendencias de determinadas redes sociais -os *trends* de TikTok, Instagram ou Twitter- créanse contidos desde cero empregando sempre elementos representativos da lingua e cultura galegas e tamén característico da historia ou da actualidade da CRTVG. Tampouco deixaron de facerse montaxes de diferentes contidos de emisión, recompilatorios ou coleccións de cazapos.

É salientable o apoio na rede ao departamento de Responsabilidade Social Corporativa nas súas **#AcciónsG**, especialmente nas campañas 'Brilla na escuridade', 'Todos necesitamos de todos' e o 'Día Internacional das nenas nas TIC'.

Técnicas de alcance nas redes

Ademais de servir de altofalante de radio e televisión e da creación destas pezas e seccións, nadas e desenvolvidas na súa totalidade dentro de Extensión Audiovisual, o traballo diario do departamento tamén inclúe a interacción cos usuarios e o trato próximo. A maiores da resolución de preguntas da audiencia tanto en público como en privado -traballo habitual de *community manager*-, utilízanse outras ferramentas para buscar a interacción con ela e tratar de saber así as súas preferencias en canto ao contido. Como se adoita facer, no 2022 lanzáronse preguntas en redes sociais para coñecer as tendencias da audiencia e empregouse de xeito periódico o espazo de "historias" de Instagram para facer xogos e enquisas a través dos cales interactuar, formar e informar os usuarios ao mesmo tempo que se promocionaban contidos documentais, de películas ou de series de televisión.

O ano tamén serviu para consolidarse, tanto nos fluxos de traballo como entre a audiencia, *gifs*, *stickers* e memes por parte das contas de entretemento da Televisión de Galicia.

O departamento de Extensión Audiovisual caracterizouse tamén neste período pola consolidación dos fluxos de traballo referentes á creación de contidos viralizables nas redes sociais de moda. TikTok, Instagram e YouTube Shorts posiciónanse como medios de consumo directo, sen que a audiencia pretenda saír deles para ampliar coñecementos ou ver máis contidos relacionados a maiores do que xa viron. Entendendo este novo xeito de consumo dos mozos -e dos que non son tan mozos-, a Área de Contidos da CRTVG asumiu un novo paradigma no que chegar a estes grupos de persoas coa marca do medio e os elementos informativos sobre a grella, que é prioritario para darse a coñecer e conectar cunha audiencia que cada vez consome menos televisión lineal.

Todo isto supuxo unha mellora na montaxe dos vídeos adaptados aos formatos que se precisan, unha edición adaptada e atraente para o *target* ao que se dirixe esta actividade e unha aprendizaxe do equipo á hora de difundir o contido de xeito correcto.

Por outra banda, é salientable o esforzo desde os departamentos de dixital da Corporación por facer formar parte dos contidos deste medio a persoas relevantes deste ámbito que conseguen atraer o público máis novo. Baixo a teoría dos prescritores e a súa influencia na comunidade, personaxes influentes no mundo das redes sociais galegas foron filiadas a certos contidos difundidos nas redes da TVG, sexa Twitch, Instagram ou TikTok. É o caso de Rodrigo Paganelli, Pablo Meixe, Mercedes Silva (*Totakeki*), Nuno Pico (*Grande Amore*) ou María Foscaldo (*A repunante*).

4.6.5 Convocatoria de contidos dixitais

No verán de 2022, a CRTVG abriu unha nova vía de produción e colaboración co sector audiovisual cunha convocatoria pública de selección de proxectos dixitais en lingua galega. Co obxectivo principal de promover a creatividade e buscar novas formas de produción de contidos dixitais, con especial interese nos pequenos produtores, a Corporación dirixiu a súa oferta ao mercado para produtos de ficción, humor, divulgación, educación, cultura ou *infotainment* en formato longo ou en forma de sección.

Trátase da maior convocatoria -á que a TVG destina 330.000 euros- ata a data para proxectos dixitais, e enmárcase da estratexia de dixitalización, innovación e procura de novas canles de comunicación coa audiencia.

En proceso de entrega nos primeiros meses de 2023, finalmente serán 25 proxectos de diferentes produtoras audiovisuais e con múltiples enfoques: danza, humor, concienciación medio ambiental ou historia e patrimonio. Os de formato longo contan para a súa produción con 20.000 euros cada un.

Outros proxectos foron seleccionados como microespazos e están dotados con 3.000 euros por proxecto. Todos eles teñen en común que están creados especificamente desde e para a contorna dixital, xa que serán emitidos a través das canles dixitais, páxina web e redes sociais dos medios públicos galegos.

Esta convocatoria, á que se presentaron 106 traballos, ten o obxectivo de promover a creatividade neste eido e procurar xeitos de produción de contidos multiplataforma e transmedia en lingua galega, que permitan novas formas de interacción coa audiencia e dean cabida nos medios públicos a expresións artísticas netamente dixitais.

4.6.6 Outras iniciativas innovadoras

Consolidación da canle de Twitch da CRTVG

Desde 2021, CRTVG ten o reto de manter tamén unha programación na canle de Twitch. Isto supuxo un antes e un despois na forma de xerar contido por parte da Corporación ao tratarse doutra nova canle que precisa recursos similares á propia televisión.

Logo dos primeiros experimentos, o 'Apuntamento Lusófono' consolidouse no 2022 como un dos espazos fixos de emisión cada mércores a través da canle. A emisión de eventos especiais fíxose habitual: as semifinais e a final do Benidorm Fest baixo o título de 'Tanxufesta', a cobertura do Festival da Canção de Portugal, a celebración do Festival de Eurovisión e a cobertura do programa especial do 'Luar' co concurso de beleza Miss Vaca. A maiores foron sucedéndose diversos programas dedicados á mocidade: 'A usurpación', 'Aquí non se salva ninguén' e 'Apaga o candil', aínda en grella.

Reforzo da canle de YouTube

- Mantívose a emisión en directo da Televisión de Galicia 24 horas.
- Sumouse a estas canles de directo en marzo de 2022 a emisión do estudio multimedia da Radio Galega nos programas que se fan con imaxe.
- Emisión semanal en directo do programa 'Chámalle sexo', complementario do programa de emisión lineal 'Non lle chames amor'.

- Emisión de contidos específicos infantís durante o Nadal de 2022 en directo. Emitiuse un directo diario de 'Os Bolechas' durante as vacacións dos cativos.
- Aumento da oferta.
- Optimización dos recursos e dos contidos.
- Presenza de *videopodcasts* da Radio Galega.
- Aumento da oferta do novo formato desta ventá, o YouTube Shorts.

Estrea de novas canles dixitais infantís

Como se indicou anteriormente, baixo os nomes de 'Pequerrech@s', para o público de ata 6 anos; 'Cativ@s', para a cativada de entre 6 e 9 anos; e 'Mociñ@s', dixirido aos maiores de 9 anos, estas canles potencian a oferta infantil da CRTVG. Estreadas en decembro de 2022, estes tres *fast channel* acumulan 46 títulos e máis de 2.600 episodios e están accesibles tanto na aplicación da CRTVG coma nas canles en directo de crtvg.gal.

Fluxos G

Ante a imposibilidade de asistir a eventos culturais e de ocio durante a pandemia, no 2020 nace a iniciativa Fluxos G, na que se retransmiten en directo diversas celebracións de diversas entidades que achegaban valor e interese para o público a través de *streaming* en crtvg.gal. No 2022 segue en activo asumindo xa outro rol: o de achegar contido cultural en liña á sociedade galega.

5. RELACIÓN CO SECTOR AUDIOVISUAL

5.1 Apoio ao sector a través do 6%

Neste 2022 e atendendo ao cumprimento da obriga do 6%, a CRTVG mantivo o seu apoio ao talento audiovisual galego a través da participación activa en proxectos relevantes tanto pola súa creatividade, calidade, viabilidade e capacidade de repercusión nos distintos niveis, rexional, nacional ou internacional, como tamén nos medios tradicionais e nas redes sociais.

A Corporación mantén, por tanto, a súa liña de impulso e participación nos proxectos máis significativos do sector audiovisual galego, potenciando a súa vinculación co tecido empresarial galego na busca de sinerxías e proxectos de interese común.

O equipo da Área de Contidos da CRTVG mantivo numerosas xuntanzas de traballo coas distintas produtoras galegas e participou en diversas actividades e foros do sector para facer un seguimento pormenorizado dos proxectos cinematográficos en curso:

- *Pitching* do Clúster do Audiovisual Galego, I+P ideas para producir.
- *Pitching TFG* do Clúster do Audiovisual Galego.
- Presenza en xornadas organizadas por entidades do sector como a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi), a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ou o Clúster Audiovisual Galego.
- Asistencia a rodaxes e presentación de películas e series. ('O home e o can', 'Argonautas', 'O corpo aberto', 'Unicorn wars', 'Saudade de ti', 'As neves', etc.).
- Participación na presentación da serie 'Operación Marea Negra' nos cines Callao en Madrid e en Ribeira (A Coruña) en febreiro de 2022. Esta coprodución internacional de Ficción Producciones conta coa participación de TVG e FORTA e estreouse en Amazon Prime Video.
- Presenza institucional na gala dos Premios Mestre Mateo 2022.
- Presenza institucional no Festival de cine de Ourense (OUFF).

5.2 Proxectos aprobados no 2022

Ao longo do ano 2022, inscribíronse no rexistro de proxectos dispoñible en crtvg.gal un total de 162 propostas, entre elas 16 longametraxes, 19 documentais e 1 *tv movie* mais 126 propostas de programas.

Ademais, púxose en marcha un novo procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais co fin de favorecer a transparencia e o traballo de valoración e selección dos proxectos. Tras o exhaustivo traballo realizado pola comisión directiva de programación e atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias, propúxose participar en 14 proxectos: 7 longametraxes cinematográficas, 5 longametraxes documentais, 1 serie de animación e 1 *tv movie*.

_A longametraxe ‘Ariel’, unha aposta experimental para abordar a Shakespeare e a súa obra de teatro ‘A tempestade.’ A película poderá chamar a atención no circuío de festivais internacionais dada a universalidade da súa temática e a traxectoria dos seus creadores. O proxecto, unha coprodución de Filmika Galaika coa produtora portuguesa Bando Aparte, ten un plan financeiro sólido e conta coa axuda de Agadic e do ICA portugués, e ten abertas outras vías de negociación con institucións.

_‘A procura da estrela’, un documental que se constrúe a partir do financiamento acadado na fase de desenvolvemento con premios como o do Mentoring Projects do festival L’alternativa (Barcelona), axudas como a de Talento de Agadic e outros apoios económicos como os dos concellos da Serra da Estrela.

_‘Un pasado por diante’ é unha película que se vertebra sobre as viaxes no tempo e está orientada ao público familiar. Óscar e Teo (12 e 10 anos) son dous irmáns, moi distintos entre si, que lidan cada un ao seu xeito coa desaparición da súa nai, unha prometedor científica que morre de accidente mentres investigaba os buratos do verme. Este proxecto destaca polos seus valores de produción: a directora novel, a temática, unha película fantástica e de aventuras cun *target* aberto e familiar e a solidez de Vaca Films.

_‘Amigos ata a morte’ é unha historia universal baseada en valores como a amizade, a xenerosidade ou as segundas oportunidades. Trátase dunha comedia *feelgood* que arranca de xeito desenfadado cun triángulo amoroso. En termos de financiamento trátase dunha coprodución internacional con México que conta cos apoios da Deputación de Ourense e do Hub Audiovisual da Agadic. A longametraxe irá da man de Amazon Prime Video para a súa estrea nesta plataforma.

_A longametraxe ‘Sica’ (1 x 90’), unha produción de Miramemira en co-produción coa produtora catalá Alba Sotorra. Este proxecto conta xa cun plan de financiamento que inclúe o apoio do ICAA, do ICEC e de Agadic e do programa Media.

_A longametraxe ‘+ Cuñados’ (1 x 90’), é unha nova proposta de Portocabo Producións que segue o fío do éxito acadado pola comedia ‘Cuñados’, na que participou tamén TVG, que resultou ser unha das tres mellores estreas do 2021, sexta no *ránking* de películas españolas que máis recadou e con presenza en mercados internacionais.

_A longametraxe ‘Para ver o mar’, presentada por Serviguide (1 x 80’), está inspirada na historia real de Agapito Pazos Méndez. Será a primeira longametraxe de Xabier Eirís como director e guionista, que aborda aquí a historia de Telmo, un home que viviu máis de 70 anos pechado nun hospital e que só saíu nunha ocasión para ver o mar.

_A película ‘Jacinto’ (1 x 94’), de Vizuals, dirixida por Javi Camino, é un filme de xénero que triunfou internacionalmente. Tivo a súa estrea mundial no GenreBlast de EUA (onde levou o premio a Best Midnight Movie, e Juanma Buiturón o premio a Best Supporting Actor) e a estrea nacional no festival de Sitges, onde gañou o premio do público.

_A longametraxe documental ‘Salvaxe, salvaxe’ (1 x 80’), presentada por Walkie Talkie Films, é un filme de Emilio Fonseca producido por Xiana do Teixeiro. Un proxecto único como ensaio cinematográfico exploratorio, inmersivo, que obtivo a cualificación de película de interese cultural (ICAA, 2020) e que conta co apoio de Agadic.

_A longametraxe documental ‘Peregrinas, mulleres do camiño’ (1 x 70’), proxecto de Teófilo Comunicación, está dirixido por Alberte Cabarcos co apoio do Xacobeo. É un percorrido pola historia do Camiño de Santiago desde unha perspectiva feminina que divulgará aspectos descoñecidos da ruta de peregrinación máis famosa da historia.

_O documental ‘Fillas do vento’ (1 x 60’) está dirixido polo xornalista e documentalista Adrián Vilas e producido por Trespés desenvolvemento local. Esta proposta documental quere facer un achegamento a un animal totémico: o cabalo do monte. ‘Fillas do vento’ ofrecerá unha viaxe visual por unha paisaxe ancestral na que o ser humano convive co cabalo e co lobo, a súa maior ameaza.

_‘A unidade componse da desorde’ (1 x 90’) é un documental cultural de creación dirixido por Bruno Arias que establece un diálogo artístico coa súa tía, a desaparecida escritora Xela Arias. Trátase dunha peza única e íntima que incorpora material de arquivo inédito e exclusivo para relatar a crónica dun proceso humano e compartido entre dúas xeracións.

_‘Mibots’ (15 x 5’) é unha serie de animación 3D presentada por Producións A Fonsagrada, dirixida ao público infantil en clave de divertida comedia. ‘Mibots’ é unha simpática familia espacial de exploradores que teñen entre mans unha tola misión que é tentar comprender o mundo dos humanos desde a perspectiva da lóxica dos seus circuitos mentais. Este proxecto constrúese co apoio de Á Punt Média, a televisión valenciana, e o Instituto Valenciano de Cinematografía.

_‘Os amantes de Abrente’, unha *tv movie* producida por Voz audiovisual e vinculada ao universo da serie ‘Saudade de ti’ que comeza con dous acontecementos felices: a chegada de Santi a Abrente, un enfermeiro que revoluciona a vida da doutora da vila, Olga, e a celebración do centenario de Celso, o nexo de unión entre a familia Eiroa e os López de Castro.

5.3 Relación global co sector audiovisual

A canle desenvolve un papel clave en relación ao tecido audiovisual galego, xa que a interacción co talento creativo, artístico e técnico do sector é permanente. Este papel tradúcese en diferentes fórmulas de colaboración:

- A meirande parte dos contidos que configuran o *prime time* da grella da TVG están realizados por produtores independentes. Neste sentido cómpre destacar o procedemento de rexistro de proxectos que regula e permite canalizar dunha maneira máis eficaz as propostas que chegan desde o sector.
- Por outra parte, a TVG segue a manter o seu apoio aos proxectos cinematográficos que nacen desde Galicia e propician a construción dun plan de financiamento sólido que fomenta a coprodución e a competitividade non só a escala nacional, senón tamén no mercado internacional.
- Ademais, TVG participa tamén de forma activa nas propostas de ficción que se poden tipificar como series *premium* ou “evento” (‘Motel Valkirias’ ou ‘Operación Marea Negra’, por exemplo), que se constrúen sobre alicerces de coproducións internacionais e co apoio das grandes plataformas, que garanten produtos de altísima calidade, coa consiguiente posta en valor da lingua e do talento galego nos escaparates internacionais.

- Abordáronse tamén iniciativas pioneiras como a convocatoria de contidos dixitais, xa mencionada, dirixida a novos produtores. Esta convocatoria tiña o obxectivo de transcender a produción dos contidos tradicionais da tv lineal (cine, series de ficción, documentais, programas infantís e produtos de todo tipo), centrarse en contidos concibidos unicamente para o mundo dixital -as redes e os distintos soportes transmedia, en consonancia co reto de evolucionar- e adaptarnos ao novo contexto para atender a demanda e os novos hábitos de consumo dos espectadores.
- Por último, hai que facer mención a outro tipo de achegas desde a CRTVG ao sector audiovisual que van máis alá da adquisición de contidos, que consisten na prestación de servizos tales como poden ser a dobraxe e subtitulación, entre outros, e que representan volumes relevantes en termos de servizo e mesmo orzamentarios. A estes habería que sumar as achegas en materias como os servizos de información, grafismos, alugueiros de estudos, traballos exteriores de apoio á produción e á circulación polas canles dixitais, ou colaboracións en diversos programas e proxectos de televisión, radio ou ámbito dixital.

5.4 Promoción e presenza exterior das producións galegas

Televisión de Galicia seguiu participando en iniciativas de promoción encamiñadas a establecer un contacto máis directo co público, acudindo a presentacións dos produtos audiovisuais en primicia e apoiando o lanzamento na alfombra vermella dalgúns destes produtos *premium* con repercusión nacional e internacional, como foi o caso da presentación da serie ‘Operación Marea Negra’, temporada I en Madrid, ou a participación da serie ‘Motel Valkirias’ na conferencia de apertura do Mercado internacional MIPCOM celebrado en Cannes en outubro, onde se mostrou como exemplo das novidades no panorama internacional da ficción.

Neste sentido, continúaase a traballar na busca de proxectos que cunha clara vinculación coa nosa identidade cultural teñan ademais potencial para traspasar fronteiras e captar o interese do mercado exterior, dando maior visibilidade aos contidos grazas á presenza dos produtos e á marca de TVG en plataformas tan significativas como Netflix, Amazon ou HBO, ademais de nas tradicionais ventás de exhibición nas salas e nas propias televisións de todo o mundo.

5.4.1 Percorrido exterior de producións galegas

Co afán de potenciar as súas principais liñas estratéxicas, a Televisión de Galicia trata de apoiar activamente a distribución dos seus produtos audiovisuais e as alianzas con socios europeos que permitan propiciar sinerxías e acordos que aumenten a competitividade e calidade dos produtos no mercado audiovisual. Nesta liña, a televisión pública galega esfórzase e apoia as iniciativas de distribución que potencien a capacidade dos produtos feitos en Galicia para que teñan visibilidade no mercado internacional e poidan potenciar acordos comerciais.

Neste camiño hai que destacar o eco logrado por algunhas das series de ficción *premium* como 'O sabor das Margaridas', 'Auga seca' ou máis recentemente 'Operación Marea Negra' ou 'Motel Valkirias'.

Ademais, ao longo do pasado ano abríronse negociacións con distintas plataformas dixitais para incorporar ao seu catálogo contidos en lingua galega correspondentes á librería de Televisión en Galicia.

Así pois, a Televisión de Galicia, co obxectivo de promover a lingua e a creatividade audiovisual máis aló do noso territorio, traballa na busca de novas fórmulas de coprodución situando o foco nas novas oportunidades de comercialización que ofrece o mundo dixital e as OTT.

6. O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

6.1 Posta en marcha do sistema de realización automática multicámara para un estudio da Radio Galega

No ano 2022 púxose en marcha, como estaba previsto, o sistema de realización automática multicámara para o novo estudio 5 da Radio Galega, que conta con 4 cámaras robotizadas. Este sistema permite xerar contidos visuais que acompañan a emisión de radio, mediante realización automatizada do sinal de vídeo. Dotouse ademais o estudio de radio dun *videowall*.

Cadrando cos 37 anos da emisión inaugural da Radio Galega, o 29 de marzo entrou en funcionamento este novo estudio multimedia que fai posible a emisión da programación radiofónica tamén pola televisión, e a publicación en todo tipo de redes sociais e canles dixitais de vídeo como YouTube, como se explicou en capítulos anteriores desta memoria.

6.2 Servidores de produción e repetición de TVG

Por outra parte, neste ano 2022 foi renovado o sistema de servidores de produción e repetición dos tres estudos de control de TVG, dado que o anterior sistema estaba fóra de soporte técnico e tratábase dun sistema crítico para a produción. Este tipo de sistemas realizan as funcións habituais de gravación, repetición e lanzamento de vídeos. Para isto, adquiríronse tres unidades de servidores de oito canles cada un, configurables para traballar como entradas ou saídas, cos seus correspondentes postos de control remoto nos estudos, xunto con tres servidores de transcodificación que permiten adaptar os vídeos de calquera formato ao códec de traballo.

6.3 Posta en marcha dun novo sistema de grafismos para a información meteorolóxica

Outro desenvolvemento técnico do exercicio foi a renovación do sistema gráfico utilizado na información meteorolóxica da Televisión de Galicia. O anterior sistema estaba obsoleto e precisaba ser substituído polas últimas tendencias tecnolóxicas neste tipo de información. O novo *software* para carga, edición e reprodución de arquivos, así como o novo sistema de control interactivo de reprodución dos contidos, permítenlle á TVG adaptarse ás necesidades da cidadanía e ofrecer un servizo punteiro e moi atractivo graficamente para a audiencia.

6.4 Códecs portátiles para o remoteado das cámaras dos estudos das delegacións da Corporación RTVG

Como xa se implementara na delegación de Madrid, no 2022 replicouse o esquema técnico que permite remotear as cámaras robotizadas das catro delegacións de CRTVG en Galicia. Deste xeito, e desde a sede central en San Marcos, pódense operar en remoto as cámaras dos estudos das delegacións. Para isto foron adquiridos e instalados no 2022 códecs de son portátiles e lixeiros.

6.5 Nova mochila 5G

Na súa aposta pola renovación tecnolóxica, Televisión de Galicia implantara en 2013 a utilización, na realización de transmisións en directo, de mochilas con conectividade de rede móbil de telefonía. Estes equipos permiten a transmisión de vídeo por redes de telefonía móbil, para o que realizan a codificación e compresión de vídeo en alta definición utilizando codificadores de última xeración e reparten o conxunto de datos xerados entre 8 módems telefónicos. Trátase dun equipo compacto aloxado nunha mochila que, conectado á cámara, permite a retransmisión de imaxes en tempo real empregando un dispositivo operativo máis reducido que os necesarios cando se empregan unidades de transmisión vía satélite, DSNG.

A Televisión de Galicia foi unha das primeiras canles en España en utilizar este sistema. Unha das principais vantaxes destas mochilas, tamén provistas dunha pantalla, ademais da súa lixeireza, é que evita o desprazamento dunha unidade móbil e non precisa da dispoñibilidade do satélite para o envío das imaxes. Desde entón, este sistema foi ampliado e neste 2022 procedeuse á adquisición dunha oitava mochila, de última xeración, sendo a primeira na CRTVG con capacidade de conexión 5G, tecnoloxía máis rápida e fiable que a anterior 4G.

6.6 Seguridade perimetral informática e de redes

Outro dos principais investimentos tecnolóxicos acometidos durante o ano 2022 foi a substitución dos equipos de seguridade perimetral informática e de redes. Os *firewall* existentes, en servizo desde hai máis de 10 anos, chegaron á fin de ciclo de vida do fabricante e, para uns equipos destas características, é vital que contén coas actualizacións axeitadas.

Na renovación dos mesmos requíranse novas características para poder dispoñer de máis zonas DMZ e para cubrir as funcionalidades necesarias que precisa o portal web dos Servizos Informativos, G24.gal, sobre todo para establecer unhas políticas axeitadas de copias de seguridade.

6.7 Implantación solución EDR

No apartado de ciberseguridade, dentro das medidas incorporadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), atópase a adopción dunha solución EDR (Endpoint Detection and Response), circunstancia que se aproveitou para adherirse a este acordo marco, e desta maneira cumprir coas obrigas de adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), cando indica que os organismos públicos terán que adoptar as medidas propostas polo organismo do que dependen (AMTEGA no caso de CRTVG). As solucións EDR son un chanzo mais arriba dos antivirus na protección do posto de traballo, previndo situacións comprometidas mais aló da detección de virus pola súa firma, senón polos propios comportamentos sospeitosos de ataques. No ano 2022 iniciáronse os trámites para proceder á súa implantación no ano 2023.

6.8 Adaptación ao ENS – Creación do Comité de Seguridade da Información

Cando falamos de ciberseguridade non podemos pensar só nos elementos técnicos que fan de barreiras físicas ou lóxicas. Cando a parte máis efectiva dos ataques se está volvendo á enxeñería social, tanto a formación coma os mecanismos de control vólvense pezas fundamentais de defensa.

Un dos mecanismos de control, esixido no Esquema Nacional de Seguridade (ENS), é o Comité de Seguridade da Información. O seguimento dos protocolos establecidos non dependerá só dos departamentos de Sistemas das empresas; os novos comités de seguridade pasan a estar compostos por responsables dos distintos departamentos das empresas para velar polo cumprimento das directrices dentro das mesmas. As funcións deses comités, estipuladas no ENS, foron as que se trasladaron na constitución do Comité de Seguridade da Información que se creou na CRTVG durante o 2022.

6.9 Renovación do decorado e cámaras do estudio 300 de TVG

No ano 2022 publicáronse as licitacións para renovar o estudio 300 de Televisión de Galicia cun novo decorado, presidido por unha pantalla LED de grandes dimensións. Renovarase así mesmo o conxunto de cámaras deste estudio, controlado desde o estudio de control 2, así como tamén as cámaras do estudio 150, controlado desde o estudio 1.

7. CANLES DIXITAIS EN DATOS

No 2022, a estratexia da Corporación diversificouse en base aos consumos dos usuarios, creando unha especial atención á difusión dos contidos da CRTVG a través das diferentes plataformas dixitais de referencia no mundo. Tamén, consolidouse o crecemento sostido das canles dixitais e a continua adaptación aos novos xeitos de consumo dos usuarios galegos. O portal G24.gal converteuse nun medio de referencia de información en galego, cos valores de marca e establecendo unha estratexia conxunta de difusión de informacións de alcance.

No seu conxunto as canles web da CRTVG (crtvg.gal, g24.gal, radiogalega-podcast.gal) foron vistas por un total de 4 millóns de usuarios únicos ao longo do ano, usuarios que accederon nun total de 11,1 millóns de sesións. Do mesmo xeito, os contidos destas canles web foron vistos 22,1 millóns de veces ao longo de todo o ano.

Un dato salientable é o incremento do consumo da Radio Galega a través do *streaming* da CRTVG, cun incremento do 14% con respecto a 2021. O mesmo ocorre con Radio Galega Música, que incrementou o seu consumo en *streaming* nun 7%, ao que hai que sumarlle Radio Picariña, que tivo un crecemento do 38%.

A Corporación mantivo a súa aposta polos contidos nativos dixitais en redes sociais, liderados polo proxecto 'DígochoEu', que acadou os mellores datos de audiencia media en TikTok. Hai que destacar que todos os vídeos superan as 10.000 visualizacións e boa parte deles convértense en virais. Deste xeito, TikTok consolídase como a conta con máis seguidores de todas as redes sociais da Corporación, con 314.000 seguidores, cumprindo, deste xeito, co obxectivo marcado de achegarse a audiencias máis novas. O alcance das contas da CRTVG en TikTok tamén sufriu unha importante mellora, un incremento do 117% con respecto ao 2021 e logrando chegar a 23 millóns de persoas.

Así mesmo, hai que destacar o incremento xeral de seguidores e de interaccións en Twitter, amosando un incremento do 34% con respecto ao ano anterior e acadando preto de 300.000 seguidores nas diferentes contas oficiais da CRTVG. Instagram tamén se consolida, ao igual que TikTok, como a rede con incrementos elevados con respecto ao ano anterior, cun crecemento do 15% e cun alcance de 12,7 millóns de persoas.

Unha mención especial merece a rede Facebook, co crecemento máis exponencial da historia da CRTVG. No ano 2022, as contas da CRTVG en Facebook acadaron os 222 millóns de alcance, o que supón un 268% máis que no ano 2021.

A aposta polos contidos nativos e a mellora na produción provocaron estes incrementos tan notables. A canle de Twitch da CRTVG tamén medra e consegue converterse na primeira comunidade en galego con máis seguidores, superando os 20.000.


O perfil de LinkedIn da CRTVG, de recente creación, está preto dos 2.000 seguidores. A estratexia nesta canle é amosar ao público desta rede, de perfil profesional, os avances tecnolóxicos, a innovación e o posicionamento estratéxico da Corporación.

Polo tanto, a cobertura das redes sociais segue a medrar e cun perfil demográfico renovado. Desta forma, os rangos de idade de 18-24 xa forman parte do público ao que se achega coas redes sociais, así como os incrementos no rango de idade de 25-34 anos. No seu conxunto, as canles dixitais da CRTVG lograron ter 357 millóns de visualizacións ao longo do ano 2022.

7.1 Datos estatísticos

Os portais web da CRTVG remataron 2022 con 11.031.267 visitas, 3.958.363 usuarios e 22.117.899 páxinas vistas. A aposta polas redes sociais con contido nativo varían os resultados dos accesos á web, sendo maioritario o acceso de busca directa a través de buscadores, co 40% dos usuarios, seguido das redes sociais, cun 22%, e do tráfico directo, cun 38%.


Gráfico 1. Evolución dos usuarios no sitio web *crtvg.gal*. Fonte: Google Analytics



7.2 Datos demográficos e xeográficos

A idade dos usuarios das canles web da CRTVG está repartida como segue: o 10% no tramo xuvenil, 18-24 anos; un 12% entre os 25 e 34 anos; o 18% no tramo entre os 35 e os 44 anos; un 25% entre as persoas entre 45-54 anos; un 19% de 55 a 64 anos; e un 16% son usuarios maiores de 65 anos. Deste xeito, máis de 700.000 usuarios están dentro do rango de idade de 18-44 anos.


Gráfico 2. Perfil de usuarios no sitio web crtvg.gal (Porcentaxe). Fonte: Google Analytics



7.3 Acceso a través de dispositivos

O acceso máis habitual dos usuarios a crtvg.gal é a través do móbil, cun 74% dos mesmos, seguido polos usuarios que acceden a través de ordenador que amosan o 23%. O resto, un 3% accede a través de tabletas.

Gráfico 3. Dispositivos de acceso a crtvg.gal (Porcentaxe) Fonte: Google Analytics




7.4 Canles principais de conversión

O principal xeito de acceder aos sitios web da CRTVG é a través de buscadores, seguido dos accesos directos e a través das redes sociais, especialmente de Facebook, cun 82% dos accesos, seguida de Twitter e de Instagram.

A aposta polos contidos nativos nas redes sociais tamén se ve reflectida neses valores, xa que aínda que o contido de Instagram está pensado para ser consumido na propia rede, a utilización de enlaces á web consegue un 4% de conversión. É dicir, que un 5% dos accesos á web se realizan a través desta rede social. Twitter tamén consegue esta conversión cun 12% dos usuarios.

Gráfico 4. Principais accesos a crtvg.gal dos usuarios e incrementos/diminución respecto ao ano anterior. Fonte: Google Analytics



A aposta dixital da CRTVG pola captación de público máis novo está reflectida nos datos do 2022. Séguese a medrar nas plataformas de consumo dos máis novos, como Instagram, TikTok e Twitch.

Por outro lado, o público máis novo ten a característica de utilizar as redes sociais, en lugar das webs corporativas, como ferramenta de busca de información e entretemento. Nese sentido, a CRTVG medra dun xeito máis intenso xustamente na súa difusión a través de plataformas de referencia mundial, como Facebook ou TikTok. O uso do móbil segue as pautas de consumo xeneralizado e amosa, en 2021, un 74% do consumo total.

Polo tanto, a aposta de creación de contido nativo de calidade e coa garantía de servizo público vese recompensada pola achega de audiencias máis novas.

8. DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO DA CRTVG

Concluídas as obras de adaptación do Servizo ao novo contorno dixital, o persoal do Servizo conta cun espazo optimizado no que atinxe tanto ao movemento das persoas como aos postos de traballo. As áreas técnicas, tamén remodeladas, permitiron tanto a reorganización dos medios xa existentes como a implementación de novas utilidades nos postos de traballo que favorecen un uso eficiente das ferramentas técnicas. Ademais os novos espazos proxectados para o traballo de persoal alleo ao Servizo facilitan a mellor prestación do servizo tanto aos usuarios internos coma externos.

O traballo de dixitalización do Arquivo histórico continúa o seu curso coas dificultades inherentes á antigüidade de arquivos e formatos. A explotación do Arquivo experimentou un pulo importante co remate dos traballos do novo sistema de solicitudes e novas tarifas. A colaboración fluída co Servizo de Informática foi definitiva para a consecución deste obxectivo de 2022 e que comezou a súa andaina o 17 de outubro pasado.

O traballo diario de entrada e catalogación de novos materiais xa dixitais segue a súa evolución dentro dos parámetros dos últimos anos. Asimilar de xeito adecuado o gran número de horas de produción constitúe un dos retos máis importantes para o Servizo e o seu persoal, un asunto común a todos os emisores tanto públicos como privados.

8.1 Seguimento e resultados dos obxectivos 2022

O balance do traballo desenvolvido neste 2022 e que fora sinalado como obxectivo prioritario para o exercicio é o seguinte:


- Adecuación das tarifas de venda e cesión das imaxes de Arquivo así como dos gastos técnicos xerados por estes traballo.
- Protocolo de venda e cesión de imaxes, rematado e implementado.
- Arquivo Radio Galega, implementado ao 100% no 2022:
 - _Traslado do fondo sen dixitalizar da Radio Galega.
 - _Instalación das ferramentas e software necesarios para a súa dixitalización.
 - _Elaboración dun inventario de materiais pendentes que permitan a súa localización por base de datos.

- Dixitalización do fondo histórico como obxectivo prioritario dentro das tarefas cotiás. Este obxectivo está en proceso e rematando o fondo histórico de programas.
- Redacción do borrador do Guieiro de Tarifas de imaxes de Arquivo, xa redactado e implementado.
- Fóra dos obxectivos proxectados para o 2022, deseñouse un novo sistema de peticións vía web que se complementa cunha base de datos que recolle e organiza de xeito automático toda a información envorcada polos peticionarios web. Este novo proceso, implantado ao 100%, garante trazabilidade e transparencia ademais de axilizar o traballo interno no servizo.

8.2 Novas instalacións


As novas instalacións do servizo foron estreadas entre finais de decembro de 2021 e xaneiro de 2022. Isto favoreceu o cambio organizacional e o traballo en equipo dos distintos perfís profesionais que integran o servizo. A implementación da dobre pantalla nos postos de traballo foi un paso importante cara á eficiencia do traballo. O número de aplicativos utilizados polos documentalistas e a consulta de fontes en liña, diversas e necesarias para desenvolver o seu traballo de catalogación e clasificación, mellorou as condicións do posto de traballo e a axilidade do servizo. O resultado é un Servizo conformado polas seguintes áreas de traballo:

Sala de Inxesta MAM: sala técnica que recibe os materiais de Arquivo procedentes de empresas e produtoras alleas. Nesta mesma sala están instaladas as ferramentas necesarias para a dixitalización do Arquivo histórico (magnetoscopios; pantallas; visionadores, etc.).




CPD de Documentación: sala de acceso restrinxido que contén a nova Robótica dixital (Quantum) e as Robóticas Odetics de dixitalización dos formatos DVCpro (reaproveitadas de Continuidade). Esta sala conecta directamente coa Sala de Inxesta MAM mediante lector de pegada para a xestión da dixitalización do fondo histórico.

Sala de Consulta: unha sala independente que consta de magnetoscopios para o visionado dos distintos formatos históricos existentes no Arquivo e dous postos de consulta (PCS) do novo Arquivo dixital. A sala dá servizo a quen precise visionar materiais sen dixitalizar e proporciona soporte aos usuarios externos.



Sala de almacenistas: oficina onde se xestiona a entrada e saída de materiais físicos do Arquivo histórico tanto para necesidades puntuais da programación como para a dixitalización programada. Nesta sala instaláronse os equipos para a dixitalización de fondos sonoros procedentes da Radio.

Sala de Visionado: área de traballo dos documentalistas e do persoal dedicado á explotación do Arquivo. Os postos de traballo están separados por paneis e xa non son necesarios os monitores e magnetoscopios que sementaban as mesas dos documentalistas. O problema estaba no ruído constante que xeraban. Agora o confort acústico é óptimo.



8.3 Dixitalización do fondo histórico en 2022

Unha das tarefas máis complexas e necesarias tras a dixitalización do sistema de Arquivo era a realización dun inventario xeral de Arquivo histórico-físico cunha avaliación das horas existentes pero non redundantes no Arquivo. Conclúese que o Arquivo “analóxico” conta con algo máis de 300.000 horas controladas en base de datos e localizables.

Tendo en conta o inventario seguinte, poderemos ter unha visión das necesidades para os vindeiros anos sobre a salvagarda destes materiais:

Distribución horas Arquivo Histórico	
<i>Programas P.Propia e Externa (BD. DOPO)</i>	63.655
<i>Programas P.Allea e Externa (BD.PAXE)</i>	43.834
<i>Informativos diarios (BD. INFO)</i>	37.292
<i>Compactados definitivos Arquivo (CINT)</i>	21.654
<i>Compactados definitivos Deportes (DEXE)</i>	27.272
<i>Brutos de Informativos e Programas (BRUT)</i>	95.593
<i>Brutos de Deportes (DEBR)</i>	16.467
<i>Axencias (INTE)</i>	4.836
TOTAL	310.603

En todo caso, os traballos de dixitalización marchan con cifras que superan as 10.000 horas anuais. Debemos buscar fórmulas para incrementar o número de horas dixitalizadas anualmente posto que, como dicíamos, o tempo xoga na contra dos soportes, con cintas camiño dos 40 anos de antigüidade.

Aínda así, as cifras considéranse altas nos contornos doutros Servizos de Documentación de televisións autonómicas que se atopan en procesos similares.

**DIXITALIZACIÓN
DEPARTAMENTOS
TEDIAL 2022**

<i>Deportes</i>	assets	11.203
	horas	2.714
<i>Histórico</i>	assets	20.776
	horas	12.260
<i>Informativos</i>	assets	45.028
	horas	9.433
<i>Programas</i>	assets	9.963
	horas	6.902
<i>Publicidade</i>	assets	2.140
	horas	13
TOTAL ASSETS		90.241
TOTAL HORAS		31.322

Dix.Histórico 2022		
Tipo materiais		
Brutos	assets	564
	horas	170
Compactados	assets	4901
	horas	1334
Deportes	assets	3613
	horas	1953
Internacional	assets	53
	horas	5
PP ext – allea	assets	1527
	horas	1375
Producción propia	assets	8983
	horas	7120
Pgm informativos	assets	668
	horas	526
Media relacionada	assets	147
	horas	42
TOTAL ASSETS 2022	assets	20776
TOTAL HORAS 2022	horas	12260
CINTAS DIXITALIZADAS POR FORMATOS		
2022		
	Polgadas	1.036
	Betacam sp	1.208
	Betacam dixital	1.260
	Dvcpro	11.754
TOTAL		15.258

Como se deduce das táboas anteriores, experimentouse un descenso no número de horas relacionado coas precaucións tidas en conta durante as obras de remodelación no segundo semestre do 2022. O número de *assets* sufriu unha mingua maior posto que se programaron dixitalizacións de programas de produción propia de máis minutado e de compactados de gravacións “en bruto” (CINT) procedentes dos Servizos Informativos e Programas, xa seleccionados e visionados para Arquivo definitivo.

A dixitalización “baixo demanda” de programas de Producción Allea e Externa mantense estable nos niveis de anos anteriores. Haberá que ter en conta as necesidades que presentan novas plataformas de CRTVG para ter todo o material necesario previsto para o arranque.

8.4 Novo sistema de solicitudes de imaxes de Arquivo: tarifas, procedementos e nova aplicación.

As tarifas aplicadas á venda de imaxes de Arquivo precisaban unha revisión e adaptación á nova situación audiovisual. A reutilización das imaxes de Arquivo é habitual na produción de Televisión de Galicia e na actualidade, o incremento de novos produtos documentais para a súa comercialización en plataformas de *streaming* envorcou nun incremento de solicitudes desde plataformas para a elaboración de series ou unidades de documentais sobre temas moi diversos. Este cambio pedía estratificación de tarifas segundo ventás de explotación e territorios fronte á tarifa plana consolidada durante os últimos anos. Ademais o Arquivo vai gañando anos e valor e precisábase tamén de tarifas segundo antigüidade das imaxes.

Aínda que non estaba previsto no proxecto de cambio, viuse a necesidade de atopar unha solución para que calquera solicitude, tanto de empresas audiovisuais como de Institucións e particulares, entrase por unha única vía. O obxectivo era axilizar o traballo das persoas que traballan nesta área de Servizo e dotar de máis trazabilidade este servizo. Neste sentido ampliáronse os obxectivos definidos para o 2022 neste aspecto co deseño dun sistema de solicitude de imaxes a través da web corporativa que permitiría tamén a exportación automática dos datos incluídos polos peticionarios nunha base de datos tratable.

8.5 Atención externa

O Arquivo de CRTVG atendeu un total de 968 peticións externas no 2022 fronte ás 800 atendidas en 2021, o que supón un incremento do 21%. O dato amosa un notable ascenso do número de peticións, que non reflicte o esforzo adicional desenvolvido nesta área durante o 2022. Isto débese a que as empresas audiovisuais reactivaron a súa actividade no 2022. A produción de series documentais sobre temática moi diversa para plataformas de *streaming* relanzou este tipo de peticións e volvemos a períodos de alza. Pero sobre todo, e falando estritamente do número, o incremento está relacionado co traballo diario coas produtoras que producen para CRTVG.

Co obxectivo de comparar as cifras, expóñense a continuación as dúas táboas que se corresponden cos anos 2021 e 2022:


Ano 2021

Tipo	Número	%
<i>Empresas</i>	27	3,37%
<i>Institucións/Organismos</i>	71	8,87%
<i>Produtoras</i>	378	47,25%
<i>Particulares</i>	317	39,63%
<i>Televisións</i>	7	0,88%
TOTAL	800	100%

Ano 2022

Tipo	Número	%
<i>Empresas</i>	48	4,96%
<i>Institucións/Organismos</i>	73	7,54%
<i>Produtoras</i>	629	64,98%
<i>Particulares</i>	199	20,56%
<i>Televisións</i>	11	1,14%
<i>Outras empresas</i>	8	0,82%
TOTAL	968	100%

Observando a evolución destes dous anos, comprobamos que son as produtoras as que tiran dos datos á alza. O servizo que ofrece Documentación ás empresas colaboradoras e coprodutoras de CRTVG é practicamente diario, con peticións en aumento. Non obstante, as solicitudes dos particulares experimentan un descenso de algo máis do 37%. Este aspecto está seguramente relacionado co incremento de imaxes dispoñibles na Rede e descargables.



No que atinxe a Institucións e servizo público, destacamos algunhas das solicitudes atendidas e que serviron como base para investigación e eventos públicos culturais:

- Consello da Cultura Galega
- Academia Galega do Audiovisual
- Concello de A Coruña / Museo Casares Quiroga
- Real Academia Galega
- Special Olympics Galicia
- Museo Nacional de Antropoloxía
- Asociación Cultural Rosalía de Castro
- Proxecto Nós / Facultade de Filoloxía

9. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A corrección e a normalización lingüística son fundamentais, mesmo inherentes, á existencia da CRTVG, pois a lingua é o elemento que a xustifica, que ten obriga de usar e promocionar, e é a ferramenta de expresión, escrita e oral, a través de todos os seus medios. Isto significa que se debe presentar a lingua con corrección absoluta, e os lingüistas da CRTVG son os garantes desta corrección.

O labor principal do equipo de asesores lingüistas da CRTVG consiste en supervisar e corrixir a lingua galega nos diferentes medios da Corporación así coma en todos os textos administrativos, xurídicos e corporativos. O servizo intégrase na Dirección de Proxección Social, dentro da Oficina do Director Xeral.

Por unha parte, desde o equipo de lingüistas -9 profesionais- garántese que os textos e locucións se axusten á normativa gramatical e lexicográfica emanadas da Real Academia Galega. Pero, ademais deste obxectivo, fundamental para a calidade dos produtos da CRTVG e para procurar a normalización da lingua galega desde os medios públicos, os lingüistas atenden a definición dun modelo de lingua comunicacional, considerando diferentes rexistros de lingua, como variedades diastráticas, e incluso diatópicas por dirixirnos á totalidade do territorio galego coas súas particularidades dialectais.

Os lingüistas da CRTVG deben intentar definir un modelo de lingua de comunicación en galego que, dentro da corrección, sexa recoñecida pola audiencia, amose a riqueza expresiva, saiba diferenciar rexistros de lingua adaptados aos diversos programas, adapte terminoloxía ou neoloxismos que se van introducindo na lingua e manteña coherencia neste modelo de lingua.

Dentro da corrección que se esixe como medios públicos, o modelo de lingua, cos criterios de elección de rexistros e de léxico, defínenos como medios de comunicación, para ben ou para mal, para uns destinatarios ou para outros, para uns espazos de rigor informativo ou para outros de entretemento.

O colectivo de profesionais lingüistas resolve diariamente cuestións de realidades novas e de tratamento de topónimos e xentilicios do mundo, non sempre tratados pola RAG ou ás veces máis tarde. Neste sentido, os lingüistas da CRTVG sempre resultaron ser, pola natureza do seu medio, os primeiros que se enfrontan a certos problemas terminolóxicos e de adaptación lingüística, o que supuxo sempre un plus de dificultade que non existe para outros equipos de lingüistas doutros ámbitos, que non teñen o problema da inmediatez.

O equipo tamén desenvolve iniciativas de investigación e divulgación da lingua, con propostas pedagóxicas e de participación dos cidadáns, asumindo así en plenitude o cometido de normalizadores da lingua. Neste sentido, os lingüistas da CRTVG levan desde o ano 1985 traballando en propostas lexicográficas a realidades novas. Moitas veces fixéronse propostas que finalmente se aceptan, como “seareiro” ou “cativeiro”. Outras veces toca dar solucións a novas realidades que veñen con novas palabras, como as relacionadas coa pandemia da covid-19 ou os termos presentes en todos os medios de comunicación *okupa* ou *velutina*, que os nosos lingüistas deben resolver no momento de informar e antes de haber solución académica.

No 2022 continuou a estreita colaboración, a través dunha asesora lingüista, co espazo 'DígochoEu'. Desde a súa orixe, en xaneiro de 2020, esta asesora forma parte do equipo do programa e de todas as súas accións, en todas as canles da Corporación: TVG, redes sociais ou espazos na web. Ao longo de todo este ano 'DígochoEu' seguiu a vivir unha traxectoria crecente de dedicación e un alto nivel de esixencia, que foi recoñecido cos positivos datos de seguimento e interese da cidadanía, especialmente da audiencia máis nova. Hai que salientar, moi especialmente, a acollida no eido escolar ademais de varios galardóns e premios do eido da comunicación e a lingua, recollidos noutro capítulo desta memoria.

9.1 Adaptación a novas necesidades da Corporación

Desde os inicios da CRTVG os cometidos dos lingüistas fóronse adaptando ás ampliacións dos medios. Nestes últimos anos é xa unha realidade a atención que require a lingua dos contidos da CRTVG en redes sociais e, sobre todo, no portal web corporativa. Nesta liña, os asesores lingüistas asumiron novos roles na redacción da Radio Galega, na de Programas da TVG e na área de Produción Allea, dentro do departamento de Contidos. E, coincidindo coa aposta determinante da Corporación por promover os contidos dixitais e servizos complementarios da emisión en TDT, o portal crtvg.gal require unha maior cantidade de contidos e asemade unha maior preocupación pola corrección lingüística das súas noticias, que ademais chegan con máis celeridade ao público, o que obriga a reforzar a revisión destas novas ventás informativas nun arco horario máis amplo.

O equipo de lingüistas organizouse para cubrir máis franxas de corrección no portal web, ampliando o tempo de dedicación á súa supervisión. Así mesmo, os asesores asignados á redacción de Programas e na área de Produción Allea reorganizaron o seu traballo para adaptalo ás necesidades destas áreas, que afectan aos contidos de produción propia, programas en directo de produción externa, series de animación, cine e documentais.

9.2 Equipo de asesores lingüistas

Nove asesores lingüistas repártense nas distintas redaccións e departamentos da CRTVG, en distintas quendas horarias e de luns a domingo. A Radio Galega, as distintas redaccións da TVG e a área de Tempo Real, que cobre os contidos dixitais, contan con asesores que revisan a produción informativa e de entretemento, así como a documentación administrativa e corporativa.

9.3 Principais cometidos

Os principais cometidos do equipo de asesores lingüísticos son:

- Asegurar a corrección no uso da lingua das emisións e da documentación xerada de todo tipo.
- Coidar de que a lingua se axusta á doutrina gramatical e lexicográfica da Real Academia Galega. Dado que non existe unha gramática oficial como tal, e posto que o dicionario oficial está en fase de elaboración, os lingüistas da CRTVG encóntranse continuamente con dificultades que teñen que solventar con oficio lingüístico e sentido corporativo de medio público.
- Axudar a manter con coherencia un rexistro idiomático unha vez que se elixiu. As distintas propostas informativas e de entretemento poden presentar tamén distintas opcións diastráticas, dentro da corrección, que unha vez decididas se deben manter.
- Proporcionar recursos orais tradicionais e literarios como metaloxismos, figuras lóxicas, ironía, retransca ou riqueza de imaxes nas redaccións e descrições (aínda que haxa ilustración sonora e visual).
- Proporcionar material lexicográfico e fraseolóxico para conseguir un texto rico e afinado.
- Axudar no modelo entoativo e prosódico. Aínda que se realizaron varios cursos de formación nesta materia, o equipo de lingüistas sempre traballou con autonomía neste aspecto tan importante da lingua oral.
- Ofrecer, na medida do posible, un modelo de lingua da comunicación en galego recoñecible, académico sen renunciar á riqueza dialectal e que os galegos non sintan alleo nin artificial.

Ademais destes asuntos xenéricos, os asesores lingüísticos encárganse doutros aspectos extralingüísticos:

- Revisar e corrixir topónimos. Por defecto, revisan todas as entidades de poboación segundo o criterio do Nomenclátor de Galicia. Ademais de ser de obrigado cumprimento, como servizo público a CRTVG debe coidar de que ningún galego vexa o seu topónimo usado incorrectamente.
- Revisar e corrixir textos con criterios de edición. Podendo tratarse de temas convencionais e que en moitos casos presentan distintas solucións noutros medios de comunicación, estamos obrigados a ofrecer unha liña coherente.
- Corrixir erratas ou equívocos. A inmediatez e a habitual celeridade e prontitude propios das redaccións informativas fan inevitables este tipo de descoidos, que o asesor lingüista detecta e corrixe en numerosas ocasións, servindo neste sentido de filtro de calidade.

Ademais os lingüistas participan en todos os procesos de selección realizados na CRTVG para contratos en prácticas ou ampliación de listaxes en categorías laborais. Concretamente en 2022 participaron en 12 probas, nas que forman parte dos tribunais e para as que teñen que elaborar as probas e corrixilas.

Tamén, o equipo de lingüistas mantén contactos coas autoridades institucionais e académicas en materia de lingua galega, co fin de aplicar as súas decisións, consultar dúbidas, recibir formación e manter, en xeral, unha comunicación enriquecedora. Dentro destas relacións, cabe mencionar:

- Coa Real Academia Galega, en desenvolvemento do convenio asinado con esta institución.
- Co Centro Ramón Piñeiro, para achega de material informativo para fins investigadores, particularmente para as investigacións do Corpus de referencia do galego actual (CORGA).
- Coa Facultade de Filoloxía da USC e o Instituto da Lingua Galega, para consultas e formación dos asesores lingüistas da CRTVG. Esta relación é recíproca, pois contan tanto USC como ILGA coa CRTVG para solicitude de material gravado e para proxectos lingüísticos, tanto en Galicia coma fóra, nos que a lingua dos medios é motivo de estudo. Concretamente, este ano colaboramos co Centro Europeo de Asuntos Minoritarios a través dunha solicitude da USC.

9.4 Colaboracións de normalización lingüística

Os lingüistas da CRTVG tamén desenvolven iniciativas de investigación e divulgación da lingua, que teñen lugar nos distintos medios e soportes da CRTVG, con maior presenza nestes últimos anos no contorno dixital. Concretamente este ano:

- 'DígochoEu'. Como se apuntou, unha asesora lingüista forma parte estable do equipo de traballo, supervisando e colaborando na creación dos contidos deste espazo arredor da lingua.
- 'Apalabradas'. É unha colaboración no magazín da mañá dos sábados da Radio Galega do coordinador de lingüistas de CRTVG. Explícanse curiosidades lexicográficas, coméntanse correccións para un bo uso da lingua e recórdanse palabras que van estando en desuso.
- Colaboración semanal do coordinador do servizo no espazo informativo diario da TVG 'A Revista'. Son intervencións didácticas e moi divulgativas sobre palabras que merecen comentario curioso ou que van perdendo uso no galego.

10. A PROYECCIÓN SOCIAL DA CRTVG

A Oficina do Director Xeral da CRTVG engloba a área de Proxección Social, cuxa axenda de traballo está marcada pola xestión diaria da comunicación institucional, a comunicación externa da programación e actualidade respecto de canles e programas, así como a atención aos medios de comunicación e á cidadanía que se dirixe por moi distintas vías aos espazos de TVG e Radio Galega. Esta área desenvolve tamén a relación da CRTVG coas institucións e o tecido social galego.

Así mesmo, Proxección Social engloba tamén outros servizos da Corporación como Coordinación Creativa, a área de Relacións Públicas e Asesoramento Lingüístico.

A CRTVG desenvolve a súa planificación anual de comunicación corporativa baixo o territorio de comunicación da Dixitalización de Galicia. E un dos seus eixes de traballo principal é a Responsabilidade Social Corporativa (RSC) co deseño e produción das #AcciónsG, campañas de servizo público que se enmarcan nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU e que cada ano poñen o foco en distintas realidades e necesidades sociais e culturais ou na promoción de bos hábitos que poidan repercutir positivamente en primeiro lugar en Galicia e os galegos, pero cun enfoque global.

Deseñadas e producidas por equipos internos da CRTVG, en ocasións coa colaboración de entidades do tecido social galego, estas accións quedan recollidas no seu propio espazo no portal crtvg.gal.

10.1 Responsabilidade Social Corporativa

#AcciónsG en 2022

Xaneiro

As 'Accións G' converteron os decorados de programas como 'Luar' e 'En xogo' en bolsas solidarias recicladas. En colaboración coa Fundación AdCor da Coruña, as redes sociais da Galega sortearon bolsas feitas polos usuarios desta organización sen ánimo de lucro dedicada a mellorar a vida das persoas adultas en situación de dependencia, e que foron producidas a partir das lonas dos decorados destes dous programas da TVG.

A Fundación AdCor puxo á venda na súa tenda as bolsas nunha acción que uniu o compromiso social da Corporación, no marco da economía circular.

Marzo

Apoio a Down España coa emisión da súa campaña anual, contidos e produción dun vídeo específico do proxecto 'Sinxelo', do que se dá cumprida información no apartado de 'Accesibilidade e apoio a persoas con discapacidade' neste mesmo informe. Así mesmo, a delegación de Ourense colaborou no 2022 coa entidade na edición do seu calendario anual.

Abril / Campaña #FAICLIC

A CRTVG lanzou a campaña #FAICLIC para fomentar as carreiras tecnolóxicas entre as nenas. A campaña está enmarcada nas #AcciónsG dos medios públicos e faise en colaboración coa entidade Executivas de Galicia arredor do día 28 de abril, Día Internacional das Nenas nas TIC, impulsado pola ONU. Esta nova #AcciónG de Responsabilidade Social Corporativa visibiliza a necesidade de animar as nenas a que orienten a súa carreira académica ás disciplinas STEAM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería, Artes e Matemáticas) e, dentro delas, ás TIC.

No marco da súa Responsabilidade Social Corporativa, a Corporación contribúe a este obxectivo cunha serie de accións en todas as súas canles. Un anuncio de televisión e para redes sociais amosa a traxectoria de profesionais galegas que nun momento da súa vida "fixeron clic" e apostaron por unha formación STEAM, e unha web específica que recolle os distintos recursos e fontes informativas, entre eles, cinco entrevistas con mulleres referentes nos seus eidos profesionais, vinculados ás TIC e á innovación. As cinco participantes forman parte de Executivas de Galicia, asociación coa que a CRTVG asinou un convenio de colaboración para dar visibilidade as integrantes do seu directorio 'Referentes galegas', que recolle 350 perfís de mulleres de todos os sectores.

Maio / Campaña das Letras Galegas

Coma cada ano, creouse unha campaña de RSC que abrangue todos os medios da Corporación e que se implicaron na difusión do Día das Letras Galegas 2022, dedicado á obra de Florencio Delgado Gurriarán. Fixéronse contidos especiais en todas as canles, emitíuse o pleno da Real Academia Galega desde Córghomo, en Vilamartín de Valdeorras (Ourense), creouse contido ad hoc na web g24.gal, un novo podcast da RG e soportes divulgativos especificamente creados e que están reunidos na sección de AcciónsG do portal corporativo: <https://accionsg.crtvg.gal/letrasgalegas2022/>.

Novembro / Semana coa Infancia

As accións de RSC da CRTVG atinxen tamén a colaboración co tecido social internacional con presenza en Galicia. Este é o caso de UNICEF, entidade coa que CRTVG levou a cabo en novembro a campaña da Semana coa Infancia.

A colaboración cidadá con UNICEF a través da Semana coa Infancia da CRTVG serviu para dotar de tratamento contra a desnutrición aguda grave 3.289 nenos e nenas durante un día. No marco desta #AcciónG, a TVG e a Radio Galega, así como o portal web crtvg.gal e as redes sociais da Corporación axudaron a que se coñecese o impacto da guerra de Ucraína, a seca e a inflación, que deron como resultado un grave aumento da desnutrición no Corno de África, en países como Somalia ou O Sudán do Sur, ou o aumento da pobreza na Federación Rusa, Romanía e a propia Ucraína.

Coa campaña de 2022, UNICEF puxo o foco na saúde mental da infancia e a adolescencia, achegando nos distintos espazos da TVG e da Radio Galega datos de acoso escolar e ciberacoso, en Galicia e en España, e como inflúen nos niveis de benestar emocional, integración social e satisfacción coa vida dos nenos e nenas que os sofren.

Como peche da acción, o presidente de UNICEF España foi entrevistado o 20 de novembro no informativo 'Bos días' da TVG, onde fixo balance da campaña arredor do Día Internacional do Neno e os resultados da Semana coa Infancia desenvolvida na CRTVG. A CRTVG é a única canle autonómica de España que dedica toda unha semana a esta acción. No resto de canles onde se leva a cabo a campaña cínquese a un día.

Decembro / FESBAL (Bancos de alimentos)

FORTA, a Federación de Organismos e Entidades de Radio e Televisión Autonómicas en que se integra a CRTVG, foi galardoada en decembro co Premio Espiga de Ouro 2022 na categoría de Comunicación que outorga a Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL). Recoñécese deste xeito o apoio das canles autonómicas na gran recollida de alimentos deste Nadal. A través do convenio entre FORTA e FESBAL as radios e televisións públicas autonómicas emitiron esta campaña de sensibilización para fomentar a doazón de alimentos que se destinan a persoas desfavorecidas. Na CRTVG, entre outras accións de sensibilización e información nas grellas da TVG, a Radio Galega ou as redes sociais, o espazo 'Quen anda aí' fixo a recollida, en directo, no estudio do programa na semana anterior ao Nadal.

Decembro/ A Radio Conta

O proxecto A Radio Conta, no que participan oito emisoras públicas e privadas da Coruña, entre elas a Radio Galega, fixo dez anos neste 2022. A participación da Radio Galega como membro fundador desta iniciativa é decisiva, xa que, á marxe do seu papel como organizador, é a emisora que dota de soporte técnico toda a acción.

Esta é unha iniciativa radiofónica solidaria. No 2022 emitíuse o 24 de decembro por todas as emisoras participantes, que dedicaron o programa deste ano á Asociación de Dano Cerebral da Coruña (Adaceco).

Informe de Progreso de Pacto Mundial das Nacións Unidas

No 2022, a CRTVG editou a súa 12ª memoria anual de RSC, baixo a forma de Informe de Progreso do Pacto Mundial das Nacións Unidas. Este informe, correspondente ao ano 2021, está dispoñible no Portal de Transparencia (<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/pacto-mundial>). Recolle, por unha parte, o compromiso da CRTVG cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, así como os avances en materia de RSC na relación da Corporación cos seus públicos de interese divididos en audiencia, empregados, sociedade civil, comunidade autónoma galega como propietaria da CRTVG e provedores dos medios públicos.

A CRTVG foi a primeira televisión en España que seguiu este modelo de rendición de contas con información sobre recursos humanos, a relación co sector audiovisual galego como principal provedor de contidos ou sobre a rendición de contas que se desenvolve diante dos mecanismos de control, como o Consello de Administración ou o Parlamento de Galicia. Pacto Mundial supervisa e revisa o documento para certificar se cumpre ou non os requisitos necesarios para facelo público e para poder incluílo no seu portal web, pactomundial.org, no que se publica unha versión en castelán.

Transparencia

O departamento de Proxección Social supervisa a actualización de contidos co Portal de Transparencia da CRTVG, conformado por catro grandes bloques: información institucional (organigrama, definición estratéxica, anuncios corporativos, referencias legais...), actividade corporativa (orçamentos, contratos, Plan de Actuación...), de responsabilidade social (sección #AcciónsG, informes de Pacto Mundial e contidos do eido da autorregulación) e a área de interacción cos usuarios, ligada tamén ao Portal de Transparencia da Comunidade Autónoma. O Portal está dispoñible en: <http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia>.

Responsabilidade social na publicidade

O uso da publicidade é igualmente un eido en que a CRTVG exerce a responsabilidade social, para que prevalezan uns principios éticos acordes coa súa misión e coa protección da infancia e do público en xeral.

Desde que no 2017 foran aprobadas polo Consello de Administración as novas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual da CRTVG, estas contan cun capítulo específico sobre a imaxe da muller (Título II, Cap. 3). O documento está dispoñible en <http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/interaccion-con-usuarios/comercial>. E os medios públicos están comprometidos cunha serie de acordos e regulacións:

- A Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, entidade da que CRTVG é membro e que vela polas boas prácticas da publicidade en España, seguindo un Código de Conduta.
- Normas internas de 'product placement' para evitar a confusión da publicidade con outros contidos dos programas da CRTVG.
- En 2022, unha representante da CRTVG continuou a participar na Comisión Asesora de Publicidade non Sexista, creada no ámbito do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, constituído en 2014. A mesma representante participa como xurado no certame escolar anual de carteis do Día Internacional da Muller da Xunta de Galicia, e do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.

10.2 Coordinación Creativa

Achegar solucións de deseño e a produción de pezas promocionais, así como crear o concepto e os soportes audiovisuais das campañas corporativas son algunhas das principais responsabilidades da área de Coordinación Creativa que, desde o departamento de Proxección Social, presta soporte a distintos servizos tanto de TVG como da Radio Galega e das canles dixitais.

Ao longo do ano, esta área presta tamén asesoría e apoio técnico para a realización de accións promocionais nas distintas canles. E no 2022 foi asesor técnico de 'A tres voces', programa piloto para as redes sociais.

Entre o numeroso material creado no 2022 hai que salientar:

- O deseño e produción das #AcciónsG.
- A campaña 'Auténtica' de promoción da programación de outono de TVG, Radio Galega e canles dixitais
- As cortinas promocionais de TVG en primavera, verán, outono, inverno, Letras Galegas e Nadal.
- A identidade gráfica dos novos podcasts de RadioGalegaPodcasts.gal, entre eles: 'O impostor', 'Zeta', 'Un ollo de vidro', 'A lista negra', 'Escoitamos teatro', 'Os pobres si que choran', 'Historias dun país en guerra', 'Pasarse da raia' ou 'A próxima estación'.
- Vídeos informativos sobre resultados de audiencias partindo dos informes de Kantar Media e o Estudo Xeral de Medios.
- Promoción da programación de verán da Radio Galega
- Identidade gráfica do 25 aniversario do Estudio 3 da Radio Galega e aplicación á web 'Á carta' da emisora.
- Aplicación da identidade gráfica dos programas da emisora ás pantallas do novo Estudio Multimedia.

Así mesmo, o coordinador creativo produciu as imaxes promocionais dos presentadores e colaboradores dos programas de televisión, radio e redes sociais, traballando pola coherencia deste material coa identidade corporativa.

Tamén, fai a cobertura fotográfica de eventos da Corporación como presentación de programas, estreas e programas especiais ('Luar Fin de Ano', 'Tanxuverbena', etc.) así como das imaxes corporativas que se poidan precisar de instalación, visitas institucionais ou eventos internos.

Por outra parte, Coordinación Creativa colabora cada ano coa área de Contidos da TVG para a creación da imaxe e dos anuncios promocionais dos concursos anuais 'A canción do verán' e 'A canción do Nadal'.

No marco da comunicación corporativa dos medios públicos, esta área coordina o contido, actualización e funcionamento do mosaico de pantallas de benvinda da entrada principal da Corporación e é responsable das creatividadeas para a sección corporativa da web, e da conceptualización e produción dos vídeos promocionais destinados ás accións conxuntas de comunicación marcaadas desde FORTA para as canles autonómicas englobadas nesta rede.

Os deseños do merchandising corporativo -paraugas para Informativos, camisolas, bolsas, cuncas...- así como a axenda anual da CRTVG, agasallo que os traballadores reciben cada inicio de ano, tamén son executados polo coordinador creativo en 2022.

10.3 Comunicación e relación co público

O 'Buzón da Galega'

A área de Prensa do departamento de Proxección Social segue a ser unha das canles de comunicación principais coa sociedade galega. Esta área engloba o servizo de Relacións Públicas e de Prensa, desde o cal se atende o 'Buzón da Galega', a través da conta de correo electrónico info@crtvg.es.

No 2022 contestáronse **2.129 mensaxes**. Os contidos máis habituais destes correos son suxestións, queixas ou avisos de todo tipo, así como valoracións sobre a programación ou os distintos servizos da CRTVG.

Información sobre os produtos e servizos

Desde este departamento préstase atención a todas as consultas dos compañeiros doutros medios de prensa. O servizo de Prensa remite diariamente información, imaxes e datos sobre a programación e a actividade corporativa. Isto faise a través de diversas canles, especialmente a páxina web e a relación cos medios de comunicación galegos e de fóra de Galicia. Os comunicados de prensa da CRTVG reflíctense tamén noutros soportes e canles, como as redes sociais corporativas.

Non queda ningunha consulta dos medios sen responder. A CRTVG pide, logo dun primeiro achegamento por calquera vía, unha comunicación por escrito para que quede constancia e transparencia de todas as interaccións cos diferentes medios de comunicación.

Neste 2022 contestáronse preguntas de medios como 'La Voz de Galicia', 'El Progreso', 'El Correo Gallego', 'El Confidencial', Cadena SER, 'El País', 'Público', 'Nós Diario', 'Praza Pública' ou eldiario.es, entre outros.

O servizo de Prensa encárgase tamén da subministración diaria de información sobre a programación de televisión ao sistema EPG de guía de pantalla do televisor conectado á rede dixital terrestre (TDT), onde se atopa tamén información de clasificación por idade ou control parental.

Os comunicados da CRTVG, que neste 2022 foron 1.827, reflíctense tamén noutros soportes e canles, como as redes sociais corporativas.

Visitas á CRTVG

Desde a área de Relacións Públicas aténdese a intensa actividade de xestión e asistencia a todos os convidados dos programas de entrevistas e faladoiros da TVG e a Radio Galega, que no 2022 se viu aínda reducida polos protocolos de prevención ante a covid-19. Atendéronse neste ano un total de 10.697 persoas desagregadas en:

- Informativos e programas de Televisión de Galicia, 10.485 persoas.
- Escolares, 1 grupo de 35 persoas (reiniciáronse en decembro, despois da covid).
- Convidados da Radio Galega, 205 persoas

10.4 Igualdade e inclusión

Igualdade e tratamento da violencia de xénero

A CRTVG comenzou 2022 asinando un convenio coa entidade Executivas de Galicia coa finalidade de dotar de maior visibilidade as profesionais galegas que destacan nos seus diferentes ámbitos competenciais, e que están reunidas no directorio 'Referentes galegas' editado pola entidade.

Con máis de 350 perfís, esta listaxe de profesionais serve de fonte informativa e referencia para os medios públicos, nos que as políticas de igualdade se conciben de xeito estrutural e se implementan transversalmente, en todos os ámbitos, corporativos e produtivos.

Nos seus contidos e na xestión de RRHH, a igualdade de xénero forma parte do ADN da CRTVG, que impulsa ademais campañas específicas e se fai eco das promovidas polo tecido social galego ao longo de todo o ano.

Así, os servizos informativos da TVG e Radio Galega atenderon a actualidade xerada en Galicia, e fóra do país, sobre a igualdade de xénero, a promoción dunha imaxe igualitaria, a violencia contra as mulleres e as campañas que ao longo do ano se levan a cabo desde as distintas esferas da sociedade. E nas datas de maior visibilidade institucional, o 8M, Día Internacional da Muller, e o 25N, Día Internacional para a eliminación da Violencia de Xénero, a TVG e a Radio Galega despregan unha actividade continua de difusión.

8M, Día Internacional da Muller

A estrea da película 'A illa das mentiras' foi unha das numerosas accións desenvolvidas pola TVG para remarcar o Día da Muller de 2022, ademais da programación de documentais e *tv-movies* sobre figuras femininas senlleiras e entrevistas e reportaxes nos seus programas e informativos. A Radio Galega fixo unha programación especial durante toda a xornada do 8M apoiada tamén no eido dixital a través do seu podcast sobre igualdade 'Moito ollo!', e nas redes sociais da Corporación as protagonistas foron mulleres referentes en campos como o deporte, a gastronomía, a literatura, a ciencia, a educación e a comunicación.

'A illa das mentiras' homenaxea as tres mulleres que se converteron en heroínas tras o naufraxio do buque Santa Isabel fronte ás costas galegas en 1921 e foi galardoada con cinco premios Mestre Mateo, formou parte do ciclo da TVG 'Voa con...', que achegou historias reais situadas en Galicia con protagonistas galegas, como 'María Solinha' e 'Sofía Casanova, a obreira do pensamento'. Ademais, o 8M, a G2 ofreceu o documental 'Tódalas mulleres que coñezo', que amosa as vivencias de mulleres diversas como evidencia do violenta que pode seguir sendo a rúa hoxe en día. A película está feita de conversacións en tres escenarios enlazados e significativos que poñen de relevo a violencia contra as mulleres. E desde principios do mes de marzo, as 'Noites temáticas' da G2 emitiron os documentais 'Rosalía, a musa do pobo' e 'Rosalía de Castro, sombras sen sombra' e as *tv-movies* 'Contou Rosalía' e 'Emilia Pardo Bazán, a condesa rebelde'.

No eido dos programas, 'Vivir aquí' incluíu cada domingo reportaxes protagonizadas por mulleres e, nas redes sociais, a CRTVG emitindo desde o 2 de marzo vídeos sobre mulleres referentes nos seus campos, como unha *skater* olímpica galega, unha recoñecida cocifeira; a mellor mestra de España nos Premios Educa Abanca; unha poeta; unha astrofísica especializada no estudo das galaxias espirais; e a autora do blog 'Estirando el chicle', gañador do premio Ondas 2021.

Desde os Servizos Informativos, os espazos 'Bos días', da TVG, e o 'Galicia por diante', da Radio Galega, emitiron unha entrevista coa conselleira de Emprego e Igualdade en que se abordaron as claves da situación actual en materia laboral e social. Coa mesma premisa, entrevistouse no 'Bos días' a secretaria de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero. Ademais, afondouse na análise da violencia machista desde tres ópticas: xurídica, empresarial e social, dando voz directa ás asociacións de vítimas.

Pola súa parte, o matinal 'A revista' visibilizou a situación social da violencia machista, con testemuñas en directo procedentes de asociacións e institucións. E as dúas edicións do 'Telexornal' recolleron todas as reflexións e actos da xornada, con especial atención a aqueles organizados polas institucións autonómicas e estatais, así como polas entidades privadas e da sociedade civil. Ao tempo, ofrecéronse reportaxes sobre a experiencia do maltrato e as súas posibilidades de superación, así como os camiños para a súa erradicación.

O espazo cultural 'Zigzag' e os programas das tardes da TVG, 'Quen anda aí?' e 'Fun polo aire', tamén incluíron o 8 de marzo entrevistas e reportaxes relacionados con esta data.

Cobertura na Radio Galega

Ao longo de toda a xornada do 8 de marzo, pasaron polos micrófonos da Radio Galega os líderes das asociacións convocadoras das principais marchas previstas para o serán da xornada do martes.

No 'Galicia por diante' falon expertos sobre a presenza feminina no sector económico; no espazo 'A bóla extra', cuxa primeira hora se emite en simultáneo na RG e na TVG, abríronse teléfonos para que os oíntes puidesen participar e falar dos avances no terreo da igualdade. Xa en 'A tarde', realizáronse entrevistas e conexións en directo cos lugares de Galicia onde se estaban celebrando actos polo 8M. E no tempo de 'Convivir', que se emite á medianoite dentro do 'Pensando en ti', as convidadas, todas mulleres, falon da importancia feminina en certos sectores laborais, como a ciencia.

E durante toda a semana déuselle especial difusión ao *podcast* sobre sobre igualdade 'Moito ollo!', da plataforma radiogalegapodcast.gal.

25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Arredor do 25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, os medios públicos galegos emitiron e informaron sobre os actos e iniciativas vencelladas a este día e deron voz ás protagonistas. O informativo 'Bos días' contou no estudio coa conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade e visitou en directo o centro de formación profesional CIFP da Xunqueira de Pontevedra, que acolleu actividades de formación aos alumnos sobre a violencia machista.

En 'A revista' foi entrevistada a secretaria xeral de Igualdade, e dedicouse tempo ao testemuño dunha muller vítima de violencia machista e a coñecer, desde o interior do cárcere de Teixeiro (A Coruña), a historia dunha muller integrada no equipo de fútbol sala masculino do centro. 'Galicia noticias' emitiu unha reportaxe sobre o traballo da Deputación de Ourense neste eido, e os principais informativos, 'Telexornal mediodía' e 'Telexornal serán', informaron dos numerosos actos políticos e institucionais organizados nesta xornada.

No plano cultural, o espazo 'ZigZag' ofreceu unha reportaxe sobre a Ópera Papagena, unha ópera electrónica sobre a loita contra o sexismo, e, xa na fin de semana, os informativos da TVG emitiron unha reportaxe sobre a formación que ofrece a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria aos sanitarios para detectar casos de violencia machista.

Os magazíns da tarde 'Quen anda aí?' e 'Hora galega' visibilizaron esta eiva social desde distintos vértices. O primeiro ofreceu unha reportaxe sobre unha vítima de violencia de xénero, sobrevivente do ataque da súa exparella, que intentou matala mentres durmía.

A continuación, 'Hora galega' deulle eco á iniciativa do Centro de Información Municipal ás Mulleres de Ourense que, despois de detectar un alarmante aumento nos casos de violencia de xénero en adolescentes, deseñou un programa que aborda a prevención da violencia machista nos máis novos.

Pola noite, en 'Luar' escoitáronse cancións que abordan esta temática. Mentres, na G2, o programa de cinema 'Clac' emitiu a película 'María Solinha' e no tempo de coloquio do programa falouse doutras películas que trataron o tema do machismo en distintos momentos históricos.

25N na Radio Galega

Unha entrevista á presidenta do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, abriu a cobertura dos informativos da Radio Galega, que o domingo entrevistou tamén á conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade. O espazo de temática social 'Convivir' emitiu o capítulo 'Mentres dormes' do *podcast* 'Superando a ficción'.

E no 'Galicia por diante' participou a autora do libro 'Saínza a punkiereiteira', que se presentou na xornada do 25N e que conta unha historia para o público adolescente arredor da violencia machista.

En canto á normativa:

- A CRTVG aplica as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres, propostas polo seu Consello de Administración da CRTVG e accesibles no portal corporativo (<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/autoregulacion/recomendacions-do-consello-de-administracion-da-crtvg-sobre-o-tratamento-informativo-da-violencia-contra-as-mulleres>)
- As informacións relacionadas coa violencia de xénero son obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso en que prima ante todo o respecto extremo ás vítimas. Por outra banda, sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista: 016.
- E como xa foi indicado, a CRTVG ten unhas normas reguladoras de publicidade, tamén dispoñibles no Portal de Transparencia da Corporación, que inclúen un capítulo específico sobre a imaxe da muller <http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/interaccion-con-usuarios/comercial>.

Outras accións encamiñadas a visibilizar o compromiso coa igualdade:

- A Comisión de Igualdade na CRTVG, constituída por representantes dos traballadores e por representantes da Corporación, segue a traballar na implantación dun plan de igualdade, de acordo coa definición dese principio que establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- A CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído no 2014 e que conta con representantes das administracións, da xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación.
- A CRTVG é membro da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, no que participa activamente e no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade.
- A CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, en que participa todo o sector da publicidade de España.

Novo recoñecemento: a CRTVG, Empresa Igual en Xénero 2022

A Corporación recibiu en novembro de 2022 a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero, mención que recibe por cuarto ano consecutivo. Trátase dun indicador dos informes publicados por ARDÁN, o servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e que se publica anualmente.

A Zona Franca de Vigo comunicou que a Corporación está, por cuarto ano consecutivo, entre o “4 % das máis de 35.000 empresas analizadas” que acadan os criterios para obter este distintivo que recoñece as empresas “que presentan altos valores de igualdade desde unha perspectiva de xénero no eido laboral medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións”.

A igualdade dentro da CRTVG

A Corporación é exemplo de plena igualdade na súa estrutura directiva. Máis concretamente, a 31 decembro de 2022, o equipo directivo estaba composto por 19 mulleres e 16 homes. E o Consello de Administración conta con 4 conselleiras e 2 conselleiros.

A área de Soporte Tecnolóxico, que engloba toda a xestión dos departamentos técnicos de produción, e a de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística, están dirixidas por dúas mulleres. Son mulleres tamén maioría na dirección da área de Contidos.

E en pantalla, a presenza de presentadoras e xornalistas é tamén maioritaria. Son mulleres, ademais, a adxunta ao director xeral, a directora do Departamento Operativo dos Servizos Informativos, a subdirectora de Contidos, a xefa de Programas da Radio Galega, a Xefa de Comunicación Corporativa e RSC, a Xefa de Extensión Audiovisual, a redactora xefa de Informativos, xunto a outras dez xefas de servizo e outras responsables de área. A 31 de decembro de 2022, en total, son mulleres o 40,22 % do total do persoal da CRTVG. E no que respecta aos salarios, na CRTVG non existe fenda salarial entre homes e mulleres. Así mesmo, no que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas. A porcentaxe deles que gozou no 2022 dalgún tipo de medidas de conciliación é do 20,77 %.

Apoio ás persoas con discapacidade

A ampliación da accesibilidade dos seus servizos é un eido prioritario para a Corporación de Radio e Televisión de Galicia e no que se traballa tanto desde a área de Proxección Social, a un nivel máis institucional, como desde as áreas técnica e de produción de contidos.

Isto responde ao obxectivo de achegar os medios públicos galegos á toda a sociedade e a favorecer a inclusión plena das persoas con necesidades especiais de xeito que poidan ter acceso a información e entretemento, en lingua galega, coa adaptación de formatos que poidan requirir.

Subtitulado, tradución de contidos informativos a lingua de signos (LSE) e outras accións, como a colaboración con institucións e universidades galegas na investigación sobre novas ferramentas para o subtitulado en tempo real de lingua galega ou a creación de novos formatos como o proxecto 'Sinxelo', nacido en 2022 e que se explica polo miúdo en páxinas seguintes, foron as áreas de traballo da CRTVG respecto da accesibilidade no ano pasado.

Contidos subtitulados

Televisión de Galicia ofrece coa opción de subtitulado todo o contido que non se emite en directo e que emana fundamentalmente do sector audiovisual galego. Durante 2022 emitíronse un total de 3.482 horas de programación subtitulada. 1.394 delas corresponden a programas subtitulados na primeira canle, TVG e outras 2.088 horas de emisión subtitulada corresponden á segunda canle, a G2. A vontade da CRTVG para acadar ferramentas que permitan dotar a cidadanía dunha maior accesibilidade aos contidos dos medios públicos maniféstase na apertura de marcos de traballo interdisciplinares e interinstitucionais co tecido social, empresarial e académico galego, xa que os procesos de subtitulado en directo están severamente condicionados pola inexistencia de sistemas automáticos homologados que entendan o idioma galego capaces de subtitular en tempo real. Ante esta inexistencia, a CRTVG incluíu na súa estratexia a colaboración con todos os entes de investigación de Galicia que traballan sobre a subtitulación automática. Neste senso a CRTVG traballa en tres proxectos:

- **Proxecto Nós, promovido pola Consellería de Educación (Secretaría Xeral de Política Lingüística) e que desenvolve a Universidade de Santiago** con recursos humanos e técnicos do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS) e do Instituto

da Lingua Galega (ILG). O Proxecto Nós ten como obxectivo crear ferramentas e compilar recursos que permitan o uso do galego nas tecnoloxías vinculadas á intelixencia artificial: altofalantes autónomos, tradución automática, transcripción, etc. A colaboración da CRTVG, formalizada a través de convenio, fundaméntase na prestación de servizo e recursos para poder avanzar en cada unha das liñas de actuación, con especial atención ás aplicacións previstas no proxecto.

Entre estas, a xeración de subtítulos de xeito automático, dentro da actividade “Sistemas de recoñecemento da fala”, así como a posibilidade de que os dispositivos autónomos entendan o galego, a xeración de textos automáticos para determinados contidos informativos ou mesmo a corrección automática de textos. A Corporación garante o acceso ao seu arquivo audiovisual para poder construír os diferentes corpus, necesarios para poder probar as tecnoloxías e ferramentas que se creen.

- En segundo lugar, a **CRTVG leva varios anos colaborando bilateralmente coa Universidade de Vigo** para o desenvolvemento de ferramentas automáticas que permitan facer o traballo de subtitulado ao galego dun xeito máis eficaz e, polo tanto, promover un maior número de subtitulado de horas diariamente e achegar deste xeito máis e mellor os contidos dos medios públicos á sociedade e, en particular, a aquelas persoas con problemas de discapacidades auditiva.
- En terceiro lugar, a **CRTVG forma parte tamén desde o comezo do proxecto TILGAL, impulsado conxuntamente co Clúster Audiovisual Galego** e as empresas Adivina Producciones, Setemedia Producciones Audiovisuales e Voz audiovisual, así como o Grupo de Tecnoloxías Multimedia do centro de investigación AtlanTTic da Universidade de Vigo e a empresa Imaxinsoftware.

Trátase neste caso dun proxecto para acadar unha ferramenta de transcripción e subtitulado automático ao galego que permita optimizar este proceso, así como a implementación de tecnoloxía innovadora que achegue ás empresas galegas vantaxes competitivas ata agora inexistentes no sector. Este proxecto está aliñado, a nivel autonómico, coa Axenda de Competitividade Industria Galicia 4.0 e, a nivel nacional, coa Axenda España Dixital 2025. E conta tamén coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Contidos en Lingua de Signos (LSE)

A emisión dos informativos principais do día en Lingua de Signos (LSE), o 'Telexornal mediodía' e o 'Telexornal serán', fai posible a accesibilidade das persoas xordas á información de proximidade que ofrece a Televisión de Galicia. De luns a venres, festivos incluídos, ambos espazos son accesibles pola G2, ás 15:30 h e ás 21:45 h, respectivamente. Os dous informativos están tamén dispoñibles na páxina web www.crtvg.gal, accesibles a calquera hora. A CRTVG conta con dúas sedes equipadas e operativas sobre as que emitir estes contidos informativos: a delegación da CRTVG na Coruña e a sede central de San Marcos.

TVG emitiu este ano **611 horas en lingua de signos** entre informativos e programas especiais como actos oficiais ou comparecencias institucionais, entre outros, e desagregados como segue:

Telexornais en LSE / Reemisión pola G2, de luns a venres

- 'Telexornal mediodía': 305 horas
- 'Telexornal serán': 294 horas

Programas especiais 2022

- Medallas Parlamento de Galicia – 06.04.2022
- Sesións investidura presidente Xunta de Galicia – 10 e 12.05.2022
- Toma posesión presidente da Xunta de Galicia – 03.05.2022
- Entrevista presidente da Xunta de Galicia – 09.06.2022
- Acto Medallas Castelao – 28.06.2022
- Acto Medallas de Galicia – 24.07.2022 / Duración: 86'
- Discurso Fin de ano presidente Xunta 31.12.2022
- Comparecencia xaneiro presidente do Goberno / Guerra Ucraína

Renovación do convenio coa Consellería de Política Social

En decembro de 2022, a CRTVG renovou o convenio de colaboración coa Consellería de Política Social, convenio que estende a colaboración vixente para dotar os principais informativos da CRTVG de interpretación en lingua de signos (LSE). Segue así o compromiso iniciado pola CRTVG hai máis dunha década co colectivo de persoas xordas de Galicia, que desde 2020 conta tamén co apoio explícito e económico por parte da Consellería de Política Social.

2022, nace 'Sinxelo'

En febreiro de 2022, a CRTVG lanzou 'Sinxelo', espazo informativo para mellorar a accesibilidade das persoas con discapacidade que naceu da colaboración coa Universidade de Vigo e é pioneiro en España en achegar a información ás persoas con algunha dificultade de comprensión. Desde entón, os servizos informativos da TVG emiten vídeos accesibles en G24 e nas redes sociais. Con esta 'Acción G' de Responsabilidade Social Corporativa, os medios públicos amplían a súa accesibilidade para difundir información audiovisual en galego nun formato baseado na “lectura sinxela”. A difusión dos vídeos faise a través da web G24.gal e as canles dixitais YouTube, Facebook, Instagram e TikTok.

A CRTVG é o primeiro medio audiovisual en aplicar este nivel de comunicación con este formato aos seus contidos. Os vídeos son realizados polos Servizos Informativos da TVG en colaboración co Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo, quen no arranque do proxecto verificou e validou a adaptación dos contidos e formatos para cumprir cos estándares da “lectura sinxela”.

'Sinxelo' segue os criterios de “lectura sinxela”, método que aplica pausas e recomendacións á redacción de textos, ao ritmo das imaxes ou ao deseño e maquetación de documentos, sempre coa finalidade de facer accesible a información ás persoas con dificultades de comprensión lectora, fundamentalmente, aínda que non só, a persoas con síndrome de Down. A voz do vídeo está xerada mediante intelixencia artificial e a súa velocidade está regulada ao fin correspondente. Os parámetros dentro dos que se move o proxecto están tamén marcados pola asociación Inclusion Europe, apoiada pola Unión Europea, e levarán o logo Easy-to-read.

Outras accións

Son varios os programas que prestan especial atención ao colectivo de persoas con discapacidade, entre eles o veterano 'Convivir' da Radio Galega e o espazo 'Convivir deportivo', que abre unha fiestra ao deporte desde a mesma óptica que o programa de actualidade social 'Convivir', para dar acubillo ao deporte base e a historias de superación e voluntariado, entre outros contidos. De ambos se informa no capítulo 4 desta memoria.

Tamén o programa da Radio Galega 'Lambóns dixitais', que se emite os xoves pola noite, recolle contidos sobre tecnoloxía inclusiva, en que se fala de avances para a integración de persoas con discapacidade.

A contratación de persoal na Corporación pública e as súas sociedades fíxose a través dunhas listaxes onde cada aspirante ten unha posición e unha puntuación en función da cualificación obtida no Proceso Selectivo Extraordinario de Consolidación de Emprego finalizado en 2012, en que se reservou o 7 % das prazas a persoas con discapacidade.

Ademais, un ano máis, mantivéronse dous contratos con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, de acordo coa reserva establecida de entre o 3 e o 5 % dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

E, por último, a CRTVG incluíu en todos os servizos que licitou a obriga do contratista de cumprir as disposicións vixentes en materia de integración social de persoas con discapacidade.

10.5 Accións internacionais

A CRTVG desenvolve unha activa política de alianzas e colaboracións no eido internacional con outros medios para abordar proxectos tanto a nivel institucional como de contidos. Como se explicou no capítulo 4 desta memoria, a CRTVG mantén unha sólida relación con entidades e canles doutros países. Destaca o labor común coa RTP portuguesa, coa que mantén unha colaboración que ampara acción de coprodución, programas común e un marco de traballo no eido institucional

Por outra parte, a CRTVG é membro destacado CIRCUM Regional, a rede de 250 medios públicos e centros de produción rexionais presentes en 29 países de Europa. Como se dixo, a Dirección de Contidos da CRTVG exerce a Secretaría Xeral e por tanto a dirección executiva de CIRCUM. Os premios CIRCUM son ademais unha fonte de contidos para a grella das 'Noites temáticas' da G2.

Outro marco de traballo internacional é o Celtic Media, colectivo ao que pertencen a BBC británica en Escocia, Gales e Irlanda do Norte, as irlandesas RTE e TG4 e France 3 Bretagne. Cada ano, representantes da Corporación participan nos foros internacionais e actividades destas organización europeas o que supón o acceso a interesantes fontes de coñecemento e intercambio no eido audiovisual.

No caso da América Latina, as xestións levadas a cabo pola CRTVG atinxen tres vertentes: a cobertura informativa, o seguimento de proxectos audiovisuais, así como a distribución do sinal de Galicia TV Europa nese continente.

Aproximación á lusofonía e á cultura portuguesa

A relación da CRTVG con Portugal e cos seus medios públicos, a RTP, plásmase en numerosos proxectos tanto institucionais como de coproducións de contidos. Pero ademais hai unha constante atención á realidade e atención informativa sobre a actualidade do país veciño, moi especialmente da súas rexións do norte, limítrofes con Galicia. De feito, G24.gal conta cunha sección específica con noticias sobre Portugal na páxina central deste portal.

Desde a óptica da lingua, segue no 2022 o proxecto específico do galego e do portugués 'Apuntamento lusófono' como unha das emisións de máis éxito do espazo 'DígochoEu' e cuxa canle de YouTube é moi seguida desde O Brasil e Portugal.

Así mesmo, nas noticias sobre Portugal respéctanse as grafías dos nomes propios e topónimos, cos tiles que se usan en portugués e con marcas de nasalidade en vogais, cuestión que supervisan os asesores lingüistas dos Servizos Informativos de TVG, que seguen tamén as recomendacións da Academia Galega da Lingua Portuguesa para coidar a fonética portuguesa á hora de pronunciar os nomes propios e topónimos lusos.

No que respecta aos contidos de entretemento, xa foi explicado no capítulo 4 deste informe que seguiu un ano máis a estreita colaboración de proxectos audiovisuais conxuntos. Pódese destacar o apoio da TVG a proxectos como a longametraxe 'Ariel' e o documental é 'A procura da estrela'.

Ademais, dentro dunha nova Convocatoria da Dirección Xeral da Corporación para a selección de proxectos de contidos dixitais acordouse participar en 'Agora cantamos nós', da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte Nas Ondas, un proxecto de micropezas divulgativas nas que se pretende dar a coñecer o traballo desenvolvido por 17 centros educativos de Galicia e Portugal e 16 artistas colaboradores dentro do proxecto Meniños Cantores, nunha nova colaboración de produción de contidos no eido educativo

'Ponte nas ondas!' é un veterano programa de radio interescolar en que colaboran estudantes galegos, portugueses e de países de linguas lusófonas desde hai 27 anos, e no que participa activamente a Radio Galega. En decembro, este proxecto foi declarado Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade

pola Unesco. A CRTVG colabora nesta iniciativa de cooperación escolar internacional desde os seus inicios, en 1994. A asemblea da Unesco fixo pública o 1 de decembro en Rabat (Marrocos) a declaración, incluída no seu Rexistro de Boas Prácticas de Salvagarda.

Nun exemplo máis dos intereses compartidos entre galegos e portugueses, e da estreita relación entre as canles públicas galega e lusa, a CRTVG emitiu en febreiro o Festival da Canção co que a RTP escolleu o tema que o país veciño leva cada ano ao festival europeo. A emisión, en *streaming* a través da plataforma Twitch, ofreceu as dúas semifinais do certame o 5 e o 7 de marzo. A gran final do día 12, ademais de en liña, puido verse en directo pola G2. As tres citas foron comentadas polos protagonistas do #ApuntamentoLusófono do 'DígochoEu'.

E coincidindo coa celebración da festividade nacional portuguesa, a Radio Galega puxo en marcha o 25 de abril o *podcast* 'Pasarse da raia' dentro da súa plataforma RadioGalegaPodcast.gal, que trata aspectos como as conexións máis singulares entre Galicia e Portugal, historias persoais dos arraianos, desmonta mitos e estereotipos e fala claro do que une e separa os irmáns da Eurorrexión, sempre a punto de pasarse da raia.

No eido institucional, hai que salientar por unha parte que, en setembro, a CRTVG expresou formalmente o seu apoio á candidatura da cidade portuguesa de Braga a Capital Europea da Cultura 2027, candidatura na que se expón o interese cultural que isto suporía para a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e o sector audiovisual en particular.

E, por outra parte, a CRTVG foi medio amigo do III Encontro Profesional de Música Galiza-Portugal, o MUMI, que durante tres días -entre o 29 de setembro e o 1 de outubro- acolleu encontros e actividades que conectaron dúas de creadores e produtores musicais de Galicia e de Portugal.

E, por último, neste 2022, os medios públicos galegos repetiron participación no encontro ONSeries de Lisboa, seguindo a súa estratexia de internacionalización. ONSeries Lisboa é o escaparate portugués de promoción e networking da industria audiovisual, que reúne canles, axentes internacionais, investidores e produtores de ficción.

10.6 Colaboracións institucionais e apoio ao tecido cultural galego

A CRTVG recibe numerosas peticións e convites para participar en foros profesionais, actos institucionais e académicos ou eventos e festivais do eido cultural, xornalístico ou audiovisual. Todo isto canalízase desde o departamento de Proxección Social e se atende na medida das posibilidades desde os diferentes departamentos da Corporación.

Así, o director de Contidos da CRTVG e secretario xeral de CIRCOM participou en marzo na xornada de debate sobre o uso da banda Sub-700 MHz na contorna televisiva europea, organizada por DG Connect, a Dirección Xeral de Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxía da Comisión Europea. Cuestións técnicas, regulatorias e mesmo do cambio nos hábitos de consumo dos espectadores foron outros temas tratados nos distintos relatorios desta xornada organizada pola Comisión Europea.

Por outra parte, o director de Proxección Social interveu na xornada sobre accesibilidade da Universidade de Vigo, 'Tradución multimedia, inclusión social e lectura fácil' na Facultade de Filoloxía e Tradución, coa que a CRTVG colabora na produción, pioneira nos medios audiovisuais, do proxecto 'Sinxelo'.

As tres universidades galegas e a CRTVG manteñen continuamente unha relación de cooperación coa CRTVG, tanto no campo da investigación como no eido institucional. Como foi explicado en páxinas anteriores a investigación sobre solucións de accesibilidade e subtítulo en galego é un exemplo desta colaboración, tanto coa UVigo como a USC.

Ademais, no 2022, a Universidade de Vigo e a Corporación exploraron vías de colaboración no eido da sensibilización arredor do idadismo e no marco da Cátedra de Idadismo creada pola institución. Os medios públicos comprometéronse a asesorar, desde o punto de vista da comunicación, o seu lanzamento. O labor da CRTVG neste ano é o de actuar como "capital semente" do proxecto e axudar a dar a coñecer o desafío social ao que se enfrenta a sociedade para que a partir de aí, tanto a cátedra como os diferentes organismos e institucións implicados poidan seguir a desenvolver proxectos. Nesta liña, a CRTVG prepara unha campaña divulgativa, no eido das súas #AcciónsG que se desenvolverá no 2023.

Así mesmo, a CRTVG desenvolveu en 2022, en colaboración co Grupo de Investigación de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, un proxecto de investigación e desenvolvemento dun Estudo das Au-

diencias. Este proxecto implicou a creación dunha 'comunidade de audiencias' ou grupo de traballo con estudantes das tres universidades públicas galegas que permitiu analizar as mudanzas nas tendencias das audiencias e identificar claves que resulten útiles para a programación da CRTVG. Este proxecto, executado a través de FEUGA (Fundación Empresa-Universidade Galega) facilitará información de interese para redeseñar contidos ao coñecer de primeira man as tendencias de consumo da audiencia de perfil universitario. Os resultados desta investigación foron entregados a finais de 2022 á CRTVG.

Noutra colaboración institucional, a adxunta ao director xeral participou no IV Congreso Medios de Comunicación e Igualdade de Xénero 'A igualdade e a violencia de xénero en tempos de guerra', organizado pola Asociación de Periodistas de Galicia (APG).

Igualmente, no eido social, a Corporación atende no posible as demandas das entidades que, como Cruz Vermella, solicitan colaboración en eventos ou actividades como o Sorteio de Ouro. Outra acción recorrente é o apoio á campaña de Nadal da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de Galicia (ADOS), cuxo autobús visita periodicamente a sede de San Marcos.

Media partner

No 2022, e a través da fórmula 'medio amigo', 'medio colaborador' ou 'media partner', a CRTVG apoiou eventos e festivais culturais, do eido do cine, o audiovisual, a música e o teatro e de interese público como, entre outros:

- Festival Go!Go!Zo! en Santiago de Compostela
- MUMI (III Encontro profesional de Música Galicia e Portugal en Tui e Valença do Minho;
- (S8) Mostra Internacional de Cinema Periférico da Coruña;
- Intersección-Contemporary Audiovisual Art Festival da Coruña;
- Festigal, festival de artes inclusivas, que contou coa colaboración do 'Diario cultural' da Radio Galega.
- O ciclo Butaca de Jazz de AFundación, co que colaborou o espazo 'Notas de jazz' da Radio Galega

10.7 Premios e recoñecementos á CRTVG

TVG mantén a súa aposta por dar visibilidade e prestixio aos contidos producidos en Galicia, para o que aproveita todas as oportunidades posibles ao participar activamente nos certames e premios internacionais que considera máis axeitados para televisións públicas coma a TVG. O Celtic Media e o Prix CIRCUM son xa citas obrigadas para poñer en valor os produtos galegos no espello internacional e seguir conseguindo recoñecementos exteriores nun contexto competitivo con televisións de tanto prestixio e renome como BBC, S4C, RTE ou FR3.

Ademais, estes foros propician o *networking* e as oportunidades de colaboración, polo que Televisión de Galicia anima e promove que as propias produtoras se impliquen e participen tamén activamente. A traxectoria da TVG, desde que iniciou a participación nestes premios no ano 2015, ten sido moi satisfactoria e permitiu entender mellor o espírito destes certames, polo que cada vez se vai refinando máis o criterio para seleccionar as candidaturas galegas.

TVG leva recollidos xa varios e importantes premios e mencións de honra, tamén no ámbito estatal, que representan para todo o sector unha posta en valor da calidade do produto 'made in Galicia' alén do territorio galego.

Na gala dos **Premios Goya 2022**, dúas longametraxes participadas pola TVG lograron galardóns para o audiovisual galego: premio Goya á mellor Película de Animación para 'Valentina', de Abano Producións, e o premio de mellor Son para a longametraxe 'Tres', de Frida Films.

Nos **Premios Platino de Cine Iberoamericano 2022** tamén obtivo candidatura á mellor película de animación 'Valentina'.

Nos **XX Premios Mestre Mateo**, as producións da Televisión de Galicia acadaron un total de 71 candidaturas, repartidas en vinte categorías. Entre elas destacan os espazos 'DígochoEu', 'Clac' e 'Cos pés na terra', que optaron ao galardón a Mellor Programa de Televisión.

Ademais, Esther Estévez, alma máter do exitoso espazo de fomento da lingua 'DígochoEu'; Paco Lodeiro, presentador do popular concurso 'Atrápame se podes', e Rodrigo Vázquez, un dos condutores do programa das tardes 'Quen anda aí?', viron recoñecido o seu traballo ao ser propostos para a categoría de Mellor Comunicador/a. No apartado de series, competiron con 'Hierro' as ficcións da TVG 'A lei de Santos', 'Auga seca' e 'Método criminal'.

Finalmente, os premios obtidos pola TVG na edición de 2022 dos **Premios Mestre Mateo** foron:

- Espazo 'DígochoEu', que se alzou co premio Mestre Mateo ao mellor Programa de Televisión. O espazo gañou tamén premio Deleite a promoción da lingua na festa dos candidatos aos galardóns.
- A presentadora Esther Estévez foi recoñecida ademais co galardón como Mellor Comunicadora de Televisión.
- A Academia Galega do Audiovisual recoñeceu tamén como premiados outros proxectos apoiados pola Televisión de Galicia como 'A virxe roxa', como mellor Documental, e a película 'Tres', que gañou os Mestre Mateo nas categorías de mellor Longametraxe, Mellor Actriz Protagonista, e Mellor Son.
- O filme 'Malencolía' obtivo dous galardóns para os actores de elenco.
- Outro dos grandes destacados da noite foi o finado Pedro Brandariz, gañador do premio a Mellor Actor Protagonista polo seu derradeiro papel na película 'Jacinto', cinta que tamén recibiu outros tres premios a Dirección de Arte, Vestiario, e Maquillaxe e Perruquería.
- Por outra banda, 'Que hicimos mal?', tamén apoiada pola TVG, apañou o galardón á mellor Dirección de Fotografía para Lucía C. Pan.

En relación aos premios no exterior 2022 foi o mellor ano da historia da CRTVG, xa que gañou tres primeiros premios en certames internacionais de medios audiovisuais, e ademais, por primeira vez en 37 anos, un programa de televisión da TVG acada ese nivel de recoñecemento exterior.

- No **Celtic Media Festival**:

- o espazo do *prime time* da TVG 'Malicia noticias' resultou gañador na categoría de mellor programa de humor. O noticiario informal da Galega alzouse co premio fronte a outras tres finalistas: producións da BBC Escocia, S4C Gales e BBC Irlanda, conseguindo así por primeira vez un premio internacional para un programa de televisión da TVG.
- Tamén o Torque á **Mellor Longametraxe foi para 'Ons'**, coprodución galego-portuguesa na que participa TVG. 'Ons', película de misterio e drama, competía con producións da BBC Escocia, de TG4 e BBC Irlanda, de France 3 e France.tv de Bretaña, de S4C de Gales e da canle de Cornualles. En total os premios Celtic Media escolleron dez producións galegas entre as finalistas.

- Nos **Premios europeos CIRCUM 2022**, entidade que reúne preto de 250 canles de televisión públicas rexionais de 29 países europeos:

- **Gañadora do mellor Talento Novo Europeo en Pantalla** a xornalista e presentadora da TVG **Noelia Rey**. É especialmente significativo e indicativo da renovación de comunicadores que ten experimentado a TVG que Galicia consegue o recoñecemento nesta categoría por segunda vez en tres edicións dos premios, sendo a outra edición para un profesional da BBC británica.
- Outra produción da Televisión de Galicia, a serie '3 Camiños' foi recoñecida no Prix CIRCUM cunha mención especial na categoría de Entretenimento e Ficción.

En total a **CRTVG suma xa once primeiros premios en certames internacionais de medios audiovisuais**, que son os seguintes:

2012 Prix CIRCUM para a serie de ficción 'Matalobos'

2017 Celtic Media para a longametraxe 'O descoñecido'

2018 Celtic Media para 'Destino Santiago' como mellor proxecto innovador

2019 Premio do xurado Festival de Cannes para a longametraxe 'O que arde', na sección oficial 'Un certain regard'

Prix CIRCUM mellor Talento Novo Europeo en Pantalla / Alba Mancebo

Premio Celtic Media para a longametraxe 'A sombra da lei'

2021 Premio Celtic Media para a longametraxe 'A illa das mentiras'

Premio Celtic Media para a serie de ficción 'Auga seca'

2022 Prix CIRCUM mellor Talento Novo Europeo en Pantalla / Noelia Rey

Premio Celtic Media para a longametraxe 'Ons'

Premio Celtic Media mellor programa de humor / 'Malicia noticias'

Os medios públicos e os seus profesionais recibiron recoñecementos en 2022 por producións destacadas no ámbito dos programas emitidos polas canles convencionais, así como por produtos nativos dixitais difundidos en Radio Galega Podcast.

Ademais, ao longo de 2022 outros espazos e profesionais da Corporación recibiron distintos recoñecementos:

Xaneiro

_Recoñecemento da Federación Galega de Hóckey á TVG pola colaboración no Campionato Europeo Sala Feminino 2022 que foi retransmitido pola canle e o portal web.

Maio

_ **Premio do Comité Técnico Galego de árbitros de fútbol** da delegación na Coruña, ao locutor da Radio Galega Javi Torres, polo labor desenvolvido nos programas deportivos 'Zona mixta', 'Ao contraataque' e 'Galicia en goles'.

Xuño

_ **Premio de Xornalismo Científico Celia Brañas 2022** para a xornalista da Televisión de Galicia Teresa Abuín Tubío, convocado pola Real Academia Galega de Ciencias e a Xunta de Galicia. Gañou o galardón pola súa reportaxe 'Costa inundable', traballo centrado na subida do nivel do mar en Galicia e que se emitiu en xaneiro no programa de actualidade 'Vivir aquí'.

Xullo

_ **Premio As Nosas Músicas**, concedido polo festival do mesmo nome ao programa 'Lume na palleira', que este ano fai 26 de emisión na Radio Galega. Trátase dun premio conmemorativo, que recolleu o director e presentador do programa, Emilio España, e que recoñece o traballo realizado en defensa e difusión da música folk de Galicia por este espazo.

_ **Premio Solidario 2022 do Grupo Social Once Galicia** ao programa da Radio Galega 'Convivir deportivo', que dirixe e presenta Alfonso Pardo, na categoría de medios de comunicación.

Agosto

_ **Premio Alecrín da FEGALCAT, Federación de Entidades Culturais Galegas de Cataluña**, ao 'DígochoEu' na categoría de defensa do galego. 'DígochoEu' segue a recibir recoñecementos ao seu proxecto de difusión e apoio ao bo uso da lingua galega.

_ **Premio As Nosas Músicas**, concedido polo festival do mesmo nome ao director e presentador do programa 'Lume na palleira' da Radio Galega Música, Emilio España. O premio recoñece o traballo realizado en defensa e difusión da música folk de Galicia por este espazo da emisora pública.

Outubro

_ **Premio da Cultura Galega 2022** para Xosé Ramón Gayoso, presentador do espazo '**Luar**' da TVG e unha das caras máis coñecidas e queridas da canle pública galega. O xurado recoñeceu a súa traxectoria de 30 anos á fronte de '**Luar**', no *prime time* dos venres na TVG, nun programa que une música, baile, cultura popular e moito humor, e que contribúe a visibilizar o novo talento musical e o sector da música popular galega.

_ Seis premios do **31º Festival de Cine de Madrid** para a película 'O home e o can', participada pola CRTVG.

Novembro

_Distinción á CRTVG co Indicador Empresa Igual en Xénero 2022 de ARDÁN, o servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo.

_Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no Tratamento e Comunicación da Violencia de Xénero' para a xornalista da CRTVG Cristina García. O certame recoñece a ética á hora de tratar información tan sensible como a relacionada coa violencia de xénero, evitando o sensacionalismo e coidando a intimidade das vítimas e superviventes máis vulnerables. Cristina García, presentadora do 'Galicia por diante' da RG e de 'A bóla extra' na TVG, foi premiada polo capítulo 'Mentres dormes', do seu *podcast* 'Superando a ficción', de RadioGalegaPodcast.gal, que afonda nas violacións por submisión química.

_ Premio de Xornalismo Cívico Alfredo Vicenti 2022 do Ateneo de Santiago para a redactora e locutora da Radio Galega Nuria López Presedo pola súa serie de podcasts titulada 'Historias dun país en guerra', da plataforma RadioGalegaPodcast.gal.

_Premio á Mellor Banda Sonora Orixinal no Festival Caminhos do Cinema Português, para 'Os demos de barro', película participada pola TVG.

Por último, e como xa foi mencionado neste informe, a Corporación acadou neste 2022 e por cuarto ano consecutivo, o Indicador como Empresa Igual en Xénero 2021 do Informe ARDÁN, distintivo que en 2021 só acadaron o 4 % das 35.000 empresas analizadas.

11. O CONTROL SOBRE A CORPORACIÓN RTVG

11.1 Consello de Administración da Corporación RTVG

Segundo o que se dispón nos artigos 12.1.a) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e 10 dos estatutos da empresa, é un dos órganos da Corporación RTVG. Componse de sete membros (un deles a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG) e correspóndelle a administración e o control da Corporación RTVG.

11.1.1 Competencias e funcións do Consello de Administración da Corporación RTVG

Establécense nos artigos:

- 19.1 e 2., 36.3, 39.1.b) e 45.2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro
- 5.2, 16, 31 (segundo parágrafo), 32 (segundo parágrafo), 36.1 e 40.2 dos estatutos da Corporación RTVG
- 18 e 34.3 do mandato marco

As dúbidas que no transcurso da actividade da sociedade poidan xurdir en relación coa atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG resolveranse sempre a prol desta última.

11.1.2 Elección e nomeamento dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG

- No Pleno do 13.07.2021, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG a Alfonso Cabaleiro Durán, Luis I. de la Matta Cantó, Higinio Mejjide Gómez, Ana I. Peón Piñeiro, María Carmen Vidal Lage e Irene Viña Bravo. Acadaron a maioría de $\frac{2}{3}$ que se determina nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da empresa. O seu nomeamento por parte da Xunta Xeral realizouse mediante acta de decisións do 16.07.2021, que asinou o secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptúa nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da empresa). A aceptación do cargo por cada unha das persoas que se mencionaron anteriormente produciuse no pleno ordinario do 21.07.2021. Os acordos que se adoptaron nel eleváronse a escritura pública que se outorgou ante José Manuel Amigo Vázquez, notario de Santiago de Compostela, o 24.09.2021 (núm. 1.727 do seu protocolo), que se inscribiu no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela (tomo 212, libro 0,

folio 210, sección 8, folla SC-4608, inscrición 66 do 15.10.2021; Borme núm. 205 do 25.10.2021).

- Por escrito do 22.04.2022 (registro de entrada núm. 11 da mesma data), o conselleiro Luis I. de la Matta Cantó renunciou ao cargo con efectos do 25.04.2022. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 70 do 06.06.2022 (Borme núm. 111 do 13.06.2022).
- Por escrito do 21.05.2022 (registro de entrada núm. 16 da mesma data), o conselleiro Higinio Meijide Gómez renunciou ao cargo con efectos do 25.05.2022. A súa renuncia inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 71 do 12.07.2022 (Borme núm. 139 do 21.07.2022).
- No Pleno do 12.07.2022, o Parlamento de Galicia elixiu como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG a Álvaro Alonso Filgueira e Margarita López Blanco. Acadaron a maioría de $\frac{2}{3}$ que se determina nos artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da empresa.

O seu nomeamento por parte da Xunta Xeral realizouse mediante acta de decisións do 19.07.2022, que asinou o secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (de acordo co que se preceptúa nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da empresa). Aceptaron o cargo neste mesmo acto. Este acordo inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folla SC-4608, inscrición 72.

Dese xeito, con efectos do 19.07.2022, o Consello de Administración da Corporación RTVG quedou configurado por Álvaro Alonso Filgueira, Alfonso Cabaleiro Durán, Margarita López Blanco, Ana I. Peón Piñeiro, Alfonso Sánchez Izquierdo (director xeral da Corporación RTVG), María Carmen Vidal Lage e Irene Viña Bravo.

11.1.3 Mandato

O mandato das persoas membros do Consello de Administración da Corporación RTVG é de cinco anos contados dende o seu nomeamento (renovable por unha soa vez). Esgotado o mandato, continúan no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos conselleiros (artigos 16 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 14 dos estatutos da empresa).

11.1.4 Réxime das persoas membro do Consello de Administración da CRTVG

As persoas membro do Consello de Administración da Corporación RTVG están vinculadas coa Corporación RTVG por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 9/2011, do 9 de novembro.

11.1.5 Presidencia

A presidencia é puramente funcional e exerceuse de forma rotatoria por un período de seis meses (excluída a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG). As súas funcións determínanse nos artigos 20 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 18 do estatutos da sociedade e 16 do Regulamento interno. Quen exerce a Presidencia non ten ningunha función de representación ou dirección executiva da empresa, correspondéndolle á Dirección Xeral da Corporación RTVG.

Ocuparon a presidencia en 2022:

- Meijide Gómez, elixido por unanimidade no pleno ordinario do 25.11.2021. Desempeñou o cargo entre o 25.11.2021 e o 24.05.2022. Nomeamento inscrito o 24.12.2021 no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 211, sección 8, folla SC-4608, inscrición 67 (Borme núm. 1 do 03.01.2022). Xa que renunciou ao cargo con efectos do 25.05.2022, ocupou a Presidencia a conselleira Ana I. Peón Piñeiro dende esa data ata o 28.06.2022 (aplicouse o que se dispón no artigo 16.4 do Regulamento interno).
- Peón Piñeiro, elixida por unanimidade no pleno ordinario do 28.06.2022. Desempeñou o cargo entre o 28.06.2022 e o 31.12.2022. Nomeamento inscrito o 11.08.2022 no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 213, sección 8, folla SC-4608, inscrición 73 (Borme núm. 161 do 24.08.2022).

11.1.6 Secretaría

- O Consello de Administración da Corporación RTVG nomeou a María García de la Concha Álvarez secretaria non conselleira. Elixíuna, por maioría, no pleno ordinario do 25.10.2016 e designouna novamente para o cargo, tamén por maioría, nos plenos ordinarios do 21.12.2017, 20.12.2018, 19.12.2019 e 22.12.2020 ata o 31 de decembro de 2018, de 2019, 2020 e 2021, respectivamente. Déuselle cumprimento ao que se establece nos artigos 21 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 19 dos estatutos da sociedade e 17 do Regulamento interno, artigos nos que, así mesmo, se establecen as súas funcións. O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro

Mercantil de Santiago o 31.01.2017. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, sección 8, folia SC-4.608, inscrición 50 (Borme núm. 27 do 08.02.2017). A petición propia, por unanimidade, o Consello de Administración da Corporación RTVG destituíuna no pleno extraordinario do 26.04.2022. A súa destitución inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 28.04.2022. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folia SC-4608, inscrición 69 (Borme núm. 87 do 09.05.2022).

- No pleno extraordinario do 26.04.2022, o Consello de Administración da Corporación RTVG, por unanimidade, designou a Martina Puente Nogueira secretaria non conselleira. Déuselle cumprimento ao que se establece nos artigos 21 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, 19 dos estatutos da sociedade e 17 do Regulamento interno (nos que se indican as súas funcións). O seu nomeamento inscribiuse no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela o 28.04.2022. Datos rexistrados: tomo 212, libro 0, folio 212, sección 8, folia SC-4608, inscrición 69 (Borme núm. 87 do 09.05.2022).

11.1.7 Dirección Xeral da Corporación RTVG

Por acta de decisións do 31.12.2015, a secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (actuando como representante da accionista única da Corporación RTVG, a Administración xeral da CAG) designou a Alfonso Sánchez Izquierdo director xeral da Corporación RTVG. Aplicouse o que se sinala na disposición transitoria terceira da Lei 9/2011, do 9 de novembro, modificada pola disposición derradeira cuarta da Lei 13/2015, do 24 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas. Alfonso Sánchez Izquierdo desenvolve as funcións de administración e de representación da empresa dende as 00:00 h do 01.01.2016 e foi nomeado director xeral da Corporación RTVG na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG (04.01.2016). Presente no acto, aceptou o cargo.

11.2 Funcionamento do Consello de Administración da Corporación RTVG

Réxese polo que se determina na Lei 9/2011, do 9 de novembro, nos estatutos da sociedade e no Regulamento interno (aprobase, por unanimidade, no pleno ordinario do 19.07.2016).

11.2.1 Relación das 13 sesións plenarias que se realizaron en 2022 (todas elas ordinarias, agás a primeira do 26.04.2022)

25 de xaneiro de 2022

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 17.12.2021
- Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG (aprobada por 6 votos a favor, 0 en contra e 1 abstención)
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Lei de liberdade dos medios de comunicación
 - 2 Sentenza núm. 353/2021, do 28.12.2021, do Xulgado do Social núm. 1 de Santiago de Compostela (derivada dos autos de sanción núm. 369/2019)
 - 3 Evolución da taxa de absentismo
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
 - 1 Razóns da destitución da xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social e solicitude do diagnóstico (estudo cuantitativo e cualitativo da situación das mulleres e dos homes na empresa e cuxa finalidade é detectar as discriminacións por razón de sexo), instrumento básico para configurar o plan de igualdade.
 - 2 Solicitude dunha maior presenza da música galega na Radio Galega Música.
 - 3 Pedimento da listaxe de colaboradores da Corporación RTVG e de participantes nos seus faladoiros (desagregada por programas).
 - 4 Criterios que seguiu a Área de Información e Documentación na elaboración dunha peza que se incluíu no 'Telexornal mediodía' do 05.11.2021, a priori centrada na XVII Asemblea Nacional do BNG prevista para o día seguinte, e na que unicamente se puido escoitar a voz do secretario xeral do PPdeG.
 - 5 Razóns polas que no 'Telexornal mediodía' do 06.12.2021 non se deu conta do acto que organizou en Pontevedra o BNG para conmemorar o 90 aniversario do Partido Galeguista, tendo en conta que no mesmo espazo do día seguinte se incluíu a nova titulada *Compromiso por Galicia asegura que o Bloque non é o partido galeguista do século XXI, como pretende Ana Pontón*.
 - 6 Causas polas que no 'Telexornal mediodía fin de semana' do 28.11.2021 non se informou sobre a manifestación que se realizou no Barco de Valdeorras e que convocou a plataforma sanitaria de Valdeorras para reclamar os servizos que se perderon no hospital comarcal e nos centros de saúde do distrito.

- 7 Motivos polos que nos espazos informativos da Corporación RTVG se obviou a concesión a Berta Dávila Fernández e Leticia Costas Álvarez dos Premios Xerais 2021.
- 8 Posible repercusión para a Corporación RTVG do que se determinará en relación co catálogo de acontecementos deportivos de interese xeral para a sociedade.
- 9 Eventualidade de contemplar o establecemento dun punto de acceso ás instalacións privativo para os membros do Consello de Administración da Corporación RTVG.

- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)

- 1 En relación co apoio da Corporación RTVG no ámbito da produción cinematográfica europea (longametraxes, longametraxes para televisión, documentais, curtametraxes e miniserias), posibilidade de trocar o sistema que se estableceu na Resolución do 28.06.2011, da Dirección Xeral da CRTVG, pola que se aproba o procedemento de presentación de proxectos de programas e producións audiovisuais de interese para TVG, S.A. (contestada no pleno ordinario do 22.02.2022).
- 2 Posible exercicio de presións diante da dirección para que retirase da oferta da Corporación RTVG unha peza audiovisual, de menos de 1' de duración, que se centrou nun aspecto concreto da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (coñecida como a lei de interinos) (contestada no pleno ordinario do 22.02.2022).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Reparos sobre as respostas que se ofreceron neste pleno ordinario ao fío das preguntas e rogos que formulou unha conselleira no precedente (17.12.2021).
- 2 Apelación para que se analizase o réxime de compatibilidades e incompatibilidades dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG.

[22 de febreiro de 2022](#)

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 25.01.2022
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Proxecto de lei xeral de comunicación audiovisual
 - 2 Cobertura informativa do naufraxio do pesqueiro Villa de Pitaxo
 - 3 Tanxugueiras: repercusión social e relación coa Corporación RTVG
 - 4 Proxecto 'Sinxelo' (accesibilidade para persoas con discapacidade cognitiva)
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)
 - 1 Solicitud consistente en que se publicasen no portal de transparencia os contratos que derivaron das decisións que adoptou a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos. En relación cos anteditos contratos, demanda de información sobre o tratamento contable que recibiu o importe que se reservou para unha determinada produción cando finalmente non se materializa. Concreción da relación de profesionais que formaron parte da Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos, así como os criterios que aplicou á hora de avaliar cada proposta (contestada no pleno ordinario do 29.03.2022).
 - 2 Referido aos exercicios 2019, 2020, 2021 e ao período que ía de 2022, listaxe de contratos que se formalizaron con empresas produtoras radicadas fóra de Galicia e os importes que se aboaron por cada un deles (contestada no pleno ordinario do 29.03.2022).
 - 3 Polo que atinxe aos colaboradores que interviñan en programas da TVG e da Radio Galega, criterios que se estableceron en relación coa súa orde de rotación, así como o importe que percibiron polas devanditas colaboracións (contestada no pleno ordinario do 29.03.2022).
 - 4 Rogo consistente en que se extremasen as medidas para que nas emisións das canles dependentes da Corporación RTVG se divulgase unha fala correcta (contestada no pleno ordinario do 29.03.2022).

- 5 Información sobre o conflito colectivo núm. 33/2021 que se seguiu ante a Sala do Social do TSXG (sentenza núm. 576/2022 do 07.02.2022), sobre as funcións do colectivo de reporteiros gráficos (contestada no pleno ordinario do 29.03.2022).
- 6 Efectos na Corporación RTVG da decisión da SGAE consistente na implantación dun novo sistema de repartición de dereitos de autor en relación coas obras que se utilicen nos programas televisivos (contestada no pleno ordinario do 29.03.2022).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 En relación coa configuración das ordes do día das sesións plenarias, concretamente polo que se refería ao punto denominado *Informes do director xeral da Corporación RTVG*, que cando se cursasen se incluíse algunha referencia sobre os temas que se abordarían no antedito apartado.

29 de marzo de 2022

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 22.02.2022
- Formulación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2021 (artigo 253.1 do Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital).

Formuláronse as contas anuais da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio 2021 (comprendidas do balance, das contas de perdas e ganancias, dos estados de cambios no patrimonio neto, dos estados de fluxos de efectivo e da memoria), o informe de xestión (incluído o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado. Os anteditos documentos asináronse por todos os conselleiros antes da súa elevación á Xunta Xeral para a súa aprobación.

- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Evolución do consumo televisivo (TDT) nos meses de febreiro de 2018 a 2022
 - 2 Relacións da Corporación RTVG coas plataformas dixitais
 - 3 Sentenza do 02.03.2022 da Sala do Social do TSXG (núm. 010117/2022) no recurso de suplicación núm. 6349/2021
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite

- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)
 - 1 Episodio que derivou da difusión dunha información sobre o contido da Lei 20/2021, do 28 de decembro, que se produciu na tarde do 19.01.2022 e do que foron protagonistas un redactor e unha integrante do Comité Intercentros da Corporación RTVG, cuestión sobre a que se preguntou no pleno ordinario do 25.01.2022 e da que informou a Dirección Xeral da Corporación RTVG no seguinte (22.02.2022) (contestada no mesmo pleno ordinario e completada a resposta no pleno ordinario do 26.04.2022).
 - 2 Aplicación de transparencia nos criterios de elección dos perfís das persoas que tomaban parte nos faladoiros das canles dependentes da Corporación RTVG e método que se seguiu para a súa determinación (contestada no pleno ordinario do 26.04.2022).
 - 3 Negociacións coa representación da parte social para ampliar o número de prazas da oferta pública de emprego (contestada no pleno ordinario do 26.04.2022).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 En relación coa configuración das ordes do día das sesións plenarias, concretamente polo que se refería ao punto denominado *Informes do director xeral da Corporación RTVG*, que cando se cursasen se incluíse algunha referencia sobre os temas que se abordarían no antedito apartado.
- 2 Parabéns dirixidos ao equipo da iniciativa 'DígochoEu' e a Esther Estévez Casado polo recoñecemento do que foron obxecto na XX edición dos Premios Mestre Mateo (categorías Mellor Programa e Mellor Comunicadora, respectivamente).
- 3 Parabéns pola decisión de comezar a emitir competicións de deportes autóctonos (chave, billarda, fútbol gaélico...).

[26 de abril de 2022 \(extraordinaria\)](#)

- Destitución, a petición propia, da secretaria non conselleira do Consello de Administración da Corporación RTVG
- Designación do secretario non conselleiro do Consello de Administración da Corporación RTVG
- Delegación de facultades

- Aprobación da acta

26 de abril de 2022

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 29.03.2022
- Destitución e formalización do cesamento de persoal directivo da Corporación RTVG. Nomeamento polo Consello de Administración da Corporación RTVG de persoal directivo designado pola Dirección Xeral da Corporación RTVG

Destituicións: do xefe de Servizo de Instalacións (Departamento de Contratación, Patrimonio e Servizos Comúns, Área de Xestión Corporativa), por amortización do dito servizo, logo do aviso legal correspondente; a petición propia e por mor da súa xubilación, do xefe do Servizo de Xestión (Área de Contidos); do xefe do Servizo de Xestión e Servizos Comúns (Departamento de Contratación, Patrimonio e Servizos Comúns, Área de Xestión Corporativa).

Nomeamentos: do xefe de Servizo de Xestión (Área de Contidos) e da xefa de Servizo de Xestión e Servizos Comúns (Departamento de Contratación Patrimonio e Servizos Comúns, Área de Xestión Corporativa).

As destituicións e os nomeamentos producíronse con efectos do 30.04.2022 e do 01.05.2022, respectivamente, agás a destituición do xefe do Servizo de Instalacións, que se materializou unha vez transcorrido o período de aviso legal. Os cambios que se notificaron non modificaron o número de postos do equipo directivo nin tampouco implicaron variación económica no seu custo, ao crearse o Servizo de Planificación ao tempo que se amortizou o de Instalacións.

O Consello de Administración da Corporación RTVG deulle cumprimento ao que se establece no artigo 19.1.b) da Lei 9/2011, do 9 de novembro.

- Aprobación, se procede, da composición das comisións de Igualdade, de Programación e de Responsabilidade Social Corporativa

Por escrito do 22.04.2022 (registro de entrada núm. 11 da mesma data), Luis I. de la Matta Cantó notificou a súa renuncia ao cargo de conselleiro con efectos do 25.04.2022. Consecuentemente, cubríronse as vacantes que se orixinaron nas comisións de Igualdade, Programación e Responsabilidade Social Corporativa.

Substitucións (en todos os casos con efectos do 25.04.2022): Meijide Gómez, na Comisión de Igualdade; Peón Piñeiro, na Comisión de Programación (quen pasou a

ocupar a Presidencia), e Cabaleiro Durán, na Comisión de Responsabilidade Social Corporativa

- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Evolución da audiencia das canles dependentes da Corporación RTVG
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros

- Asuntos de trámite

Notificouse a renuncia ao cargo de conselleiro de Luis I. de la Matta Cantó con efectos do 25.04.2022, renuncia que comunicou mediante escrito do 22.04.2022 (registro de entrada núm. 11 da mesma data).

- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)
 - 1 En relación coa oferta pública de emprego, determinación da empresa sobre a proposta de acordo que elevara o Comité Intercentros da Corporación RTVG (contestada no mesmo pleno ordinario e completada a resposta no pleno ordinario do 24.05.2022)
 - 2 Razóns polas que se licitou o expediente núm. CRT-2022-004, denominado *Servizo para a cuantificación da relevancia da Televisión de Galicia na sociedade* (contestada no pleno ordinario do 24.05.2022)
 - 3 Reacción da Corporación RTVG ao abeiro da campaña do colectivo SOS Ficción en Galego denominada *Por vez primeira dende 1985 a TVG non ten ficción propia na súa programación* (contestada no pleno ordinario do 24.05.2022)
 - 4 Situación do sector audiovisual nos ámbitos internacional e estatal (contestada no pleno ordinario do 24.05.2022)

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Cobertura da edición de 2022 da iniciativa *ari[t]mar galiza e portugal* que organizou a Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.
- 2 Polo que se refire á configuración das ordes do día das sesións plenarias, concretamente no que atinxe ao punto denominado *Informes do director xeral da*

Corporación RTVG, reiterouse o rogo consistente en que cando se cursasen se inclúa algunha referencia sobre os temas que se abordarían no antedito apartado.

- 3 Parabéns dirixidos ao equipo directivo do Departamento de Recursos Humanos polo traballo que desenvolveu ao longo dos últimos anos, especialmente no apartado das relacións laborais, e consideracións arredor das vicisitudes do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a provisión de vacantes por persoal laboral fixo na CRTVG e as súas sociedades, que se convocou por Resolución do 25.01.2011, da Dirección Xeral da CRTVG.

24 de maio de 2022

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 26.04.2022
- Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG (aprobada por unanimidade)
- Aprobación, se procede, da modificación das Directrices básicas en materia de persoal (aprobada por unanimidade)
- Oferta pública de emprego
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Evolución da taxa de absentismo
 - 2 Documento *Os medios de servizo público e o manifesto de Internet de servizo público*
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)
 - 1 Causas polas que a dirección decidiu extinguir o vínculo con quen ocupou diversos cargos de responsabilidade na empresa dende o 01.05.1987 (o último o de Director do Departamento de Enxeñería e Sistemas) pouco antes de que se puidese acoller á xubilación, resolución que derivou nunha demanda por parte desta persoa que se tramitou primeiramente diante do Xulgado do Social núm. 4 de Santiago de Compostela (autos núm. 333/2021, sentenza núm. 241/2021) e despois perante a Sala do Social do TSXG (recurso de suplicación núm. 168/2022, sentenza núm. 1995/2022) (contestada no pleno ordinario do 28.06.2022).

2 Parecer da dirección sobre a inclusión no programa da Radio Galega denominado 'Zona mixta' do 04.05.2022 dunha entrevista que estivo centrada na sentenza que ditou o 26.04.2022 a Sección Terceira da Audiencia Provincial de Almería contra Santiago Mina Lorenzo (contestada no pleno ordinario do 28.06.2022).

- Asuntos de trámite

O presidente (Higinio Meijide Gómez) notificou a súa renuncia ao cargo con efectos do 25.05.2022 (comunicouna por escrito do 21.05.2022, rexistro de entrada núm. 16 da mesma data).

28 de xuño de 2022

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 24.05.2022
- Elección da presidenta ou do presidente do Consello de Administración da Corporación RTVG (elixida, por unanimidade, Peón Piñeiro)
- Aprobación, se procede, da composición das comisións de Economía e Control, Igualdade, Recursos Humanos e Responsabilidade Social Corporativa

Por escrito do 21.05.2022 (rexistro de entrada núm. 16 da mesma data), Meijide Gómez notificou a súa renuncia ao cargo de conselleiro con efectos do 25.05.2022, o que obrigou a cubrir as vacantes que se orixinaron nas comisións de Economía e Control, Igualdade, Recursos Humanos e Responsabilidade Social Corporativa (en todos os casos con efectos do 25.05.2022). Substitucións: Cabaleiro Durán nas comisións de Economía e Control e de Igualdade (Peón Piñeiro pasou a ocupar a Presidencia na primeira delas) e Peón Piñeiro nas comisións de Recursos Humanos e de Responsabilidade Social Corporativa.

- Regulación da asistencia polo desenvolvemento das funcións de secretaria non conselleira do Consello de Administración da Corporación RTVG (aprobada por unanimidade)
- Aprobación, se procede, do Informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2021) (aprobado por 3 votos a favor e 2 en contra)
- Aprobación, se procede, do Plan anual de actividades e dos anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG para 2023 (aprobados por 3 votos a favor e 2 en contra)

- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Evolución das negociacións sobre o plan de igualdade
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)
 - 1 Posibles consecuencias da resolución da Sala do Social do TSXG do 26.05.2022 no recurso de suplicación núm. 1908/2022-M (sentenza núm. 2532/2022) (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).
 - 2 Apertura do abano na selección e escolla dos presentadores e das presentadoras dos programas de entretemento da TVG (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).
 - 3 Rogo consistente en que nos programas da TVG nos que se fixese referencia ás portadas de diferentes diarios se incluíse a de Nós Diario, o único xornal que se edita en lingua galega (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).
 - 4 Razóns polas que no programa 'Bos días' do 20.06.2022 se inseriu, durante un prolongado período de tempo un rótulo coa seguinte lenda: *A maioría absoluta de Feijóo reforza o PP no seu obxectivo de chegar á Moncloa nas próximas eleccións xerais* (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).
 - 5 Rogo para que as futuras grellas de programación da TVG para o verán non se baseen primordialmente en programas cuxo contido estea centrado nos eventos festivos (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).
 - 6 Causas da atención que recibiu o certame O son do Camiño na programación da TVG (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).
 - 7 Motivos da inclusión dunha reportaxe sobre unha parte da anatomía da muller no programa 'Fun polo aire' do 07.06.2022 (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).

- 8 Explicación sobre o episodio que se produciu no espazo da Radio Galega 'Pensando en ti' do 14.06.2022 (bendición do estudio multimedia) (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).
- 9 Obxectivos que se perseguiron coa produción e difusión pola TVG do programa 'O meu último verán en Sanxenxo' (13.06.2022) (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).
- 10 Motivos polos que a TVG non emitiu o encontro R.C.D. da Coruña-Albacete Balompé, que se disputou o 11.06.2022, de ascenso á Liga SmartBank (contestada no pleno ordinario do 27.07.2022).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Matizouse o contido dunha pregunta que se realizou no pleno ordinario do 24.05.2022 e realizáronse unha serie de consideracións arredor das sentenzas que ditou a Sala do Social do TSXG o 26.05.2022 e o 22.04.2022 nos recursos de suplicación números 1908/2022-M e 168/2022 (sentenza números 2531/2022 e 1995/2022), respectivamente.
- 2 Por unanimidade, felicitouse ao equipo do programa 'Convivir deportivo', ao que o Grupo Social Once Galicia lle concedera o Premio Solidario 2022.
- 3 O director xeral da Corporación RTVG deu conta da experiencia pioneira da empresa na noite do 19.06.2022, día das eleccións ao Parlamento de Andalucía, concretamente a produción, realización e difusión do programa especial sobre ese evento dende o novo estudio multimedia, produto que se materializou cos recursos humanos e técnicos da Radio Galega e que se difundiu simultaneamente por esta emisora e pola G2.

27 de xullo de 2022

- Aprobación da acta do pleno ordinario do 28.06.2022
- Aprobación, se procede, da composición das comisións de Igualdade, Programación, Recursos Humanos e Responsabilidade Social Corporativa. En todos os casos con efectos do 27.07.2022, aprobáronse as seguintes substitucións: na Comisión de Igualdade, López Blanco por Cabaleiro Durán; na Comisión de Programación, Alonso Filgueira por Peón Piñeiro (Alonso Filgueira designado presidente); na Comisión de Recursos Humanos, López Blanco por Peón Piñeiro (López Blanco designada presidenta); na Comisión de Responsabilidade Social

Corporativa, Alonso Filgueira por Cabaleiro Durán. Designouse a Cabaleiro Durán presidente da Comisión de Economía e Control (substituíu a Peón Piñeiro).

- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Balance da actividade que desenvolveu a Corporación RTVG no segundo semestre de 2021 e no primeiro semestre de 2022 e proxectos para o segundo semestre de 2022 e o exercicio 2023
 - 2 Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)

Realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Ao abeiro do anuncio sobre a introdución de modificacións na oferta informativa da Corporación RTVG a partir do outono de 2023, rogouse que nela se respecte escrupulosamente a pluralidade ideolóxica, política e social do país.
- 2 Matizouse o contido do rogo que formulou unha conselleira no pleno ordinario do 28.06.2022 e ao que se lle deu resposta nesta sesión plenaria (*Apertura do abano na selección e escollo dos presentadores e das presentadoras dos programas de entretemento da TVG*).
- 3 Unha conselleira reafirmouse na súa consideración arredor da reportaxe que se incluíu no programa 'Fun polo aire' do 07.06.2022 que se baseou nunha parte da anatomía da muller.
- 4 Consideracións arredor do labor que pode levar a cabo este órgano para desbloquear e acelerar as negociacións sobre o plan de igualdade.
- 5 Apelación para que a Comisión de Regulamento e Réxime Interior retomase os traballos co obxecto de concluír a elaboración do proxecto de estatuto profesional.

31 de agosto de 2022

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 27.07.2022

- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Cota de pantalla da TVG e da G2 durante o verán
 - 2 Proxectos estratéxicos para os vindeiros 18 meses
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
 - 1 Por unanimidade, unha vez eliminadas as restricións que impuxo a pandemia, realizar os plenos na sala que está dotada do correspondente sistema de gravación.
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)
 - 1 Avaliación da posibilidade de adquirir un sistema de recoñecemento vocal intelixente e tradución automática para facilitar o traballo de elaboración das actas das sesións plenarias (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 27.09.2022).
 - 2 Condicións do contrato que se formalizou coa empresa que prestaba o servizo de apoio para a elaboración do plan de igualdade (contestouse no pleno ordinario do 27.09.2022).
 - 3 Nova do 'Telexornal mediodía' do 19.08.2022 que se titulou *As familias buscan fórmulas para aforrar na volta ao cole* (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 27.09.2022).
 - 4 Esixencia dun control eficaz en relación coas producións que se redifunden durante o verán, no senso de que resulten atemporais (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 27.09.2022).
 - 5 Parabéns pola adquisición de determinados dereitos sobre a Primeira Federación. En relación con este asunto, proceder que se seguiu para equilibrar o número de encontros que estaba previsto difundir en directo de cada un dos catro equipos galegos que militaron na categoría, aproveitamento da competición en xeral a través de sistemas de difusión distintos da TDT, previsións arredor da divulgación exclusivamente a través da G2 e, en función das disputas que xurdiron na temporada 2021/2022 en relación coa comercialización da Primeira Federación, expectativas sobre un exercicio pacífico dos dereitos que adquirira a Corporación

RTVG para a temporada 2022/2023 (contestouse no mesmo pleno ordinario e completouse a resposta no pleno ordinario do 27.09.2022).

27 de setembro de 2022

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 31.08.2022
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Primeiras consideracións sobre o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece un marco común para os servizos de medios de comunicación no mercado interior (Lei de liberdades dos medios de comunicación) e polo que se modifica a Directiva 2010/13/UE, do 10 de marzo de 2010
 - 2 Renovación das cámaras dos estudos 150 e 300
 - 3 Ingresos comerciais da TVG en setembro de 2022
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)
 - 1 Razóns dos cambios que se introduciron na estrutura directiva da empresa, especialmente a supresión da figura do xerente, a través da Resolución do 01.07.2022, da Dirección Xeral da Corporación RTVG (contestada no pleno ordinario do 28.10.2022).
 - 2 Apelación para que se axilizasen as negociacións do plan de igualdade, se determinasen as responsabilidades de cada quen no atraso que se acumula e se configurase un plan de formación ad hoc (contestada no pleno ordinario do 28.10.2022).
 - 3 Causas polas que no 'Telexornal mediodía' do 31.08.2022 se incluíu unha nova (*Cúmprense 100 días de Alfonso Rueda como presidente do Partido Popular de Galicia*) que non elaborou o persoal da Área de Información e Documentación (contestada no pleno ordinario do 28.10.2022).
 - 4 Actuacións que se desenvolveron para cumprir o punto 1 da proposición non de lei que o Parlamento de Galicia aprobou, por unanimidade, o 12.05.2021,

coñecida coloquialmente como *Iniciativa Xabarín* (contestada no pleno ordinario do 28.10.2022).

- 5 Motivos polos que este órgano aínda non aprobara o estatuto profesional, que debe recoller a creación do consello de informativos: causas polas que non se concluíran os traballos e apartados nos que xurdiron atrancos (contestada no pleno ordinario do 28.10.2022).
- 6 Solicitud de información en relación coa denuncia pública que realizou o Comité Intercentros da Corporación RTVG sobre a suposta realización de contratacións laborais obviando o que se dispón ao efecto no convenio colectivo (contestada no pleno ordinario do 28.10.2022).
- 7 Criterios que se seguiron para promover a serie ‘Saudade de ti’ con lendas como *O amor de verdade fai sufrir* ou *O amor de verdade é pura loucura* (contestada no pleno ordinario do 28.10.2022).
- 8 Posible adaptación das ferramentas que ofrece o mercado actualmente para que o Consello de Administración da Corporación RTVG se dotase dun sistema de recoñecemento vocal intelixente e tradución automática (contestada no pleno ordinario do 28.10.2022).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Felicítouse a dirección pola decisión de producir a serie de carácter documental ‘Os castelos’.
- 2 Por unanimidade, felicítouse ao equipo de ‘Luar’, programa que se comezou a emitir o 30.09.1992 e que, polo tanto, fixo 30 anos en antena, facendo partícipe dos parabéns a toda a organización polo mantemento dun espazo que, cada venres, logra un amplo seguimento por parte da audiencia galega.

[28 de outubro de 2022](#)

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 27.09.2022
 - Informes do director xeral da Corporación RTVG
- 1 Situación da Corporación RTVG no actual contexto dos medios de comunicación audiovisuais e proxectos operativos e estratéxicos no curto e medio prazo

- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)
 - 1 Reparos dunha conselleira polo feito de que a pregunta que formulou no pleno ordinario do 27.09.2022 sobre as razóns dos cambios que se introduciron na estrutura directiva da empresa, nomeadamente a supresión da figura do xerente a través da Resolución do 01.07.2022, da Dirección Xeral da Corporación RTVG, non se atendese nesa mesma sesión plenaria (contestada no pleno ordinario do 24.11.2022).
 - 2 Observacións arredor das acusacións que fixo a Dirección Xeral da Corporación RTVG mediante a resposta que ofreceu ao abeiro da pregunta que se efectuou no pleno ordinario do 27.09.2022 sobre o emprego de determinadas frases para promover a serie 'Saudade de ti' (contestada no pleno ordinario do 24.11.2022).
 - 3 Medidas que se adoptarán na Corporación RTVG para cumprir o principio de pluralismo na oferta informativa das súas canles (contestada no pleno ordinario do 24.11.2022).
 - 4 Reiteración das apreciacións sobre determinadas frases que se empregaron para promover a serie 'Saudade de ti' (contestada no pleno ordinario do 24.11.2022).
 - 5 Posibilidade de reimplantar na organización a xornada de 35 horas semanais (contestada no pleno ordinario do 24.11.2022).
 - 6 Evolución das negociacións das bases da convocatoria da oferta pública de emprego (contestada no pleno ordinario do 24.11.2022).
 - 7 Número de entrevistas das que foron obxecto a voceira nacional do BNG e o voceiro do G. P. Popular de Galicia na TVG e na Radio Galega dende o 12.07.2020, data das eleccións ao Parlamento de Galicia (contestada no pleno ordinario do 24.11.2022).
 - 8 Consideracións arredor da observación que o director xeral da Corporación RTVG lle fixo a unha deputada membro da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG na reunión do 25.10.2022 cando respondeu a unha pregunta que lle fixera esta última (contestada no mesmo pleno ordinario)

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Pedimento consistente en que a secretaria non conselleira analice o contido do informe que a súa predecesora no cargo emitiu o 26.04.2021 sobre o borrador do estatuto profesional (registro de entrada núm. 12 do 31.05.2021).
- 2 Parabéns pola difusión na G2 da produción 'Aí vén o maio', na que Luis Emilio Batallán fai un percorrido polas 10 cancións do seu disco do mesmo título.
- 3 Observancia nas seccións de información política dos radioxornais e dos telexornais do criterio representativo en función dos resultados que lograron as diferentes entidades políticas nas circunscricións galegas nas eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado do 10.11.2019 e ao Parlamento de Galicia do 12.07.2020.

24 de novembro de 2022

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 28.10.2022
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Relacións con outros organismos de comunicación audiovisual de ámbito internacional
 - 2 Información que se publicou no xornal www.eldiario.es (09.11.2022)
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas (agás cando se indica o contrario, os rogos e as preguntas formuláronse a título individual)
 - 1 Solicitud consistente en que, con carácter previo á realización de cada sesión plenaria, a Dirección Xeral da Corporación RTVG dea conta da natureza dos informes que ofrecerá no apartado da orde do día específico para este fin (contestada no pleno ordinario do 20.12.2022).
 - 2 Adopción das medidas necesarias para conseguir unha maior presenza de voces femininas nos faladoiros e pedimento para que, con frecuencia semanal, se proporcione a relación de participantes en cada un deles (contestada no mesmo pleno ordinario e completada a resposta no pleno ordinario do 20.12.2022).

- 3 En relación cos tres meses precedentes, pedimento da listaxe de altos cargos do Goberno galego e de representantes do PPdeG que foron obxecto de entrevistas na TVG e na Radio Galega (contestada no pleno ordinario do 20.12.2022).
- 4 Posibilidade de mudar a situación no que atinxe á observancia do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social e, así mesmo, no que respecta á excesiva focalización da información na política estatal (contestada no pleno ordinario do 20.12.2022).
- 5 Seguimento do criterio consistente na diferenciación entre a información de carácter institucional e a puramente política (contestada no pleno ordinario do 20.12.2022).
- 6 Previsións sobre a realización de entrevistas ás e aos representantes do PPdeG no Congreso dos Deputados no espazo 'Conexión Galicia' (contestada no pleno ordinario do 20.12.2022).
- 7 Relación de informacións que se incluíron nos últimos programas informativos das que foron protagonistas a deputada do G. P. do BNG Olalla Rodil Fernández e o vicevoceiro segundo do G. P. Popular de Galicia (Alberto Pazos Couñago), así como a duración de cada unha delas (contestada no pleno ordinario do 20.12.2022).
- 8 Cota de pantalla que se obtivo no acumulado mensual (con datos referidos ao 23.11.2022) e solicitude dun informe sobre a repercusión da Copa Mundial da FIFA Qatar 2022 na audiencia das canles xeneralistas (contestada no mesmo pleno ordinario).

Ademais, realizáronse as seguintes críticas, reflexións e consideracións:

- 1 Parabéns unánimes a Cristina García López pola obtención do II Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no Tratamento e Comunicación da Violencia de Xénero (convocado polo Concello de Redondela).
- 2 Parabéns unánimes a Nuria López Presedo, gañadora do Premio de Xornalismo Cívico Alfredo Vicenti polo *podcast* 'Historias dun país en guerra'.
- 3 Parabéns polo feito de que a Corporación RTVG, por cuarto ano consecutivo, recibise o 04.11.2022 do Consorcio Zona Franca de Vigo a acreditación que a recoñeceu como Empresa Igual en Xénero 2022 (indicador ARDÁN).

- 4 Recoñecemento dos criterios que aplicaron as e os profesionais da Área de Información e Documentación para configurar o elenco de colaboradoras e colaboradores dos faladoiros e apoio das determinacións que se adoptaron para incluír na listaxe o máximo número posible de mulleres.
- 5 Reprobación das verbas que a voceira nacional do BNG pronunciou o 23.11.2022 no legislativo galego (textualmente: “Eu xa sei que están afeitos ás mentiras do Telexornal, pero no Parlamento van escoitar a verdade”).

20 de decembro de 2022

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 24.11.2022
- Informes do director xeral da Corporación RTVG
 - 1 Proxecto de bases da oferta pública de emprego
 - 2 Proxectos técnicos no medio prazo
 - 3 Evolución da taxa de absentismo
 - 4 Evolución da cota de pantalla da TVG e da G2
 - 5 Evolución dos ingresos comerciais
- Contestación a rogos e preguntas que formularon os conselleiros
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas
 - 1 Proceder que se seguiu nas contratacións para substitucións que se formalizaron cunha profesional que, de forma discontinua, prestou servizos na Radio Galega (incluída na listaxe de contratacións correspondente á categoría de redactor na devandita emisora).
 - 2 Previsións en canto á organización de novos cursos sobre igualdade.
 - 3 Análise da liña de actuación que se seguiu na promoción da obra literaria *A vella compañeira*.
 - 4 Desexo de que o Plan de Igualdade e o Estatuto Profesional se convertan nunha realidade en 2023.

Resumo de asuntos que se trataron, tendo en conta o seguinte:

- Contabilízanse exclusivamente os informes que se facilitaron en función dos títulos que se lles atribuíron nas actas das sesións plenarias, é dicir, obviando que algúns deles abranguían varios asuntos.
- Tampouco se computan as cuestións colaterais xurdidas a partir dos devanditos informes.
- Respostas a determinadas preguntas cualificáronse como informes en senso estrito.

PLENO	ASUNTOS TRATADOS NO APARTADO INFORMES DO DIRECTOR XERAL DA CORPORACIÓN RTVG	OUTROS INFORMES DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RTVG E DECISIÓNS SOBRE ASUNTOS DIVERSOS	CUESTIÓNS QUE SE ABORDARON NO APARTADO ASUNTOS DE TRÁMITE
25.01.2022	3	1	0
22.02.2022	4	0	0
29.03.2022	3	1	0
26.04.2022	0	3	0
26.04.2022	1	2	1
24.05.2022	2	3	1
28.06.2022	1	5	0
27.07.2022	2	1	0
31.08.2022	2	0	1
27.09.2022	3	0	0
28.10.2022	1	0	0
24.11.2022	2	0	0
20.12.2022	5	0	0
Total	29	16	3

Rogos e preguntas que se dirixiron á Dirección Xeral da Corporación e que atendeu na mesma sesión plenaria ou nunha posterior, en función dos seguintes factores:

- Non se enumeran as respostas que se ofreceron ao fío das intervencións posteriores dos conselleiros en relación cos asuntos sobre os que informou a Dirección Xeral da Corporación RTVG en cada sesión plenaria.

- Igualmente, cómpre salientar que algunhas cuestións concretas que se suscitaron en sesións plenarias respondéronse ou completáronse por representantes da Dirección Xeral da Corporación RTVG en xuntanzas das comisións de participación, así como que determinados rogos e preguntas que se efectuaron nun pleno concreto atendéronse na mesma reunión por parte da Dirección Xeral da Corporación RTVG, efectuando esta última precisións ou completando as súas respostas na sesión plenaria inmediatamente posterior.

PLENO	FORMULADOS	ATENDIDOS NO MESMO PLENO	ROGOS E PREGUNTAS ATENDIDOS DE ANTERIORES PLENOS	OUTROS ROGOS OU CONSIDERACIÓNS
25.01.2022	2	0	9	2
22.02.2022	6	0	2	1
29.03.2022	3	1	6	3
26.04.2022	0	0	0	0
26.04.2022	4	1	3	3
24.05.2022	2	0	4	0
28.06.2022	10	0	2	3
27.07.2022	0	0	10	5
31.08.2022	5	4	0	0
27.09.2022	8	0	5	2
28.10.2022	8	1	8	3
24.11.2022	8	2	7	5
20.12.2022	4	0	7	0
TOTAL	60	9	63	27

11.2.2 Decisións que adoptou o socio único da Corporación RTVG

Ao abeiro do que se dispón no artigo 15 da Lei de sociedades de capital (Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo), a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (representada polo secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), na súa condición de socio único da Corporación RTVG, por ser o titular do 100% do seu capital social, adoptou as decisións seguintes:

05.05.2022

- Aprobou as contas anuais, o informe de xestión (que incluíu o estado de información non financeira) e a proposta de aplicación do resultado da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio social pechado a 31.12.2021
- Aprobou a xestión que desenvolveu o Consello de Administración da Corporación RTVG durante o exercicio social pechado a 31.12.2021.
- Facultou expresamente a secretaria non conselleira para que puidese elevar a público as decisións que adoptou nesa data, habilitándoa, así mesmo, para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

19.07.2022

- Polas renuncias expresas de Luis I. de la Matta Cantó e Higinio Meijide Gómez como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG (con efectos do 25.04.2000 e do 25.05.2022 e que se lle notificaron formalmente ao Consello de Administración da Corporación RTVG nos plenos ordinarios do 26.04.2022 e do 24.05.2022, respectivamente), producíronse dúas vacantes no antedito órgano colegiado. En virtude do que se establece nos artigos 14.4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.4 dos estatutos da sociedade, para cubrir as devanditas vacantes, nomeou a Álvaro Alonso Filgueira e a Margarita López Blanco.

Previamente, no Pleno do 12.07.2022, o Parlamento de Galicia elixira a Álvaro Alonso Filgueira e Margarita López Blanco como membros do Consello de Administración da Corporación RTVG (artigos 14.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12.1 dos estatutos da sociedade).

Indicou que o seu mandato terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato ás persoas que substituíron.

- Facultou expresamente a secretaria non conselleira do Consello de Administración da Corporación RTVG para que puidese elevar a público as decisións que adoptou, habilitándoa para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

11.2.3 Órganos ou comisións de participación, asesoramento ou de control interno

O artigo 12.3 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, obriga a constituír no seo do Consello de Administración da Corporación RTVG unha Comisión de Economía e Control (mandato que se reitera no artigo 11.2 dos estatutos da sociedade). Por outra banda, o artigo 19.1.e) da Lei 9/2011, do 9 de novembro, facúltao para aprobar a creación dos órganos ou das comisións de participación, asesoramento ou de control interno (potestade na que se reincide no artigo 11.2 dos estatutos da sociedade). En virtude do que se expuxo, creáronse as seguintes comisións:

- Economía e Control (pleno ordinario do 04.01.2016)
- Igualdade (pleno ordinario do 27.07.2021)
- Programación (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Recursos Humanos (pleno ordinario do 26.02.2016)
- Regulamento e Réxime Interior (pleno ordinario do 19.01.2016)
- Responsabilidade Social Corporativa (pleno ordinario do 27.07.2021)

11.2.3.1 Comisión de Economía e Control

No artigo 28, a Lei 9/2011, do 9 de novembro, determina que o número de membros e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control fixaranse estatutariamente (ou, se é o caso, polas normas de funcionamento interno da entidade, que, de todos os xeitos, favorecerán a independencia do seu funcionamento). Dándolle cumprimento a este mandato, o artigo 20.1. dos estatutos da empresa dispón a creación dunha Comisión de Economía e Control, que se formará na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG e que se comporá por tres membros.

Engade que os seus integrantes desempeñarán o cargo por un período de tres anos e cesarán cando o fagan na súa condición de conselleiros, cando así o acorde o Consello de Administración da Corporación RTVG ou polo transcurso do prazo que se estableceu para o desempeño do seu cargo.

Posúe as seguintes competencias:

- O seguimento do estado financeiro da Corporación RTVG, así como o estrito cumprimento do servizo público para o que se creou
- A supervisión das contas anuais de cada exercicio e a formulación das observacións que considere axeitadas
- A supervisión do plan anual de actividades, da memoria anual e dos anteproxectos de orzamentos

- A análise das liñas xerais de asignación orzamentaria de cada exercicio e dos criterios que se utilizan para a súa elaboración
- A supervisión dos plans financeiros plurianuais
- A realización dun seguimento e análise da xestión e evolución da execución orzamentaria
- O seguimento da evolución dos ingresos comerciais
- A supervisión, con carácter trimestral, da posición financeira da empresa

No artigo 20.4 dos estatutos da empresa especificase que o funcionamento da Comisión de Economía e Control cómpre fixalo no regulamento de funcionamento que aprobe o Consello de Administración da Corporación RTVG, debendo reunirse, en todo caso, con periodicidade, polo menos, trimestral, e cada vez que a convoque a súa Presidencia, que será elixida polo Consello de Administración da Corporación RTVG na súa primeira sesión.

Creación:	04.01.2016
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2022 AO 24.05.2022	Meijide Gómez Peón Piñeiro Vidal Lage	27.07.2021 (con efectos da mesma data)	Meijide Gómez	27.07.2021 (con efectos da mesma data)
Por escrito do 21.05.2022, Meijide Gómez notificou a súa renuncia ao cargo de conselleiro con efectos do 25.05.2022. Por unanimidade, no pleno ordinario do 28.06.2022 acordouse a súa substitución por Cabaleiro Durán e a designación de Peón Piñeiro como presidenta (con efectos do 25.05.2022)				
25.05.2022 AO 26.07.2022	Cabaleiro Durán Peón Piñeiro Vidal Lage	Cabaleiro Durán o 28.06.2022 (con ef. do 25.05.2022)	Peón Piñeiro	28.06.2022 (con efectos do 25.05.2022)
Por unanimidade, no pleno ordinario do 27.07.2022 acordouse que Cabaleiro Durán substituíse a Peón Piñeiro na Presidencia (con efectos da mesma data)				
27.07.2022 AO 31.12.2022	Cabaleiro Durán Peón Piñeiro Vidal Lage		Cabaleiro Durán	27.07.2022 (con efectos da mesma data)

Reunións que realizou en 2022:

- 11.01.2021
Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: posición financeira ao 31.12.2021
- 18.01.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.11.2021
- 25.01.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (decembro de 2021 e acumulado do exercicio)
- 01.02.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: plan de actuación en relación co peche contable do exercicio 2021
- 09.02.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xaneiro de 2022)
- 08.03.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (febreiro de 2022 e acumulado do exercicio)
- 15.03.2022
Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa
Asunto: contas anuais (exercicio 2021)
- 22.03.2022
Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa
Asunto: contas anuais (exercicio 2021)
- 05.04.2022
Comparecente: xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: posición financeira ao 31.03.2022
- 19.04.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (marzo de 2022 e acumulado do exercicio)

- 26.04.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.01.2022
- 03.05.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 28.02.2022
- 11.05.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (abril de 2022 e acumulado do exercicio)
- 18.05.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.03.2021
- 01.06.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (maio de 2022 e acumulado do exercicio)
- 16.06.2022
Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa
Asunto: presentación dos anteproxectos de orzamentos e do plan anual de actividades para 2023
- 21.06.2022
Comparecente: director xerente da Área de Xestión Corporativa
Asunto: anteproxectos de orzamentos e plan anual de actividades para 2023
- 05.07.2022
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: posición financeira ao 30.06.2022
- 12.07.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xuño de 2022 e acumulado do exercicio)
- 19.07.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.04.2022

- 07.09.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.05.2022
- 13.09.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (xullo e agosto de 2022 e acumulado do exercicio)
- 20.09.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.06.2022
- 04.10.2022
Comparecente: xefa do Servizo de Coordinación e Control da Xestión
Asunto: posición financeira ao 30.09.2022
- 18.10.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (setembro de 2022 e acumulado do exercicio)
- 25.10.2022
Comparecente: director da Área de Xestión Corporativa
Asunto: proxectos de orzamentos para 2023
- 02.11.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.07.2022
- 09.11.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (outubro de 2022 e acumulado do exercicio)
- 15.11.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 31.08.2022
- 14.12.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: ingresos comerciais (novembro de 2022 e acumulado do exercicio)

- 20.12.2022
Comparecente: director do Departamento Económico e de Contabilidade
Asunto: evolución orzamentaria ao 30.09.2022

11.2.3.2 Comisión de Igualdade

Creación:	27.07.2021
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2022 AO 24.04.2022	De la Matta Cantó Peón Piñeiro Vidal Lage	27.07.2021 (con efectos da misma data)	Vidal Lage	27.07.21 (con efectos da misma data)
Por escrito do 22.04.2022, de la Matta Cantó notificou a súa renuncia ao cargo de conselleiro con efectos do 25.04.2022. Por unanimidade, no pleno ordinario do 26.04.2022 acordouse a súa substitución por Meijide Gómez (con efectos do 25.04.2022)				
25.04.2022 AO 24.05.2022	Meijide Gómez Peón Piñeiro Vidal Lage	Meijide Gómez (con efectos do 25.04.2022)	Vidal Lage	
Por escrito do 21.05.2022, Meijide Gómez notificou a súa renuncia ao cargo de conselleiro con efectos do 25.05.2022. Por unanimidade, no pleno ordinario do 28.06.2022 acordouse a súa substitución por Cabaleiro Durán (con efectos do 25.05.2022)				
25.05.2022 AO 26.07.2022	Cabaleiro Durán Peón Piñeiro Vidal Lage	Cabaleiro Durán o 28.06.2022 (con ef. do 25.05.2022)	Vidal Lage	
Por unanimidade, no pleno ordinario do 27.07.2022 acordouse a substitución de Cabaleiro Durán por López Blanco (con efectos da mesma data)				
27.07.2022 AO 31.12.2022	López Blanco Peón Piñeiro Vidal Lage	López Blanco o 27.07.2022 con ef. da mesma data	Vidal Lage	

Reunións que realizou en 2022:

- 02.02.2022
Comparecente: xefa do Servizo de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: plan de igualdade

- 16.03.2022
Comparecentes: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega e subdirector de Xestión dos Servizos Informativos
Asuntos: actuacións que desenvolveron a TVG e a Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Muller
- 18.05.2022
Comparecentes: xefa do Servizos de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social e xefa do Servizo de Formación e Selección
Asuntos: evolución das negociacións sobre o plan de igualdade e plan de formación en materia de igualdade para o exercicio 2022
- 15.09.2022
Comparecentes: representantes da parte social na comisión negociadora do plan de igualdade
Asunto: plan de igualdade
- 11.10.2022
Comparecente: xefa do Servizos de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: plan de igualdade
- 25.10.2022
Comparecente: xefa do Servizos de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: plan de igualdade
- 22.11.2022
Comparecente: xefa do Servizos de Sistemas de Información de Recursos Humanos e Diálogo Social
Asunto: plan de igualdade
- 29.11.2022
Comparecentes: directora da Área de Información e Documentación e xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asuntos: actuacións que desenvolveron a TVG e a Radio Galega para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

11.2.3.3 Comisión de Programación

Creación:	26.02.2016
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2022 AO 24.04.2022	Cabaleiro Durán De la Matta Cantó Vidal Lage	27.07.2021 (con efectos da mesma data)	De la Matta Cantó	27.07.21 (con efectos da mesma data)
Por escrito do 22.04.2022, de la Matta Cantó notificou a súa renuncia ao cargo de conselleiro con efectos do 25.04.2022. Por unanimidade, no pleno ordinario do 26.04.2022 acordouse a súa substitución por Peón Piñeiro e a súa designación como presidenta (con efectos do 25.04.2022)				
25.04.2022 AO 26.07.2022	Cabaleiro Durán Peón Piñeiro Vidal Lage	Peón Piñeiro o 26.04.2022 (con ef. do 25.04.2022)	Peón Piñeiro	26.04.2022 (con efectos do 25.04.2022)
Por unanimidade, no pleno ordinario do 27.07.2022 acordouse que Alonso Filgueira substituíse a Peón Piñeiro e foi nomeado presidente.				
27.07.2022 AO 31.12.2022	Alonso Filgueira Cabaleiro Durán Vidal Lage		Alonso Filgueira	27.07.2022 (con efectos da mesma data)

Reunións que realizou en 2022:

- 11.01.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cotas de pantalla da TVG en decembro de 2021 e no exercicio 2021
- 28.01.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: Comisión directiva de avaliación de proxectos (decisións que adoptou o 05.01.2022)
- 02.02.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (xaneiro de 2022)

- 15.02.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asuntos: evolución da web e das contas da Corporación RTVG nas redes sociais (exercicio 2021) e proxectos da empresa no ámbito dixital (exercicio 2022)
- 08.03.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (febreiro 2022)
- 05.04.2022
Comparecente: subdirectora do Departamento de Programación e Emisións
Asunto: cota de pantalla da TVG (marzo 2022)
- 25.04.2022
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: audiencia que se lle atribuíu ás canles de radio na primeira onda do EXM de 2022
- 03.05.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cota de pantalla da TVG (abril 2022) e audiencia que se lle atribuíu á TVG na primeira onda do EXM de 2022
- 19.05.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asunto: universos de referencia e mostras de Kantar Media, S.A. e da AIMC (exercicio 2022)
- 07.06.2022
Comparecente: subdirectora do Departamento de Programación e Emisións
Asunto: cota de pantalla da TVG (maio 2022)
- 14.06.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: grella de programación da TVG para o verán de 2022
- 21.06.2022
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da RG
Asunto: grella de programación da Radio Galega para o verán de 2022

- 05.07.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (xuño de 2022)
- 12.07.2022
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: audiencia que se lle atribuíu ás canles de radio na segunda onda do EXM de 2022
- 06.09.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asuntos: cota de pantalla da TVG (xullo e agosto de 2022)
- 14.09.2022
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: programación da Radio Galega para a temporada outono 2022-primavera 2023
- 20.09.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: programación da TVG para a temporada outono 2022-primavera 2023
- 04.10.2022
Comparecentes: subdirectora do Departamento de Programación e Emisións e representante da directora da Área de Información e Documentación
Asuntos: cota de pantalla da TVG (setembro 2022) e programación deportiva da G2 para a temporada outono 2022-primavera 2023
- 03.11.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (outubro 2022)
- 13.12.2022
Comparecente: xefa do Servizo de Xestión Operativa de Programas da Radio Galega
Asunto: audiencia que se lle atribuíu ás canles de radio na terceira onda do EXM de 2022

- 20.12.2022
Comparecente: director da Área de Contidos
Asunto: cota de pantalla da TVG (novembro 2022) e audiencia que se lle atribuíu á TVG na terceira onda do EXM de 2022

11.2.3.4 Comisión de Recursos Humanos

Creación:	26.02.2016
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2022 AO 24.05.2022	Cabaleiro Durán Meijide Gómez Viña Bravo	27.07.2021 (con efectos da mesma data)	Cabaleiro Durán	27.07.21 (con efectos da mesma data)
Por escrito do 21.05.2022, Meijide Gómez notificou a súa renuncia ao cargo de conselleiro con efectos do 25.05.2022. Por unanimidade, no pleno ordinario do 28.06.2022 acordouse a súa substitución por Peón Piñeiro (con efectos do 25.05.2022)				
25.05.2022 AO 26.07.2022	Cabaleiro Durán Peón Piñeiro Viña Bravo	Peón Piñeiro o 26.04.2022 (con ef. do 25.04.2022)	Cabaleiro Durán	
Por unanimidade, no pleno ordinario do 27.07.2022 acordouse que López Blanco substituíse a Peón Piñeiro e foi nomeada presidenta (con efectos da mesma data).				
27.07.2022 AO 31.12.2022	Cabaleiro Durán López Blanco Viña Bravo	López Blanco o 27.07.2022 (con ef. da mesma data)	López Blanco	27.07.2022 (con efectos da mesma data)

Reunións que realizou en 2022:

- 12.01.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.11.2021 e estado de situación de determinados asuntos que son obxecto de revisión en vía xurisdiccional
- 24.01.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: expediente sobre a modificación do cadro de persoal

- 08.02.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.12.2021 e evolución orzamentaria
- 09.03.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.01.2021
- 22.03.2022
Comparecente: xefa do Servizo de Formación e Selección
Asuntos: memorias de formación e bolseiros (exercicio 2021) e plan de formación (exercicio 2022)
- 05.04.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 28.02.2021
- 11.05.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 31.03.2022, modificación do cadro de persoal, expediente sobre a modificación puntual das Directrices básicas en materia de persoal e oferta pública de emprego
- 23.05.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: expedientes de modificación do cadro de persoal e de modificación puntual das Directrices básicas en materia de persoal
- 07.06.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asuntos: situación do cadro de persoal ao 30.04.2022
- 05.07.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.05.2022
- 06.09.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 30.06.2022

- 06.10.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.07.2022
- 04.11.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 31.08.2022
- 28.11.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: situación do cadro de persoal ao 30.09.2022
- 13.12.2022
Comparecente: director do Departamento de Recursos Humanos
Asunto: bases da oferta pública de emprego

11.2.3.5 Comisión de Regulamento e Réxime Interior

Creación:	19.01.2016
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2022 AO 31.12.2022	Cabaleiro Durán Peón Piñeiro Viña Bravo	27.07.2021 (con efectos da mesma data)	Peón Piñeiro	27.07.21 (con efectos da mesma data)

Reunións que realizou en 2022:

- 11.01.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e seguro de responsabilidade civil
- 08.02.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, apartado referido ao Consello de Administración da Corporación RTVG que se integrou no informe anual sobre a xestión da empresa e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2021), seguro de responsabilidade civil e establecemento do calendario de reunións

- 22.02.2021
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e apartado referido ao Consello de Administración da Corporación RTVG que se integrou no informe anual sobre a xestión da empresa e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2021)
- 16.03.2022
Asuntos: recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 30.03.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, seguro de responsabilidade civil e establecemento do calendario de reunións
- 05.04.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, compatibilidades/incompatibilidades dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG, seguro de responsabilidade civil e establecemento do calendario de reunións
- 20.04.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, reunión co Comité Intercentros da Corporación RTVG, seguro de responsabilidade civil e establecemento do calendario de reunións
- 04.05.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, seguro de responsabilidade civil e establecemento do calendario de reunións
- 18.05.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 25.05.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, substitución de Meijide Gómez nas comisións de Economía e Control, Igualdade, Recursos Humanos e Responsabilidade Social Corporativa e establecemento do calendario de reunións

- 07.06.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 22.06.2022
Asunto: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista
- 05.07.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 19.07.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 06.09.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, reunión coa representación da parte social na comisión negociadora do plan de igualdade e establecemento do calendario de reunións
- 14.09.2022
Comparecente: letrada do Departamento de Asesoría Xurídica
Asuntos: réxime de compatibilidades/incompatibilidades dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG, seguro de responsabilidade civil e establecemento do calendario de reunións
- 22.09.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, réxime de compatibilidades/incompatibilidades dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG seguro de responsabilidade civil e establecemento do calendario de reunións
- 04.10.2022
Comparecente: director da Área de Innovación e Negocio
Asuntos: expediente CRT-2022-0012 (Servizo de OTT para a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.) e establecemento do calendario de reunións
- 11.10.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións

- 18.10.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 02.11.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 15.11.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista, estatuto profesional e establecemento do calendario de reunións
- 22.11.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 01.12.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 13.12.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións
- 21.12.2022
Asuntos: recomendacións sobre o tratamento dos casos de violencia machista e establecemento do calendario de reunións

11.2.3.6 Comisión de Responsabilidade Social Corporativa

Creación:	27.07.2021
------------------	------------

COMPOSICIÓN				
PERÍODO	INTEGRANTES	ELECCIÓN	PRESIDENCIA	ELECCIÓN
01.01.2022 AO 24.04.2022	De la Matta Cantó Meijide Gómez Viña Bravo	27.07.2021 (con efectos da misma data)	Viña Bravo	27.07.21 (con efectos da misma data)
Por escrito do 22.04.2022, de la Matta Cantó notificou a súa renuncia ao cargo de conselleiro con efectos do 25.04.2022. Por unanimidade, no pleno ordinario do 26.04.2022 acordouse a súa substitución por Cabaleiro Durán (con efectos do 25.04.2022)				
25.04.2022 AO 24.05.2022	Cabaleiro Durán Meijide Gómez Viña Bravo	Cabaleiro Durán 26.04.2022 (con efectos do 25.04.2022)	Viña Bravo	
Por escrito do 21.05.2022, Meijide Gómez notificou a súa renuncia ao cargo de conselleiro con efectos do 25.05.2022. Por unanimidade, no pleno ordinario do 28.06.2022 acordouse a súa substitución por Peón Piñeiro (con efectos do 25.05.2022)				
25.05.2022 AO 26.07.2022	Cabaleiro Durán Peón Piñeiro Viña Bravo	Peón Piñeiro 28.06.2022 (con efectos do 25.05.2022)	Viña Bravo	
Por unanimidade, no pleno ordinario do 27.07.2022 acordouse a substitución de Cabaleiro Durán por Alonso Filgueira (con efectos da mesma data)				
26.07.2022 AO 31.12.2022	Alonso Filgueira Peón Piñeiro Viña Bravo	Alonso Filgueira 27.07.2022 (con efectos da misma data)	Viña Bravo	

Reunións que realizou en 2022:

- 15.02.2022
Comparecente: representante da Área de Innovación e Negocio
Asunto: actuacións da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista (exercicio 2021)
- 04.05.2022
Comparecente: director do Departamento de Proxección Social
Asunto: proxectos que desenvolveu o Departamento de Proxección Social no primeiro cuadrimestre de 2022 e aqueles en fase de desenvolvemento

- 22.06.2022
Comparecente: director do Departamento de Proxección Social
Asunto: informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2021)
- 22.09.2022
Comparecente: director do Departamento de Proxección Social
Asuntos: boletín interno (*newsletter*) e plan de comunicación para o posicionamento dixital da Corporación RTVG
- 28.11.2022
Comparecente: xefa de Servizo de Comunicación Corporativa e Responsabilidade Social
Asunto: Informe de Progreso 2022

11.3 Parlamento de Galicia

O control do Parlamento de Galicia sobre a Corporación plasouse no ano 2022 na intervención do director xeral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control sobre a CRTVG para responder, en 11 comparecencias, a 42 preguntas parlamentarias formuladas polos grupos parlamentarios.

Comisión de Control (28/01/2022)

- 27231 POC sobre as medidas que se van adoptar para garantir os dereitos fundamentais do persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- 27233 POC sobre o uso de mochilas para dar cobertura aos eventos deportivos.
- 27875 POC sobre os ingresos comerciais dos medios da Corporación no ano 2021 e a estratexia de actuación para o ano 2022.
- 28540 POC sobre a sentenza condenatoria á CRTVG pola vulneración de dereitos fundamentais.

Comisión de Control (17/02/2022)

- 26655 POC sobre o cambio de horario do programa 'Labranza' na TVG
- 26657 POC sobre a elaboración do contrato programa previsto na Lei 9/2011, de medios audiovisuais públicos de Galicia, e a presenza dos distintos xéneros audiovisuais na programación da Corporación Radio e Televisión de Galicia
- 27059 POC sobre a promoción da CRTVG da obra 'A vella compañeira'.

Comisión de Control (31/03/2022)

- 29770 POC sobre o balance respecto das innovacións e da expansión das emisións da Corporación .
- 30086 POC sobre os medios humanos e técnicos cos que conta a Corporación para facer un programa en directo como a 'Tanxufesta'.
- 30534 POC sobre a cobertura que realiza a Radio Televisión de Galicia do deporte galego.
- 30593 POC sobre a creación do consello de informativos e a aprobación do estatuto de persoal da Corporación de Radio e Televisión de Galicia.
- 31755 POC sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por conciliación familiar.

Comisión de Control (29/04/2022)

- 30712 POC sobre as previsións da Corporación Radio Televisión de Galicia respecto da gala dos Premios María Casares.
- 32179 POC sobre a conflitividade laboral na CRTVG.
- 32543 POC sobre a falla de pluralidade nos espazos informativos dos medios dependentes da Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- 32883 POC sobre os labores que están a desenvolver os traballadores contratados na ampliación da listaxe de locutor de radio e as diferenzas entre a categoría de redactor e locutor na Radio Galega.
- 33440 POC sobre o compromiso coa igualdade de xénero e o tratamento informativo da violencia machista na Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Comisión de Control (31/05/2022)

- 30687 POC sobre os traballos para a aprobación do estatuto profesional e a creación do Consello de Informativos previstos na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- 34631 POC sobre as previsións da Corporación para aprobar o primeiro plan de igualdade.
- 34669 POC sobre as medidas tomadas pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para evitar episodios machistas nos seus programas e contidos.

Comisión de Control (23/06/2022)

- 35685 Comparecencia do director xeral da Corporación, por petición propia, para informar sobre as contas anuais da Corporación RTVG, S. A., correspondentes ao exercicio 2021 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas.
- 35468 POC sobre as responsabilidades que vai asumir a dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia ante a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa sanción a un traballador.

- 35531 POC sobre os procesos xudiciais e sentenzas condenatorias pola xestión de persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Comisión de Control (08/07/2022)

- 36496 Comparecencia do director xeral da Corporación, por petición propia, para presentar a Memoria de Servizo Público da entidade correspondente a 2021.
- 35774 POC sobre as carencias da programación infantil na CRTVG.
- 35973 POC sobre a emisión de programas con contidos inapropiados desde a perspectiva da igualdade de xénero.

Comisión de Control (29/09/2022)

- 36939 POC sobre a sentenza que condena a Corporación Radio e Televisión de Galicia polo despedimento dun directivo.
- 40120 POC sobre a valoración da CRTVG da promoción da serie 'Saudade de ti'
- 40231 POC sobre a información emitida polos medios públicos galegos respecto da exhumación de vítimas do réxime franquista.

Comisión de Control (25/10/2022)

- 41979 POC sobre a utilización pola Corporación Radio e Televisión de Galicia da fórmula contractual de contratos artísticos.
- 42255 POC sobre a situación da Corporación de Radio e Televisión de Galicia no actual escenario audiovisual e os seus proxectos estratéxicos.
- 42269 POC sobre o grao de cumprimento pola Corporación da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- 42317 POC sobre as previsións para dar cumprimento ao marco normativo que regula os medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Comisión de Control (30/11/2022)

- 42386 POC sobre a mobilización 'Rescata a CRTVG'.
- 45451 POC sobre as previsións da Dirección Xeral da CRTVG de atender as demandas da sociedade galega e o persoal da Corporación.
- 43570 POC sobre a programación da segunda canle da TVG.
- 43613 POC sobre a cobertura informativa 'Por unha CRTVG ao servizo do pobo' por parte da TVG e a Radio Galega.

Comisión de Control (28/12/2022)

- 36937 POC sobre a creación da OTT 2.0 anunciada pola CRTVG.
- 43736 POC sobre a información presentada nun medio informativo respecto do procedemento e da contratación de produción allea seguido pola Corporación.
- 43780 POC sobre a valoración da accesibilidade aos contidos da TVG para o colectivo de persoas xordas.

- 43847 POC sobre o tratamento informativo dado pola Corporación Radio e Televisión de Galicia ás forzas da oposición.
- 44581 POC sobre o balance dos datos de audiencias da TVG en 2022.

11.4 Outros organismos de control

Ademais do seu labor de atención e resposta ás cuestións presentadas no ámbito parlamentario, a CRTVG atende tamén os expedientes abertos pola Valedoría do Pobo de Galicia. No 2022, a Valedoría do Pobo non abriu ningún expediente relativo á CRTVG.